



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 138

**Sesión plenaria**  
19 de novembro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio (doc. núm. 56459, 10/PPL-000042)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

### Punto 2. Comparecencia

#### 2.1 58732 (10/CPP-000114)

Do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 58883 (10/MOC-000165)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación nº 54440, publicada no BOPG nº 524, do 04.09.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 563, do 18.11.2019

#### 3.2 58891 (10/MOC-000166)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Pierres López, María Luisa

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero. (Moción consecuencia da Interpelación nº 57782, publicada no BOPG nº 552, do 23.10.2019, e debatida na sesión plenaria do 12.11.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 563, do 18.11.2019

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### 4.1 44404 (10/PNP-003312)

##### Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

##### Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019



**4.2 55696 (10/PNP-004121)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

**4.3 56091 (10/PNP-004146)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

**4.4 57039 (10/PNP-004215)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

**4.5 57248 (10/PNP-004237)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

**4.6 57733 (10/PNP-004287)****Grupo Parlamentario Mixto****Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co envío de representación deportiva a eventos que se organicen en países que lles denegan ás mulleres calquera dos dereitos recoñecidos na Declaración universal dos dereitos humanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 551, do 22.10.2019

**4.7 57969 (10/PNP-004314)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para a implantación dun catálogo de servizos hospitalarios mínimos en todos os hospitais de Galicia, así como para evitar a perda de máis profesionais e de recursos materiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019



**4.8 58344 (10/PNP-004346)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual e a loita contra a violencia de xénero, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**Punto 5. Interpelacións****5.1 56678 (10/INT-001907)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa pobreza e a exclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

**5.2 57403 (10/INT-001949)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Santos Queiruga, Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación dos xulgados de violencia contra a muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.10.2019

**5.3 57774 (10/INT-001972)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa atención á diversidade do alumnado nos centros docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

**5.4 58055 (10/INT-001988)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa extracción de berberecho nas rías de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 58748 (10/POPX-000174)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento íntegro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019



**6.2 58750 (10/POPX-000176)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre o papel que lles vai outorgar o Goberno galego aos servizos públicos en Galicia nos meses que quedan de lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

**6.3 58752 (10/POPX-000177)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as medidas que vai adoptar para combater a precariedade e a desigualdade que padecen as mulleres no emprego e no traballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 54158 (10/POP-006445)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e seis deputados/as máis**

Sobre as liñas mestras que está a implementar a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para a formación dos corpos docentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

**7.2 58730 (10/PUP-000278)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da atención que se está a dar ás demandas de reparación, ampliación e mellora, así como de equipamento didáctico, presentadas polo Conservatorio Superior de Música de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

**7.3 58728 (10/PUP-000277)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas direccións do Centro Galego de Artes da Imaxe e do Centro Coreográfico Galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

**7.4 56756 (10/POP-006720)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre as modificacións aprobadas pola Consellería de Sanidade no calendario vacinal de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019



**7.5 57713 (10/POP-006842)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula**

Sobre o data prevista polo Sergas para o remate da guía que unifique os protocolos de abordaxe dunha morte xestacional ou perinatal nos hospitais galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 552, do 23.10.2019

**7.6 58174 (10/POP-006900)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Solla Fernández, Eva e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre o número de traballadores e traballadoras das diferentes categorías que vai ter por quenda e no cómputo global o novo servizo de cociña do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 557, do 06.11.2019

**7.7 58722 (10/PUP-000276)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para garantirlle unha alternativa habitacional a unha familia residente en Vigo que pode ser desafiuzada do seu domicilio nos vindeiros días por non poder afrontar o pagamento do seu alugueiro cos ingresos da Risga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 560, do 13.11.2019

**7.8 56256 (10/POP-006653)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración da consellaría respecto do posible impacto do acordo da Unión Europea con Mercosur para o medio rural de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

**7.9 57843 (10/POP-006870)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilar Chento, Óscar e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as causas do avance que rexistran os procesos de concentración parcelaria na X lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 555, do 30.10.2019

**7.10 54924 (10/POP-006511)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego da xestión do xurelo ao longo de 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 528, do 11.09.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e vinte e dous minutos da mañá.*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 11.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 16. ), *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE)* (Páx. 17.), *Sra. Porrit Lueiro (S)* (Páx. 20.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 22.)

Rolda de réplica: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 25.)

### ***Votación texto lexislativo***

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 27.)

**Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 37.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 40.), *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 44.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 47.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 51.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 55.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 61.) *Nesta rolda interveñen a señora Vázquez Verao (M)* (Páx. 61.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 63.), *a señora Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 65.), *a señora Pierres López (S)* (Páx. 68.), *a señora Prado del Río (P)* (Páx. 70.) e *o señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 72.)



**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (GCE).* (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 83.), *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 84.) e *Sra. Romero Fernández (P).* (Páx. 85.)

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 87.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 92.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 93.), *Sra. Quinteiro Araújo (GCE)* (Páx. 95.) e *Sra. García Miguez (P).* (Páx. 96.)

*Nova intervención da señora Pierres López (S).* (Páx. 98.)

### ***Votación das mocións***

*A señora Romero Fernández (P) fai uso da palabra para pedir a votación da iniciativa orixinal do Bloque Nacionalista Galego.* (Páx. 101)

Votación dos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6A e 6B da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia: *aprobados por 69 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da emenda de adición do G. P. Grupo Común da Esquerda á Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa





protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero: *rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Chao Pérez (GCE).* (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 107.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 109)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 111.) e *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 112.)

*A señora Chao Pérez (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 114.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 115.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 116.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 120.) e *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 124.) e *Sr. Jove González (GCE).* (Páx. 126.)

*O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 128.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de venda.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Rodríguez Estévez (M)* (Páx. 133.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 134.), *Sra. Pierres López (S)* (Páx. 136.) e *Sr. Castiñeira Broz (P).* (Páx. 138.)

*Nova intervención do señor Bará Torres (BNG).* (Páx. 140.)



**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 141.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 141.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 143.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Casal Vidal (M) (Páx. 145.), Sra. Chao Pérez (GCE) (Páx. 146.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 148.)*

*A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 150.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 154.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 156.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Vázquez Verao (M) (Páx. 159.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 161. e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 163.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Quinteiro Araújo (GCE). (Páx. 164.)*

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 166.)*

*Suspéndese a sesión ás oito e trinta e catro minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e vinte e dous minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Ábrese a sesión.

Comezamos co texto lexislativo.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señor presidente.

Señorías.

Traemos hoxe a esta Cámara un debate que sabemos que non é novo. Desde logo, desde de En Marea levamos insistindo con esta concreta figura tributaria anos, concretamente desde o ano pasado, cando se anunciou e finalmente se aprobou unilateralmente polo Partido Popular unha baixada do imposto sobre o patrimonio. Nós naquel momento non nos conformamos politicamente cunha reforma que nos parecía inxusta, que nos parecía regresiva en termos de xustiza fiscal e que, polo tanto, era contraria aos principios do que debía ser un sistema tributario xusto nun estado social e democrático como este no que vivimos.

Polo tanto, non conformándonos con esa baixada, e pasado xa un ano desde aquel momento, nós consideramos que é necesario traer á Cámara unha reforma para subirlles o imposto de patrimonio aos máis ricos de Galicia. E si, imos afrontar o debate directamente nestes termos: subir o imposto de patrimonio ás persoas máis ricas, porque pensamos que é necesario recuperar no debate político a idea de cal é a función que cumpre o pago de imposto, se é xusto ou non é xusto o pago de impostos e en que consiste, neste caso, ese pago.

¿Por que traemos o debate agora? Pois traemos o debate agora —é evidente— porque estamos en pleno debate orzamentario. É a hora do debate político —dixose onte en repetidas ocasións— máis importante do ano. Desde logo, ten unha importancia capital, porque todas as políticas que os distintos grupos formulamos nesta Cámara e na rúa, no conxunto da sociedade, negro sobre branco, propostas de alternativa ás políticas sobre como afrontar a ampliación de dereitos e a ampliación de liberdades públicas, teñen que ir sempre respaldadas dunha memoria económica para facer que todo iso que se formula poida ser realidade mediante unha acción pública que ten custos. E como estamos no debate esencial sobre os gastos e os ingresos, pensamos, polo tanto, que é o momento no que debía darse este debate.

Os orzamentos, ademais, son con frecuencia abordados, principalmente, desde o punto de vista do gasto, pero poucas veces se aproveita para dar o debate plenamente desde o punto de vista dos ingresos. E desde de En Marea pensamos que o principal problema das contas públicas non é se hai ou non hai suficiente para gastar desde a perspectiva do gasto, senón se hai recursos suficientes para poder atender as necesidades sociais. Nós pensamos que os



orzamentos deberían de facerse ao revés de como se fan, non comezando polo teito de gasto e logo ver con ese máximo como se distribúe; senón vendo, desde o punto de vista competencial, cales son as competencias e as funcións que a Comunidade Autónoma ten, que dereitos hai que satisfacer, que necesidades sociais hai que cubrir, que políticas de fomento hai que implementar, orzamentalas e, a partir de aí, dar o debate sobre a obtención dos recursos necesarios.

A facenda pública democrática de calquera Estado ten que buscar eses recursos alá onde existen, ten que buscar a riqueza alá onde se encontra. Por iso é necesario que as diferentes figuras tributarias en vigor teñan en conta este principio: temos que buscar a riqueza alá onde existe.

Estamos, polo tanto, ante un debate de xustiza fiscal, de recursos públicos e de servizos públicos, pois quedaría ese debate sobre a asignación de recursos públicos incompleto se non se falase de xustiza fiscal. Todo o mundo, recorrentemente, estes días, pero tamén ao longo de todo o ano desde esta tribuna, lanza numerosas ideas que consisten en despreparar políticas públicas que requiren recursos. Ben, nós falamos agora deses recursos para poder facer esas políticas públicas.

Xustiza social, señorías, é sobre o que imos falar hoxe. En Marea cre na xustiza social, entendida como a creación dun sistema de dereitos e de obrigacións equilibrado; onde a recadación de recursos sexa progresiva, equitativa e transparente; onde se asegure o financiamento de políticas públicas que se orienten á mellora da calidade de vida do conxunto da cidadanía; que consiga a igualdade de oportunidades; que consiga non deixar a ninguén atrás. E, ademais, un desenvolvemento harmónico da plena igualdade de oportunidades, do pleno emprego, da igualdade entre mulleres e homes e respectuoso co noso medio natural.

Isto significa, necesariamente, avanzar nun proceso de redistribución de ingresos e riquezas que sexa capaz de diminuír a desigualdade e que promova a equidade e a inclusión social. Unha recadación — xa o establece o noso texto constitucional — que debe rexerse polo principio de progresividade. ¿Para que? Para buscar a riqueza alá onde exista, señorías, para buscar en función da capacidade económica real dos distintos actores que interveñen no sistema económico do noso país.

Quero facer unha pequena contextualización do noso sistema constitucional, e é que a irrupción dos estados democráticos e contemporáneos do século XIX, e particularmente a consolidación do Estado social e democrático de dereito no primeiro terzo do século XX, é dicir, o constitucionalismo contemporáneo do noso contorno, asentaron unha idea na sociedade: a idea da necesaria xustificación do exercicio do poder lexítimo na realización de valores entendidos como bens morais que eran apreciados polo conxunto da poboación. Desta maneira, o monopolio da forza do Estado soamente devíña lexítima se con el se realizan valores, se garanten liberdades e se fan reais dereitos que inicialmente só están recollidos no papel.

Polo tanto, hai unha xustificación teleolóxica do poder do Estado; xustificación teleolóxica incluso tamén da súa capacidade e da súa lexitimidade para recadar impostos, mesmo de forma coactiva. E isto soamente se fai se vén orientado a cumprir cunha serie de valores e



garantir unha serie de dereitos e de liberdades das que como sociedade nos dotamos. A recadación impositiva pasa a ser así unha función institucional condicionada á realización deses valores. É lexítima a recadación sempre que cumpra unha serie de características e que sirva para realizar unha serie de políticas.

Sobre as características desa recadación —recorrentemente se fala deste artigo— quereda citar o artigo 31 da Constitución española: «Todos contribuirán ao sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica, mediante un sistema tributario xusto, inspirado nos principios de igualdade e de progresividade, e que en ningún caso terá alcance confiscatorio». Ben, señorías, dentro deste contexto, para a realización dos valores do Estado social, da democracia social e tamén da autonomía social na que vivimos, é polo que vimos abordar esta reforma do imposto de patrimonio, imposto de patrimonio neto, deducidas determinadas cargas e determinados gravames.

O imposto de patrimonio, señorías, define un problema político: a equidade no sistema, a suficiencia de recursos, a atención ás necesidades sociais, o fomento do emprego, a igualdade, a loita contra o cambio climático, a cohesión territorial. En definitiva, queremos abordar por medio do imposto sobre o patrimonio un dos ingresos que achegan o debate sobre o modelo de sociedade organizada en forma de Estado, e neste caso concreto en forma de Comunidade Autónoma.

Galicia é un país —discutiblemente nesta Cámara—, unha nación, unha nacionalidade histórica —desde logo recoñecida na Constitución así—, organizada en forma de comunidade autónoma; que ten un sistema tributario sobre o que ten unhas facultades limitadas de autorregulación, e con esta marxe de disposición realiza o que debería ser a autonomía social e a autonomía democrática. Define o que debería ser unha auténtica democracia e unha auténtica autonomía do benestar. Temos o Estado de benestar como concepto e, desde logo, a idea concreta, a través deste Parlamento e das institucións de autogoberno de Galicia, de autonomía do benestar.

A autonomía do benestar, señorías, é unha sorte de pacto social polo que o conxunto da cidadanía galega se compromete a soste os gastos que orixina o seu funcionamento en función das súas capacidades económicas; estamos, pois, fronte a unha manifestación dese contrato social. E é que a cidadanía galega —e iso é o que nós entendemos desde de En Marea— está disposta a contribuír cos seus impostos a que esta autonomía non deixe a ningún atrás, sempre que esa contribución sexa xusta e valla para algo. Polo tanto, debemos de falar aquí de xustiza fiscal e de utilidade desa recadación.

Utilidade de recadación e xustiza fiscal. Isto concrétanos xa no último decenio sobre a situación económica que estamos a vivir, pola que pasamos na última década, e tamén, ¿por que non?, mirar cara ao futuro. Un primeiro dato é necesario traer a esta tribuna. Durante a última recesión, en Galicia os ricos fixéronse máis ricos, e fixéronse máis ricos aínda que a media dos ricos do Estado español; estes son datos oficiais aos que agora me dedico a analizar.

Desde o 2011 ao 2017 —segundo os últimos datos dispoñibles da Axencia Tributaria—, o patrimonio total en Galicia rexistrou un incremento do 62 %. Mentres o groso da poboación



sufría recortes, mentres o groso da poboación sufría un desemprego crecente e galopante e unha precariedade non vista antes no carácter laboral e no carácter social, señorías, o patrimonio total de Galicia aumentou o 62 %; isto é, pasou de 25.413 millóns a 41.262 millóns. ¿Ese patrimonio estaba equitativamente distribuído entre toda a poboación de Galicia? Lamentablemente non, señorías, e os datos sociais a ese respecto son ben elocuentes.

Mentres isto sucedía en Galicia —incremento do patrimonio en poucas mans, en poucas fortunas—, no conxunto do Estado este incremento foi do 55 %. É dicir, houbo un paradoxo, mentres o groso da poboación vivía progresivamente precarizada e desposuída dos recursos necesarios para a súa propia subsistencia, xerábase riqueza, e ademais esa riqueza concentrábase cada vez en menos mans. Ese titular recorrente e certo de que durante os anos da recesión económica no Estado, durante unha recesión que pasou en termos macroeconómicos, pero que como crise de dereitos non pasou aínda porque vivimos nunha precariedade condicionada por esa etapa da que non saímos e que non superamos, deu lugar a que se multiplicase por cinco o número de multimillonarios no Estado español e a que a acumulación de patrimonio por parte deses millónarios fose completamente escandalosa con relación a como vivía o conxunto da poboación. Pois ben, señorías, esta situación xa de por si pouco aceptable en termos de xustiza fiscal no conxunto do Estado, aínda se agravou máis en Galicia, pois esa diferenza de patrimonios fíxose aínda máis evidente.

Durante estes anos, o patrimonio total do conxunto do Estado pasou dos 430.600 millóns aos 669.000 millóns de euros, capacidade de acumular nas grandes fortunas que non tiña unha correspondencia no resto dos patrimonios do conxunto dos mortais, de todos vostedes e seguramente da meirande parte da xente que nos está escoitando.

Pola contra, o curso do imposto sobre o patrimonio evolucionou de forma diferente. Podería suceder algo distinto, señorías, que aumente o patrimonio, que se concentre en poucas mans, pero que o sistema tributario interveña para localizar a riqueza alá onde máis se acumula e, a partir de aí, cun réxime impositivo xusto, redistribuíla ao conxunto da poboación. Sen embargo, señorías, iso non sucedeu así. O imposto do patrimonio cedido ás comunidades autónomas sufriu unha evolución que diverxe en gran medida co incremento que experimentou o patrimonio total, e así, o incremento do imposto de patrimonio na propia comunidade autónoma foi bastante irregular, pasou dos 620.000 euros a 90 millóns no ano 2013, descendendo aos 78 millóns no 2017, e, polo tanto, xa cunha caída descendente do 29 % que se veu agravada coa modificación dese propio imposto.

Quixera amosarlles unha gráfica antes de continuar o expositivo sobre a evolución do patrimonio no noso país durante o tempo da recesión económica, durante este último sexenio xa —sete anos— na primeira fase, na fase regresiva do ciclo, a fase da recesión; e, posteriormente, na fase expansiva, como foi evolucionando o patrimonio das rendas, das grandes fortunas do noso país. Non das rendas, senón das grandes fortunas do noso país. Un gráfico que amosa, entre outras cousas, como foi aumentando a riqueza en poucas mans e que esa riqueza non tivo un correlativo na redistribución para o resto da poboación.

Co patrimonio acumulado que vostedes acaban de ver, a decisión da Xunta foi baixar o imposto do patrimonio. Unha rebaixa que de media supuxo un 21 % de rebaixa do imposto do



patrimonio; case —en termos anuais— 2.000 euros por contribuínte. Tendo en conta os datos que acabo de sinalar, os datos da Axencia Tributaria indícanos que a base liquidable media acadaba no ano 2017 1,31 millóns de euros. É dicir, o contribuyente medio do imposto do patrimonio tiña un patrimonio neto de 1,31 millóns de euros, deducidas as cargas e gravames. Quero preguntarlles cantos de vostedes se encontran nesta situación. Seguramente ningún, e moi pouca xente da que nos está escoitando, porque este non é o patrimonio da xente común, este é un imposto de xente moi rica.

Pois ben, con esta base liquidable, 1,31 millóns de euros de media, e tendo en conta o gravame de dito imposto no ano 2018, esta base pagaría de impostos 10.073 euros. Coa nova tarifa implantada, esta mesma base de media acabaría pagando 8.312 euros, o que implica unha redución do 21 %. Se extrapolamos esta diferenza ao número total de declarantes, a diferenza total supón xa unha contía de 13 millóns de euros.

Pero é que ademais, e indo ao teor da propia Constitución, do artigo 31, este imposto do patrimonio, que xa de por si é de ricos, coa reforma fíxolles mellor aos súper ricos, porque tivo unha lóxica regresiva. A modificación levada a cabo o ano pasado nesta Cámara gardou unha lóxica regresiva no seguinte sentido. A aqueles que teñen unha base liquidable de 10,6 millóns de euros, que supoño que serán case todos vostedes, reducíuselles na cota un 0,53 %, mentres que a aqueles que teñen unha base liquidable de 167.000 euros a redución é simplemente do 0,06 %; é dicir, canto máis rico, máis dedución houbo na cota.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Vou rematando xa, señor presidente.

Máis redución na cota por ser cada vez máis ricos. É unha reforma que se formulou en termos regresivos por antonomasia.

Un aspecto clave que xustifica a implantación do imposto do patrimonio é o de corrixir a desigualdade de renda que se produce no sistema, sen embargo, estamos vendo que a reforma implementada o que supuxo foi a maior acumulación de patrimonio nas xa de por si grandes fortunas. Nós pensamos que hai que reverter esta situación, por iso é polo que hoxe traemos esta reforma, porque pensamos que aínda non están satisfeitas todas as necesidades esenciais que ten a sociedade galega, non están corrixidas as desigualdades.

Vimos onte no debate cal é a situación social do noso país, cal é a situación ambiental e cal é a situación con relación á igualdade. Polo tanto, é necesario ter recursos para poder superar esas desigualdades.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato xa.

Este é o imposto idóneo para facelo.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Esta é unha reforma que entendemos que é prudente e que se axusta aos principios de xustiza fiscal, por iso lles pedimos a todas e todos vostedes o seu apoio para a súa tramitación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Rolda dos grupos parlamentarios. Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todos e a todas.

Comezaba a súa intervención o señor Villares dicindo que este debate... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois máis non podoo berrar, (*Murmurios.*) que estou empezando a sufrir as doenzas da invernia.

Dicía que comezaba o señor Villares a súa intervención dicindo que este debate non era novo. Iso é habitual na lóxica parlamentaria, onde as diferentes forzas políticas insistimos nas cuestións que nos parecen prioritarias baixo o noso prisma político. Pero co que non concordo tanto é con iso que dicía de que era o momento idóneo.

Nós discrepamos diso, porque onte tivemos un pleno exclusivo de orzamentos, no que estivemos case doce horas debatendo sobre propostas a respecto desta cuestión e no que tamén sinalamos que opina cada grupo do imposto de patrimonio. De feito, debatemos catro emendas á totalidade diferentes, coas súas especificacións, onde cadaquén expoñemos cal é o noso modelo ideal respecto do imposto de patrimonio, e, de feito, ímolo seguir facendo ata o mes de decembro.

En todo caso, non é a nosa intención inmiscirnos na axenda política do grupo propoñente e, por suposto, votaremos a favor, da mesma forma que onte votamos a favor de todas as emendas de devolución en conxunto e que temos votado noutros momentos a favor doutras propostas ao articulado, por exemplo, respecto do imposto de patrimonio noutros debates orzamentarios, aínda que como nesta ocasión, por exemplo, a proposta concreta que trae o Grupo Mixto é un pouco diferente, aínda que na mesma liña ideolóxica que presentamos desde o Bloque Nacionalista Galego nas emendas rexistradas esta pasada semana.

En todo caso, podemos concordar coa cuestión de fondo, que é que hai unha diferenza importante coa xestión do imposto de patrimonio; que non concordamos coa alternativa que leva desenvolvendo o Partido Popular durante a última década e que sería positivo abrir unha ponencia onde todos e todas puidésemos contrastar cal sería o modelo ideal.

Eu deséxolle sorte ao señor Villares co seu anxeio de recabar o apoio de todos os grupos nesta mañá. Temo que non será así, pois o certo é que temos a experiencia destes últimos anos, cando constituímos a ponencia sobre os orzamentos e dedicamos fóra de micro e fóra de cá-





mara tempo á parte fiscal e non tivemos éxito. En todo caso, nós non seremos impedimento para iso porque é obvio que discordamos co modelo do Partido Popular. Por algo —insisto— presentamos tamén esas emendas e opoñémonos ás consecuencias ás que nos ten levado unha axenda fiscal claramente regresiva, en liña contraria ás necesidades de redistribución da renda que vivimos nos últimos anos; unha situación preocupante desde o punto de vista social.

Non me vou estender en volver recordar aquí —como xa relatou o grupo propoñente— a deriva máxima que se acadou en 2019 e que continúa nestes orzamentos, que prevía xa un impacto na propia recadación do próximo ano 2020, senón que quixera engadir algunha reflexión.

Que hoxe en día teñamos, segundo o propio Informe AROPE, máis de 600.000 persoas, un de cada catro galegos, en situación de risco de pobreza e exclusión social significa que se está fallando na redistribución da renda, que se está fallando na política á hora de paliar esa exclusión social e que se está fallando nun modelo no que, a unha década vista, nin a clase traballadora recuperou os seus dereitos nin o impacto da crise económica recaeu igual en toda a sociedade. Estes son os logros non só do imposto de patrimonio en concreto, senón en xeral dunha política fiscal e económica que non compartimos. Pero si que é certo que particularmente o do imposto de patrimonio é escandaloso. É unha rebaixa —entendemos— totalmente innecesaria a quen máis ten, cando, realmente, debería ser a liña inversa. Polo tanto, non compartimos esa folla de ruta do Goberno galego.

Nese sentido, simplemente apuntar que para nós este sería o inicio dun debate máis amplo, dun debate onde teríamos que revisar toda a política fiscal do Goberno e onde teríamos que falar tamén, en sentido amplo, dos ingresos, dese sistema de financiamento do que tamén temos debatido noutras ocasións, e doutra relación económica co Estado. En todo caso, nesta cuestión é sobradamente coñecida a posición do Bloque Nacionalista Galego.

Temos hoxe un pleno moi longo, polo tanto, non me estenderei máis. Simplemente votaremos a favor e desexamos que convencera ao grupo maioritario.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Torregrosa.

**A señora TORREGROSA SAÑUDO:** Bo día, presidente.

Bo día, señorías.

A verdade é que estes argumentos que se presentaron aquí na proposición de lei de modificación do imposto de patrimonio non son novos. Como dixo a señora Presas, xa faláramos deste tema onte. Cremos que non deixan lugar a dúbidas os argumentos, polo tanto, imos apoiar esa iniciativa, está claro.



É unha iniciativa que deixa moi claro que as intencións políticas dos gobernos, as políticas de dereitas, si teñen repercusión directa sobre toda a cidadanía; que fan unhas políticas que son inxustas e parciais e que benefician a uns contra outros; prexudican a maioría a custa dunha minoría, que é o que denunciáramos onte.

Acábase de facer pública unha estatística que pon en evidencia as consecuencias directas destas políticas aplicadas á recesión. Dende 2010 —como xa se dixo—, o número de millónarios en España aumentou un 500 %, ata chegar a case un millón de persoas. Non parece que a crise fose igual para todas. É inaceptable, porque en 2010 se empezaron a aplicar as políticas de austeridade da Troica, recortando os salarios e dereitos, culpabilizando as clases populares de vivirmos por enriba das nosas posibilidades. Pero mentres que esa inmensa maioría da sociedade sufría esta deterioración nas condicións de vida e de traballo, o número de millónarios multiplicouse por cinco

A crise está claro —xa o dixemos moitas veces— que foi unha estafa que pagamos moitos polo beneficio duns cantos que aínda saen beneficiados con este tipo de medidas impositivas. Foi provocada para facer, de feito, unha profunda redistribución da riqueza en favor do 1 % e contra o 99 %. Hai máis ricos, pero pagan menos impostos. As políticas fiscais deseñadas polos gobernos do PP, tanto aquí como en Madrid, foron precisamente nesta dirección: reducir ou mesmo anular a fiscalidade sobre a riqueza e os grandes patrimonios, porque a cuestión é ter ou non ter.

Os beneficios fiscais recoñecidos no proxecto de orzamentos para 2020 superan os 450 millóns de euros, e deles, unha parte moi importante son os impostos de patrimonio, sucesións e doazóns. Sen dúbida, a modificación do imposto sobre patrimonio no sentido proposto nesta iniciativa lexislativa, que é incrementar a carga tributaria dos grandes patrimonios, debería estar enriba da mesa de calquera goberno que pretenda corrixir sequera minimamente a desigualdade galopante instalada na nosa sociedade, agravada pola crise e tamén por esas medidas fiscais regresivas aprobadas polos gobernos de dereita.

O proxecto de orzamentos que estamos a debater e a tramitar estes días, os orzamentos para o ano 2020, recolle unha rebaixa na previsión de ingresos polo imposto sobre o patrimonio de 8,7 millóns de euros. Esa minoración dos recursos cos que a Xunta vai contar para atender as políticas públicas, as políticas sociais —como xa dixéramos—, non é consecuencia dunha diminución dos patrimonios suxeitos a gravame. Non, basicamente o problema é a consecuencia directa de decisións de exencións de patrimonio ata o importe dun millón de euros. En concreto, da minoración da tarifa aprobada na Lei de acompañamento dos orzamentos para 2019 que desprega agora os seus efectos, debido á que a devindicación do imposto sobre o patrimonio se produce a 31 de decembro de cada ano.

A iniciativa lexislativa que hoxe debatemos vén corrixir esa modificación, incrementando os tipos impositivos do imposto sobre o patrimonio e aportándolle maior progresividade á tarifa vixente na actualidade, pero o que temos que lembrar e non podemos esquecer é que a principal rebaixa do imposto do patrimonio non é a que fai referencia á escala de gravame, senón a que opera —como xa dixen— sobre o mínimo exento.



Cando no ano 2011 o Goberno central procedeu á recuperación temporal do imposto de patrimonio para o Estado, a Xunta exerceu a súa capacidade normativa de elevar o mínimo exento de 108.000 a 700.000 euros ademais da vivenda habitual; iso provocou que en Galicia o número de declarantes con cotas a ingresar polo imposto de patrimonio pasase de 53.120 no ano 2007 a 6.598 no ano 2011; e a cota a ingresar, de 81,4 millóns de euros a 51 millóns de euros.

O cambio normativo impulsado por Feijóo supuxo que preto do 90 % dos contribuíntes galegos polo imposto de patrimonio deixasen de selo e que houbera unha perda de ingresos superior aos 30 millóns de euros nese ano de restauración do imposto. O que non se recolle nas memorias de beneficios fiscais por considerarse o mínimo exento un elemento estruturante do imposto.

Segundo os informes máis recentes da Axencia Tributaria sobre a recadación do imposto de patrimonio correspondentes ao ano 2017, o número de declarantes en Galicia é de 7.335, cun patrimonio medio declarado de 5,2 millóns de euros. Ese é o segmento da poboación galega ao que van destinadas as rebaixas fiscais. Como vemos, non é a maior parte de nós, incluso dos que estamos aquí, que xa somos —non cabe dúbida— uns privilexiados. Ese é o segmento da poboación galega ao que van destinadas esas rebaixas —como xa dixen— aprobadas durante estes anos no imposto sobre patrimonio e ao que van destinadas as rebaixas no imposto de sucesións contidas na Lei de acompañamento dos orzamentos para 2020.

Logo da restauración do imposto de patrimonio, os patrimonios medios declarados en Galicia aumentaron unha taxa media anual do 7,7 % no período comprendido entre 2011 e 2017. Galicia pasou a estar no sétimo lugar por abaixo das comunidades con menor patrimonio medio e situarse na segunda posición por arriba entre as comunidades con maior patrimonio medio declarado, só superada pola Comunidade de Madrid.

Na nosa emenda á totalidade aos orzamentos para 2020 propoñemos a revisión do imposto de patrimonio, reducindo, loxicamente, este mínimo exento elevado a 700.000 no ano 2011, eliminando a redución da tarifa incluída na lei de acompañamento do 2019 coa elevación dos tipos impositivos da actual escala de gravame. Para Galicia, a reversión —menos parcial— das medidas fiscais regresivas aprobadas en 2011 e intensificadas ao longo destes anos suporía uns ingresos adicionais superiores aos 52 millóns de euros anuais, tendo en conta o incremento do número de contribuíntes e a evolución dos patrimonios medios declarados; un modelo fiscal radicalmente oposto ao que están defendendo vostedes dende o Partido Popular, en especial, os gobernos do Partido Popular por todo o Estado, porque o PP está avanzando perigosamente cara a unha posición verdadeiramente reaccionaria, compatible coa extrema dereita, que é o seu claro aliado. E aquí temos o acordo firmado entre o PP e Vox para impulsar unha reforma fiscal que contemple esta bonificación do 99 % do imposto de sucesións e doazóns e, máis alá, no tramo autonómico do imposto do IRPF, o tramo autonómico do imposto sobre patrimonio, e outras medidas que xa sabemos o pago que teñen.

O único que temos que dicir —como xa lembrou o señor Villares na súa iniciativa— é que fagamos nós referencia á Constitución, que penso que no seu artigo 31 está claro, e di que a



responsabilidade e o sostemento do gasto público ten que ser proporcional á capacidade económica e inspirada nos principios de igualdade e progresividade.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Porrit.

**A señora PORRIT LUEIRO:** Grazas, presidente.

Bos días a todas e todos, señorías.

Despois da maratoniana xornada de onte, seguimos falando de impostos. E do que seguimos debatendo é por que sistema tributario apostamos. Dende logo, nós apostamos por un sistema tributario progresivo que contribúa a corrixir as desigualdades; por un sistema tributario con máis peso na imposición á riqueza e con máis peso na das rendas do capital; por un sistema impositivo que garanta os principios recollidos na Constitución Española, de igualdade, progresividade e eficacia, que garantan a xustiza social.

Por contra, o Partido Popular aposta por un sistema tributario regresivo, que premia os ricos, os grandes patrimonios, e que centra o peso da imposición nas rendas do traballo.

Neste momento —xa o dixen o outro día—, os traballadores públicos, privados, pensionistas e pequenos autónomos son os que máis contribúen á riqueza. Estas son as estatísticas do peso do capital mobiliario no patrimonio: o 86,64 %. O imposto sobre o patrimonio tamén se chama imposto sobre a riqueza, ou imposto sobre a fortuna, é un imposto que se aplica individualmente, non sobre os ingresos anuais, senón sobre o patrimonio persoal das persoas físicas. En Francia chámase imposto de solidariedade sobre a fortuna, e complementa o imposto sobre a renda en persoas con grandes patrimonios.

O señor Villares dixo onte que non tiña ningunha relación co imposto sobre a renda. Dixo expresamente que con independencia. Si que hai unha relación directa entre o imposto sobre o patrimonio e o imposto sobre a renda, porque hai unha limitación na cota e tense en conta a cota do IRPF.

Dende logo, imos apoiar a proposición, pero como xa se comentou por parte das persoas que me precederon, esta proposición ten un único punto, que é o tipo de gravame, pero primeiro hai que chegar a esa escala para gravar.

Para determinar a base imponible hai unha serie de elementos que non se teñen en conta. Á parte da vivenda habitual, hai outros moitos elementos: están os plans de pensións, os bens afectos a unha actividade económica, os obxectos de arte ou antigüidade, os bens integrantes do patrimonio histórico, e tamén o mínimo exento, fixado en 700.000 euros. Por parte do noso grupo, temos emendado tamén este mínimo exento.



Como antes me referín á relación que existe entre o imposto sobre o patrimonio e o imposto sobre a renda, comentouse onte e no pleno da semana pasada que os tipos do imposto sobre a renda son os máis baixos en Galicia. Bueno, realmente non é certo, o tipo mínimo está no 9,5 %. O que si non se dixo é que o tipo marxinal máximo é o mínimo de todas as comunidades. Bueno o mínimo de todas as comunidades non, por debaixo está Madrid e Castela-León.

Dende logo, a cuestión está en ver que modelo queremos. O Partido Popular segue apostando por ese modelo regresivo. A exministra Ana Pastor xa o dixo no debate: a eliminación do imposto do patrimonio, do imposto de sucesións e rebaixas no imposto de sucesións e no imposto sobre a renda.

Dende logo, nós apostamos pola xustiza tributaria para poder ter xustiza social. E cando o conselleiro onte di que podemos falar dunha baixada de impostos xeneralizada, desde logo, a maioría dos cidadáns non o ven.

Dixo onte o señor Feijóo, e tamén o conselleiro, que ao patrimonio se lle subiu a fiscalidade cando chegaron ao Goberno e que a tarifa é a mesma que no 2005 e no 2009. Así é. Aquí teño unha noticia do ano 2013 que vou ler textualmente: «*Puy ve muy importante el pacto para elevar el tipo del tributo de patrimonio, que subirá en 8 millones la recaudación*». Esta suba foi consecuencia dunha emenda presentada polo Grupo do PSdeG e transaccionada co Partido Popular: «*El portavoz parlamentario del PPdeG, Pedro Puy, ha destacado que el acuerdo alcanzado con el PSdeG para elevar un 20 % el tipo del impuesto del patrimonio es muy importante en un marco de revuelto clima político, y ha calculado que la modificación supondrá unos 8 millones de euros adicionales sobre la recaudación*». Voume pasar aos últimos párrafos. «*Puy ha justificado que si bien el Grupo Popular rechaza pedir esfuerzos fiscales a la ciudadanía normal, en alusión a quienes tienen ingresos más bajos o medios, que serían los que realmente generarían recaudación, si ha accedido a la transacción de esta emienda para atender mejor a la prestación de gastos de carácter social y a las políticas de empleo. Ha insistido Puy en que el impuesto de patrimonio es la figura más redistributiva de la que dispone la comunidad*».

Pois ben, parece que dende logo o PP cambiou a súa orientación. Si é a mesma tarifa que no 2005 ou no 2009 pero, dende logo, a situación ten mudado. O número de súper ricos crece o 74 % dende a restitución do imposto de patrimonio, pero mentres, o risco de pobreza enquistase en Galicia arredor do 19 %. A pobreza en Galicia ten cara de muller.

Desde logo, nós imos apoiar esta proposta, pero parécenos un pouco insuficiente. Temos que ir un pouco máis alá, como comentou a señora Presas. Temos que falar polo miúdo desta medida. Temos que tocar o mínimo exento, porque para chegar a ese mínimo exento de 700.000 euros, dende logo hai que ter moitos bens.

E despois chámame a atención tamén que non se teña en conta para todos os efectos o mesmo límite do imposto sobre o patrimonio, porque para comprar unha vivenda e aplicar os tipos mínimos, o patrimonio fíxase en 200.000 euros, adicionalmente 20.000 euros por cada un dos fillos. Polo tanto, apoiamos a proposta, apostamos por un sistema tributario progresivo que corrixa as desigualdades e por un sistema tributario que atenda e respecte os principios contidos no artigo 31 da Constitución.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Porrit.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Bos días, señorías.

Como todo o mundo sabe, os sistemas fiscais teñen varios obxectivos. O primeiro, loxicamente, o da suficiencia do gasto público, e, despois, distintos obxectivos, de eficiencia, de equidade e tamén de crecemento económico e estabilidade económica, e para iso dispoñen dun amplo abano de recursos tributarios. Como saben, hai os que gravan as rendas, ben sexa do traballo ou do capital. Hai os que gravan a riqueza; eses son, polo tanto, os que gravan a propiedade ou a súa circulación. E están os que gravan o consumo, tanto os xerais, como o caso do IVE, ou os particulares, como os casos concretos dos impostos especiais.

Polo tanto, para comezar, referíndome á proposición de lei, gustaríame recordar que non é o mesmo a renda, que é o fluxo que vén dun ben, dun activo, que a riqueza, que é o valor dese ben que xera rendas. Moitas veces confúndese renda con riqueza, cando non é exactamente o mesmo, e cando falamos de imposición convén recordalo. E tampouco que o consumo, evidentemente, que consiste na destrución da riqueza.

Certamente, con algunha excepción, como o imposto xeral sobre o gasto de Kaldor, que practicamente non se implantou en ningún país, se falamos do obxectivo de igualdade, do obxectivo de equidade, hai que centrarse fundamentalmente nos impostos que gravan a renda e nos impostos que gravan a riqueza, que cada país —entre eles o noso— configurou ao longo do tempo de acordo coa socioloxía, coa historia fiscal, etc.

O caso é que en España o sistema fiscal vén dos pactos da Moncloa do ano 1977-1978, o gran pacto social que acompañou o gran pacto político, o gran contrato social, e a reforma de Fuentes Quintana foi a que introduciu fundamentalmente o imposto progresivo sobre as rendas das persoas físicas e un imposto sobre o patrimonio, polo tanto, gravouse a riqueza, reformouse tamén o imposto de sucesións, e España, coa entrada na Unión Europea, foi cando consolidou un sistema fiscal moderno co imposto sobre o valor engadido. Evidentemente, tamén se gravaron as sociedades vía imposto de sociedades.

O caso é que, froito dese gran pacto, en España a propiedade está gravada, primeiro, cando se ten, por dúas vías; unha é o imposto xeral persoal sobre o total do patrimonio dos residentes, o imposto do patrimonio.

En segundo lugar, hai o imposto sobre bens inmoables, que se paga a nivel municipal, que tamén grava a riqueza, neste caso a ubicada a nivel local, que polo tanto non é un imposto persoal. E tamén se grava a súa circulación, que pode ser a través do imposto de sucesións, cando é gratis, ou por doazóns; ou cando é onerosa, a través do imposto de transmisións patrimoniais. E fíxense que os tres últimos son impostos estatais que están cedidos ás comunidades autónomas.



Certamente, como se dixo, todos os impostos teñen algunha relación. Por exemplo, se falamos da riqueza e non se paga —ou se paga menos— o imposto que grava a circulación grauíta, é dicir, as sucesións, o exemplo que se puxo onte aquí de dous millóns de euros, porque se herda do pai e da nai un millón de euros, hai que recordar que esa relación fai que se pague o imposto de patrimonio, porque salvo que o herdeiro teña débedas superiores a 400.000 euros, se herda un millóns de euros, evidentemente, vai pagar o patrimonio; non pagará sucesións pero paga patrimonio, e faino de maneira recorrente todos os anos, salvo que o patrimonio, evidentemente, desapareza.

Estas cousas é conveniente telas en conta porque, efectivamente, o imposto do patrimonio, que convive con outros impostos que gravan a riqueza, é un imposto que ten unha compoñente nas súas orixes... A primeira vez que se propuxo este imposto en España fíxoo un ministro conservador da Restauración, Bugallal. Queríao substituír polo imposto da renda, porque era máis fácil, naquelas alturas da Administración tributaria, controlar os patrimonios que controlar as rendas que xeraban eses patrimonios.

O segundo motivo polo que existe este tributo, ademais da busca da equidade, que é o que inspira a reforma de Fuentes Quintana, non é outro que o control da renda. Evidentemente, van xuntos, por iso están coordinados, como xa se explicou, e incluso ás veces a coordinación implica tamén un problema de dobre imposición, porque no imposto sobre a renda, por exemplo, impútanse rendas pola tenencia ou propiedade de segundas ou terceiras propiedades inmobles. En todo caso, ponse co imposto da renda porque o patrimonio pode esconder rendas latentes e, polo tanto, é lóxico que estean imbricados un e outro.

Pero este imposto ten moitos problemas, como todos, por outra banda. En primeiro lugar, a valoración. As valoracións son difíciles: hai bens artísticos, hai bens de arte, obras de arte contemporáneas, hai xoias, hai distintos valores... Ademais, é difícil coñecer que xente os ten en moitos casos, porque son bens privados ou persoais que se teñen nas casas, que fluctúan ao longo do tempo, e non sabemos cal pode ser a evolución ao longo de tempo de determinados bens. Isto, ademais, xera un problema interxeracional, porque, efectivamente, a xente maior soe ter máis patrimonio, polo aforro da vida, e sen embargo soe ter menos renda para pagar este imposto.

Tamén hai un problema nos sistemas federais, este é o caso de España, cando difiren as valoracións en cada un dos territorios, das comunidades autónomas. É certo que este imposto non é dos de potencia recadatoria, como pode ser o IVE ou como pode ser o imposto sobre a renda. E tamén hai outro problema que quería eu mencionar, hai un problema de mobilidade; mudou o escenario fondamente desde que Fuentes Quintana introduciu o imposto do patrimonio.

Como todo o mundo sabe, en Madrid non se paga o imposto do patrimonio. Un estudo de [...] di que o 60 % dos 4.500 contribuíntes que están no 1 % máis rico e que mudaron de residencia oficial entre 2006 e 2012 fixérono a Madrid. Ademais, nós temos un problema engadido; este é un Goberno de dereitas, pero temos un problema engadido. Vostedes saben que en Portugal o Goberno socialista anterior —mantívoo despois o Goberno socialdemócrata e manteno o actual Goberno socialista— a aquelas persoas que sexan ricas, que vaian



alí, monten unha industria e invistan un millón e pico de euros, ou nin sequera, simplemente con quen rehabiliten unha vivenda por valor superior a 300.000 euros coa intención de ir vivir alí, poden ser considerados residentes e teñen unha taxa sobre todos os ingresos que obteñan en Portugal do 20 % sobre o imposto sobre a renda, dun 0 % sobre o que gañan fóra de Portugal, evidentemente non pagan impostos sobre o patrimonio porque non existe. Isto é a esquerda, non é a dereita, non é Vox, é o Goberno da Jeringonça onde está toda a esquerda portuguesa.

Probablemente por todos estes problemas que ten este imposto —creo que isto é algo que ninguén dixo e que convén que se diga neste debate— ningún país da Unión Europea ten o imposto sobre o patrimonio. Mencionouse Francia, que o eliminou o ano pasado, precisamente por estar superada a crise. E fóra da Unión Europea mantéñeno Suíza e Noruega. Noruega ten un tipo único do 0,85 %, e pensen que en Galicia os que teñen un patrimonio superior a 10,5 millóns de euros pagan o 2,5 %.

Este é o contexto, un contexto de mobilidade, un contexto de que non existe o patrimonio en ningures e un contexto onde nós estamos pagando por enriba dos 10 millóns de euros en Galicia, do 2,5 % do valor de todo ese patrimonio.

Posiblemente, todas estas cuestións son as que levaron a que novamente un goberno de esquerdas, o do señor Zapatero, suprimise no ano 2008 o pago do imposto sobre o patrimonio. Por certo, esa supresión non está nos antecedentes da lei que vostede nos trae. Se recupera coa crise no ano 2011, e en Galicia, efectivamente —como dixo a señora Porrit—, na lei de medidas do ano 2013 negociamos unha suba deste imposto con carácter temporal precisamente porque estabamos no peor da crise, e o ano pasado retirámolo, do mesmo xeito que fixo Francia co imposto sobre as grandes fortunas, porque a crise está superada. Cando puxemos esta suba de impostos, a recadación do orzamento da Xunta, como sabe, estaba en oito mil e pico millóns de euros, agora está en 10.000 millóns de euros. Polo tanto, volvemos á situación inicial, que foi a base estatal —e non como se dixo aquí, reformada por Feijóo— que deixou o Goberno socialista do señor Zapatero.

Probablemente se vostede tivera en conta estas leis nos seus cadros, daríase conta de que eses cadros non están ben feitos. ¿Por que? Porque vostede cita o ano 2011 e compara co 2017. No ano 2011 non había imposto sobre o patrimonio, polo tanto a cifra é baixa. ¿Por que? Porque só se recadou o que estaba en revisión e en control pola Axencia Tributaria Galega de anos anteriores.

No 2013 si que hai unha recadación importante, que é a da taxa estatal que deixou o Goberno de España para todas as comunidades, salvo que a regulasen, como fixemos nós durante a crise.

E no 2017 a cifra sobe, é cando se executa o acordo do que falou a señora Porrit; é dicir, cando subimos ao 20 % o imposto sobre o patrimonio, que despois baixamos, e ¡oh sorpresa!, ¿sabe por que sobe tamén no ano 2017? Porque se incorporan todas as bases derivadas da declaración tributaria especial e as declaracións de bens no estranxeiro, á mal chamada e moi criticada —eu non fun dos que máis a defendeu— amnistía fiscal do señor Montoro. É por iso polo que sobe a recadación do imposto do patrimonio no 2017.





Evidentemente, agora recuperamos a tarifa previa á crise e temos o mesmo que teñen noutros sitios. O que ten Castela-A Mancha, que é socialista, e que eu saiba non goberna Vox, e que ten o propio Estado, co Goberno socialista, que non a modificou.

O futuro, non me dá tempo a dicir, pero quixera simplemente sinalar que eu creo que se debe manter o imposto sobre o patrimonio, e que debe de facerse como recomendan os expertos que fixeron o informe para a reforma do sistema de financiamento autonómico: uniformar as valoracións por comunidades autónomas e concentrar en grandes fortunas.

¿Que é unha grande fortuna? O señor Errejón, co que vostede parece que tentou ir ás eleccións, quería poñer un imposto e definía ás fortunas como os que teñen máis de 2,5 millóns de euros. (*Murmurios.*) Bueno, é unha cifra. E iso é o que recomendan tamén os expertos. Tipos moderados, eliminar exencións, que a autonomía se mova dentro duns límites máximos e mínimos, e coordinalo mellor co IRPF.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** En definitiva, señor presidente, Galicia é dos poucos países de Europa occidental cun goberno de maioría do Partido Popular que mantén o imposto sobre o patrimonio, e facémolo coa tarifa vixente no Estado, que é a que fixeron os socialistas.

Onte eu dicía que co imposto sobre a renda fixemos unha reforma progresiva que baixaba ao noventa e tantos por cento dos que menos rendas percibían e que lle subía ao 1,5 % de rendas que máis gañaban en Galicia; e tamén mantemos o imposto sobre o patrimonio.

Estes son feitos, e non son palabra. Hoxe eu escoitei moitas palabras que non se correspondían cos feitos.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Quero, en primeiro lugar, agradecer o apoio de todos os grupos da oposición a esta proposta. Nós pensamos que este debate sempre é idóneo e que cómpre individualizalo con relación ao debate de orzamentos, para que así non se dilúa no conxunto do debate orzamentario, cada grupo poida expresar a súa posición e, polo tanto, que o Partido Popular, singularmente, non evada a argumentación arredor dun imposto que na súa reforma tivo un carácter notoriamente regresivo.

Fixemos unha formulación —dígoo tamén pola intervención da voceira socialista—, unha proposta de reforma, que era prudente porque buscabamos facilitar desta maneira que todos os grupos políticos puidesen apoiar unha tramitación, pero vimos, evidentemente, que a falta de vontade política é total.



Gustounos ter este debate hoxe porque, ademais, vimos que é posible recuperar un discurso desde a esquerda, un discurso dende todo o espazo progresista, da xustiza fiscal; un discurso sobre os recursos públicos dispoñibles, sobre a necesidade da redistribución da renda e da riqueza, e que, polo tanto, a posibilidade de formular políticas alternativas que pasan pola obtención de recursos para poder facer realmente políticas sociais que reduzan as desigualdades e que, polo tanto, xeren igualdade de oportunidades é algo que, desde logo, é factible e que estamos dispostas e dispostos a dar esta batalla tamén diante da opinión pública.

Esta reforma —como dixemos antes— é claramente regresiva. A reforma que se formulou o ano pasado, con relación aos propios tipos, iso foi algo que non rebateu tampouco o voceiro do Partido Popular, que favorece, polo tanto, os patrimonios máis elevados dentro dos patrimonios que pagan o imposto, e que supón, en certa medida, que o Goberno do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia de Núñez Feijóo é o Goberno dos ricos, é o Goberno que facilita as cousas aos ricos, mentres non se obteñen recursos suficientes para satisfacer o conxunto das necesidades sociais; polo tanto, un goberno que se afasta dos principios de xustiza fiscal.

A pregunta non soamente é esa, a pregunta é se estamos en disposición de podernos permitir esas rebaixas para os máis ricos. ¿Estamos en condicións de facerlles eses regalos ás fortunas máis altas do noso país mentres non se satisfán as necesidades sociais?

Recordámolo ao longo de todo o día de onte, recordámolo agora á primeira hora desta intervención. Os datos de desigualdade entre mulleres e homes requiren, para subsanalos, recursos suficientes. Hai unha fenda salarial de case o 30 %, hai unha temporalidade, hai un emprego a tempo parcial non desexado que afecta sobre todo ás mulleres. Para combater isto son necesarios recursos.

Os datos da evolución do emprego no noso país son igualmente significativos. Os datos da taxa AROPE, de pobreza e de exclusión social, 612.000 persoas, o 1,3 % da poboación en situación de privación material severa. Con estes datos, ¿podemos permitirmos esta rebaixa ás fortunas máis importantes do noso país? Nós pensamos que non, Non hai para todos, non chega. Pois xa que non chega, temos que empezar por recortar, ¿que? Recortar as rebaixas do impostos aos ricos, eses son os únicos recortes que aceptamos nunha situación coma esta; unha situación, ademais, na que é recorrente —e supoño que falaremos disto nos vindeiros plenos— a implosión demográfica, que require tamén de medidas valentes, e dotadas economicamente, para favorecer non soamente a ocupación do territorio, senón tamén o exercicio da paternidade ou da maternidade responsables, acompañados dun sistema de conciliación que permita amortiguar as cargas que supón o exercicio desa paternidade ou maternidade que hoxe en día crea moitas incertezas na poboación, sobre todo na máis nova do noso país.

Falou o señor Puy dos principios dos sistemas fiscais. É algo de agradecer esa primeira explicación, a pregunta é se co uso que fai o Partido Popular das medidas que obteñen cos distintos sistemas fiscais é suficiente para atender as necesidades que ten o noso país. Nós pensamos que non. Este é un debate importante, este é un debate fundamental no fondo do asunto, e é se nos podemos permitir isto ou non nolo podemos permitir. Nós pensamos que non.



Cando se fai alusión aos pactos da Moncloa, eu me pregunto se a recuperación do imposto tal e como nós a formulamos vai en contra dos pactos da Moncloa. Nós pensamos que non, entre outras cousas, porque había ata o ano pasado esta mesma situación impositiva.

Do imposto de patrimonio díxose que convive con outros impostos que gravan a riqueza. Nós o que dicimos é, ¿danse xa as razóns para facer a rebaixa que se fixo o ano pasado? Dixo o representante do Partido Popular que a razón de formular esa rebaixa foi unha e foi moi clara, e é que xa pasara a crise. Ben, se pasou a crise, ¿por que se mantén a Lei 1/2012, de determinadas medidas temporais en materia de emprego público? Temporais. Eran igual de temporais que o imposto e mantéñense na súa integridade. Nós propoñemos na Lei de medidas fiscais e administrativas a derogación desa lei, porque xa que era unha cousa temporal, mentres duraba a crise, e a crise pasou, ¡pois logo quiten iso!

¿Por que se mantén a excepcionalidade vivida polo menos parcialmente na Lei do ano 2012 con relación ás medidas sanitarias, ás garantías da prestación sanitaria? Se eran temporais e a crise xa pasou... ¿Por que se manteñen as limitacións na taxa de reposición? Se a crise xa pasou... É dicir, hai unha serie de situacións que foron utilizadas como escusa para desmantelar o Estado de benestar, que crearon un aumento das desigualdades nunca antes vista no Estado español, e que se manteñen.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato xa.

Pola contra, medidas destas características, que se fan en nome da normalidade social, vimos que desapareceron. En consecuencia, un Goberno para os ricos, un Goberno inxusto para a maioría da poboación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Rematado o debate deste texto lexislativo, procedemos á votación da toma en consideración desta proposición de lei do Grupo Parlamentario Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio.

Pechen as portas, por favor.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei do G. P. Mixto, de modificación da escala de gravame do imposto autonómico do patrimonio.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*



*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2 da orde do día, de comparecencias.

**Comparecencia do Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por petición propia, para informar sobre o desenvolvemento en Galicia das medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Vou saudar primeiro, se non, vaise facer moi longo.

Saudamos os alumnos do Centro Lourido, de Poio, alumnos de 5º e 6º de primaria. Saudámoslos e dámoslles a benvida por estar hoxe aquí no Parlamento, e tamén os seus profesores e acompañantes.

E agora si, para formular a comparecencia que antes mencionei, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda Valenzuela.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu saúdo tamén os rapaces e rapazas e os mestres deste centro de Lourido e, ademais, celebro que hoxe poidan estar aquí neste debate, porque estou convencido —igual que creo que estamos convencidos a inmensa maioría e todos os que estamos aquí— de que na educación, e canto antes mellor, está a solución, polo menos a prevención e a mitigación da lacra da violencia de xénero. Polo tanto, benvidos.

Como dicía o presidente do Parlamento, comparezo en nome do Goberno e por petición propia un ano despois da derradeira comparecencia. Naquel momento acababan de recibirse os fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero e a comparecencia tiña a finalidade de contar aquí no Parlamento o que o Goberno da Xunta de Galicia tiña pensado facer cos fondos que naquel momento —insisto— acababamos de recibir, cal era a nosa planificación, facer repaso —despois falarei diso tamén— de todo o que xa estaba feito antes do pacto de Estado pero, sobre todo, do que queríamos facer con eses novos recursos tan necesarios e tan oportunos que chegaban naquel momento. E comparezo agora para explicar o que fixemos, o que xa está feito, o que estamos facendo e tamén o que queremos facer no futuro.

Dicir que neste ano 2019 seguimos, por desgraza, lamentando asasinatos, a cara máis bestial e máis desgraciada da violencia machista. Hóboos este ano tamén na nosa comunidade autónoma. No mes de marzo foi asasinada María José Aboy Guimarey, en Valga; non había denuncia previa. En xullo, María del Carmen Vázquez Cereijo, en Vilalba; había denuncia previa e incluso había orde de alonxamento. E en setembro o terrible triplo asasinato de Sandra



Boquete Jamardo, Elena Jamardo Figueroa e Alba Boquete Jamardo; tampouco había denuncia previa. ¿Isto que pon en evidencia? O primeiro, que o enorme problema que é a violencia machista e a súa máis cruel expresión, que son os asasinatos, seguen existindo, están aí por desgraza, ás veces con evidencias previas e ás veces non as hai ou polo menos non se detectan e mostran sempre a súa cara máis terrible.

Polo tanto, en primeiro lugar, quero reiterar o apoio do Goberno galego —e estou seguro de que o de todos os galegos e galegas— a estas familias, ás familias destas mulleres, e transmitirles que estamos facendo e seguiremos facendo todo o posible, primeiro, para intentar —oxalá que algún día sexa certo— que non se volvan repetir os asasinatos, e, dende logo, darlles todo o apoio posible dende a Administración da Xunta de Galicia.

Dicía que os asasinatos son a manifestación máis cruel dunha violencia machista que, por desgraza, seguen sufrindo moitas mulleres en silencio. No primeiro semestre de 2019 recibíronse 3.443 denuncias por violencia de xénero nos xulgados galegos, e este é un aumento dun 12 % respecto do mesmo período do ano 2018. E sempre dicimos que non hai por que tomar de xeito exclusivo o aumento de denuncias como un mal síntoma de que aumenta a violencia machista. Ás veces o que se está conseguindo precisamente é que aflore e, polo tanto, se poida empezar a axudar a esas vítimas e a perseguir os agresores. Solicitáronse 941 ordes de protección nese mesmo período, nos primeiros seis meses do ano 2019; foron apenas un 1,6 % menos que no mesmo período do ano 2018. E tamén, dende logo, os datos da nosa rede de recursos asistenciais o que evidencian é que hai unha demanda continuada, unha demanda crecente, e polo tanto este inmenso problema aí segue.

Tamén dicir —e creo que tamén todas e todos estamos de acordo— que estes datos aínda son insuficientes para coñecer toda a magnitude deste problema, por moi diversos motivos. Porque segue habendo mulleres que por medo, por dependencia económica, por dependencia psicolóxica, por falta de apoio familiar ou por presión do contorno seguen sen denunciar a súa situación e sen achegarse aos recursos que as poidan axudar.

Polo tanto, todas estas circunstancias trasládannos como administracións públicas, e dende logo trasládalle á Xunta de Galicia, obrigacións moi concretas. Primeiro, debemos, no ámbito das nosas respectivas competencias, establecer —cando digo establecer é que existan, que funcionen e que se manteñan cos recursos públicos— aquelas medidas para apoiar as vítimas, e, despois, tamén visibilizalas. Creo que é moi importante, creo que é fundamental, que as vítimas saiban que contan cunha rede de apoio público, que cando tomen a valente decisión de rachar coa súa situación saiban que van ter axuda dende o primeiro momento.

E tamén creo que é moi importante seguir concienciando a poboación en xeral para que todas e todos, primeiro, saibamos identificar cando se está producindo unha situación de violencia machista, cando hai unha conduta que debe ser denunciada, e tamén colaborar para que esa denuncia se produza, e tamén apoiar as vítimas, que saiban que van ter o apoio non só das administracións senón da sociedade en xeral, o apoio e a comprensión.

E, por suposto, debemos seguir traballando na prevención dende as idades máis temperás —por iso dicía que celebraba que houbera un colexio neste debate— e colaborar non só nos



centros educativos senón tamén nas familias e tamén no ámbito deportivo, onde tanta xente moza todos os días se reúne e tamén se fixa moito nos modelos do que ve que se fai ben e do que ve que se fai mal. Eu creo que a erradicación da violencia machista —se algún día o conseguimos, e temos que conseguilo— pasa moitísimo pola educación en igualdade; máis igualdade, menos violencia de xénero, sen ningunha dúbida.

E tamén quero insistir nun aspecto do que xa se ten falado aquí no Parlamento e, dende logo, intentei resaltar na miña última comparecencia: debemos colaborar e coordinarnos entre todas as administracións. Aquí non se trata de sacar réditos de quen fai máis ou quen fai menos. Por suposto, todos debemos intentar facer o posible e copiar os modelos dos que o están facendo ben, rectificar cando as cousas se están facendo mal e colaborar para ser eficaces. Todo o demais, señorías, creo que é facer ruído, que nada axuda as vítimas, senón todo o contrario.

Polo tanto, estas bases foron as que se consideraron para facer o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Por facer unha historia moi rápida antes de entrar nas medidas, empezaron no ano 2016, cun goberno naquel momento do Partido Popular, seguíronse desenvolvendo coa colaboración de todos os partidos no ano 2017 e tanto no Congreso dos Deputados como no Senado déronse impulsos. E quero recordar —creo que foi un fito importante— que eu mesmo comparecín no Senado en marzo de 2017 cando fomos convocadas as comunidades autónomas para facer as nosas aportacións ao pacto de Estado que naquel momento se estaba conformando. E dende aquí levamos unha postura apoiada e aprobada unanimemente pola Cámara, non o fixo case ningunha comunidade autónoma e creo que iso nos ten que non sei se encher de orgullo —probablemente tamén—, pero sobre todo marcar o camiño do que deberíamos seguir facendo. E, ademais, había moito camiño andado dende que xa no ano 2007 a lei galega fora aprobada tamén por unanimidade. Creo que ese consenso demostra responsabilidade e é o camiño —insisto— que deberíamos seguir.

En setembro de 2017, como saben, o pacto de Estado viu a luz, asinouse. Tiña dez eixos temáticos, contiña trescentas medidas, que lles poñían deberes e lles marcaban o camiño a todas as administracións. E, ben, o que había que facer con ese pacto de Estado era dotalo orzamentariamente, dotalo de contido económico, dotalo de recursos para que puidera ser efectivo. Marcáronse naquel momento 1.000 millóns de euros para os vindeiros cinco anos: 100 millóns para as entidades locais, 500 para as comunidades autónomas e 400 para as competencias que tiña que exercer o Estado. E tamén se crearon unha serie de grupos de traballo. Despois veu o cambio de goberno e moción de censura no ano 2018, e foi xa o novo Goberno o que estableceu os criterios definitivos de repartición dos fondos, o que o dotou economicamente e o que permitiu, seguindo o consenso —insisto— que viña de antes e de gobernos anteriores, que Galicia tivera 8 millóns de euros asignados anualmente. Naquel momento —no ano pasado— foron asignados tardiamente, en outubro foi cando o ingresaron na nosa Facenda, e esta é a razón de que este ano se estean executando as medidas dende o punto de vista orzamentario correspondente ao ano 2018 e, dende logo, ao ano 2019, e xa no ano 2020 será a ese respecto unha utilización de recursos públicos normalizada.

Polo tanto, pasou un ano, xa temos os recursos, e aínda que se veu dando información puntual, o que me corresponde agora, o que vou facer nesta comparecencia é dar unha infor-



mación, unha fotografía global do que estamos facendo, de como estamos empregando eses fondos e do que queremos facer.

Saben vostedes que non partiamos en Galicia, afortunadamente, de cero, levabamos anos lexislando, anos acadando consenso, e nese contexto foi onde recibimos os orzamentos do Pacto de Estado. Tiñamos e temos a lexislación máis avanzada a nivel estatal, moitos dos avances que se están dando agora e algúns que aínda non están reflectidos nas normas estatais xa estaban na Lei 11/2007 do Parlamento de Galicia. E, polo tanto, iso permitiunos que, das cento quince medidas que no Pacto de Estado se prevén para que as executemos directamente as comunidades autónomas, sesenta e sete xa estaban implantadas totalmente ou moi avanzada a súa implantación en Galicia cando o Pacto de Estado entrou en vigor.

¿Que fixemos? Incidir naquelas que xa estaban implantadas e nas que nos parecía máis importante profundar agora que había máis recursos e apostar por outras novas. Deste xeito, marcámonos como obxectivo reforzar vinte e sete desas sesenta e sete medidas que xa estaban implantadas e implantar trinta e oito novas; en total, sesenta e cinco medidas que, se se suman ás que estaban implantadas, fan que neste ano 2019 ou estean implantadas ou en vías de implantarse cento cinco das cento quince medidas que o Pacto de Estado prevé para as comunidades autónomas.

Contabamos, ademais da Lei 11/2007, con outros instrumentos que nos marcaban o camiño. O principal, os plans estratéxicos para a igualdade de oportunidades, o último 2013-2015, o sexto, que estableceu un criterio moi importante, que era a transversalidade en todas as políticas que teñen que ver coa promoción da igualdade, en todas as políticas que teñen que ver coa igualdade de xénero, e, polo tanto, tamén coa loita contra a violencia machista. Iso que se chama *mainstreaming* de xénero, é dicir, que todo empape todas as políticas, permitiunos facer un plan de implantación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero que permitira que todas as consellerías participasen. Agora, cando entre no detalle, verán que isto é así.

Teño que dicir que polo menos nas reunións que convocadas polo Goberno do Estado estamos tendo, onde estamos todas as comunidades autónomas, isto non se está aplicando na maioría e creo que é bo que todas as consellerías teñen cousas que facer para loitar contra a violencia machista e, polo tanto, deben participar tamén con fondos do Pacto de Estado. Isto fixémoslo e, polo tanto, estes son os resultados que paso agora a relatarlles polo miúdo.

Empezamos no ámbito educativo. Xa dixeran que é o que nos parece, por obvias razóns, o máis importante e onde máis debemos incidir. Dedicáronse 2,7 millóns de euros neste ano. Hai varias medidas, pero as máis relevantes serían, en primeiro lugar, e dado que a intención é que as actuacións cheguen ao maior número de alumnado posible, promover a implantación de plans de igualdade en todos os centros públicos de Galicia. Por iso ditouse unha instrución o 6 de setembro deste ano, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que estableceu que os centros sostidos con fondos públicos deben de xeito obrigatorio elaborar un plan de igualdade para reafirmar o compromiso do centro coa construción dunha escola que contribúa a erradicar as discriminacións por razóns de xénero.



Polo tanto, esta foi a medida que se tomou, esta instrución está en vigor xa neste curso 2019-2020 e busca impulsar as actuacións dos centros a prol da igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia machista. Estamos a investir para esta finalidade 500.000 euros, case 600.000, nos centros de infantil e primaria, e máis de 300.000 para os centros de secundaria. Por suposto, estamos a facer un especial esforzo —non só nisto— tamén na formación do profesorado para darlles as capacidades para implantar estes plans e que esta implantación sexa eficaz.

Temos tamén unha segunda liña: investir en fondos bibliográficos nos centros educativos que favorezan lecturas para o alumnado e tamén para o profesorado, e tamén para as familias que accedan a estes fondos e que contribúan a catro obxectivos coeducativos: á promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; á prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero; á promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual; e á prevención, detección e intervención cando se dean casos de LGBTfobia. Son 225.000 os fondos que imos investir para centros de educación primaria e 173.400 euros para centros de educación secundaria —insisto— nesta acción de contido para darlles contido e neste sentido aos fondos bibliográficos dos centros de ensino público en Galicia.

E, por último —eu creo que é importante—, unha novidade. Asinamos un convenio coas tres universidades galegas, 100.000 euros para cada universidade, para desenvolver accións de sensibilización e prevención nos sete campus galegos. Xa digo: 100.000 euros para cada universidade, 300.000 en total, e isto vai afectar máis de setenta mil estudantes; e isto farémolo en coordinación cos servizos de igualdade cos que xa contan as tres universidades.

A segunda liña de actuación importante e novidosa foi a que fixemos en materia de vivenda. Se lles estamos dicindo ás mulleres que rachen coa súa situación, ás mulleres e aos seus fillos e fillas, que empecen unha nova vida, o lóxico é que teñan a oportunidade de facelo nunha vivenda diferente, se así o desexan, á que tiñan, e, sobre todo, por marcar distancias co seu maltratador; polo tanto, hai que facilitarlles unha vivenda. Este plan estaba dirixido a dar axudas para o alugueiro de vivenda social para as mulleres que ostenten a situación de vítima; 1,5 millóns de euros. Recibíronse ata o día de hoxe 114 solicitudes, xa se resolveron favorablemente 51 (14 na provincia da Coruña, 5 na de Lugo, 8 na de Ourense e 24 na de Pontevedra) e seguimos a día de hoxe recibindo e resolvendo novas solicitudes.

Tamén no ámbito deportivo, que ten que ver moito coa educación, quixemos facer un especial fincapé. Falamos de modelos, de referentes. Ademais, no deporte, sen ningunha dúbida, é onde, se se fan ben, máis se poden implantar os valores de igualdade, os valores de conseguir obxectivos baseados no esforzo e non partindo de ningunha diferenciación inicial que non teña por que estar. E, polo tanto, quixemos facer alí ese especial esforzo, tendo ademais en conta a enorme cantidade de xente moza que practica deporte a diario e especialmente as fins de semana en Galicia.

Polo tanto, impulsamos unha serie de plans de patrocinio para equipos profesionais, 6 equipos en Galicia, 314.000 euros; patrocinio para equipos non profesionais, 191 equipos, 350.000 euros; contratos publicitarios con 25 deportistas galegos, homes e mulleres que están xa seleccionados para ir para Tokio ou en vías de selección; e contratos de patrocinio coas 33 federacións deportivas de Galicia, por máis de medio millón de euros.





Outras medidas importantes é todo o que ten que ver coas familias e coa promoción dos valores de igualdade e de loita contra a violencia machista no seo das familias. Polo tanto, habilitamos axudas específicas ás asociacións de nais e pais de alumnos, ás ANPA, para desenvolver todo tipo de actividades que teñan que ver con promoción de igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero, 380.000 euros, 113 ANPA beneficiarias, que organizarán —xa están organizando— todo tipo de accións formativas e elaborando material dirixido ás familias, ao alumnado, sobre educación afectivo-sexual, identificación de casos de violencia, loita contra a cousificación das mulleres, hipersexualización das nenas, uso adecuado das novas tecnoloxías, prevención do *sexting*, en definitiva, todo aquilo que dende o ámbito das ANPA e no seo das familias, dende o punto de vista das familias e os centros educativos, se poida facer e se está facendo.

Por outra banda, melloramos tamén algo moi importante e moi necesario: os PEF, os puntos de encontro familiar de Galicia. Investimos 300.000 euros, en dúas finalidades fundamentais. Primeiro, a formación do persoal para detectar e saber reaccionar e saber tratar e saber derivar casos relacionados coa violencia machista nos PEF das sete cidades. Hai que ter en conta que unha parte moi importante das situacións que se dan sobre o terreo alí mesmo nos PEF teñen que ver ou son derivadas dalgunha situación de violencia de xénero. E, ademais, con estes cartos a partir do ano que vén prevemos colaborar coa Consellería de Política Social e con quen está asinado este convenio para a apertura de novos puntos de encontro familiar. E, ademais, Galicia solicitou estar no grupo de traballo que na última conferencia sectorial sobre o pacto de Estado creou o Ministerio, que preguntou que comunidades estaban dispostas a participar neste grupo de traballo e parécenos moi necesario e imos formar parte del.

Tamén temos un apartado específico moi importante dedicado ás medidas no ámbito rural. Sabemos todos e todas que é no ámbito rural onde probablemente haxa que facer unha especial incidencia, un especial traballo á hora de visibilización, á hora de conseguir que moitas mulleres vítimas de violencia machista rachen con esta situación, fagan a denuncia e mesmo ás veces sexan conscientes da súa situación para poder empezar a reaccionar. E, polo tanto, hai que facer aí unha especial incidencia e, cando dan ese paso fundamental, axudalas en todo o posible.

¿Que estamos facendo? Pois destinamos 600.000 euros nun convenio coa Consellería do Medio Rural para que estas mulleres vítimas poidan ser contratadas por parte de empresas, entidades asociativas e persoas titulares de explotacións do sector agrario e forestal. Hai que dicir que esta medida, que é totalmente novidosa, arrancou non con tanto éxito como nós pensabamos, pero hai que facer unha especial incidencia probablemente porque é no ámbito rural, como dicía, onde se están dando os maiores problemas. A día de hoxe xa son 13 as mulleres contratadas, o crédito é de 600.000 euros e seguiremos incidindo, porque estamos seguros de que as posibilidades de contratación son aínda moi grandes. (*Aplausos.*)

Engadimos tamén unha nova liña de axudas dirixidas a asociacións de mulleres, especialmente asociacións de mulleres no rural. Investimos 424.000 euros e beneficiáronse a día de hoxe 102 asociacións. Ademais, estamos a elaborar un estudo específico sobre a violencia machista no ámbito rural e en outubro desenvolvemos unha campaña xa específica neste eido. Todo isto, como dicía, en colaboración coa Consellería do Medio Rural.



Estamos facendo tamén medidas en colaboración estreita cos concellos. A Xunta de Galicia —e creo que todas as comunidades autónomas estivemos de acordo nesa postura— estima que os cartos destinados no Pacto de Estado ás entidades locais non son suficientes. Dividido ademais cos criterios que se estableceron, supón, na maioría, en moitos casos concellos pequenos, de mil-mil cincocentos habitantes, menos de 1.000 euros, 1.200, 1.300 euros como máximo, para desenvolver todo tipo de accións. Polo tanto, como cremos que na cercanía está unha ferramenta moi valiosa para a detección de situacións e para poder reaccionar, estamos reclamando que unha parte probablemente deses 400 millóns que ten asignados o Estado se podía dedicar ás entidades locais. E, dende logo, nós creo que predicamos co exemplo, cando estamos facendo esta reivindicación e parte do que nos corresponde como comunidade autónoma o estamos non derivando, pero si facendo en colaboración coas entidades locais, porque cremos —xa digo— que poden ser administracións moi eficaces e moi boas aliadas para loitar contra a violencia machista.

Polo tanto, ¿que estamos facendo? Primeiro, estamos dando directamente axudas, 800.000 euros, colaborando ademais coa Federación Galega de Municipios e Provincias, para que os concellos fagan todo tipo de accións e tomen todo tipo de medidas para loitar contra esta lacra.

Ademais, este ano o pacto de Estado permitiu que se poidan facer campañas de sensibilización dende as propias entidades locais —antes non se podía—, e, polo tanto, aportamos 800.000 euros e 131 concellos estanse beneficiando, previa petición, destas axudas que estamos levando en colaboración coa Fegamp. E tamén estamos promovendo que sexan os propios concellos os que poidan contratar mulleres vítimas.

Hai que dicir que, ao contrario do que pasou coas empresas no ámbito rural, esta medida tivo un enorme éxito, ata tal punto que neste mesmo ano adicamos máis cantidade da que estaba inicialmente prevista. Fixemos unha segunda convocatoria, xa son 79 as mulleres vítimas contratadas e investidos 1,7 millóns de euros e son varios concellos os que quedaron sen poder acceder a estas axudas por esgotamento do crédito, dúas veces ampliado. Polo tanto, isto tamén será algo que teñamos en conta no ano que vén á hora de planificar os recursos do ano 2020.

Por suposto, estamos tomando medidas tamén no que ten que ver coa mocidade e todo o que ten que ver co ámbito cultural. A campaña Agresión Off contra a violencia machista en festas e festivais, con presenza de *stands* e con implicación activa das persoas encargadas dende a Xunta de Galicia, para concienciar a mocidade que acode a estes festivais, supuxo que tiveramos presenza este ano en doce festivais de música e que foran atendidas directamente case dúas mil persoas. Son vinte e seis concellos os que están participando tamén nesta campaña e repartiuse material informativo, case cen mil folletos, cen mil materiais informativos nestes doce festivais.

Asinamos tamén coa Consellería de Cultura un convenio para, a través da rede pública de bibliotecas de Galicia, realizar actividades de dinamización da lectura con perspectiva de xénero e contra a violencia machista, e beneficiáronse, incluíronse, están facendo accións cento dez bibliotecas da rede pública de Galicia.



Estamos facendo tamén unha especial incidencia na formación dos profesionais públicos en materia de igualdade de loita contra a violencia machista, especialmente —pero non só— a través da Escola Galega de Administración Pública e —tamén o dicía antes— coa Consellería de Educación, a través dese convenio que temos asinado con eles, de formación do profesorado, pero directamente a aqueles traballadores da Administración pública que non son profesores tamén lles estamos dando formación, e este ano vanse facer cincuenta e unha accións formativas e máis de dúas mil cincocentas prazas ofertadas en cursos de formación sobre a igualdade e contra a violencia machista.

Tamén facer unha especial incidencia, e tamén en colaboración co Consello do Poder Xudicial, na formación do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

Por último, á parte de actividades de prevención e de axuda para iniciar unha nova vida ás vítimas, axuda directa cando rachan coa situación e nos primeiros momentos. Loxicamente, a Xunta de Galicia ten que estar aí tamén. ¿Que estamos facendo? Estamos dando apoio económico e social a menores orfos por violencia machista —catro dende o ano 2018— e ás vítimas que resulten gravemente feridas como consecuencia de ataques de violencia machista, cando requiriron hospitalización —seis no que vai do ano 2019—; 100.000 euros de investimento para esta finalidade.

Establecemos tamén unha medida novidosa, en colaboración co Colexio de Psicoloxía e Traballadores Sociais: quendas de garda psicolóxica e social nos xulgados, para que, no momento en que se produza unha denuncia directa, ben en comisaría ou ben no propio xulgado, reciban un apoio psicolóxico á parte do apoio que reciben dende o punto de vista legal as vítimas —xa digo— dende o primeiro momento. Xa se activou esta medida cincuenta e catro veces dende que entrou en vigor a principios deste ano. E hai máis de cen profesionais implicados.

Tamén seguimos reforzando o apoio psicolóxico fóra dos xulgados, non só no momento da denuncia senón tamén con posterioridade, para atender as vítimas e os seus fillos e fillas. Reforzámolo este ano e en 2019 incrementamos a dotación que xa se viña facendo nos anos anteriores en 100.000 euros, e dende 2009 son seis mil cincocentas mulleres e nenos e nenas atendidos por este servizo de asistencia psicolóxica; no que vai deste ano atendéronse case oitocentos xa.

Incluímos tamén —dicía antes— psicólogos tamén para o servizo de garda psicolóxica. Empezaron a traballar xa nas sete oficinas de atención ás vítimas, nas sete cidades galegas, profesionais do traballo social para atender aquelas mulleres vítimas de violencia machista que necesiten calquera trámite xudicial, que acudan ao xulgado, que dende o primeiro momento teñan un profesional que as encauce, as axude, as informe de todos os recursos e de todas as axudas que teñen á súa disposición; case 300.000 euros investidos nesta acción.

Tamén temos unha liña de 60.000 euros para posibilitar a estadia de tempo libre de mulleres vítimas de violencia machista e dos seus fillos e fillas; tiveron lugar en setembro e acudiron noventa persoas.



E tamén un programa de atención terapéutica para mulleres vítimas de agresións sexuais, a través da Fundación Meniños, cunha dotación de 50.000 euros.

E non me quería esquecer, por suposto, das axudas periódicas. Nunha interpelación da semana pasada xa tiña ocasión de referirme a isto. Volvo dicir: Galicia é a única comunidade autónoma que a día de hoxe mantén axudas periódicas para as vítimas, veñen xa do ano 2007, viñeron aumentando sempre, tiveron un aumento moi importante dende aquel ano e, dende logo, ímolo seguir mantendo mentres sexa necesario.

Case corenta millóns de euros dende o ano 2007 investidos en axudas periódicas, case catro mil mulleres atendidas, neste ano 2019, máis de cincocentas e máis de 5.300.000 euros os que prevemos cando se peche o exercicio ter adicado a esta finalidade.

E, por último, outra medida creo que novidosa, ao mellor non tan significativa na súa contía, pero creo que moi necesaria, é a axuda a través de intérpretes de lingua de signos a aquelas persoas xordas que necesiten calquera asistencia e, de feito, a necesitan —ata agora non a tiñan— á hora de facer os seus trámites, mulleres vítimas; estou falando non só á hora de denunciar, senón á hora de calquera trámite que teñan que facer a partir da denuncia ante calquera administración, non só xudicial; isto é unha colaboración coa Federación de Xordos de Galicia; 45.000 euros no investimento. (*Aplausos.*)

Estas son, señorías, as principais medidas. Hai moitas máis, pódese detallar moito máis, pero, polo tempo limitado, isto eu creo que é o máis importante e o que marca un pouco a liña do que estamos facendo e, sobre todo, o que queremos facer.

Creo que é moi importante tamén o dato da execución orzamentaria. Dícialles ao principio que este é un ano especial. Estamos executando a maior parte da cantidade correspondente ao ano 2018 e todo o ano 2019, en total 16 millóns de euros. Temos de prazo para executalo ata marzo do ano 2020, pero estamos nun nivel de execución a día de hoxe creo que moi importante e que nos vai permitir sen ningunha dúbida chegar a esta data de marzo do ano que vén co cen por cento das cantidades executadas; a día de hoxe están executados ou no final da súa execución case 13 millóns de euros.

¿Que imos facer o ano que vén? Hai xa proxectos novidosos en marcha. Por citarlles dous nada máis, hai máis, pero eu creo que é de remarcar, porque se vai asinar proximamente, o proxecto Fénix coa Fiscalía de Menores para traballar na reeducación de menores con medidas xudiciais por actuacións de violencia machista, un convenio de 25.000 euros, un convenio piloto; iamos empezar en Lugo e estou seguro de que se vai desenvolver no resto das cidades galegas.

E tamén hai que conseguir outro obxectivo fundamental, e aí volvemos necesitar a colaboración de todas as administracións. Hai que comunicar e compartir a información que todas as administracións temos sobre vítimas de violencia machista, sobre boas prácticas que se estean desenvolvendo, sobre resultados, sobre actuacións que non sexan tan convenientes, para que nos permita reorganizarnos e utilizar do mellor xeito posible os recursos públicos. Creo que isto é moi importante e creo que falta aínda un treito por percorrer á hora de com-



partir toda esta información, que sería tanto como dicir de colaborar aínda máis estreitamente.

Queremos abrir, en colaboración cos concellos, novos centros de acollida, e queremos abrir tamén novos puntos de encontro familiar durante o ano que vén, tamén en colaboración con outras administracións, e queremos seguir insistindo na formación de todos os profesionais (ámbito educativo, sanitario, xudicial, avogacía). Fixemos —non o dixeran antes— convenios cos colexios de avogados e procuradores para dar información específica a estes profesionais tamén en materia de violencia machista.

E por aí queremos seguir e, por suposto, reelaborando, a palabra non é rectificar, pero si é acoutar e corrixir calquera medida que a práctica nos demostre, sobre todo as medidas non-vidosas, que necesitan calquera tipo de modificación, adaptación ou o que faga falta. Aquí do se trata é de investir o mellor posible os recursos orzamentarios dos que dispoñemos.

Polo tanto, en definitiva, señorías, este é o balance global, unha foto global —como dicía— do que se ten feito durante este primeiro ano de vixencia do pacto de Estado. Tiñamos moito xa avanzado, afortunadamente, de anos anteriores, e creo que moito dese avance veu dos consensos que nos momentos fundamentais conseguimos entre todos os grupos políticos, que é tanto como dicir entre toda a sociedade, en asuntos fundamentais, que nos permitiu aprobar plans estratégicos, ter unha lei moi avanzada do ano 2007, en definitiva, poder dar pasos importantes, que non se están dando —polo menos esa é a percepción que temos— ao mesmo ritmo noutras comunidades autónomas, probablemente porque non había ese traballo adiantado.

Creo que este é o camiño, creo que é o que a xente espera de nós e, dende logo, é o camiño que vai seguir a Xunta de Galicia.

Nada máis por agora e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, vicepresidente.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos polo Grupo Mixto. Ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Bo día, señor vicepresidente.

Efectivamente, o pacto de Estado foi un acordo político, significou un avance, pero nós consideramos que foi insuficiente. Cómpre resaltar que na chegada a este pacto foi fundamental —cremos que iso o omitiu na súa análise de como se xestou este pacto— o impulso do movemento feminista, das mobilizacións masivas que houbo das mulleres ese mesmo ano previo, así como tamén unha correlación de forzas no Congreso que facía proclive a necesidade de pactos. Pero é insuficiente. Nós considerámolo así porque carece de garantías efectivas de execución e orzamento concreto e prazos para cada bloque de medidas. Si é certo que hai un prazo global deses cinco anos nese orzamento global. Pero queríamos resaltar a importancia dese contexto, as mobilizacións masivas das mulleres.



Antes de comezar a debullar a análise das medidas aplicadas en razón do pacto, pero tamén en razón do cumprimento desa lei —como vostede mesmo dicía— avanzada, respecto do resto do Estado, da lei galega, nós consideramos que é importante resaltar que o dito pacto sería imposible de desenvolver no futuro se non se illan aquelas forzas políticas que cuestionan a propia existencia da violencia de xénero e do propio machismo. Así pois, apelamos unha vez máis á necesidade de ter claridade e contundencia contra estes discursos neomachistas. Cero tolerancia entón contra a intolerancia, cero retrocesos e cesións e cero retrocesos en materia de dereitos humanos recoñecidos pola ONU. Aí cremos que cobra máis valor esa defensa e desenvolvemento da lei galega aprobada por unanimidade en 2007.

Así pois, o pacto de Estado enmárcase nos mínimos de defensa de dereitos humanos, dereitos recoñecidos internacionalmente, e na busca da transposición efectiva ao marco estatal dese Convenio de Istambul, xa ratificado en 2014, pero, previamente á análise da aplicación dos fondos do pacto no noso país, consideramos que a Xunta debe ter máis ambición, na medida en que contamos precisamente con esa lei pioneira, que avanza no recoñecemento e combate de todas as formas de violencia contra as mulleres, asumindo xa elementos que logo serán de consenso no Convenio de Istambul. E poñemos por caso o recoñecemento explícito da violencia sexual como forma de violencia de xénero, a consideración de fillos e fillas de vítimas, que niso vai a nosa comunidade autónoma avanzada como tales vítimas, unha proposta de cambios lexislativos.

Analizando xa estas medidas específicas —vostede anunciounas por bloques—, intentaremos ir tamén así por bloques.

En canto á educación —que son das medidas 3 a 7 e algunha máis do pacto do Estado—, nós consideramos que falta un plan global de desenvolvemento da educación afectivo-sexual no ensino. É que tampouco a propia lei galega de 2007 está cumprida na súa totalidade neste eido. Vostede falou de que hai que traballar máis na prevención no ensino. Efectivamente, é un eido fundamental. Na formación en igualdade cómpren máis fondos tanto para ensino universitario como non universitario. Pero temos a anomalía —non anomalía, porque a hai noutras comunidades autónomas— para nós en 2019 de que a Xunta financia colexios concertados, concerta con colexios que segregan por sexos. Unha premisa fundamental da coeducación é que non se parta dunha segregación por sexos. Ademais, é a única comunidade autónoma que non nos dá estes datos de cales son as contías económicas que corresponden a estes concertos que segregan por sexos —por certo, en contra do propio Plan de igualdade educativa que elaborou a Xunta, que trata sobre a coeducación e que exclúe de partida esta segregación por sexos—. Non se pode facer prevención —entendemos— efectiva da violencia de xénero nun contorno de segregación.

Tamén, respecto da lei galega, falta por desenvolver o artigo 22.3, en canto á elaboración de informes sobre coeducación e prevención de violencias machistas nos centros educativos, que a lei dispón que debe facer o Consello Escolar de Galicia.

É dicir, en educación temos que ser máis ambiciosos que o que dispón o propio pacto e cumprir a nosa propia lei. E, dende logo, nós consideramos deixar de financiar colexios que segregan por sexo.



En canto ás violencias sexuais, hai moito por facer. Certamente que a Lei galega xa recoñece estas como un tipo de violencia de xénero, pero hai que traballar a fondo na súa prevención. Non chegan esas campañas que nos últimos anos é certo que comezaron a cobrar vixencia, esas campañas de prevención do acoso nas festas populares. E vostede mesmo recoñeceu que en certo sentido derivan a responsabilidade de facer unha actuación global contra a prevención das violencias sexuais no eido educativo nas ANPA. Con esas axudas e eses programas non é suficiente, hai que actuar de xeito estrutural. Hai unha proposición non de lei do BNG neste pleno, na que falaremos con máis detemento, sobre a necesidade de actuar contra estas violencias que van en aumento, como amosan os informes sobre delitos.

En canto a deporte, nos cremos que son insuficientes tanto as propostas do pacto do Estado no eido deportivo como as que anunciou que está a impulsar a Xunta. É que, como vostede mesmo dixo, o deporte é un eido fundamental para facer prevención de violencia de xénero, por unha cuestión: é un eido fundamental onde se poden amosar roles distintos da muller ao tradicional, onde se pode empoderar as mulleres pero tamén onde aparecen e onde se poden detectar situacións de violencia. Pero cómpren máis protocolos de antiacoso no eido deportivo.

E, sobre todo, volvendo ao eido educativo, é necesario, imprescindible, fomentar o deporte mixto dende o ensino, é algo esencial. Dende o deporte, dende logo, pódese desenvolver moito máis a prevención de violencia de xénero.

Vostede non se referiu ás mesas de coordinación interinstitucional contra a violencia machista; esta poderíase englobar dentro da medida 78 do pacto de Estado. Este, dende logo, é un aspecto pouco desenvolvido no noso país, porque, dende que se elaborara esa guía en 2015 para a constitución destas mesas, os datos dinos que en 2017 só as constituíran o 18 % dos municipios galegos, e que, destes, o 35 % estaban en funcionamento. Vendo o informe anual sobre o seguimento da lei galega, non sabemos a día de hoxe cantas mesas existen nin cal é o funcionamento. Podería trasladar cantas están en funcionamento. Sabemos que este ano se constituíron canto menos Caldas, Outeiro de Rei e Soutomaior, pero hai unha falta de transparencia neste sentido, tamén nunha medida do pacto, pero, sobre todo, unha medida que en Galicia xa estaba implantada, pero da que descoñecemos a súa evolución.

E saltando xa, por exemplo, ao bloque de vivenda e aos recursos de acollida, a evidencia é que non chegan eses recursos. Vostede mesmo sinalou que houbo mulleres que quedaron sen acceso a esa vivenda social e que a demandaban. É unha falta estrutural de política de vivendas da Xunta, pero tamén en casas de acollida faise patente a necesidade de máis prazas. Estase dando a situación no noso país de casos que, evidentemente, son de emerxencia e que hai que actuar xa e sempre se deriva, pero cando hai unha vítima na comarca de Compostela ás veces ten que ir a Vigo por non haber praza na Coruña, porque se necesitan máis recursos. Vostede dixo que o ano que vén estaba previsto ampliar esa rede de recursos tamén en colaboración cos concellos. Pregúntolle se hai previsión nalgún sentido.

Igual que os puntos de encontro familiar, tamén medida 210 do pacto de Estado. A realidade é que están saturados, concentrados nas cidades. Nós sempre demandamos un plan de comarcalización dos mesmos. Sabemos que se vai poñer en marcha o de Ribeira, pero fan falta



moitos máis, a comezar pois polo do Salnés, seguramente no Barbanza; no sur de Lugo nin na Mariña non hai, en zonas de Ourense teñen que facer grandes desprazamentos a Ourense para ir a un que non está precisamente no sitio máis adecuado. Son precisas moitas máis medidas de formación. Sinalou que se van abrir máis puntos de encontro familiar o ano que vén. Podería concretar se hai algo xa nese sentido —valla a redundancia— máis concreto.

En canto á discapacidade, cómpre avanzar, non só en cuestións puntuais —que, por suposto, apoiamos— de axudas para a interpretación en lingua de signos, senón facer que o propio sistema sexa inclusivo, porque aínda non hai accesibilidade universal no acceso aos recursos para as mulleres discapacitadas que sofren violencia de xénero, ou non hai garantía de vinte e catro horas de accesibilidade universal, por exemplo no Sergas. É algo no que en global a Xunta ten que avanzar.

En canto á sanidade, que son tamén medidas que establece o pacto, tamén a propia lei galega establecía a necesidade de prestar esa atención psicolóxica en atención primaria. Non dicimos que teña que ser unha medida a aplicar directamente. Hai que analizar como se fai esa prestación especializada, pero o certo é que nós defendemos que a saúde mental está infra-dotada no noso país e que cómpre ir introducindo a psicoloxía en atención primaria, e aí tamén se pode traballar esa necesaria asistencia a vítimas dende o nivel máis básico.

Faltarían algunhas cuestións máis que temos por aquí anotadas, pero rematou o tempo. Se puidera responder a esas demandas concretas, agradeceríámosllo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día de novo a todos e a todas.

Señor Rueda, eu quería comezar agradecendo a súa comparecencia. Hai un ano, cando vostede mesmo mencionaba que comparecía aquí por primeira vez para falar especificamente do pacto de Estado, nós formulabamos *in voce* a proposta de que fora algo consistente. Tamén iso foi aprobado a través dunha emenda que presentou o Bloque Nacionalista Galego a unha iniciativa —creo recordar— do Grupo do Partido Popular. En todo caso, nós entendemos que é positivo ese compromiso e que isto se converta xa nunha cita permanente que nos permita a todos e a todas tomar o impulso necesario, que ás veces no medio da axenda política é necesario, para poñerse a falar con calma de cuestións tan importantes coma esta.

Mire, nós vimos hoxe aquí con ánimo construtivo. Intentaremos deixar enriba da mesa propostas, dúbidas e comentarios, aínda que tamén teño que confesarlle que é francamente difícil abstraerse de que durante este ano vostedes tamén aproveitaron o tempo para profundar nesa colaboración —que nós insistimos en rexeitar— con partidos negacionistas da violencia machista. (*Aplausos.*) Eu non vou facer deste un debate sobre Vox, porque creo que sería unha irresponsabilidade, pero si que quede en acta.





E mire, non podo deixar de comezar tamén cunha reflexión, que non é nova por parte do noso grupo e que vostede coñece, que é que para nós é interesante non restrinxir esta cuestión exclusivamente ao pacto de Estado, porque afortunadamente a política contra a violencia machista da Xunta nin comeza nin remata nese pacto de Estado. Vostede sabe que nós fomos profundamente críticos coa súa formulación, porque entendemos que naceu eivado, sen un compromiso orzamentario suficiente, froito dun contexto moi concreto, e que a proba é que dous anos despois, lamentablemente, en moitos aspectos de ámbito estatal que afectan as mulleres galegas pois non está desenvolvido.

E, segundo, porque nós partiamos —vostede tamén fixo mención na súa quenda— dun marco moi superior, desa lei galega de 2007, e tanto na comparecencia anterior coma nesta facía vostede fincapé en que máis dun 50 % das propostas dese pacto xa estaban incluídas na lexislación galega. E iso reflicte para nós dúas cousas que son importantes: primeira, que o Estado español ten sido un hándicap para avanzar en igualdade ás mulleres deste país, e isto dígoos non por ser soberanista, senón por datos obxectivos. Vostede aludía a esas cinco vítimas mortais deste 2019 no noso país —eu quero facelo tamén para que queden na nosa memoria—, pero é que o certo é que desas cinco para o Estado non contan todas. É increíble que en pleno 2019 teñamos que dicir que para o Estado español non contan todas, porque seguen incumprindo o Convenio de Istambul, e iso é algo lamentable (*Aplausos.*), e porque seguen sen desenvolver algo que non custa cartos, que é cambiar a denominación de violencia machista no ámbito estatal para adaptarse ao Convenio de Istambul e para adaptarse a un marco do que a lei galega xa bebeu no ano 2007. Entón, ben, eu pídolle que o Partido Popular, xa que non o fixo cando gobernaba, pois que agora que están na oposición sigan insistindo nesa cuestión e que tamén leven en nome de Galiza ese debate.

E a segunda cuestión que nos recorda todo isto do pacto de Estado é que hai moitos aspectos que contemplaba a lei galega desde 2007 e que non foron desenvolvidos aínda. Entón, pois si, é positivo que se comecen a desenvolver algúns, pero iso tamén recorda os deberes non feitos do seu Goberno.

En todo caso, eu quería comentar así algunhas cuestións. A primeira, que é previa a todo isto, é a do financiamento. Na comparecencia de hai un ano vostede sinalaba problemas, que se comprometeu a trasladar ás comisións de negociación co Estado, respecto da dificultade de facer por exemplo gastos en investimentos reais. A min gustaríame saber en que estado están esa cuestións, se ten habido algún avance, porque realmente coincidíamos nese aspecto.

Segundo. Nós non podemos deixar de mencionar aquí a situación dos concellos galegos e que os criterios de repartición deses fondos do Estado nós seguimos dicindo que non son xustos, que non se axustan á necesidade de criterios como a dispersión e doutros criterios que si se contemplan para a Comunidade Autónoma, pero non para os concellos. Entón, pedirlle tamén, en nome da Xunta de Galiza, que non esquezan esa cuestión, porque non é de recibo que os nosos concellos reciban menos porcentaxe do que supón esa poboación en termos estatais, cando realmente aí tampouco temos un gran peso. E a nós iso paréceunos importante, porque entendemos que contribuiría a que os propios concellos teñan máis capacidade económica e a que tamén se profunde na relación e no apoio que ten que ter a



Xunta de Galiza. Por iso pedímoslle, aínda que conxelaron practicamente os orzamentos do 2020 na materia, que manteñan esa colaboración, que imaxino que a van manter, aínda que non fixo mención, cos concellos en materia de transferencia económica, que a aumenten, porque para nós é clave a especialización dos CIM.

Tamén, por suposto, en materia de financiamento consideramos que hai que exixirle máis ao Goberno central, que Galiza parte dunha posición moi positiva polo noso desenvolvemento da lei de 2007, pero a ninguén se lle escapa que a situación económica en termos de salarios, de pensións e demais das mulleres galegas é peor que a media do Estado, e por iso tamén necesitamos máis recursos.

Centrándonos xa nalgunhas das cuestións que vostede tratou, e facéndolle así algunha pregunta e algunha suxestión, falaba vostede da quenda de garda da atención psicolóxica. Nós entendemos que é positiva, valoramos moi ben o traballo que fai o Colexio de Psicólogos e Psicólogas deste país, pero recordámoslle que o artigo 25 da nosa lei recolle que a atención psicolóxica debe estar ofertada na atención primaria. Entón, volvemos pedirlle un esforzo neste aspecto e volvemos pedirlle que nos explique aquí cal é a folla de ruta para que, con independencia de que siga ese convenio cos psicólogos e psicólogas deste país, haxa tamén postos públicos de psicólogos e psicólogas que forneza a Xunta de Galiza e que permitan que avancemos neste aspecto, no que imos tarde.

Respecto doutras cuestións que saíron aquí, falaba vostede do plan de acompañamento e asesoramento da vítima, unha proposta que lanzaban vostedes o ano pasado, que non deixaba de ser unha rectificación de terse cargado o programa Rodela cando chegaron ao Goberno. A nós parécenos positiva esa rectificación. En todo caso, gustaríanos saber cal é a concreción da folla de ruta dese plan de acompañamento. A nós sorpréndenos que non sexa pública, pero, en todo caso, desenvólvanos un pouco como está a funcionar, e como está a funcionar tamén ese protocolo interinstitucional que foi aprobado o ano pasado xa, que nós entendemos que pode ter algunha eiva, pero gustaríanos saber cal é a valoración a un ano vista dese protocolo, se están pensando en facer algún complemento, vistas as declaracións do presidente da Xunta de Galicia desta semana, e demais.

Respecto do ámbito de atención a vítimas, falaba da Rede galega de acollemento. Nós coincidimos en que son necesarias máis prazas. Temos falado aquí de problemas graves, como a situación da casa de acollida de Ourense, onde tamén colaborou activamente o Goberno local do Partido Popular no seu día; non cabe esperar demasiado do actual, tampouco visto o espectáculo que armaron co VioGén. A nós gustaríanos que nos concretara como van ampliar esa rede, se teñen un horizonte numérico, ou algo do estilo.

Respecto do programa de violencia sexual, este é un aspecto do que imos falar moito neste pleno a través dunha proposición non de lei deste grupo; é un tema que nos preocupa e sobre o que xa o temos interpelado ao respecto. A min gustaríame que nos concretara, xa que o ano pasado falaban de estender ese programa coa Fundación Meniños ás catro provincias, cal ten sido o resultado en termos numéricos, para que poidamos valorar que dimensión está a ter.



E, en todo caso, nós seguimos insistindo: a violencia sexual é un aspecto fundamental, polo que temos que seguirlle insistindo ao Estado en que ten que modificar esa definición da violencia.

En todo caso, no noso país tamén estamos a detectar eivas. Nese protocolo interinstitucional do que lle falaba, e no que non se fai unha mención suficiente á violencia sexual, en cuestións como que a nós nos está chegando problemas, queixas do propio sistema xudicial, das propias xuízas e xuíces respecto da asistencia gratuíta en asistencia xurídica nos casos de violencia sexual, de que está habendo problemas aí. E sobre iso nós entendemos que precisamente o Estado está no século XVIII en termos de recoñecemento da violencia sexual e que nalgúns ámbitos non se acabe de considerar como violencia machista. Gustaríanos que aí centraran esforzos.

Despois, respecto da cuestión de vivenda, nós entendemos que é un programa positivo, aínda que nos parece que chegou cun pouco de atraso, no mes de abril, a orde —se non recordo mal—. En todo caso, transmitirille de forma construtiva algún problema que nos está chegando.

Neste país hai un problema xeral co mercado de alugueiro. Entón, estannos chegando casos de mulleres que teñen dificultades reais —temos exemplos de Santiago de Compostela— en atopar unha vivenda pola desconfianza das e dos propietarios respecto de que sexan quen de aboar esas cantidades. Entón, deberían valorar vostedes —quizais xa o están facendo— algún método —non sei—, se que a Xunta poida actuar de avalista, que poida haber unha especie de seguro, algunha cuestións, pero para garantir que iso non aconteza.

E temos tamén dúbidas respecto de cal é o volume de mulleres en situación de vítima de trata que se acollen a esta cuestión, porque fundamentalmente as vítimas de trata nunha parte importante son inmigrantes que non teñen permisos de residencia, e realmente na orde exíxese ter ese permiso de residencia. Entón, ¿cal é a fórmula que están a buscar para que primeiro estean os dereitos humanos e logo eses permisos de residencia?

Son moitas cuestións que hai enriba da mesa. Na seguinte quenda tentarei determe máis nalgunha, pero quería facer un último apuntamento respecto da formación, da prevención e da sensibilización.

Formación de docentes. Hai case tres anos que chegamos a un acordo nesta cámara para que vostedes negociaran coas universidades galegas que hai que introducir unha materia específica no máster de formación docente; hai que exixilo antes de entrar á carreira docente. Gustaríame saber en que punto está isto, que vemos que está nun punto bastante morto.

Despois, respecto da formación do profesorado, é fundamental avanzar, e avanzar tamén con programas específicos, con programas presenciais, coa exixencia formativa, porque falou vostede disto, pero o certo é que a día de hoxe en formación do profesorado, orzamentos 2020, 250.000 euros.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Para comparar, se me permite, señor presidente, o E-Dixgal, 1.500.000 de euros. Esta é unha diferenza abismal. Por non falar de que temos que centrarnos en promover obradoiros máis que plans de igualdade, onde os alumnos e alumnas poidan contrastar e poidan aprender sobre cuestións como consentimento.

En todo caso, son moitísimas cuestións. Na seguinte quenda seguiremos propoñendo propostas en positivo e dúbidas enriba da mesa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Ben, eu quero comezar parabenizando —e xa sei que aquí se falou de deporte— as futbolistas por ter acadado ese acordo para ter un convenio que remate por fin con esa discriminación que viven, e que son dende logo un exemplo para todas.

E temos que comezar dicíndolle, señor Rueda, que vemos como positiva esta comparecencia. Sempre consideramos que é bo render contas e abrir espazos de diálogo sobre as medidas para loitar contra a violencia machista, pero non compartimos o enfoque que fan destas, por dúas razóns. En primeiro lugar, porque non aportou moitas novidades en relación coa nota de prensa que coñecemos recentemente, e a verdade é que nos parece unha mostra de que entenden este parlamento e o debate parlamentario como un trámite, que primeiro dan conta aos medios de comunicación e despois veñen aquí debater. Se realmente quixeran escoitar aportacións, pois cremos que a orde dos factores sería diferente.

E a segunda, por algo que xa se mencionou. Por suposto que é preciso falar das medidas que se enmarcan dentro do pacto de Estado, pero na nosa opinión tamén é imprescindible facer unha avaliación da lexislación galega, porque, como se ten dito, a nosa lexislación é moito máis avanzada que a lexislación estatal e que o propio pacto en moitas cuestións. Por iso non entendemos por que nunca vén aquí comparecer a render contas sobre esta avaliación, porque a verdade é que levamos dez anos de goberno, unha década de incumprimento reiterado da lexislación galega na nosa opinión, e cremos que sería unha boa oportunidade —vostede non ten limitación de tempo— para que aquí falara destes incumprimentos ou que se comprometera a facer unha comparecencia específica para facer esta avaliación.

Falamos sempre tamén dos recursos, e non hai recursos suficientes, por moito que se diga o contrario. E que non hai recursos suficientes non llo dicimos nós só, dinllo as mulleres que saen ás rúas o 8 de marzo, que van volver saír o 25 de novembro. E nós entendemos que hai unha proposta totalmente razoable, que é que se adique o 1 % do orzamento á loita contra



as violencias machistas. Nunha situación extrema, terrible, de violencias cotiás, cremos que é unha proposta máis que razoable.

E falou tamén da execución dos fondos do propio pacto, e eu pediríalle que adicara tamén un minuto ou outra comparecencia a falar da execución dos seus propios fondos da Xunta de Galicia, porque no ano 2018, por exemplo, deixaron máis da metade sen executar do programa 313D, de protección e apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero, case tres millóns de euros sen executar, e cremos que tamén hai que falar desa execución dos fondos e non unicamente desa execución alta dos fondos do pacto, que por suposto saudamos como positivamente.

E logo tamén temos que dicirlle que temos dificultades cada vez que falamos co Partido Popular de igualdade, sobre todo nos últimos tempos, porque non sabemos moi ben a que ater-nos. Hai enormes contradicións entre o que din defender na maioría dos seus discursos e logo as medidas que levan adiante e o que fan, e referímonos por suposto aos pactos que teñen coa extrema dereita. Están pactando con quen está normalizando a violencia machista, están contribuindo a que se normalice, porque están amparando unha forza política que nega a violencia que sufrimos as mulleres.

Entón, moitas veces sempre din que non hai que politizar esta cuestión. Pois miren, non concordamos. Hai que politizar esta cuestión porque temos enormes diferenzas políticas. En cuestións fundamentais chegamos a acordo, e nós seguiremos facendo todo o esforzo posible para chegar a acordos que melloren a vida das mulleres, pero tamén temos diferenzas e cremos que é imprescindible pólas enriba da mesa. Temos diferenzas e temos memoria tamén, señor Rueda, porque non hai tanto non é só que pacten cos seus socios negacionistas, senón que as declaracións do seu líder, Pablo Casado, tamén foron moi recentes, as declaracións de Tellado tamén foron moi recentes, que boicotearan a folga feminista do 8 de marzo, impondo uns servizos mínimos totalmente abusivos. E ese é o Partido Popular, por moito que aquí veña con outro discurso, ese é o mesmo Partido Popular do que vostede forma parte.

E, por falar dalgúns ámbitos dos que vostede falou, do tema do ensino, sinceramente é unha burla que comece esta comparecencia falando da importancia do ensino, que dedique tamén bastante tempo a falar da importancia do ensino para construír unha sociedade en igualdade cando están segregando por xénero nos colexios, están financiando os colexios que segregan. ¿Non ve unha pequena contradición entre dicirlles aos nenos e ás nenas que son iguais pero que non poden ir nin sequera xuntos á escola? ¿Non ve unha contradición entre dicir que é fundamental o ensino en igualdade e permitir que haxa planfletos, tránsfobos e machistas, de Hazte Oír?, que votaron vostedes recentemente na Comisión de Ensino «non» a retirar esta propaganda machista.

¿De que nos vale que nos diga que cren que o ensino é un espazo fundamental en igualdade se despois non adican absolutamente practicamente ningún orzamento a ensinar, por exemplo, educación sexual nas nosas escolas? ¿Como entenden a igualdade nos centros educativos? Sinceramente, parécenos unha burla que falen disto.

Da cuestión de vivenda, xa falou na súa anterior comparecencia da importancia —e nós concordamos— de que todas as mulleres teñan unha vivenda e unha garantía habitacional. A



rede de acollemento non chega —niso estamos de acordo— e cremos que hai que ampliála. Se pode ampliarnos un pouco que propostas concretas teñen, á parte desta vivenda de Lugo.

Logo, nesta liña de favorecer unha vida máis autónoma fóra das casas de acollida, están, existen as axudas á vivenda para as mulleres que sofren violencia de xénero, unha medida que na nosa opinión é imprescindible pero que ten uns parámetros que non se adecúan en absoluto á realidade, e está deixando fóra moitas mulleres, porque limitar a 225 euros máximo, pero sobre todo limitar a 450 euros a renda máxima do alugueiro nas cidades galegas, non é unha realidade. Eu diríalle que entre en calquera páxina de busca de alugueiros e vexa que vivendas poden atoparse en Santiago, na Coruña ou en Vigo por 450 euros que ademais cumpran todos os requisitos de, por exemplo, ter un ascensor, ou mire tamén os requisitos que están pondo os propietarios para alugar unha vivenda. E a Xunta non está facendo nada para que as mulleres teñan tamén ese apoio á hora de alugar unha vivenda. E moitas mulleres están quedando nas casas de acollida porque non teñen outra opción a onde ir.

Do tema dos PEF, dez segundos, porque non me vai dar tempo, pero é unha partida totalmente insuficiente. Nin sequera puideron cambiar a localización do PEF de Ourense. E faltan moitísimos máis en moitas zonas. Nin sequera concretan, din que van construír novos PEF. Ben, pois concreten e empecen por cambiar os que teñen unha localización inadecuada.

Respecto do apoio ás vítimas de agresións sexuais, 50.000 euros é unha partida totalmente insuficiente. As agresións sexuais son un problema gravísimo que afecta moitísimas mulleres no noso país. Rexeitaron neste parlamento unha moción do noso grupo que pretendía xustamente facer visible que as agresións sexuais non son o que está no imaxinario colectivo de moita xente; pode agredirte sexualmente a túa parella, pode agredirte sexualmente unha persoa que metiches ti na cama, pode agredirte sexualmente alguén sen violencia física directa. E todo iso hai que facelo visible, e hai que apoiar todas as mulleres para que entendan que ao mellor esa situación que viviron de incomodidade foi en realidade unha agresión. E segue habendo no noso país preguntas innecesarias nos xulgados, nas forzas de seguridade, a mulleres que van denunciar situacións de agresións sexuais, e hai que atallalo de inmediato.

Co tema do emprego, sinceramente, ¿como imos ter unha mínima expectativa de que fagan algo —o mínimo— para rematar coas desigualdades no emprego cando permaneceron sen facer nada ante un caso flagrante de fenda de xénero coas traballadoras do Grupo Norte, as da limpeza da propia Xunta de Galicia? Non fixeron absolutamente nada para atallar esta situación ata que elas mesmas o conseguiron.

Plans de igualdade. Están intentando negociar un plan de igualdade na función pública de Galicia de maneira ilegal, estállo dicindo a representación das traballadoras. Nin comisión paritaria, nin tempos, nin prazos, nin absolutamente nada. ¿Como imos confiar en que lles fagan cumprir ás empresas cos plans de igualdade cando o seu propio plan de igualdade é unha chapuza? Están facéndoo a correr e estánllo dicindo as representacións e as alegacións, e, en vez de escoitar todas esas alegacións, vostedes continúan para adiante, porque o que lles interesa dicir é que a función pública autonómica ten un plan de igualdade.



Precariedade, cando teñen as traballadoras do Consorcio e as traballadoras do Sergas enca- deando contratos e contratos; si, dos sitios onde hai máis precariedade, na propia Adminis- tración. Pregúntenlles ás traballadoras. Impiden sistematicamente os dereitos de conciliación das traballadoras, denéganos.

Despois fala tamén da necesidade da loita contra a cousificación das mulleres. Os medios de comunicación poderían ser unha boa ferramenta para loitar contra a cousificación das mu- lleres. E vostedes cos medios de comunicación teñen sempre o mesmo: independencia dos medios de comunicación; por suposto que si, independencia dos medios de comunicación, pero tamén, por suposto, cumprir a lexislación. É que hai unha lexislación que se está in- cumprindo sistematicamente nos medios de comunicación, e só hai que ver como se infor- maron do triplo asasinato de Valga en moitos medios de comunicación; e todas as noticias que —na miña opinión— deberían non estar permitidas, por exemplo, do xuízo de Diana Quer.

Despois, o tema do acompañamento xudicial. Por suposto que todos os avances son neces- arios, pero hai cuestións moi básicas que seguen estando sen resolver. Faltan xulgados espe- cializados e, sobre todo, falta que en todos os xulgados se garantan os dereitos que teñen as mulleres. E saben que a día de hoxe hai moitas mulleres que teñen que estar esperando nun corredor co seu agresor ao lado, que hai moitas mulleres ás que nin sequera se lles ofrece pór o biombo para declarar. Iso está acontecendo nos xulgados de Galicia e non en xulgados de pobos, é que acontece tamén en Santiago de Compostela... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) —Iso acontece e despois explicareillo, se quere, en privado, se- ñora Paula Prado—. Acontece que non se poñen as medidas mínimas para defender os de- reitos das mulleres.

E remato xa, señor Rueda. Para nós non se pode estar en dúas cuestións totalmente contra- ditorias: ou se está coas mulleres e cos dereitos das mulleres ou se apoia a loita feminista ou se está pactando con Vox. As dúas cousas, desde logo, non son compatibles e vostedes teñen que decidir de que lado están. E no último tempo levan tempo decidindo que onde queren estar é cos que negan sistematicamente a violencia que se exerce contra as mulleres.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quintero.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Hoxe a verdade é que, compartindo ademais o espírito construtivo que xa manifestou a vo- ceira do BNG, síntome por suposto na obriga de manifestar unha preocupación que penso é a de moita xente. O pasado ano comezaba a miña intervención facendo mención a unha frase de Minerva Mirabal, que dicía: «Se me matan, sacarei os brazos da tumba e serei máis



forte». Hoxe, e coa ameaza continua ao feminismo por parte da extrema dereita deste país, esta frase poderíamola transformar nun «se nos cosen a boca, romperemos os fíos e gritaremos máis forte». (*Aplausos.*)

Señor Rueda, o Partido Socialista, así como todas as galegas e galegos que cren no feminismo, agardamos que vostedes rompan os fíos que os unen ás forzas que menoscaban, negan e reducen a importancia do papel do feminismo, da loita pola igualdade e da violencia de xénero. Agardámolo porque, doutro modo, as súas verbas e accións estarán sempre baixo un filtro de interinidade que en absoluto —e vostede sábeo— é o desexable para un reto como é a loita contra a violencia de xénero.

Xa noutra orde de cousas, neste ano 2019, na Conferencia sectorial celebrada o 3 de abril, volveron acordarse eses criterios de repartición por unanimidade e para o ano en curso. Á súa vez, no Consello de Ministros do 12 de abril formalizouse este acordo cos criterios de repartición establecidos. E atendendo estes para o exercicio 2019, correspondéronlle á Comunidade Autónoma de Galicia algo máis de 8,5 millóns de euros, outra vez con criterios que atenden a condición rural de Galicia, a súa dispersión da poboación, a incidencia de mulleres con traballo temporal ou paradas, con discapacidade, con condición de estranxeiras ou en función do número de mulleres maiores de 65 anos.

En función de todo o recollido e o comentado por vostede, señor Rueda, a primeira mención que desde o noso grupo temos que facerlle ao respecto das medidas implementadas dentro do pacto de Estado refírese á necesaria transparencia na información do realizado e comprometido ata o momento, tanto do que se refire ao 2018 como ao comprometido e executado neste 2019. E é que temos tan só a información ata o día de hoxe, e dun modo moi pouco concreto a través da execución dos orzamentos, dunha porcentaxe de execución na que se adiviñan as partidas que corresponden aos fondos e que revelaban como se executou no 2018 apenas un 2,29 %. É certo que este gasto —e sabémolo— se viu moi condicionado pola recepción dos fondos a finais do ano 2018 e somos plenamente conscientes. Pero en cinco meses, ata marzo de 2019, pensamos que se poderían ter comprometidos e executados máis programas e medidas que apenas os 200.000 dos máis de 8 millóns do pasado ano.

En todo caso, neste momento —e como vostede ben explicou— cóstanos que teñen unha porcentaxe moito máis alta comprometida, o que nos leva a aproveitar a súa comparecencia para instalo de cara ao seguimento que deba darse nos vindeiros anos a actualizar toda a información relativa aos fondos do pacto de Estado, indicando os proxectos e o grao de execución orzamentaria dos mesmos no Portal de Transparencia para o seu público coñecemento. E é que, se a visibilidade é sempre necesaria en toda política orzamentaria, co pacto de Estado a sensibilidade é moitísimo maior. Un mellor seguimento vai permitir un mellor redeseño das medidas.

Hoxe vostede tamén nos anuncia o que xa comentou tamén hai uns días o señor Feijóo, e é a execución de preto de cento cinco medidas con competencias autonómicas recollidas neste pacto de Estado. E tamén facía mención a que, das cento quince recollidas no pacto con competencias autonómicas, sesenta e sete xa se tiñan implementado en Galicia previamente; din vostedes que xa existían antes da posta en marcha do pacto de Estado.





E mencionaba tamén o señor Feijóo o pasado xoves, entre outras cuestións, a existencia da rede CIM en Galicia. Un exemplo que é certo, pero en parte, pois —como vostede sabe— asumiron este ano un compromiso para aumentar e mellorar a calidade da rede CIM de Galicia e, non obstante, non foron quen de incorporar nin un só novo centro, nin un só aos 82 que xa existían. Iso significa, señor Rueda, que apenas se chega a cubrir con este servizo o 26 % de todos os concellos de Galicia. Existen cinco comarcas que de feito aínda a día de hoxe non contan con ningún centro de información ás mulleres: son a comarca de Meira, a comarca da Fonsagrada, a dos Ancares, Terra de Caldelas e A Paradanta. E outras tamén, como a comarca de Bergantiños, por exemplo, que pola grande área non territorial que abarca tamén debera incrementar urxentemente a súa presenza, especialmente na área costeira. Eses son os obxectivos e os deberes que aínda están por facer.

Nós valoramos moito o realizado, por suposto que si, así como o impulso ás medidas que ten favorecido este pacto de Estado, pero entenderá que hoxe tamén sintamos —entenderao— a necesidade de apuntar as cuestións que aínda nin sequera están afrontadas, para que esa rede de centros sexa real e de calidade e para que todas as mulleres en Galicia teñan acceso a estes centros e non sexan discriminadas pola súa localización xeográfica, un deber que —repito— asumiron este ano para fortalecer especialmente o rural e que, polo que se ve, aínda está por facer.

E igual que falamos dos CIM temos que falar dos centros de acollida. Vostedes anuncian —anunciouno hoxe tamén— novos centros, algo que forma parte da nosa moción tamén de hoxe, e que ao igual que cos CIM desde o noso grupo tamén introducimos como emenda aos orzamentos para aumentar os fondos destinados a tal fin. E vemos como ese anuncio, non obstante, pois non vai acompañado nos orzamentos, pois non aparece máis que unha partida de 232.000 euros, idéntica á dos outros anos, o que nos leva a pensar que dificilmente isto será factible tamén no ano 2020, salvo que teñan previsto o uso doutra partida xenérica para tal fin. En todo caso, agradeceríamos que nolo aclare.

Preocúpanos tamén descubrir que obvian ademais a precariedade dos centros de acollida actuais. Señor conselleiro, algúns teñen problemas graves de accesibilidade, incluso de humidades, e outros, incluso como o CEM de Vigo, teñen serios problemas para facer uso en áreas concretas como é a da atención a terapias cos nenos; unha área que foi engadida á edificación cunha estrutura moi precaria e que permanece inservible durante a época estival polas altas temperaturas que acada, que a fan totalmente inutilizable. É necesario, por tanto, aportar orzamento extraordinario para as debidas reformas, así como para renovar moito do mobiliario e dos equipamentos destes centros, para que gañen fundamentalmente en dignidade.

E máis alá do que se refire á necesidade de mellora destes equipamentos, é moi importante ter en conta unha das cuestións que nos informes anuais xa apuntan algunhas das traballadoras das casas de acollida, e é a súa propia experiencia e percepción da falla de formación e de sensibilización dos profesionais implicados na atención ás vítimas de violencia de xénero. Elas mesmas teñen denunciado como moitas veces as mulleres son derivadas a estes centros non tanto por un risco real da súa seguridade como vítimas de violencia senón máis ben confundindo os profesionais as casas de acollida como un recurso habitacional. Penso que isto debera facerlles reflexionar sobre a necesidade imperiosa de seguir incidindo na



formación, por un lado, de todos e todas as axentes sociais que participan na atención das vítimas, así como, por outro lado, de dotar de recursos habitacionais estables para as vítimas.

É preciso que, máis alá das axudas de alugueiro social que amparan un máximo de tres anos de axuda ao alugueiro, se reserve de forma absolutamente efectiva das vivendas que se incorporen ao parque de vivenda pública unha porcentaxe para as vítimas. E, claro, eu digo isto e vostede neste momento debe estar pensando: pero se isto xa o contemplamos no Decreto 253/2007, onde se di que as vítimas de violencia son colectivo prioritario na adxudicación de vivendas. É certo, esta é a medida que corresponde de feito coa 167 contemplada no pacto de Estado, unha desas que vostedes consideran xa feita; o que esqueceron é o pequeno detalle de que, para que sirva de algo, teñen que incorporar novas vivendas ao parque público de vivenda. Isto é a letra pequena que tanto vostede como o señor Feijóo obvian no seu discurso. Pero non se preocupe, que para iso estamos nós, para lela en alto a todas as galegas e os galegos.

Noutra orde de cousas, queríamos preguntarlle por algunha das medidas anunciadas durante o ano pola secretaria xeral de Igualdade. No mes de maio anunciou a sinatura dun convenio de colaboración, dotado con algo máis de 780.000 euros —vostede agora tamén o mencionou—, para impulsar actuacións de cara á prevención e a loita contra a violencia de xénero e para impulsar a igualdade real entre homes e mulleres no ámbito rural. Entre as actuacións previstas inclúese a execución de campañas sobre detección e prevención no ámbito rural e accións de información, sensibilización e formación sobre esta cuestión a través dos vinte e catro grupos de desenvolvemento rural. Preguntámonos como vai ser esa implicación destes grupos sabendo, como saben, que non contan nin con políticas de xénero implantadas nos centros, nin sequera con persoal cualificado para tal fin. Gustaríanos saber —se puidera comentarnos algo ao respecto— como vai ser esa colaboración e en que vai consistir.

E tamén sobre as campañas nas que este ano se enfoca o 25-N, que atenden as agresións que se producen no ámbito rural entre as parellas xoves, gustaríanos tamén saber como se levou a cabo, pois entendemos que unha campaña que se centra ademais nun ámbito específico como é o rural é porque atende datos específicos. E, a pesar de ter sido aprobada a petición dun estudo específico estatístico no rural, non nos consta a súa elaboración. Preguntámonos como é que se deseñan campañas específicas sen os estudos previos que as deberan anteceder.

E tamén en referencia a outro dos anuncios aparecidos neste caso na prensa, permítanos que lle preguntemos polas axudas que outorgou a Xunta de Galicia a diversas ONG con medio millón de euros provenientes do pacto de Estado. Non poñendo por suposto en dúbida —e quero que quede moi claro— en ningún momento as necesidades das ONG, gustaríanos saber a que obxectivos concretos se van destinar e a que medidas concretas responden, e é que revisando as medidas do pacto de Estado topamos que todas as que se refiren ao apoio e á cooperación internacional, coas medidas 36, 37 e outras de carácter transversal, identifican como axente impulsor pero tamén como responsable da implementación da medida o Ministerio de Asuntos Exteriores e non tanto as comunidades autónomas...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...que non aparecen nomeadas en ningún dos casos.

Agradecería a resposta a esta dúbida, así como a súa opinión ás outras preguntas e reflexións que lle temos formulado ata o momento.

Polo de agora, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, cando comezamos esta lexislatura, a finais do ano 2016, todos os grupos coincidimos en que, se traballabamos xuntas a prol da igualdade e loitando contra a violencia de xénero, lanzariamos unha mensaxe moi potente á sociedade, ante esta situación de emerxencia, de que cada día hai máis mulleres vítimas de violencia de xénero e que cada día hai máis mostras de violencias sexuais, de violencias psicolóxicas, de violencias físicas, de ciberacoso, etc., de unidade nesa situación. E iso fixo que chegáramos a acordos moi importantes, que noutras lexislaturas se perdera ese costume.

Eu a verdade é que sempre dixen que este era un tema no que tiñamos que chegar sempre a consensos. E o reto máis importante que tivemos foi elaborar un documento para enviar ao Congreso dos Deputados e ao Senado cando estaban elaborando o pacto de Estado. E nun contexto de enorme fragmentación política os grupos desta cámara fomos capaces de sacar por consenso e por unanimidade de todos un documento para mandar a Madrid coas propostas de Galicia. Foi presentado polo vicepresidente no Senado e Galicia foi a única comunidade autónoma que foi capaz de enviar un documento desas características. E por iso eu síntome orgullosa de formar parte desta cámara e desta lexislatura.

A verdade é que nos últimos tempos é que estou un pouco inquieta —vou dicir a palabra «inquieta» por non dicir outra cousa— porque observo como os grupos están como mudando, intentando apartarse deses consensos e apartarse do Partido Popular nese sentido, poñendo certas desculpas que eu non comprendo. Porque o Partido Popular de Galicia só pacta con Galicia e só ten pactado cos galegos e coas galegas nas urnas, (*Aplausos.*) porque só gobernamos co Partido Popular de Galicia e cos votos dos galegos e das galegas, que lle dan o voto ao Partido Popular de Galicia.

Creo, señorías, que a aprobación do pacto de Estado por todos os grupos que formaban parte do Congreso dos Deputados, menos por un, menos por un —e el saberá por que, e ao mellor agora dou algúns datos que tamén nolo amosan—, é moi revelador disto.

Eu agradezo, señor vicepresidente, a súa comparecencia de hoxe dándonos estes datos e dicindo como se está desenvolvendo o pacto de Estado na nosa comunidade autónoma. Despois



da súa intervención creo que queda meridianamente claro que a loita contra a violencia de xénero vai máis aló de dotar de recursos as vítimas para saír do horror da violencia. A obriga que temos é a de evitar que haxa vítimas. Resulta fundamental a prevención, a concienciación, a educación e, sobre todo, a coordinación. Son moitos os axentes implicados na loita contra a violencia de xénero, son moitos os recursos que temos, e por iso é fundamental a coordinación. E por iso tamén lamento, señora Pierres, que o delegado do Goberno de Galicia, cando tivo a oportunidade de facer unha mesa de coordinación de violencia de xénero, excluíu a Xunta de Galicia desa mesa de coordinación. E creo que é importante que lle diga ao señor Losada, por favor, que conte coa Xunta de Galicia, porque, ademais, no pacto de Estado un dos principios fundamentais é a coordinación.

Parabéns, señor vicepresidente, porque o Goberno galego está traballando arreo, está poñendo todos os medios para conquistar os obxectivos marcados no pacto de Estado. Mentres outros están inmersos en liortas internas, en falsos procesos de independencia, Galicia está a traballar.

E aquí alguén dicía que non se executaron os cartos do pacto. Claro, chegaron, como dixo o vicepresidente, en outubro de 2018; en dous meses é moi difícil. Pero se se conseguiu executar gran parte deses cartos foi grazas ao traballo que tiña previamente feito a Xunta de Galicia, poñendo medidas e proxectos xa establecidos, para, cando chegaran os cartos, poder executalos. Ese deseño previo é o que fixo posible que hoxe esas medidas, eses proxectos sexan unha realidade.

Dicía a señora Vázquez Verao que o pacto de Estado foi insuficiente. Claro, é que vostedes non o votaron. Eu creo que calquera paso que se dea en aras de conseguir a igualdade entre homes e mulleres é importante, é un paso máis que se dá cada día. E vostedes votaron en contra e di que, ben, foi un impulso dos movementos feministas. Claro, é que toda a consecución das políticas de igualdade son grazas aos movementos feministas, pero o que non lle vou consentir é que vostedes se apropien deses movementos feministas, igual que non vou consentir que a señora Calvo se teña apropiado da loita feminista dicindo «*perdona, bonita*, pero iso é unha cousa de progresistas». Pois non, a loita contra a violencia e a loita pola igualdade entre homes e mulleres é de todos os partidos políticos. Todos temos impulsado lexislación nesa materia, (*Aplausos.*) todos os partidos políticos cando gobernamos temos impulsado políticas e medidas lexislativas en aras de conseguir a igualdade entre homes e mulleres.

Dicía a señora Vázquez Verao: non, ben, foi grazas á composición de forzas no Congreso. Mire, esa mesma composición de forzas no Congreso foi a que fixo posible que Mariano Rajoy fose presidente do Goberno, foi a que fixo posible que Mariano Rajoy aprobase uns orzamentos, que hoxe se seguen executando, tres anos despois, prórroga tras prórroga. ¿Por que? Porque esas mesmas forzas non fixeron posibles uns presupostos do goberno que hai agora en España, froito dunha moción de censura na que participaron todos menos o Partido Popular. Por tanto, esas forzas fixeron o que lles pareceu ben en cada momento, pero non sempre, señora Vázquez Verao.

Ben, que veña o Partido Socialista pedir máis creación de centros de información á muller non deixa de resultar sorprendente, porque, señora Pierres, o único centro de información



á muller que pechou en Galicia foi o de Ponte Caldelas; (*Murmurios.*) si, cando entrou a gobernar un alcalde socialista. E vostede vén aquí pedir que se creen máis.

Mire, nós o que lle pedimos ao Partido Socialista é que non peche centros de información á muller e lle pedimos ao Partido Socialista que sexa coherente, e cando goberna ou apoia un goberno como foi o do Concello de Santiago pida que se dote de medios o Centro de Información á Muller. Porque o Concello de Santiago o ano pasado, cando gobernaba Compostela Aberta, apoiada polo Partido Socialista, tívoo case un ano sen avogada e sen psicóloga. E dígame vostede que pode facer un CIM sen avogada e sen psicóloga, nada máis que actividades de propaganda e publicidade, que foi ao que se dedicaron os catro anos do goberno de Martiño Noriega.

Ou igual que o VioGén. Señora Presas, véxoa moi preocupada polo programa VioGén. ¿Sabe vostede que Santiago de Compostela non ten programa de VioGén? ¿Sabe vostede que o Concello da Coruña non ten programa de VioGén? ¿Sabe vostede que o Concello de Ferrol non ten programa de VioGén? ¿Sabe que fixo no Concello de Santiago en maio de 2019, en plena campaña electoral, o señor Martiño Noriega? Sentou nunha mesa os concelleiros, firmaron alí un paripé, un posturo de VioGén, que despois non se executou. Iso vostedes non o critican. Pois mire, para ser cribles, o que teñen que facer é pedir que todos os concellos se adhiran ao programa VioGén e non só os que a vostedes lles interesan, porque cando algún que está plantexou a posibilidade de irse vostedes botaron as mans á cabeza. Boten as mans á cabeza por aqueles concellos que non están adheridos ao VioGén e aos que vostedes apoian cos seus votos: Concello de Santiago, A Coruña, Ferrol, etc.

Fala vostede do convenio de Istambul. Efectivamente, hai moitas cuestións que aínda están pendentes, pero non dependen da Xunta de Galicia, dependen do Goberno do Estado. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, España non recoñece as violencias machistas. Dende xuño de 2018, que está gobernando o Partido Socialista, tiveron tempo, nun deses venres sociais, de introducilo vía decreto e levalo ao Congreso dos Deputados. ¿Por que non o levaron?, ¿por que non o levaron?, cando a lei galega xa ten incluída a violencia sexual como un dos tipos de violencia. Por tanto, Galicia ten feitas as cuestións.

Inexistencia de educación en igualdade. En Galicia hai unha materia.

No ámbito sanitario, falta formación para a sanidade. Pero iso o Estado, señora Presas, o Estado, non a Xunta de Galicia.

As medidas de apoio e protección quedan supeditadas ás denuncias das vítimas. ¡Ah! Pero é que a Xunta de Galicia, o Goberno de Galicia e a Comunidade Autónoma de Galicia xa temos lexislado e xa está incluído na lei que non fai falta denuncia, que cun simple informe da traballadora social xa se poden conquistar as axudas e os recursos para as vítimas.

Mire, dicía vostede aquí que quería que quedara en acta que nós estamos con partidos negacionistas. Eu tamén quero que quede en acta que onte falaba eu dunha emerxencia política, e falaba dunha emerxencia política porque parece que quen vai vicepresidir o Goberno de España é un señor que dixo dunha periodista que a azoutaría ata que sangrase.



Porque parece que vai vicepresidir o Goberno de España (*Aplausos.*) un señor que eu nunca vin unha mostra máis de heteropatriarcado que tres señores (*A señora Prado del Río mostra unha fotografía.*) cun «nosotras», porque igual o «a» visibiliza as mulleres, un señor que cando veu da baixa de paternidade *Vuelve el hombre*, como Jacq's. ¿Acórdanse daquel anuncio dos anos oitenta, daquela colonia? *Vuelve Jacq's, vuelve el hombre. Este es el hombre, este es el vicepresidente.*

Miren, señorías, a señora Quinteiro estaba moi preocupada pola defensa dos dereitos sociais. Pois mire, no seu partido o comité de traballadores ten denunciado que as mulleres de Podemos cobran menos que os homes en Podemos. (*Murmurios.*) E se ese é o modelo que van trasladar ao Goberno de España, eu estou moi preocupada, e as feministas estamos moi preocupadas porque o Goberno de España se forme con este partido que tampouco respecta os dereitos de igualdade, e non o di o Partido Popular, díxoo Rita Maestre. (*Aplausos.*) Si, señorías, si, señorías.

E miren, cando hai tantas cousas, non son casualidades, é un patrón de conduta, e ese patrón de conduta as feministas estamos preocupadas porque se traslade ao Goberno de España, porque se traslade ao modelo de facer política en España, señorías. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Chissst, chissst.

**A señora PRADO DEL RÍO:** A propia Carolina Bescansa foi apartada por ser muller. Ela díxoo, que había machismo en Podemos. Entón, se hai machismo en Podemos, señora Presas, eu preguntolle: ¿vostedes van apoiar ese goberno que vai...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...vicepresidir este señor? (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Chissst, chissst.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Señora Pierres, ¿vostedes van romper os fíos deste goberno de ultrasquerda..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...de ultrasquerda e radical que ten...? (*Murmurios.*) Si, si, claro, é que estamos falando dun goberno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Non, ben, pois...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora PRADO DEL RÍO:** ...o líder, o vicepresidente é o ideólogo do goberno de Chávez e Maduro, e aquí houbo unha deputada que puxo unha camiseta con *Chávez, te lo juro, que voto por Maduro*.

**O señor PRESIDENTE:** Remate. Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** E xa sabemos todos como acabou Venezuela..., (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...señor Lago.

**O señor PRESIDENTE:** Si, vai ben, esta sesión vai ben. Veña, imos terminar a sesión. Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Pero houbo quen introduciu o debate que non debía neste debate...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e, por tanto, nós imos defendernos ata o final. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas. Silencio. Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Porque na loita contra a violencia de xénero, nin un paso atrás. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

A colonia non sei se non sería Brummel, jeh! Sóame que é Brummel. Sóame a min. (*Murmurios.*) É unha broma, unha brincadeira.

Réplica do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Agradezo o ton xeral, con algunha excepción, (*Murmurios.*) das intervencións de representantes da oposición, non polo ton, senón por algunha reivindicación que creo que vou intentar aclarar agora, efectivamente.

Ben, o primeiro que teño que dicir é que isto era —vostedes mesmos o recoñeceron— un compromiso de comparecencia e eu falo tamén porque falaban da transparencia. Toda a transparencia do mundo, entre outras cousas porque é que os cartos están distribuídos a través de moitos convenios coa sociedade civil e, polo tanto, se a Xunta non quixera infor-



mar, que non é o caso —todo o contrario—, a través deses que reciben os cartos, teñen que executalo, está toda a información que sexa necesario, se o que queremos é que isto sexa o máis transversal posible dentro da Xunta de Galicia e fóra da Xunta de Galicia.

Polo tanto, se isto é un compromiso, compromiso cumprido con total convencemento, ¡que menos! Dispoñemos dunha serie de recursos para unha tarefa fundamental e o lóxico, o normal e o que nos sae de dentro ao Goberno da Xunta de Galicia é explicar o que estamos facendo, e, como dixen antes, tamén se hai que mellorar —que hai que mellorar en moitas cousas—, rectificar, porque aínda temos tempo e temos recursos moi importantes, e unha finalidade fundamental que cumprir.

Polo tanto, hai algunhas cousas coas que non están de acordo vostedes; é lóxico; hai moitísimas posibilidades. O pacto de Estado ten moitísimas medidas, moitísimos eixos, e nós decidimos priorizar unha serie deles. Vostedes —algúns— non están de acordo con que se prioricen eses e non están de acordo en se se priorizan como o estamos facendo; parécelles insuficiente. Isto é totalmente lóxico. O que non é lóxico nin poden admitir é que pensen que hai posturas que ten o Goberno galego que nos inhabilitan para falar de violencia machista e para tomar medidas. Isto é un grande erro, pensar que algúns teñen máis capacidade que outros e que isto é patrimonio dun certo sector político e que o resto non pode facer nada. Iso é, probablemente, o que algúns queren que sexa así.

Pero, dende logo —non se equivoquen, creo que iso o saben de sobra—, por parte da Xunta de Galicia e por parte mesmo do partido ao que pertenzo non hai ningunha dúbida, ningunha. Dígoos, quéroos mencionar só unha vez. Vostedes dicían que non querían mencionalo, pero todas mencionaron que, como existen pactos con Vox, estamos desautorizados. Nós non temos ningún pacto con Vox, non hai ningún representante institucional en Galicia co que teñamos que pactar. Agardo que a vostedes lles interese que siga sendo así, agardo que a vostedes lles interese. (*Aplausos.*)

A nós interésanos chegar a pactos dentro da Xunta de Galicia, non a pactos, a acordos, a convenios, e tamén coa sociedade civil, para —como dicía— intentar que esta execución do pacto de Estado sexa o máis eficaz posible e non perdamos tempo e non desviemos recursos innecesariamente. Por iso falaba da transversalidade. Non falaron moito diso, pero supoño que estarán de acordo en que é un bo xeito de afrontar o pacto de Estado dicir que participe toda a Xunta de Galicia. Dígoos porque —insisto— non o están facendo así todas as comunidades autónomas.

Para nós, probablemente, o máis fácil sería —e enlace tamén con algunha acusación que se fixo de non axeitada execución orzamentaria, aínda que despois intentarei respostarlles a todo o que me dixeron no tempo que teño, aínda que sexa entre esta e a seguinte intervención— ter collido, como —insisto— se fixo nalgunha comunidade autónoma, como está facendo o Estado cos 400 millóns, que ten tamén nalgunha liña, e ter feito tres ou catro megacampañas e tirar de asistencias técnicas no ámbito privado, e alí vai a execución dos cartos enteiros. Nós non queremos facer iso. Iso sería o máis sinxelo. Asegúrolles que me presentaba aquí coa execución do cen por cento. Pero ¿sería o máis eficaz?, ¿sería o máis axeitado?, ¿estaríamos cumprindo ben as nosas obrigas e estaríamos axudando as mulleres vítimas?, ¿estaríamos axudando a acabar algún día con esta lacra? Eu creo que non.





Se a propia Xunta de Galicia ten departamentos, consellerías especializadas, sectoriais, que poden executar ben este cartos, fagámolo así, aínda que dea máis complicación a tramitación, aínda que obrigue aínda a máis esforzo de transparencia, por suposto que si. E a sociedade civil, con grandes capacidades para axudarnos a facer todo isto. Polo tanto, tamén cheguemos a acordos con eles. Non fagamos o fácil, de executar os cartos rapidamente en accións ao mellor moi espectaculares, moi bonitas dende o punto de vista de execución, pero pouco eficaces para o que nos interesa. Polo tanto, imos seguir con esta transversalidade. (Aplausos.)

Por intentar respostarlles, como dicía, rapidamente ás cousas que se foron dicindo, dicía a señora Vázquez Verao que o pacto é insuficiente e carece de garantías. Ben, ao final é un pacto ao que chegamos todas as forzas políticas e, polo tanto, pensemos que a responsabilidade é de todos. Por iso insisto tanto en non intentar sacar réditos nin intentar dicir que uns poden e outros non. Será a mellor garantía de que estas cousas se cumpran, ademais da transparencia que ten que acompañar a execución do pacto. Pero esta vai ser, sen ningunha dúbida, a mellor garantía. E ao mellor non fan falta moitos máis.

Falábame tamén a señora Vázquez Verao de que falta un plan global de educación. Ben, é onde máis cartos adicamos. Polo tanto, é o primeiro ano, isto debería ser habitual, e mesmo se algún día se acaban os recursos do pacto de Estado, en principio teñen unha vixencia, agardamos que sigan moitos anos máis, governe quen governe, pero, en todo caso, creo que, se tiveramos que priorizar nos recursos, a educación sería ano a ano perfeccionándoo e o ámbito onde non deberíamos, en ningún caso, baixar os esforzos, e probablemente os recursos aos que haxa que dedicalos.

Falaba aquí tamén das violencias sexuais. Ben, Galicia, dende o ano 2007, fixo os seus deberes. Efectivamente, é un problema que non se teña recoñecido tamén a nivel estatal. Estase incumprindo o Convenio de Istambul, e non o fixo nin o anterior Goberno nin o está facendo este. En cambio, crese capaz ás veces de dicir que hai forzas políticas que en ningún caso teñen en consideración nada que teña que ver con este tema. ¡Oia!, pois había que dar un bo exemplo, e a nivel estatal quen está gobernando agora mesmo é o Partido Socialista e debía e tería o apoio, sen ningunha dúbida, se nos pedía que a Xunta de Galicia apoiase este tema, tamén agora como oposición o faremos. Seguiremos insistindo en que se faga a nivel estatal o que se vén facendo en Galicia dende hai máis de doce anos, ¡por suposto!

No deporte, dicía tamén que lle parecía pouco o que estamos facendo. Ben, é que antes non se estaba facendo absolutamente nada; a iso me refería un pouco. Imos ir pouco a pouco, perseverando nas medidas que vemos que funcionan e abandonando, non dándolle tanta importancia a outras que ao mellor non teñen tanta eficacia, aínda que estean ben plantexadas. Aquí o que importa é funcionar. Creo que no deporte é unha das en que máis se vai ver, se facemos ben as cousas, a eficacia dos bos exemplos, da promoción da igualdade e de dicir que todos somos iguais á hora de conseguir obxectivos. Nós imos seguir por aí e, se estamos facendo pouco e funciona, intentaremos facer algo máis, pero, polo menos, empezamos.

Preguntaba cantas mesas de coordinación hai agora mesmo implantadas. Setenta e unha. ¿Son moitas?, ¿son poucas? Ben, tendo en conta que hai non demasiado tempo había moitas



menos, imos crescendo. Pero creo que tería que haber —estou de acordo— probablemente bastantes máis, pero isto non depende só da Xunta de Galicia.

As vivendas. Falaron todas vostedes do programa de alugueiro de vivendas para vítimas. Dícían que non chegan, que hai mulleres que teñen problemas para que lles aluguen unha vivenda. Probablemente, probablemente non, seguro que se están dando ese tipo de problemas, e, polo tanto, temos que perseverar nun momento en que é especialmente difícil encontrar vivendas en alugueiro fóra destes programas. Aquí hai que facer un especial esforzo e estámolo facendo.

Deilles unha cifra, eu creo que é un número importante, pensando en que isto é medida novidosa, que non hai en case ningunha comunidade autónoma, e xa hai moitas mulleres que teñen unha vivenda e, polo tanto, teñen a posibilidade dunha segunda vida lonxe do maltratador. Hai algunhas, efectivamente, que están rexeitadas, practicamente todas por cuestións de renda. Loxicamente teremos que axudar aquelas mulleres que necesitan especialmente esta axuda para poder alugar a vivenda. Hai solicitudes de mulleres vítimas con rendas moi altas para estimalas e poder estimar todas as demais. Veremos este primeiro ano, ao final, como queda o balance definitivo, e se fai falta tamén ampliar esta medida para que ningún caso que realmente o necesite quede sen poder alugar unha vivenda, farémolo. E tamén mesmo aquí se suxería que a Xunta faga algún tipo de actuación fronte a aquelas denegacións que non teñen ningunha razón lóxica a mulleres que queren alugar; pois tamén intentaremos estar aí. Insisto en que este é o primeiro ano.

Falouse das casas de acollida tamén e dos PEF. Queremos abrir novas casas de acollida, efectivamente, o ano que vén, e abrir novos puntos de encontro familiar. Os que están agora teñen, efectivamente, sobre todo nalgunhas cidades, defectos moi importantes de funcionamento. Aquí estamos atopándonos cunha dificultade importante. Tamén algunha de vostedes preguntábame se tiveramos feito algo. Xa se falou, efectivamente, na anterior comparecencia sobre as dificultades que se estaban poñendo dende o Estado, que ao final é o que transfere os fondos para executalo, á hora de abordar certas medidas. Pois, efectivamente, eses problemas seguen subsistindo. Fíxose algunha pequena mellora, pero moi pequena, e non será porque as comunidades autónomas, que somos ao final as que baixamos os fondos ao terreo e vemos as dificultades, non insistiramos —todas as comunidades autónomas, de todas as cores políticas— en que non ten demasiada razón de ser que se siga impedindo que con estes fondos do pacto de Estado se poidan ampliar os convenios en casas de acollida; non se pode.

As casas de acollida é algo que non se pode tocar co pacto de Estado, son fondos propios sempre da Xunta de Galicia, que non se poidan facer obras nos xulgados, nos puntos de encontro familiar, obras físicas para a separación e non coincidencia de vítima e agresor. Todo isto non se pode facer, non ten moito sentido.

En cambio, hai outras medidas que ao mellor non eran tan necesarias e nas que non teñen absolutamente ningún impedimento para permitir que se executen fondos do pacto para esas finalidades.



Nós seguimos insistindo. Acábanos de pedir o Ministerio un relatorio por escrito —xa llo dixemos en todas as conferencias sectoriais ás que nos convocaron—, que lle poñamos un relatorio das dificultades e, xustificadamente, por que cremos que iso debería cambiar. Acabamos de facelo outra vez. Veremos se iso dá algún tipo de resultado, porque insisto en que non ten ningunha lóxica que non poidamos actuar en casas de acollida, non poidamos actuar nos PEF e non poidamos facer unha serie de cousas que nos parecen fundamentais ou teñamos que facelas da maneira que non nos gustaría exactamente, que pensamos que hai outras máis eficaces, pero a rixidez nese sentido —insisto— sen moitas argumentacións, na nosa opinión e na de case todas as comunidades autónomas, debería cambiar e esperemos que poida cambiar e que cambie pronto.

Falouse dos CIM tamén. Os CIM son un recurso municipal. Hai CIM en todos os lugares onde o concello nos pediu que houbera un CIM. Polo tanto, imos seguir facéndoos, e estamos especialmente interesados en seguir estendéndoos no ámbito rural, e, ademais, que concentren cantos máis concellos mellor, dentro dun ámbito que lles permita ser eficaces. Non ten moito sentido que en concellos de pequeno tamaño teña que haber un CIM en cada un, é mellor agrupalos e que en zonas de sombra agora mesmo —xa non quedan moitas, afortunadamente— poida existir un CIM. Pero non depende só da Xunta de Galicia; depende, por suposto, dos concellos, que aportan unha pequena parte.

E aquí volvo facer un chamamento á colaboración das deputacións. En ningún sitio está dito que a existencia de centros que sexan un primeiro recurso para moitas mulleres, para asesoralas, para axudalas, para encauzalas, teña que ser unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, onde o resto das administracións teñan que mirar para outro lado. Isto é unha cousa de todos, igual que as casas de acollida.

Houbo un debate onte no Concello de Pontevedra onde se dicía que, se había casa de acollida en Pontevedra, dependería da Xunta, que o concello non tiña que facer absolutamente nada, porque esta era unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia. ¡Oia!, ¿en que papel vén iso?, ¿en que norma vén iso? Pero ¿estamos todos de acordo en que será o máis eficaz que, en consonancia cos recursos que teñamos cada un, todos aportemos para que existan recursos e medios que realmente sexan eficaces para axudar as vítimas para previr a violencia machista e para loitar contra ela? Esta será unha cuestión de todos.

É que, se levamos isto a un debate competencial, nós, como Xunta de Galicia, tamén entraríamos na discusión e ao final non fariamos absolutamente nada. Polo tanto, non digamos que hai que estar de brazos cruzados e esperar a ver que fan outras administracións. Se fixeramos iso, non lles transferiríamos nada aos concellos. Estou totalmente de acordo.

Díxose aquí tamén que o que se transfire aos concellos no pacto de Estado non é suficiente, tiña que ser máis. Son 8 millóns —8 millóns, por certo, señora Pierres, non 8,5 millóns—, 8 millóns foron o que nos deron o primeiro ano, este ano vai baixar un pouco por eses criterios que estou de acordo que tiñan que cambiar —non priman a dispersión, non priman o envellecemento da poboación, non priman o territorio rural—, este ano vai baixar pouco, é certo, 18.000 euros, pero xa se nos transfire menos, 8 millóns este ano vai ser a transferencia do ano 2020 sobre 7 millóns, non chega a 8 por pouco, pero xa baixa un pouco.



Polo tanto, cremos que isto é unha cousa de todos, e por iso cremos que os concellos son eficaces para reaccionar contra a violencia machista e tamén para previla. Por iso facemos esas transferencias importantes, que se están demostrando que serven e que os concellos son os primeiros interesados en colaborar. E quedáronsenos curtos, como lles dicía na primeira intervención da comparecencia, os fondos que adicamos a que os concellos poidan contratar directamente mulleres vítimas.

Polo tanto, este é un camiño no que perseverar e, polo tanto, probablemente, habería que seguir, e nós imos seguilo facendo; xa o puxemos nese papel que lle mandamos ao Ministerio ao que antes me refería, que hai que aumentar os recursos que se lles dedican aos concellos, reordenando, incluso tocándonos a nós, non habería ningún problema, porque xa digo que unha parte importante estámola dedicando directamente aos concellos, cousa que, por certo, poucas comunidades autónomas están facendo —e creo que é un erro—.

Respecto do ensino, preguntábanme tamén cantos cartos se adican á formación do profesorado en materia de igualdade e prevención da violencia machista ao abeiro do pacto de Estado. Pois 200.000, a cifra concreta creo que son 200.000, non chega a 300.000 euros, pero acércaselle bastante.

Preguntábanme tamén se en materia de cooperación —ou iso lle entendín, señora Pierres— se están adicando cartos para que as ONGD poidan facer tamén accións de loita contra a violencia machista a través dos convenios coa Xunta. Si, si, si que se está facendo. Ao redor de 500.000 euros. Sabe que son proxectos bianuais, entre este ano e o que vén, o que se vai destinar dende a Xunta de Galicia con fondos que non son do pacto de Estado, por certo, pero que cremos que é fundamental.

E unha das grandes eivas que hai agora mesmo nos países onde actúa a cooperación galega contra as enormes desigualdades é a violencia machista, tan presente. Polo tanto, se hai bos proxectos, se os hai, das ONGD galegas para loitar contra esta lacra, tamén, por suposto, recibirán o apoio da Xunta de Galicia. Están recibindo case 500.000 euros; se o Estado o quere facer tamén, perfecto, sumaremos máis; pero isto nós estámolo facendo incluso antes e imos seguir facéndoo con fondos propios, de ter cartos do pacto de Estado.

Ben, non sei como vou de tempo, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Ten tempo ilimitado.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Teño tempo ilimitado. Ben, pois entón, por ser exhaustivo, non sei se me quedou algunha cousa máis. Despois, se non, na segunda parte, na última intervención, intentarei contestar a todo. Pero, ben, creo que neste primeiro momento, e como resumo do que lles quería dicir, quedaron máis ou menos as grandes cuestións contestadas. Insisto en que eu podía vir aquí presentar un balance dicindo que está todo executado.

Dicía, por certo, señor Pierres, que tivemos unha moi baixa execución no ano pasado. Xa llo expliquei. Se, de repente, che chegan 8 millóns a menos de dous meses de que peche o exer-



cicio orzamentario, poderíamos ir ao fácil, que é deseñar unha gran campaña, executalo todo, e aí está o cen por cento da execución; é dicir, se nos dan prazo, imos intentar planificalo e o ano que vén ter unha execución. O grave sería acabar este ano sen ter un cen por cento de execución, pero iso non vai pasar; imos estar moi cerca do 90 %, e, de aquí a marzo, o cen por cento.

Preguntábame vostede sobre o programa 313D, 50 %. Pois é efectivamente iso. É que de repente tiñamos unha execución case do cen por cento, e cando chegaron os cartos do fondo do Estado iso foi o que nos colocou no 50 %, pero grazas a que tiñamos unha execución do cen por cento do fondo propio, non tiñamos o 50 %. Outras comunidades autónomas, de repente, colocáronse no 70 % ou no 80 % de inexecución. Este ano veremos, este ano é o de examinar e valorar se realmente estamos executando os cartos, primeiro na porcentaxe de execución, que ten que ser o cen por cento, nun tema tan importante, e sobre todo se os estamos empregando ben. Insisto en que era o primeiro ano. Creo que as cousas están ben encauzadas, pero claro que hai cousas que mellorar, claro que hai cousas insuficientes e claro que o ano que vén agardo que, coas propostas de todo o mundo, sexamos capaces de mellorar aínda máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente.

Rolda de aclaracións.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

Perdón, vou saudar primeiro antes os alumnos e alumnas do centro O Piñeiriño, de Vilagarcía. Son alumnos de 6º de primaria que veñen acompañados tamén dos seus profesores. Benvidos ao Parlamento.

Agora si, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Pois benvidas e benvidos ao Parlamento tamén.

Moi brevemente, eu quixera comezar, porque non o fixen na outra intervención, tamén por esa mención ás vítimas mortais, que efectivamente hai que garantir que a lei estatal sexa tan ambiciosa como a galega, e respecte o Convenio de Istambul e compute todas as vítimas que o son polo feito de ser mulleres. Falabamos de María José, Sandra, Alba, María Elena, María del Carmen e engadimos tamén Estrella, que foi asasinada en Madrid pero tiña orixe en Sober, todas neste ano 2019.

Logo quedáronme algúns aspectos en relación pois, por exemplo, coa Xustiza, que é fundamental avanzar na adecuación deses espazos; nós por suposto apoiamos esas reivindicacións de financiamento. Tamén ten rexistradas propostas o noso grupo con relación a como facer para aumentar eses xulgados exclusivos de violencia machista, igual que hai que reforzar pois a necesidade de non revitimizar nin menores nin mulleres nesas declaracións de máis medios para evitar esas declaracións reiteradas.



Pero quedoume tamén a cuestión dos medios de comunicación, que xa temos debatido neste parlamento. No que compete á Xunta, ou colateralmente, a CRTVG foi mostra durante este ano dun tratamento que non foi adecuado aos estándares establecidos polos —digamos— documentos que establecen os colexios de xornalistas e os colexios de profesionais de psicoloxía, en canto a como se trata a violencia machista, recabando testemuños no caso do crime de Valga de persoas aleatorias que non tiñan nada que ver coa información; incluso chegaron medios de comunicación de todo tipo a acosar persoas familiares das vítimas e do agresor, o cal foi apercibido polo propio Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Cómpre afondar na necesidade de que os medios de comunicación teñan claro que hai que cumprir con estes códigos de boas prácticas na comunicación. Isto é fundamental. E por suposto a propia CRTVG, que ten un código interno que nin sequera respectou neste caso. Igual que tampouco se están respectando na transmisión da información sobre o xuízo de Diana Quer, que tamén foi mencionado polo Grupo Común da Esquerda.

Quería tamén resaltar tres aspectos. No deporte non digo que non se fixera nada, digo que é insuficiente, que é un eido onde se pode traballar moito máis a coeducación e a prevención da violencia machista. Nós insistimos nesa necesaria promoción do deporte mixto nos colexios.

Igual que en educación dicíamos que non hai un plan global, porque non chega con enfocar esa prevención das violencias sexuais e do acoso a axudas ás ANPA, hai que ter un plan global deseñado, e dende logo hai que cumprir ese acordo ao que se refería a voceira do Partido Popular, de ver como se pode implementar este plan nos centros educativos.

Na saúde mental é que cómpre afondar. Estase facendo un gran traballo nesa atención psicolóxica ás vítimas —recoñécemolo—, pero cómpre afondar na accesibilidade ao sistema de atención psicolóxica dende o sector público. Esta é tamén unha medida que está na lei de 2007 e que hai que cumprir, achegar a saúde mental e a atención psicolóxica a través da atención primaria, vendo como se preserva esa especificidade de atención.

E para rematar, nós agradecemos esta comparecencia. Agradecemos, como tamén dixó creo que foi a voceira do BNG, o establecemento de que isto sexa anual, e nós tamén nos congratulamos porque haxa ese consenso e ese avance social, que no país significa que esteamos de acordo ao redor desa lei de 2007. Nós consideramos —e xa o dixen ao principio— que é esencial manter ese consenso político ao redor da lei de 2007, e persoalmente e tamén por parte do noso grupo agradecemos o traballo que o resto de grupos levaron adiante nesa Comisión de Igualdade, á que agora me incorporo. Pero é que non estamos cuestionando ese consenso cando dicimos que hai unha forza política de extrema dereita que non é equiparable a ningunha outra do arco parlamentario. Estamos apelando a que se ille, precisamente para manter ese consenso.

Igual que ninguén se está apropiando da loita feminista. A loita feminista é transversal na sociedade, igual que transversal é o machismo, pero precisamente por iso cómpre recoñecer o impulso que se deu a que estas cuestións foran tamén materia de consenso político. E dende logo é que non entendemos como nos está acusando de que por mencionar a extrema dereita esteamos saíndo do consenso, cando precisamente o facemos preventivamente para



que preservemos ese consenso político. Porque nós non equiparamos Vox co Partido Popular, apelamos a que rachen eses pactos alí onde os teñan e a que non os fagan no país, precisamente para manter ese consenso político ao redor da lei de 2007, ao redor do avance das políticas de prevención da violencia de xénero. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Señora Prado, enfadouse un pouco na súa intervención, botounos un pouco a bronca, pero non se preocupe: nós imos seguir intentando construír en positivo, e sabe perfectamente que non temos nin un só problema en chegar a acordos co Partido Popular cando cremos honestamente que son un avance; outra cousa é que, cando hai cousas nas que non chegamos a un acordo, vostedes enfádanse; claro, porque están acostumados a ter 41 deputados e a facer o que lles dá a gana; pero as cousas consensuais non é así.

Vostede facía mención a ese acordo ao que chegamos para as propostas do Senado, pero, por exemplo, eu creo que unha das cousas máis positivas que fixemos nesta lexislatura foi ter conseguido un acordo —iso non é mérito do BNG por impulsalo, senón colectivo— na ampliación desas axudas periódicas. *(Murmurios.)* Non. Eu refírome ao da ampliación dun novo tramo de renda. Que só que unha soa muller se tivera beneficiado diso eu creo que é algo pois para parabenizarnos colectivamente e que foi un cambio inmediato e que ao mellor outras cuestións dese acordo de 2017 non son tan inmediatas.

En todo caso, indo á cuestión concreta, sobre o VioGén temos debatido moito tamén; de feito, ao fío dese documento que se enviou ao Senado, falabamos de se non sería ideal, máis que esas preguntas automáticas, incluír tamén unha entrevista. Eu fixen mención ao espectáculo do VioGén non por centrar a cuestión en VioGén si ou VioGén non, senón pola irresponsabilidade de que o alcalde da terceira cidade de Galiza saia, sen pactalo na mesa de seguridade, porque mesa local non hai, nin sen pactalo con outros axentes, a dicir: ¡jala, venga!, aquí isto non nos interesa, o da violencia machista. E iso criticareino cando o faga o alcalde de Ourense e cando o faga calquera outro; un alcalde, por exemplo, que tamén é machista, homófobo e galegófobo, porque eses non están todos en Vox. *(Aplausos.)*

En fin, en todo caso, ese señor non merece que perdamos máis o tempo. E tamén lle digo que en Ourense o que se di é que chamou a Xunta directamente escandalizada a dicir que era unha vergonza, e, se foi así, pois eu tamén non teño ningún reparo en dicir que, se foi así, a Xunta fixo ben.

En todo caso, falei do Estado, claro, eu púxenlle unha lista de deberes ao Estado, porque nós ímoslle poñer esa mesma lista de deberes estea quen estea, e non teña ningún tipo de dúbida diso. Pero ¡home!, obviamente, se estamos falando do pacto do Estado, se estamos falando de fondos do Estado, pois o meu deber como oposición é poñer aquí dúbidas e problemas que hai niso. Porque nalgunhas estaremos de acordo, como nesta cuestión que se falaba



agora dos investimentos reais, porque eu podo exixirlle á Xunta de Galiza que loxicamente as cuestións máis urxentes as asuma ela propia, pero ten todo o sentido do mundo que, se o Estado transfere orzamentos, nós poidamos decidir soberanamente en que o destinamos. Claro, os problemas co Estado pois se resolvían convencéndoos de que declaren a independencia, pero eu creo que iso está bastante máis lonxe que de convencerlos de que algunhas destas demandas as fagamos en nome do país, e eu creo que teñen máis fortaleza se efectivamente o señor vicepresidente da Xunta vai a esas reunións a dicir: isto é o que reclama o Parlamento galego unanimente, que se di que iso é o que reclama o grupo maioritario; por iso as poñemos enriba da mesa.

Varias cuestións que saíron no debate. ¡Home!, transversalidade. Nós xa non facemos mención a iso porque a transversalidade xa se presupón na nosa propia lei, e por suposto concordamos en que ten que ir por esa vía.

Si que quería facer unha mención á cuestión das casas de acollida. Creo que co exemplo de Ourense non está o Partido Popular a nivel municipal para presumir diso, porque a ver por que en Ourense non a ten que asumir o concello e en Pontevedra si. En todo caso, eu creo que, co coñecemento que vostedes teñen da situación da violencia machista neste país, ningún pode cuestionar que ten que haber unha rede galega de acollemento, na que o papel fundamental ten que ser da Xunta de Galiza. Iso non exige de que os concellos colaboren, pero o papel director e o papel tamén financiador ten que ser da Xunta de Galiza, pola incapacidade dos concellos e polo propio coñecemento da Xunta. Porque ¿cantas veces unha muller que ao mellor é de Ourense ten que ser aloxada nun mecanismo de acollida noutra provincia pola súa propia seguridade? Saben vostedes que iso pasa. Entón, polo tanto, é unha hipocrísia vir aquí dicir que pouco menos que os concellos teñen que asumir exclusivamente o das casas de acollida.

Certamente o tempo é moi limitado para tantas cuestións que habería que poñer enriba da mesa. Eu pregaríalle que se centrara un pouco nas dificultades que nós poñiamos enriba da mesa de forma construtiva sobre o tema da vivenda, que valoren se hai problemas aí. Eu entendo que é lóxico que un programa que acaba de comezar teña dificultades. Isto dicímolo de forma positiva. Si que quero deixar algunha dúbida máis enriba da mesa.

Primeiro, unha suxestión moi concreta: cursos de formación da EGAP. A nós o que nos transmite moita xente da Xustiza é que estes cursos, que están a ser fundamentalmente virtuais, non están a funcionar, que habería que formular a posibilidade de cursos presenciais, porque nun tema como a violencia machista moitas veces a deliberación, o cambio de opinión, etc., sae do proceso de discusión e ao mellor pois un formato virtual non é suficiente para cambiar unha mentalidade patriarcal que está moi instalada na Xustiza. Entón, valoren esa posibilidade de reforzar eses cursos presenciais.

E, por último, algunha dúbida. Temos falado moito de que é necesario ampliar o coñecemento sobre a realidade da violencia machista. Tense aprobado —creo recordar que inicialmente a iniciativa incluso do Grupo Popular— e ten falado vostede aquí de que se estaba a traballar na elaboración dunha nova macroenquisa. Xa pasou bastante tempo desde que comezamos a falar desta situación. Somos conscientes de que iso non se articula dun día para





outro, pero gustaríanos saber se vostedes teñen previsión de cando se podería desenvolver e ter uns resultados para que os coñezamos.

En resumidas contas, quédanme aproximadamente catrocentas cincuenta cousas que comentar, pero creo que iso tamén é positivo de que en Galiza temos chegado a un nivel de madurez no debate sobre a violencia machista que nos permite tocar moitas arestas e profundar como desafortunadamente noutros temas non somos capaces. Iso é un éxito, é un éxito do movemento feminista, pero é un éxito en parte tamén colectivo de todos os que estamos aquí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas.

A verdade é que, señora Prado, é moi triste que teña que vir aquí facer este espectáculo, co que demostra que, sinceramente, respecto, ningún por este tema do que falamos. E entendo que ten un papel moi complicado, porque están pactando con machistas. Entón, cando fala de pactos, ¿pactos con quen?

E di o señor Rueda que non hai pactos. Entón, eu quero preguntarlle que é este pacto con Vox en Andalucía. En Andalucía, pero din cousas que tamén teñen aquí, porque pactan seguir reforzando recursos antiabortistas cando aquí fan o mesmo, financiando Red Madre, cando están deixando e pactando con Vox que as familias poidan escoller que os seus nenos e nenas non accedan á formación non regrada, o que significa que están pactando e negociando coa igualdade.

Iso é o que están pactando en Andalucía. Entón, din que aquí non pactan; é que aquí non hai representación. Veñan aquí e comprométanse a que, se Vox entra no Parlamento galego, o Partido Popular non vai pactar con Vox, e díganos aquí claramente. É que ao mellor téñenos dentro, esas ideas de Vox moitas son iguais, exactamente iguais que o Partido Popular.

Un exemplo, o tema do aborto. Deixeiillo claro. Segundo exemplo, o tema do ensino, *(Murmurios.)* que veñen aquí encher a boca e falar de ensino en igualdade cando están financiando as escolas que segregan por sexos, están financiándoas; igualdade, nenos e nenas iguais, pero non podedes ir xuntos á escola.

E mire, señora Prado, se temos que sacar aquí fotos de membros destacados do seu partido en fotos non paritarias, creo que enchemos este Parlamento. Se temos que sacar declaracións machistas, non en privado, senón en público, de membros do seu Goberno e membros do seu partido, tampouco... e remataron. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.



**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Quen racha a unidade... *(Murmurios.)*...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...son vostedes. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Cal. *(Protestas.)*

Silencio todos. *(Murmurios.)*

Todos, silencio. Silencio. *(Murmurios.)*

O debate é dun tema moi importante e vai tranquilo. *(Murmurios.)* Silencio. *(Murmurios.)* Silencio.

Vai un debate tranquilo, é un tema moi importante. *(Murmurios.)* Imos ir con calma todos, jeh!

Estamos nunha comparecencia moi importante, imos ir todos con calma. *(Murmurios.)* ¡Con calma! *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, miro para todos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, eu miro... non vou estar... de momento só podo mirar de fronte, non podo mirar para os lados tamén, teño que mirar... Entón, desculpe, miro para todo o arco parlamentario. *(Murmurios.)*

É unha comparecencia importante, imos manter o nivel que estaba tendo por respecto a todos, incluído o tema que se está debatendo.

Grazas.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** O Partido Popular moito respecto non demostra con este tema e, sobre todo, con estas intervencións.

Eu pediríalles, por favor, que non volvan aquí a esta tribuna a mentir. O noso grupo parlamentario abstívose no Pacto de Estado, pero traballou igual ou máis que todos os grupos parlamentarios para que ese pacto fora o mellor posible. *(Aplausos.)* Iso foi así e sábeo perfectamente. *(Aplausos.)* Entón, por favor, pídlle que non veña mentir. *(Aplausos.)*

O Partido Popular neste Parlamento votou en contra, decenas de veces, de iniciativas para mellorar a igualdade: votou en contra de retirar a propaganda machista e tráfoba de Hazte Oír; votou en contra de incorporar axentes de igualdade nas escolas; votou en contra dunha moción para mellorar as actuacións na loita contra as agresións sexuais... Hemeroteca, decenas de iniciativas nas que votaron en contra neste mesmo Parlamento. Entón, vir aquí dar leccións de votos e de unidade, ningunha, señora Prado, absolutamente ningunha. Só queren pactar cando lles interesa, cando son as medidas do Partido Popular. ¡É que así pacta cal-



quera! As miñas medidas, vostedes súmense, así hai un pacto. Ese é o pacto que entende o Partido Popular. Pero nós, sinceramente, non pactamos en determinadas cuestións nas que non estamos en contra.

E por ir a algunhas cuestións concretas, é de risa que veñan falar aquí do emprego cando na súa Administración están mantendo vostedes na precariedade máxima ás mulleres nos sectores máis precarizados, como son o Sergas na atención directa ou o Consorcio Galego de Benestar. Están precarizando as traballadoras dunha maneira extrema e están denegando sistematicamente os dereitos de conciliación. O mesmo co Plan de igualdade. Eu pediríalle que me contestara: ¿Van elaborar un plan de igualdade que non incumpra a lexislación? ¿Van realmente convocar unha comisión paritaria? ¿Ou unicamente queren elaborar un plan de igualdade —como dixer— para sacar un titular? Aclaren a ver como van realizar ese plan de igualdade.

Despois, incumprimento dos medios de comunicación coa actual lexislación. ¡Non dixo nin unha palabra! É que é un incumprimento reiterado, é obsceno o dos medios de comunicación. ¡É obsceno! Xa falamos aquí unha vez nunha interpelación —por certo, outra moción que votou en contra o Partido Popular— para regular e que acabaran as actitudes sexistas nos medios de comunicación. Pediamos na moción que cumpriran a lexislación aprobada, e tam pouco. Estiveron en contra da propia lei que aprobaron.

Volvo dicirlle, ¿50.000 euros parécelle suficiente para loitar contra as agresións sexuais? ¿Ese é o gran plan do Partido Popular cunha violencia tan importante como esa?

Logo, co tema dos orzamentos non fan nin un mínimo de autocrítica. Din que os orzamentos... ¿Quen fixo eses orzamentos? É que son os orzamentos da Xunta. Entón, equivocáronse ao realizar os orzamentos, porque a verdade é que a explicación que nos deu da baixa execución parécenos surrealista.

Logo o do tema das axudas do alugueiro, sinceramente, non nos parece que a resposta que poida dar un conselleiro sexa esa: si, seguramente haxa problemas... Bueno, si, hai problemas. ¿Que van facer para evitar eses problemas? Partimos da base de que si hai problemas. Estamos seguras porque non llo dixer só eu, hai moitas mulleres que o están dicindo —mulleres que continúan nas casas de acollida porque non poden acceder a este requisito—. A pregunta que lle facemos é ¿que van facer? Non que digan: si, hai problemas e hai que mellorar. Digan como van mellorar en concreto. Non mellorar en abstracto, senón dicir cuestións concretas.

Logo o tema dos CIM. Cando lles interesa, os CIM son cousa da Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia destina moitos recursos aos CIM. Cando non lles interesa, é cousa unicamente dos concellos. Iso é así sempre. Utilizan o tema dos CIM cunha demagogia, a verdade, insultante; é o que fan completamente... Nós cremos que hai que mellorar o dos CIM.

E, por suposto, coordinación. E xa que falamos de coordinación, estaría ben que fixeran unha avaliación do protocolo de coordinación. Porque o protocolo de coordinación —como moitos outros papeis—, ao final, queda en papeis que non se aplican de ningunha maneira.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** É un protocolo co que estamos de acordo, pero ¿tivo algunha aplicación real ese protocolo? ¿Fixeron algunha avaliación despois dese protocolo? Porque, sinceramente, despois non hai ningún tipo de avance.

E volvemos repetir, os únicos que rachan os pactos son vostedes pactando con Vox. E, si, nós seguiremos dicindo que non temos nada que falar coa xente que pacta cos machistas, absolutamente nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

A verdade é que, tras escoitar á señora Prado e ao señor Rueda, penso que quedou claro que hoxe espertou aquí o espírito Ikea do Partido Popular galego. Desde hoxe esta é a república independente do señor Feijóo; unha actitude que demostra que como compañeiros de viaxe vostedes non son moi de fiar.

E, señor Rueda, valorando a súa intervención e respostas, desde o noso grupo vémonos na obriga de recalcar unha cuestión que nos parece vital. Que vostedes conten con medidas xa postas en marcha non significa —como xa antes aclarabamos— que xa estean implementadas. Comentábo antes na miña primeira intervención co caso paradigmático dos CIM, ou dos recursos habitacionais para as vítimas. Por suposto que as medidas xa existían e contémplanse, pero nun caso ten que chegar aínda a todo o territorio e no outro ten que contar con vivendas que permitan aloxar as vítimas.

O mesmo acontece con moitas das medidas que hoxe nos trasladaron, como moitas outras que ano a ano, no Informe anual de seguimento da Lei galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero nos teñen trasladado. Medidas e accións que teñen unha incidencia moi pequena na cidadanía: talleres, cursos, formacións que chegan a uns poucos e poucas e que carecen, en moitos casos, de total ambición.

Polo tanto, ponse de manifesto outra vez a necesidade de poder realizar un seguimento moito máis exhaustivo das medidas deste pacto durante todo o ano, coñecendo os medidores e indicadores reais que permitan a correcta valoración de cada medida. Parécenos unha boa nova —para que vexa que non todo son críticas— a implementación das oficinas de atención ás vítimas, que responden ao cumprimento da medida 147 do pacto, que vai actuar como un punto de acceso de portelo único para a atención ás vítimas e ao seu redireccionamento aos servizos especializados. Agardamos, en todo caso, que se poidan materializar o antes posible, dotándoas do persoal específico.

E xa para ir rematando, queríamos preguntarlle sobre aquelas medidas dentro do pacto, reservadas ao impulso das comunidades autónomas, que aínda non se teñen posto nin sequera



en marcha. Por un lado, a medida 157, que fala da elaboración de protocolos sobre como actuar en situacións nas que a vítima comparte espazos co seu agresor en centros de traballo ou en centros educativos. Esta medida é especialmente sensible, pois en moitos dos procesos de denuncia, nos que existe incluso unha orde de afastamento, a implementación deste tipo de protocolo é fundamental, especialmente porque é sempre a vítima a que acaba sendo desprazada do seu medio, e non tanto o agresor. A seguridade é a razón, pero é, en definitiva —e así o entenden as vítimas—, un claro fracaso do sistema de protección.

Gustaríanos saber se teñen avanzado algo neste punto, en coordinación co resto de axentes impulsores. E, así mesmo, coñecer tamén que previsión teñen, en coordinación coa Delegación do Goberno para a violencia de xénero, para levar a cabo a medida 168, que se corresponde coa elaboración das primeiras enquisas sobre o trato recibido durante todo o proceso as vítimas superviventes. Cremos que é importante coñecer unha información coma esta, polo relevante que é para a mellora dos protocolos de atención actualmente implementados.

E outras cuestións que teñen que ver tamén coa protección dos datos das vítimas: facilitar o dereito das vítimas ao esquecemento dixital. Esta é a medida 144 recollida no pacto, e fai mención ao dereito específico e propio a que se borre na internet a publicación dos seus datos en boletíns oficiais —por exemplo, como os das axudas— que poidan facilitar a quen o desexe a súa localización.

Neste sentido, tamén me gustaría aproveitar hoxe para transmitirle a vostede, como máximo responsable das políticas de igualdade, a necesidade de tratar de evitar que se realicen anuncios como os que se fixeron das contratacións de mulleres vítimas en diversos concellos de toda Galicia. Foron varios os medios a nivel local que recolleron este tipo de noticia, incluso anunciando o servizo concreto no que se incorporaría a traballadora, o que facilita, sen dúbida —como comprenderá—, nos concellos máis pequenos, o perfecto recoñecemento da muller vítima. Penso que sería acaído transmitir a todos os concellos de todas as cores que eviten a revelación de datos que poidan axudar ao recoñecemento das mulleres vítimas, para que en ningún caso se vulnere o dereito das mesmas á súa intimidade.

Xa quedo sen tempo, e dado que son case 300 as medidas e non nos é posible falar, loxicamente, de todas elas, quixera volver incidir no importante que para o Partido Socialista é desenvolver estudos estatísticos específicos sobre todos os tipos de violencia, para que, por un lado, se poida mellorar no recoñecemento e o coñecemento dunha realidade que moitas veces —como veremos logo no debate sobre violencia económica— permanece calada e invisibilizada; e que, por outro lado, permita apuntalar os argumentos que a extrema dereita deste país nega constantemente, e incluso terxiversa con falsos datos.

Veremos se no que resta de lexislatura as políticas de igualdade seguen sendo máis cousa do señor Alberto Feijóo ou máis ben correrán da man de Pablo Abascal. O tempo dirá.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.



Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Se eu me desviei un pouco do debate e respondín, foi porque vostedes entraron nun tema no que non tiña nada que ver a comparecencia do señor vicepresidente. Eu xa sei que a vostedes lles molesta que lles digan as verdades.

Aquí en Galicia o Partido Popular de Galicia pacta cos galegos e coas galegas nas urnas, única e exclusivamente. Vostedes parece que están chamando a que entren na Cámara outros partidos, pois lamento dicirlles que de momento seguiremos gobernando, polo menos o que nos queda ata o final de lexislatura, o Partido Popular de Galicia, aínda que vostedes apelen a outras cuestións. *(Aplausos.)*

Señora Presas, eu non me enfado, son vehemente nos meus posicionamentos —xa sabe como son, ¿non?—. A verdade é que o digo porque o sinto. Sinto de verdade que o consenso en igualdade é importantísimo. E o que dixen, dígoo de verdade, dígoo de corazón, porque eu levo moitos anos traballando con mulleres vítimas de violencia de xénero e sei como se traballa nos centros de información á muller, sei como se traballa nos concellos, sei como se traballa no rural, por iso falo con coñecemento de causa. E cando digo que é preciso que todos traballemos nesa liña, creo que é fundamental.

É certo que vostede puxo aquí exemplos de cuestións que foron impulsadas polo Bloque Nacionalista Galego, pero non sairían adiante se non foran apoiadas polo grupo maioritario; por tanto, creo que hai que ceder e hai que ser xenerosos no pacto. Agora temos un reto importante, de aquí ao final da lexislatura, que é acadar un pacto galego contra a violencia de xénero. Eu apelo á xenerosidade de todos os grupos da Cámara, e se fomos quen de facer unhas propostas para o Pacto de Estado, creo que non quedaríamos nada ben se non fósemos capaces de chegar a un consenso nun pacto galego contra a violencia de xénero. Así que eu agardo... *(Aplausos.)* que ese traballo importantísimo que temos feito na Comisión de Igualdade dea os seus froitos e que os froitos sexan no ditame e no pacto.

A señora Quinteiro xa anunciou que non vai pactar nada co Partido Popular. Bueno, ¡alá vostedes! Eu non dixen que vostedes votaran en contra do Pacto de Estado, eu dixen que non apoiaron o Pacto de Estado, e a abstención é unha forma de non apoialo.

E miren, señora Quinteiro, nós, no debate do estado da Autonomía —hai poucos días xa, digo un mes ou así, pero días—, presentamos unha proposta de resolución que dicía o seguinte: «O Parlamento de Galicia condena de forma rotunda todo tipo de violencia contra a muller, declarando, ademais, a necesidade de que a loita contra a violencia de xénero teña un tratamento específico e diferenciado por responder a condicións sociais distintas do resto das violencias, e, en particular, a existencia dun substrato machista na sociedade contra o que cómpre loitar mediante políticas públicas con perspectiva feminista. Nese sentido, o Parlamento de Galicia condena explicitamente os posicionamentos negacionistas que pretenden desvirtuar a dura realidade das vítimas de violencia de xénero, así como os intentos de patrimonialización partidista dos avances na loita contra ela, apostando por combatela



dende o consenso, polo que insta a Xunta de Galicia a seguir avanzando e desenvolver completamente o Pacto de Estado».

Só foi apoiada polo Partido Popular, tivo 4 votos en contra e o resto de abstencións. ¡Alá vostedes! Saberán por que non apoiaron esta iniciativa. (*Murmurios.*) Saberán vostedes por que non apoiaron isto. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Nós propuxemos condenar... (*Murmurios.*) (*O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señor Cal, vostede non está no debate.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...nós propuxemos condenar os posicionamentos negacionistas, vostedes son os que non votaron a favor disto. (*Aplausos.*)

Eu entendo, señora Quinteiro, que estea moi nerviosa, porque a verdade é que resulta moi difícil hoxe ser de Podemos. Despois do abrazo desta semana ver como condenan o señor Griñán a sete anos de cárcere, o señor Chaves a nove anos de inhabilitación, a señora Magdalena Álvarez a nove anos de inhabilitación, e neses miles de folios que hai, que haxa cartos dos parados que foron destinados a consumo de explotación sexual de mulleres, a verdade é que custa moita moito traballo pensar que vostedes van manter ese pacto, señora Quinteiro. (*Aplausos.*) Eu entendo que as mulleres feministas, as mulleres feministas de Podemos e as mulleres feministas do Partido Socialista, hoxe estean profundamente preocupadas. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** E nós, o Partido Popular, estamos profundamente preocupados porque se dea ese pacto e porque Podemos renunciase á rexeneración política coa que entraron. Canto máis coñezo os partidos da nova política, máis orgullosa me sinto de pertencer ao Partido Popular. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Máis orgullosa me sinto de pertencer ao Partido Popular.

Ría, señora Chao, ría, que é para rir. A sentenza que hoxe coñecemos é para rir. Déanse outro abraciño co señor Sánchez, e logo —como dicía aquí a señora Pierres— non sei se será Pablo Abascal, non sei... Non, será Pedro Iglesias. Será o que sexa, señora Pierres. Dende logo, hoxe non é un bo día para o socialismo, e, moito menos, para as mulleres feministas do socialismo, que poden ler nesa sentenza cousas terribles de a onde foron destinados os cartos da formación dos parados. (*Murmurios.*) ¡Alá vostedes! (*Aplausos.*)

Mire, señora Quinteiro, sobre a precariedade no Consorcio. ¿Sabe que o Consorcio foi o chiringuito creado polo Bloque Nacionalista Galego? Foi o rei dos chiringuitos, e todas as persoas contratadas no Consorcio —non o dixo o Partido Popular, díxoo a CIG, que é o sindicato do Bloque— eran todas amigos e familiares do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¿E sabe cales son os soldos, os salarios, desas persoas? (*Murmurios.*)



**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis dun 30 % por debaixo dos funcionarios. ¿E sabe quen vai equiparar os salarios aos funcionarios? Este goberno, o Goberno do Partido Popular, co proceso de funcionarización desas persoas ás que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista levaran á precariedade laboral. E a maioría das persoas que traballan no Consorcio son mulleres, señora Quinteiro, son mulleres. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Grazas. Terminou o seu tempo. Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Remato xa, só unha cousa.

Nós seguiremos traballando para conquistar a igualdade real. Espero contar co seu apoio, a pesar de que vostede hoxe dixo que non contaría. Nós seguiremos sendo xenerosas no pacto e seguiremos facendo propostas para...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...chegar todos a un acordo...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...porque contra a violencia de xénero, nin un paso atrás.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Grazas.

Peche da comparecencia, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Como dicía na anterior intervención, intentarei respostar ao que me quedou atrás e ao que se plantexou agora, antes de facer un pequeno resumo de peche, moi pequeno.

Preguntaban polo protocolo de atención ás vítimas. Xa dixeran que estamos tomando diferentes medidas para atender as vítimas en todas aquelas parcelas onde ata o de agora non estaban sendo atendidas, que eran case todas. Eu creo que dende que unha vítima se decide a denunciar, a ir a unha comisaría, a un xulgado, e mesmo antes, cando acode, por exemplo, a un CIM por primeira vez, cando se teña claro que efectivamente é unha vítima, creo que é fundamental empezar a axudala, sen ningunha dúbida. Polo tanto, por iso queremos reforzar os CIM, por iso queremos que haxa máis CIM, por iso queremos formar; e fai falta moita máis formación nas forzas e corpos de seguridade do Estado, estou de acordo, para non revitimizar nunha denuncia, cando se vai declarar a un xulgado...





Estamos conformándoas, é certo que non están totalmente rematadas, aínda faltan elementos, pero que haxa un profesional da psicoloxía, do traballo social, nas oficinas de atención ás vítimas das cidades, que haxa persoas que lles digan o que teñen que facer, o que non están obrigadas a facer, que recursos teñen, que non se volvan tolas as mulleres preguntando onde teñen que facer as cousas, que non se perdan oportunidades de ter axudas porque non saben onde pedilas ou como pedilas...

Creo que todo iso, ao final, efectivamente, hai que ir protocolizándoo, por iso é tan importante a coordinación institucional e por iso é tan importante que cada Administración, cada responsable público, cada responsable da sociedade civil que traballa en conexión coas administracións saiba o que ten que facer nun asunto tan importante, e iso é o que estamos intentando. Por iso está ese protocolo, que sobre a forma está moi ben, pero despois hai que darlle contido. Dise que se está obrigado a atender a unha muller vítima, pero hai que ter con que atendela, hai que ter profesionais que estean sobre o terreo facendo ese labor. Creo que niso aínda queda moito traballo por avanzar, pero creo que avanzamos bastante.

Preguntábanme tamén sobre a incidencia da sensibilización e da prevención no medio rural. Creo que isto é moi importante. Saben vostedes que é, probablemente, onde aínda sexa necesario que aflore moito máis a conciencia das vítimas, que reaccionen canto antes, e para iso preguntaban concretamente por todo o traballo que se está facendo cos GDR.

Pois é tan sinxelo como que a estes grupos que están para dinamizar a sociedade no rural, para dar información sobre unha serie de oportunidades e unha serie de circunstancias, hai que dicirlles que un dos temas máis importantes dos que lle teñen que falar a todo o mundo no ámbito rural é da necesidade de previr a violencia de xénero e de saber reaccionar cando se está producindo. Isto é o que están facendo os grupos de desenvolvemento rural e o que non facían ata o de agora, probablemente porque non existía unha medida. ¿Tiñano que estar facendo xa? Probablemente, pero para isto serve o Pacto de Estado, os recursos e a oportunidade de implantar novas medidas que formen, que sensibilicen e que teñan na súa axenda de traballo, como algo fundamental, todo o que teña que ver coa prevención e a reacción fronte á violencia machista. E, por suposto, darlle máis capacidade, empoderar as asociacións de mulleres rurais, que fan un labor fundamental, complementando onde non chegan as administracións no ámbito rural, e, polo tanto, necesitan máis medios e máis apoios, e, dende logo, vanos ter dende a Xunta de Galicia.

Falaban tamén do deporte, dicía —creo— a señora Vázquez Verao... Non, non, entendín ben. Non é que non se estea facendo nada, e vostede mesma recoñeceu que se están facendo cousas que lle parecían insuficientes. Probablemente... probablemente non, seguro que aquí se pode facer moitísimo máis, pero eu creo que visibilizar o deporte feminino como algo que merece tanto a pena cando menos como o deporte masculino, que se poden alcanzar grandes metas, que non ten que haber diferenciacións ou, polo menos, que hai que ir acurtando todas esas diferenciacións, mesmo no recoñecemento social entre o deporte feminino e masculino, isto creo que se vai facendo. Firmar coas xogadoras do Deportivo, darlle unha axuda ao equipo de balonmán da Garda —dígoo polos que teñen máis repercusión mediática a día de hoxe—, creo que é unha maneira non só para que as mulleres, senón tamén moitos homes, se dean conta de que o deporte é, ou debería ser, polo menos, igualdade en estado puro.



Respecto aos problemas de execución, que volveron incidir. Xa o dixen, estou razoablemente satisfeito, e estamos na Xunta de Galicia, do nivel de execución que están acadando e que van acadar os fondos do Pacto de Estado. Volvo dicir que esas cifras que vostedes collen en foto fixa é unha forma, é un xeito de collelo bastante tramposo. Se nos transfiren como execución de todo un ano fondos no último bimestre do ano, é imposible acabar cun cen por cento. Claro, se collen a foto nese momento, estamos de acordo, hai unha execución baixa. Agora, vaian despois e verán que a execución —insisto—, elixindo probablemente o xeito máis complicado pero máis eficaz, vai ser moi satisfactoria a final de ano, sobre todo se a comparamos, polo que nos din outras comunidades autónomas, cos niveis nos que elas están agora mesmo.

Tamén a señora Presas me falaba de que está de acordo, porque é así, da *sinrazón* de que non nos deixen executar investimentos materiais e contratar persoal ou reforzar o persoal das administracións públicas con eses fondos e que haxa que acudir sempre a contratacións externas, que haxa que ir a asistencias técnicas con empresas privadas en moitísimos casos, que sexa moito máis fácil facer unha campaña publicitaria que facer tabiques de separación en xulgados ou mellorar os PEF. Pois todo iso non ten moito sentido, polo tanto, seguimos insistindo, a ver se somos capaces de cambialo o ano que vén. Non tería ningún sentido, non respstaría a ningún criterio lóxico, que un ano máis —e xa van dous— se nos diga que así non se pode executar para esas finalidades.

O tema das casas de acollida. Que se me entenda ben, eu non digo que isto teña que ser unha responsabilidade exclusiva dos concellos, e de feito non está sendo. A Xunta de Galicia está colaborando en todas as casas de acollida, tanto nas que levan entidades como nas que levan os concellos. Pero *a sensu contrario* estaremos todos de acordo en que o que non é lóxico é que un concello diga que disto non se ten que ocupar en absoluto. Isto é unha cuestión de todos, xa o dixen antes. Cada un en proporción ás súas capacidades económicas.

En Ourense, efectivamente, a casa podía pechar e, polo tanto, fíxose cargo a Xunta de Galicia. Isto teremos que reordenalo, e en todas as casas de acollida que se queiran abrir no futuro nós pediremos a colaboración de todas as administracións para que funcionen o mellor posible, para que superen as eivas e os defectos que algunhas teñen e que son evidentes, e para que teñan estabilidade no futuro. ¡Claro que si!, isto é unha cuestión de todas as administracións e ímolo seguir reclamando, cada unha na esfera das súas posibilidades. Ademais, quero recordar que agora mesmo as que existen están en cidades, que son as entidades locais que máis capacidade económica teñen, polo tanto, algo poderán axudar, e de feito están axudando a maioría. Por iso poño de manifesto a postura de onte no Concello de Pontevedra, que non tiña demasiada lóxica, a verdade.

E dos CIM volvo dicir o mesmo, interéstanos moitísimo consolidar este recurso, acadar a expansión necesaria para que non haxa zonas de sombra.

Fixen alusión na miña intervención —e ningunha de vostedes fixo despois ningunha mención— a que este é un magnífico campo de actuación para as deputacións, que teñen que axudar a que os concellos complementen —recurso municipal, recordo, os CIM— as súas capacidades cando non poidan chegar, especialmente na zona rural, que é onde están a



maioría dos CIM. Polo tanto, seguimos pedindo a colaboración das deputacións. Hai algunhas —páreceme moi ben— moi sensibilizadas con esta materia, pero non todo son campañas, non todo é entrega de premios. Axudar os concellos a que realmente cumpran coas súas capacidades e coas súas obrigas en materia de violencia machista sería un magnífico campo de actuación para as deputacións. (*Aplausos.*)

Facía a señora Presas unhas suxestións respecto dos cursos da EGAP, que non deberían ser todos telemáticos, algúns teñen que ser presenciais. Pois suxestión recollida, señora Presas.

Preguntábanme tamén pola macroenquisa. Está na última fase de contratación. Efectivamente, é unha contratación complexa. O que lles podó dicir é que xa está a punto de adjudicación e que, antes de que remate o primeiro semestre do ano 2020 —agora empezará o traballo de campo— teremos os resultados, que, por suposto, vostedes coñecerán, sen ningunha dúbida.

Dicíanme antes que non aportei grandes novidades sobre o dito nunha nota de prensa, supoño que se referían á do Consello da Xunta da semana pasada. Pero é que é lóxico, é a Xunta quen executa o Pacto de Estado, e o lóxico é que a Xunta, antes de darlle conta ao Parlamento, pase revista de todo o que ten feito, e a partir de aí, inmediatamente, o que facemos é vir contar ao Parlamento que o estamos facendo. Por iso dicía que a transversalidade, que o estean facendo todas as consellerías, é fundamental. O Goberno fai un reconto de todo o feito durante este ano e inmediatamente veno contar ao Parlamento —que é o que creo que hai que facer— con apenas catro ou cinco días de diferenza.

A señora Quinteiro dicía que con nós non ten nada que falar. Eu podó dicirlle o mesmo, polo tanto, non teño nada que contestarlle. Afortunadamente somos diferentes, señora Quinteiro, e eu sigo pensando que isto é cousa de todos e non de ningunha forza política. Séguense equivocando vostedes se cren que o Bloque pode falar destas cousas e nós non podemos falar absolutamente nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, o Bloque, Podemos ou quen sexa. isto non é cousa só dun partido político, é cousa de todos. E vólvolle dicir, non temos nada na Xunta de Galicia que pactar con Vox. Nós pactamos coa xente que quere desenvolver o Pacto de Estado en Galicia, e eses son os partidos políticos con representación institucional en Galicia e as administracións, ese é o verdadeiro pacto. (*Aplausos.*)

Preguntábame polo Plan de igualdade. Agora mesmo está en negociación sindical, hai unha comisión paritaria, xa veremos. Dicíame que tivemos moita présa para aprobalo. Eu penso todo o contrario, xa tiña que estar aprobado, na miña opinión, e temos que facer un especial esforzo para que canto antes estea vixente. Polo tanto, estamos negociando agora cos sindicatos.

¿O problema cal é entón? Se non o hai, porque non o hai; se o estamos facendo, porque o imos facer demasiado rápido e non o facemos como vostede cre que habería que facelo. Imos instaurar un plan de igualdade na Administración pública en Galicia, hai case cen mil traballadores e traballadoras que deben ter este plan, polo tanto, ímolo facer.

Sobre os medios de comunicación non me vou parar moito máis porque é un tema no que houbo xa varias interpelacións, varias preguntas, neste Parlamento e non vou cambiar o



meu punto de vista sobre a necesidade de garantir a independencia dos medios de comunicación. Eu sei que vostedes teñen, algunhas de vostedes, algunhas das súas forzas políticas, outro punto de vista diferente, niso non estamos de acordo. Eu creo que garantir, por suposto, e establecer os mecanismos de colaboración para que sexa unha información obxectiva, para que se apliquen boas prácticas nos medios de comunicación, iso xa o estamos facendo, pero garantindo a independencia, que creo que é absolutamente sagrada.

Por certo, señora Quinteiro, volve dicir que son insuficientes as cifras que estamos adicando para combater e prever as agresións sexuais. Claro, se vostede cre que todo o que se está facendo en educación, en concienciación, no seo das familias, das ANPA, nos centros educativos, nas bibliotecas, nos festivais, no medio rural, no deporte, non é loitar para evitar agresións sexuais, entón temos diferentes puntos de vista. Se vostede cre que hai que poñer nome e cantidade, e todo o demais non vale para nada, entón xamais nos poñeremos de acordo no que realmente é prever as agresións sexuais e loitar pola igualdade. Déase conta vostede de que non é simplemente poñer... a iso é ao que me refería con que é moi fácil executar e facer algo fachendoso para dicir que o pacto de estado... Pero eu creo que é moito máis útil a eficacia e poñer os cartos onde realmente sexan necesarios, sen necesidade de poñerse ningún tipo de medalla.

Preguntábame a señora Pierres que pensamos facer coas medidas que aínda non están executadas. ¡Home!, eu creo que 105 de 115 xa executadas ou en vías de execución é unha boa bagaxe. A partir do ano que vén, veremos esas dez que nos faltan para intentar chegar ao cen por cento no tempo que temos de vixencia do Pacto de Estado, cinco anos, por suposto. Vostede mesma dicía que algunhas delas non son exclusivas das comunidades autónomas. Son medidas que as comunidades autónomas poden facer e temos competencia para iso, pero en coordinación con outras administracións, especialmente o Estado. E aquí quero facer unha chamada de atención: necesitamos máis coordinación, e estámola tendo a través da Fegamp. Agardo que siga así no novo mandato, agardo que siga así, ata agora estivémola tendo.

Pero co Estado necesitamos máis coordinación. Dígo polo que falabamos das nosas demandas de modificación das condicións de execución do pacto, aínda non sabemos nada. Dixemos sempre que se nos interpelou sobre esa cuestión que estamos de acordo en que había que darlle unha volta á demarcación xudicial en canto aos xulgados de violencia machista. E claro que había que ir a un ámbito comarcal, e claro que había que intentar non obrigar as mulleres a grandes desprazamentos ou a que teñan que ir a xulgados xa sobrecargados de traballo. Pero todo isto hai que plantexalo en conferencias territoriais de xustiza que hai máis dun ano que non se reúnen. Por certo, xa me gustaría que a señora ministra de Xustiza nos tivera chamado neste último ano, porque vería que Galicia e outras comunidades autónomas, probablemente, agora que hai cartos do Pacto de Estado, fariamos esa reivindicación. Esas son as medidas que deberíamos facer, igual que outras desas dez que xa non imos poder facer —por iso non están feitas, señora Pierres— porque non dependen só de nós, dependen especialmente da coordinación co Estado, e necesitamos esa coordinación.

Dicía vostede unha cousa na que estou de acordo. En relación coas mulleres —71 paréceme que é a cifra a día de hoxe— contratadas a través dos fondos da Xunta, contratadas polos



concellos, mulleres vítimas estou dicindo, mulleres desempregadas. Eu tamén vin algunha noticia na que, na miña opinión, probablemente se estea dando máis información da necesaria, e nunca se dá por parte da Xunta de Galicia. Este ano contratáronse a través dos concellos, pero levamos anos facendo convenios con entidades e con asociacións empresariais para que se contrate a mulleres vítimas e vostede verá que isto non se deu en ningún caso. Polo tanto, eu tamén fago —e fixemos— un chamamento, e puxémolo así de manifesto, para que exista a máxima discreción. Unha cousa é dicir que os concellos están colaborando, e creo que é bo que se saiba, para axudar a mulleres vítimas facilitando esa contratación —díxenlles que quedamos curtos na consignación, e iso é bo, e o ano que vén intentaremos cubri-lo aínda máis—, e outra cousa é que se dean detalles. Era o primeiro ano e pódese achar a unha certa falta de coñecemento da necesidade de total discreción, e estou seguro de que o ano que vén non se volverá dar.

Creo que máis ou menos fun respondendo a todo o que me plantexaron. Ao mellor quedou algunha cousa atrás, pido desculpas. En definitiva, señorías, hai moito traballo feito dende o ano 2007, e moito traballo por consenso, como dicía ao principio. Isto é o que nos permite agora chegar a este nivel de amplitude, a este nivel mesmo de transversalidade, nunha administración autonómica acostumada a traballar e a facelo con sensibilidade e con eficacia en todos os temas que teñen que ver coa igualdade e a loita contra a violencia machista. Isto é o que nos permitiu avanzar, chegar con todo este traballo feito, ser innovadores e poñer medidas subvencionadas co Pacto de Estado —ademais, estannos chamando para pedir información outras comunidades autónomas—.

Queda tamén moito traballo por facer, por consolidar medidas que son novidosas este ano, por rectificar —volvo insistir, ningún problema— aquilo que se poida facer mellor e por escoitar todo o que sexa construtivo, hai que escoitalo aquí. Ninguén, e moito menos ningunha forza política, e moito menos esta, ten a verdade absoluta nin a capacidade para saber —con desprezo do que opinen os demais— o que está ben e o que está mal para loitar a favor da igualdade contra a violencia machista.

Polo tanto, con acertos e con erros imos seguir traballando, e o que lles pido polo ben da sociedade galega, polo ben de tantas mulleres que a día de hoxe son vítimas e aínda non teñen axuda, é que intentemos facelo xuntos e xuntas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, vicepresidente, por esta interesante comparecencia.

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Común da Esquerda.



(O G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 58883)

Emenda de adición.

Débense engadir, no punto 6, os seguintes apartados:

«c) Un cambio na regulación do traballo a tempo parcial para facela máis garantista, derogando a lexislación que a ten convertido nun contrato chomada no que se concentra un maior número de irregularidades e fraude laboral, que afecta de maneira especial ás mulleres.

d) Avanza na vía de subir o salario mínimo, cumprindo como mínimo, o acordo entre sindicatos e patronal de que a partir de xaneiro do 2020 sexa de 1.000 euros en 14 pagas.

e) Regular con urxencia os permisos de maternidade e paternidade iguais, obrigatorios e intransferibles entre nais e pais como forma directa de combater a discriminación das mulleres na promoción interna e as carreiras profesionais.

f) Xeneralizar a educación de 0 a 3 anos como medida que propicia a reincorporación laboral das mulleres».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

No pasado pleno interpelabamos o conselleiro de Economía, Industria e Emprego sobre a situación laboral en Galiza, e facíamolo pola preocupación desa situación. Unha situación na que as rendas do traballo non fixeron máis que reducirse; dentro dos salarios aumentaron os de maior importe e diminuíron os de menor importe; non se creou emprego desde o ano 2009, senón que se destruíu emprego en Galiza; e o número de ocupados e ocupadas é o dobre do descenso do desemprego.

Queríamos saber cales eran as medidas do Partido Popular no Goberno da Xunta para potenciar...

**O señor PRESIDENTE:** Moito ruído.

**A señora PRADO CORES:** ...os nosos sectores produtivos, para frear a sangría da emigración, mais o único que acadamos foi escapismo e negación da realidade.

Hoxe traemos aquí unha moción centrada na situación laboral das mulleres, e facémolo porque —xa o dixemos na interpelación— é xunto cos mozos e mozas a que con máis virulencia sofre a situación laboral. Facémolo porque estamos ás portas do 25 de novembro, Día mundial contra a violencia de xénero e a precariedade, e a desigualdade laboral, dende logo, é violencia contra as mulleres.



As mulleres saímos masivamente ás rúas o 8 de marzo do ano 2018, o 8 de marzo do ano 2019 e os 25 de novembro, nun auténtico clamor contra a situación de desigualdade, demandando medidas, mais vemos que pasa o tempo e ese clamor e ese teórico compromiso con atender as demandas que facemos as mulleres non se converten en realidade, non pasan das declaracións, non pasan do papel á realidade. Temos que recoñecer que en materia lexislativa hai avances, pero queremos pasar dos dereitos iguais ás vidas e ás realidades iguais, porque neste momento temos dereitos iguais pero temos realidades e vidas moi desiguais.

Na situación laboral non hai dúbida, non somos, nin moito menos, iguais. Ao analizar os datos, dende logo, saltan todas as alarmas: a desigualdade perpetúase e incluso se acentúa, a fenda salarial non fai máis que aumentar.

En Galiza, segundo os datos do INE, unha muller cobra 5.478 euros menos que un home ao ano, e gañamos 1.174 euros menos que a media das mulleres no Estado. Seguente dato. Nos dez anos de Goberno do Partido Popular, desde o ano 2009, esta fenda salarial non fixo máis que aumentar: 1.000 euros menos gañamos as mulleres con respecto ao ano 2009, un incremento do 22,29 %. E, ¿cal é o drama? O drama é que aumente, o drama, ademais, é que non converxemos, senón que diverxemos, porque na media do Estado ese aumento foi de 274 euros, do 5,18 %.

Podemos falar de mais datos. As mulleres concentrámonos nos traballos con menos ingresos: o 37 % das mulleres non chegan ao salario mínimo interprofesional e o 20,5 sobre 100.000 non chegan á metade; é dicir, a 400 euros. Nestes niveis somos auténtica maioría. Nestes niveis de renda baixa e de salarios precarios somos autentica maioría, ao contrario do que sucede nos salarios máis altos. Nos salarios que representan o 10 % do salario mínimo interprofesional, resulta que aí apenas chegamos ao 17 %, vemos como é inversamente proporcional.

E, ¿cal segue sendo o drama? Que se a fenda salarial é na idade de traballar, cando chegamos á idade de xubilación esta fenda multiplícase. ¿Por que? Porque temos unha vida laboral como o Guadiana. Abandonamos a vida laboral para os coidados, abandonamos a vida laboral por moitas razóns, e ao chegar á idade de xubilación esa fenda convértese no 36 %, en 5.000 euros menos de pensión, de media, con respecto aos homes.

Podemos falar do traballo a tempo parcial, da rotación, onde os datos son todos con indicadores negativos para as mulleres. Podemos falar da taxa de ocupación. E eu teño que volver dicir aquí alto e claro que mente o Partido Popular, que mentiu o presidente da Xunta e que mentiu onte o conselleiro de Facenda cando di que en Galiza hai máis mulleres traballando hoxe que hai dez anos, que no 2009. É mentira. (*Aplausos.*) Hai datos do INE, datos oficiais —dígoo para que...—: 2.500 mulleres menos traballando, 2.500 menos ocupadas. Outra cousa é a afiliación á Seguridade Social ou o tema do desemprego, pero no mercado de traballo, mulleres traballando, hai 2.500 menos que hai dez anos. Polo tanto, menos mulleres ocupadas, máis fenda salarial en Galiza e máis fenda salarial con respecto ao Estado. Tamén podemos falar do que cobramos por horas; cobramos menos con respecto á Unión Europea e cobramos tamén menos con respecto ao Estado.



Por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa, onde propoñemos medidas. Propoñemos exixir medidas porque, se en materia fiscal ás empresas se lles exixen medidas e se é moi contundente na persecución, na verificación de se as cumpren e nas sancións, ¿por que non hai esa mesma contundencia á hora de exixir as medidas legais aprobadas en materia de igualdade? Queremos esa mesma contundencia.

O primeiro que queremos son datos. Queremos poñer negro sobre branco, ter datos de cal é realmente a situación do traballo respecto das mulleres en Galiza, para que se deixe de xogar ao escapismo ou a retorcer os números, para ter uns datos consensuados e homologados onde quede ben definida cal é a situación laboral das mulleres no noso país.

Queremos, logo, que no ano 2020 se aumenten as partidas económicas para loitar contra a fenda salarial. No ano 2019, nos orzamentos da Xunta ía 1 millón de euros na loita contra a fenda salarial. Nestes orzamentos 2020, cando a situación non se superou, cando a situación —como acabamos de ver nos datos— non se solucionou, nin moitísimo menos, só se inclúen 250.000 ou 200.000 euros. Parécenos que non é de recibo e que hai que aumentar esa partida dun xeito suficiente, non testemuñal, con cantidades suficientes.

En marzo deste ano 2019 o BNG traía unha iniciativa aquí, a este parlamento, para a incorporación de cláusulas de igualdade nas cláusulas da contratación pública. Traíámola porque —como dicía antes— queremos que a Administración, en vez de ser cómplice na discriminación e na desigualdade, sexa exemplo no seu combate. Traiamos a iniciativa para que nos contratos da Xunta as cuestións de igualdade sexan algo real e non sexan simplemente ese elemento para o desempate, que en moitos casos nin sequera é o primeiro elemento de desempate, senón que en casos aínda é o segundo ou o terceiro. Traíámolo para que houbera un compromiso real. Oito meses despois, dende logo, non temos coñecemento de cal é o nivel de aplicación e de implementación destas medias aprobadas por unanimidade, e queremos sabelo. Por iso, propoñemos que no primeiro trimestre do ano 2020 se presente un informe.

Demandamos ao Goberno español o aumento da inspección laboral, aumentar as inspeccións e as sancións, porque en moitos casos a fenda salarial non está no salario base, senón que está nos complementos, está nesos pluses que se aplican. Pagar menos as mulleres que aos homes polo mesmo traballo é ilegal, estamos de acordo, pero ¿estase cumprindo? Non, non se está cumprindo. É ilegal, mais segue sendo unha realidade que as mulleres cobran menos que os homes. ¿Por que? Porque moitas veces se fai dun xeito enmascarado. As categorías polas que se contratan as mulleres moitas veces son diferentes. Unha muller contrátana como auxiliar e un home como oficial ou oficial de primeira. Os pluses son por perigosidade ou por andar con maquinaria. No caso, por exemplo, da limpeza, eses pluses por andar con produtos tóxicos non se lles aplican ás mulleres, hai criterios totalmente discrecionais.

Por iso, cremos que a actuación da inspección ten que ser contundente, e para iso ten que haber máis inspeccións e ademais téñense que derivar sancións, porque as sancións derivadas da Inspección de Traballo en materia de desigualdade son mínimas e ínfimas, e iso significa que non se inspecciona e que non se está encima, e cremos que é fundamental.





Logo queremos que se equiparen os dereitos laborais e a protección das mulleres nos coidados. O traballo dos coidados é imprescindible para a nosa sociedade, pero é un traballo invisibilizado, que non se recoñece e non se valora. As mulleres somos as que realizamos hipermaioritariamente o traballo dos coidados, tanto de balde, nos fogares; a través da economía somerxida; no nivel asalariado, na Administración ou, fundamentalmente, a través das empresas privadas que prestan ese servizo. Mulleres maioritariamente en empregos relacionados co traballo no fogar, a limpeza, a saúde, os servizos sociais, a atención a dependencia... e poderíamos seguir.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Percibimos —remato, presidente— baixos salarios, traballamos en situación de vulnerabilidade, desprotexidas tanto na vida laboral como á hora de acceder ás pensións, sendo logo as contías miserentas. Cremos que hai que rematar coa precarización de miles de mulleres que traballan no sector dos coidados e reverter a situación de cartos para uns poucos e miseria para a maioría das mulleres.

Agardo o voto favorable dos grupos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Pois, efectivamente, esta problemática é un problema grave, un problema serio, que, como trasladaba a propoñente, se está a incrementar nos últimos anos. Pasamos dunha fenda salarial no ano 2014 dun 26 % a unha fenda salarial actual, neste momento en Galicia, dun 30 % —valor máximo que tivemos na nosa comunidade autónoma dende que se calculan e se tratan estes asuntos—.

É unha porcentaxe elevada, efectivamente, a dos ingresos medios das mulleres que habería que elevar para igualar eses ingresos dos homes —5.480 euros—, e ten unha orixe complexa. En primeiro lugar, pola precariedade laboral, que fundamentalmente afrontan as mulleres, que afronta, evidentemente, toda a clase traballadora pero que ten unha faciana claramente de muller, e especialmente no traballo a tempo parcial e non desexado nese sentido. Temos os datos da EPA, e, segundo a xornada laboral, no último ano, no pasado 2018, o 77 % en Galicia dos empregos a tempo parcial estaban ocupados por mulleres. Evidentemente, continúa incrementando esa diferenza. En canto a ocupadas, son o 22,4 % das ocupadas as que teñen un emprego a tempo parcial fronte ao 6,1 % dos ocupados —dos homes, neste caso—.

Evidentemente, tamén hai unha desvalorización do traballo nas actividades feminizadas. Non é só que se contrate en moitas ocasións as mulleres con categorías profesionais que



teñen salarios inferiores senón que os convenios de todos os sectores que están feminizados se calculan ou se negocian sempre con importes moi inferiores. E sectores como o da limpeza, e hai moitos outros exemplos de moitas categorías profesionais e de todos aqueles espazos ocupados por mulleres, están peor considerados. Temos, ademais, unha estrutura salarial que penaliza as mulleres en relación coa promoción profesional, ese teito de cristal. E hai moitos elementos que abordar dende o punto de vista social.

A nós parécenos ben o que se propón por parte do BNG. Neste caso foron esas pero tamén outras iniciativas as que se aprobaron en materia de fenda salarial —xa non digo antes, pero nesta lexislatura— que continúan sen cumprir. E, por suposto, imos agardar, se se aproba, a que se publiquen eses informes.

Temos unha dificultade: as mulleres seguen facéndose, en máis medida, cargo das tarefas de coidado, e os propios datos da EPA evidencian que favorece as causas de inactividade. Entre as causas de inactividade pois chama moito máis a atención a cantidade de mulleres que abandonan a posibilidade de atopar un traballo polo coidado de menores e de persoas con dependencia. E aquí tamén entra a importancia de todo o que está sen cumprir da Lei da dependencia. Son nun 87 % mulleres as persoas que abandonan a posibilidade de busca activa de emprego para dedicarse ás tarefas de coidado, fronte a unha porcentaxe moito máis inferior de homes que se dedican a esta situación.

Pero é que, ademais, tamén nos contratos temporais son maioría mulleres. Se sumamos a porcentaxe do 27,3 % de contratos temporais máis a porcentaxe dun 24,8 % de xornada parcial no caso das mulleres, dános un 52,1 % de precarias. Temos unha situación laboral absolutamente inaceptable para as mulleres no noso país.

Concordamos na solicitude de todos eses informes —xa o temos apoiado noutras iniciativas tamén en comisión— e, por suposto, no que ten que ver coas traballadoras do fogar e dos coidados, porque non é aceptable que a esta altura o Estado siga sen ratificar ese Convenio 189 da Organización Internacional do Traballo, fundamentalmente nesa Disposición 201, no que ten que ver coa garantía da protección legal dos dereitos das mulleres. E digo «mulleres» porque son fundamentalmente mulleres as que se dedican aos labores do traballo no fogar e ao traballo de coidados.

Nós, a maiores disto, consideramos que hai que agardar a que se publique ese informe, pero tamén hai outros elementos —e por iso presentamos a emenda, aínda que imos apoiar igual a iniciativa aínda que non se acepte— en relación co Goberno central. Parece bastante evidente que, sendo as mulleres as que teñen peor masa salarial, a suba do salario mínimo interprofesional é un elemento importante á hora de ir mellorando a capacidade adquisitiva das mulleres e reducindo tamén esa fenda salarial. E, polo tanto, é bastante claro que esa suba que se conseguiu foi positiva e que hai que continuar traballando. Nós —e, dende logo, é público porque vimos dunhas xerais— apostamos por unha suba moito maior, pero é certo que hai un acordo asinado entre patronal e sindicatos de suba ata os 1.000 euros e hai que traballar e exixir para que este elemento se cumpra. Hai que derrogar as reformas laborais, pero hai que derrogar toda a normativa que facilita a parcialidade no emprego. Porque, evidentemente, se dicimos que a temporalidade e a parcialidade afectan máis as mulleres, hai que incidir tamén nese aspecto.



E remato xa, que non me queda tempo.

Como terceiro punto, cremos —e nós xa levamos tamén na pasada lexislatura unha lei a debate no Congreso das Deputadas— que hai que regular os permisos de maternidade e paternidade iguais e intransferibles, porque, evidentemente, se son máis as mulleres as que abandonan o seu emprego ou a busca activa de emprego para dedicarse ás tarefas de coidado, pois parece claro que hai tamén que traballar nese eido.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Casal

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.

Non me vou estender moito porque estamos totalmente de acordo, tanto coa proposición feita nesta moción como nos puntos engadidos polo Grupo Común de Esquerda. Non vou entrar tampouco a falar das estatísticas, porque cada día merece menos a pena. Hai estatísticas sacadas das fontes oficiais, incluso das da propia Xunta de Galicia, do Instituto Galego de Estatística, e despois hai as estatísticas das roldas de prensa do Partido Popular, esas estatísticas que viven nese mundo paralelo no que se instala permanentemente o Goberno e o grupo que o apoia. Nesas estatísticas sempre se crean miles de postos de traballo en todos os sectores. As empresas, digamos, que o Partido Popular quere favorecer máis sempre xeran miles de postos de traballo. Algún día explicaranos de onde saen eses miles de postos de traballo en todas esas empresas das que vostedes falan. Habería que preguntarlles ás traballadoras reais. Pregúntenlles ás teleoperadoras, pregúntenlles ás enfermeiras eventuais, ás mariscadoras, a tantos sectores da economía real do sector do traballo real, para ver se están de acordo con todo o que vostedes pregoan continuamente.

E ante isto, ¿que? Inacción e indolencia do Goberno. Parece, polas propostas que vemos, tanto neste Pleno como en todas as comisións, que a partir de agora xa o Goberno da Xunta de Galicia e o grupo que o apoia deixan de gobernar, xa dan por rematada a lexislatura e o único ao que se dedican é a buscar culpables alleos e tamén, como pasa no relacionado coa formación e promoción do emprego, a non executar as partidas dos seus propios orzamentos.

Seguro que na resposta sairán co de sempre, con que para nós hai empregos de primeira e empregos de segunda. Pois non, para nós todos os empregos, todas as traballadoras e os traballadores, teñen os mesmos dereitos e teñen o mesmo dereito a que o seu posto de traballo sexa defendido. O que si hai para vostedes son empresas de primeira e empresas de segunda. Moito defender certas empresas cuns impactos medioambientais brutais, cun balance de externalidades negativas totalmente desfavorable e nas que habería que traballar precisamente para buscar alternativas. E en vez de buscar alternativas o único que se fai é querer crear conflitos. Aí non se está pensando nas traballadoras e nos traballadores, estase pensando en como crear un conflito político que poida deteriorar o Goberno do Estado, ou



botalos contra a oposición porque pensamos que hai empresas insostibles para as que habería que buscar solucións e alternativas.

E vostedes, ¿que fan? ¡Nada! Falan moito de que apoian os traballadores das Pontes, os transportistas das Pontes. ¿Que partidas orzamentarias concretas hai nos orzamentos para verdadeiramente buscar solucións para estes traballadores? ¡Nin unha, nin unha concreta! Iso si, piden cartos para Endesa. Segundo as nosas estimacións, o que vostedes levan pedindo durante xa dous ou tres meses para solucionar teoricamente o problema das Pontes é darlle 150 millóns ao ano a Endesa. A maioría para estar parada. ¿Que solución é esa? ¿Que traballo vai aportar iso ás empresas auxiliares, aos transportistas?

Pois ese é o noso plantexamento. Xa digo, estamos totalmente de acordo co plantexado nesta proposición non de lei. E non temos moito máis que engadir, soamente que veñan á realidade. Non poden seguir así neste ano, que vai ser un ano conflitivo, un ano con problemas, o ano do *brexit*, o ano das tensións internacionais polas loitas comerciais. Gobernen, executen as partidas do orzamento, xa que non van aprobar ningunha das nosas emendas nin as de ningún grupo da oposición. E deixen de mirar para o exterior. O peor que pode facer alguén que ten responsabilidade é buscar culpas noutros lados en vez de afrontar a realidade e buscar solucións. Teñen vostedes 10.000 millóns de euros para buscar esas solucións.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e todas.

Ben, con carácter previo quero manifestar o voto favorable por parte do Grupo Parlamentario Socialista a esta moción en todos os seus puntos, porque as cifras de desemprego en Galicia neste pasado mes de outubro comprenden 164.307 parados, dos cales 95.320 son mulleres. Non sei por que o outro día o presidente se mostraba tan eufórico cos datos do emprego feminino.

Do total do desemprego, neste momento en Galicia case un 60 % é feminino —de poboación inactiva—. Destaca como causa desta inactividade —como antes tamén dicía a compañeira Solla— o coidado de menores, de persoas adultas enfermas, con discapacidade, etc. Saía onte un artigo na prensa moi significativo, que dicía que das excedencias en Galicia un 90 % eran de mulleres. No cuarto trimestre do ano anterior, do ano 2018, a taxa de actividade das mulleres era inferior á dos homes en 8,5 puntos porcentuais.

E seguimos sumando factores negativos: a esas cotas, a estas altas cotas de desemprego, sumamos a parcialidade da contratación das mulleres. En Galicia, 116.500 mulleres traballan a tempo parcial. O 77 % dos empregos a tempo parcial están ocupados por mulleres. E se-



guimos sumando factores negativos: xuntamos a condición de xornada a tempo parcial, da que falabamos, e os contratos temporais —a cifra aí é xa máis contundente: 42.100 mulleres, o 9,7 % das asalariadas—.

E seguimos sumando. Ademais de ocupar contratos a tempo parcial e con maior temporalidade que os homes, a fenda salarial é o resultado máis patente e notorio da desigualdade e discriminación que sofren as mulleres no mercado laboral. As declaracións do CES na memoria feita neste ano é bastante clara, e di: «Atendendo á desagregación segundo o sexo, a ocupación a tempo parcial segue sendo un fenómeno eminentemente feminino —de feito, o 67,4 % das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia no último ano son mulleres—, en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo é do 43,20 %. Asemade, este fenómeno eminentemente feminino apréciase tamén no feito de que no ano 2018 tan só o 5,9 % dos homes teñen un emprego a tempo parcial, cando no caso das mulleres esta porcentaxe ascende ata o 21,9 %». Ben, sinala o CES que é necesaria a aprobación de medidas de conciliación que permitan a redución de xornadas parciais non voluntarias e que estean ocupadas fundamentalmente por mulleres. E, en relación cos salarios, a brecha salarial é contundente, sitúase por riba do 25 %. O salario medio anual das mulleres —xa se falou onte no debate dos presupostos— é de máis de 4.000 euros menos ao ano.

E quería exhibir unha noticia destes días que di: «Galicia tardaría 615 anos en eliminar a brecha salarial se a equiparación salarial segue ao ritmo actual». Non fala de cinco nin de dez anos. Tardariamos 615 anos en Galicia se a recuperación segue este ritmo, señores do Partido Popular. Algo teñen que facer.

Segundo datos do colectivo de técnicos de Facenda, no seu informe *Brecha salarial e teito de cristal*, cobramos unha media —como dicíamos— do 27,5 % menos que os nosos compañeiros. Por iso temos que presumir da medida que implantou o goberno de Pedro Sánchez de subir o salario mínimo a 900 euros. Porque, si, as maiores beneficiadas desta medida somos as mulleres; e, por riba, loxicamente vai beneficiar esta subida que se vai seguir producindo no salario mínimo conforme pase a seguinte lexislatura.

Moitas grazas. Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Empezando por un *chascarrillo*, señora Solla, engade vostede puntos ao punto 6, que é instar o Goberno do Estado. Non sei se é que non se fía dos seus, o cal é lóxico. Non se fía do señor Sánchez, non vaia ser que se faga unha moción de censura por mor da sentenza dos ERE de Andalucía e non se chegue a esa coalición de goberno socialcomunista. (*Aplausos.*)



Señora Prado Cores, existen moitos informes que analizan o mercado laboral e as causas das desigualdades de xénero existentes no mesmo, que inclúen recomendacións concretas para ir superándoas. Seguindo estas recomendacións, o Goberno galego traballa con medidas concretas para mellorar a calidade do emprego das mulleres e abordar as causas que xeran estas desigualdades laborais. Así, hoxe contamos cos mellores datos de emprego feminino da nosa historia: temos menos mulleres desempregadas —95.320— que en outubro de 2008 —99.173—; estamos —segundo datos da última EPA— na segunda mellor cifra dun mes de outubro dos últimos quince anos; temos máis mulleres ca nunca afiliadas á Seguridade Social, case medio millón, case a metade das afiliacións; máis de 7 de cada 10 asalariadas teñen un contrato indefinido; case 10 de cada 10 traballadoras contan cunha xornada a tempo completo. Polo tanto, o mercado laboral galego presenta mellores resultados para as mulleres que no conxunto de España en todos os indicadores: menor taxa de paro, maiores taxas de actividade, de emprego, e menor taxa de parcialidade.

Segundo o índice de equidade de xénero das comunidades autónomas, publicado este ano —prégolles que lle dean unha ollada ao capítulo XVIII do estudo—, Galicia é a comunidade con menor desigualdade entre homes e mulleres no mercado laboral. Este índice analiza a estrutura do emprego, o salario medio, o volume de traballadores autónomos, así como as pensións contributivas de xubilación. E, con esta metodoloxía, o informe di literalmente que «Galicia se ubica en mejor posición frente al resto de las comunidades autónomas».

Poden velo nesta táboa, señorías, ou no cadro comparativo. (A señora Romero Fernández amosa un gráfico.) Galicia, arriba de todo. Abaixo de todo, as comunidades referentes da esquerda progresista, onde hai máis desigualdade. ¿Este é o resultado das políticas progresistas? ¡Pois non, bonita, non! Así non melloramos as mulleres. (Aplausos.)

Pero que teñamos unha mellor situación en Galicia non quere dicir que non existan desigualdades no noso mercado laboral, desigualdades que evidentemente proceden da falta de corresponsabilidade á hora de asumir tarefas domésticas e familiares. E, como ben dicían vostedes, o 77 % das persoas en xornada parcial en Galicia son mulleres; os homes que traballan a xornada completa superan en 15 puntos ás mulleres. E isto por suposto que ten o seu impacto directo na brecha salarial.

Pero é que outro factor determinante da desigualdade é a concentración do emprego feminino no sector servizos, con máis do 84 %. Mentres, case o 77 % do emprego industrial é masculino. E nesta cuestión, señorías, a Deus rogando e co mazo dando, porque vostedes se arrogan ser os únicos defensores do emprego feminino e calan acerca das cen empresas da cadea mar-industria situadas en dominio público marítimo-terrestre en risco de desaparecer pola acción da esquerda progresista; industrias que concentran a maior parte do emprego industrial feminino, tan necesario para acortar a brecha salarial. E vostedes, nesta cuestión, ¡chitón, chitón! (Murmurios.) Igual que non dixeron nin unha palabra dos ERE de Andalucía, da sentenza. Se chega a ser do PP, non se falaría doutra cuestión, (Murmurios.) (Aplausos.) isto sería secundario. (Aplausos.)

Mire, señor Casal, para vostedes hai empregos de primeira e de segunda categoría, e os das mulleres que están nestas empresas para vostedes son empregos de segunda categoría. Non



se pode estar, señoría, detrás de dúas pancartas á vez: na defensa do emprego industrial e na defensa das mulleres pola mañá e a favor do peche de industrias que empregan maioritariamente mulleres pola tarde.

E xa para rematar, se falamos tamén de emprendemento e liderado, en Galicia tamén somos a primeira comunidade. E, respecto dos salarios das mulleres en Galicia, somos a oitava comunidade autónoma con menor desviación salarial entre homes e mulleres, que se reduciu case medio punto respecto do ano anterior. Somos a segunda comunidade autónoma con maior crecemento dos salarios das mulleres entre o 2008 e o 2016. Foi de máis do 13 %, e no conxunto nacional foi do 9 %. E o incremento salarial do 3 % da muller galega no último ano tamén supera a media nacional, que foi dun 2,4 %.

Señorías, ¿estamos satisfeitos? Non, queremos máis. Por iso cómpre seguir traballando para seguir reducindo as desigualdades de xénero en todos os ámbitos. E a mellor forma de facelo é dende o consenso, porque é un tema moi serio, señoría, e así o vimos facendo tanto dende este grupo parlamentario como dende o Goberno. Por iso votaremos a favor desta moción.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Pois quero empezar por agradecer o apoio mostrado por todos os grupos a esta iniciativa do BNG, porque iso mostra a preocupación por unha situación que, na vez de mellorar, non fai máis que empeorar.

Eu dixen na miña exposición que queríamos empezar por ter datos e informes para deixar de usar os datos e para xustificar o mantemento da situación e non facer nada. E despois da intervención da deputada, pois é máis evidente que é necesario ter eses datos para que podamos ver a que datos nos referimos para asumir cal é a realidade.

Porque coa crise parecía que melloraban os datos das mulleres, mais todo era un puro espellismo. Non era que melloraran os datos das mulleres, é que empeoraban os dos homes, co cal nas estatísticas as porcentaxes daban por encima. Pero non significa ningunha melloría. Mais, con esa teórica recuperación na que estamos, xa se está vendo que a situación laboral dos homes tende a mellorar e a das mulleres a manterse igual ou empeorar. Iso é o que nos debería preocupar e ocupar, porque, despois da preocupación manifestada por todas, deberíamos ocuparnos en tomar decisións.

Porque a ocupación das mulleres en Galiza, señores e señoras deputadas do Partido Popular, é menor no 2019 que no 2009. Xa llelo dixen antes: 2.500 mulleres ocupadas menos que no ano 2009. É menor que nos homes e é menor que na media do Estado, eses son os datos. Que a fenda salarial é maior en 1.000 euros que no ano 2009, e que é maior que no Estado, tamén son os datos. É maior que hai dez anos e é maior que a media do Estado. Que a remuneración por hora é menor en Galiza que na Unión Europea e que é menor que no Estado, tamén son datos.



Por iso eu agradezo moito o apoio a esta iniciativa, e iso quere dicir que o Partido Popular vai votar a favor, como mínimo, da emenda que presenta o BNG para aumentar os orzamentos da Xunta para loitar contra a fenda salarial. Porque —repito— neste ano foron 200.000 euros, e o BNG presenta unha emenda para aumentalos en 7 ou 8 millóns —paréceme—. Esas son cifras para loitar contra a fenda salarial. Co cal supoño que, se votan a favor desta iniciativa, van votar tamén a favor de que se modifiquen os orzamentos. Porque o que contempla o Partido Popular é manifestamente insuficiente.

Imos estar vixiantes para que este informe que solicitamos para presentar no primeiro trimestre do ano 2020 se faga. Porque non vale con dicir que estamos todos de acordo e que queremos o consenso se logo só vale para a autocompracencia. Ten que verificarse en cuestións concretas, e queremos os datos dese informe. Dende logo, imos exixir que así se faga.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** E tamén...

**O señor PRESIDENTE:** ¿Vai aceptar a emenda?

**A señora PRADO CORES:** E con respecto á emenda, imos aceptar a emenda, que é de engádegas. Evidentemente, aceptamos a votación por puntos da iniciativa tal e como está presentada; e logo, por separado, a emenda, por se non queren votar a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos a sesión.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero**

**O señor PRESIDENTE:** Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres. Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde novamente a todas e a todos.





Agradecemos a asistencia hoxe das mulleres que nos acompañan, dende Fademur e dende os movementos feministas ás representantes dos CIM — neste caso, hoxe, traballadoras que nos acompañan dende Ribeira—.

Eu hoxe non podo comezar tampouco a miña intervención sen facer tamén neste caso unha primeira mención ao debate que nestes días se ten dado sobre o empoderamento das mulleres. É necesario —penso— clarexar que empoderar unha muller non pasa por ensinarlle a coser un botón. Empoderala é darlle a oportunidade de elixir, a oportunidade de poder estudar, de formarse profesionalmente, para decidir cal será a súa vida e non ter que atender a un único estereotipo de señora que cociña e cose botóns —opción, jollo!, que é válida sempre que sexa opción, nunca unha imposición—.

Este tipo de manifestacións, que ademais menosprezan o feminismo e a súa contribución na consecución dunha igualdade real entre mulleres e homes, son as que realmente nos teñen que alertar; alertar de que todo o construído ata o momento en materia de igualdade está collido feblemente con fíos. Por iso é imprescindible que todos e todas collamos agulla e fío e deamos puntadas moito máis firmes, é imprescindible que non permitamos que ningún veña deshilvanar o que se coseu ata o momento. É imprescindible que nin un só pacto, nin unha soa coalición, teña cabida neste Parlamento con aquelas forzas políticas que pretendan desprestixiar ou poñer en dúbida cuestións tan importantes como a mera existencia da violencia de xénero; unha violencia que hoxe traemos a este debate nunha das súas manifestacións máis cotiá pero, sen embargo, máis silenciada e invisible, como é a violencia económica.

Esta violencia está definida, como dicíamos o outro día, como a privación intencionada e non legalmente xustificada de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e das súas fillas e fillos, así como a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella. E cando dicimos «silenciada» dicímolo non só pola convivencia social que a ampara, senón tamén pola invisibilización que a propia Administración lle outorga ano tras ano. Está moi ben sacar peito por incluír este tipo de violencia na lei galega, algo que nós tamén aplaudimos. Pero tamén é preciso actuar en consecuencia e implicarse no estudo específico da súa incidencia e, por suposto, no deseño de medidas específicas.

O pasado ano, de feito, introduciuse como novidade un informe anual específico das violencias sexuais, o que supuxo un paso adiante no seu estudo e coñecemento. Pero sobre a violencia económica segue sen contarse con estatísticas suficientes que permitan ese estudo específico da súa incidencia, da súa convivencia con outro tipo de violencias; en definitiva, con datos que permitan unha valoración moito máis ampla.

Esta é unha cuestión que, por certo, ademais está recollida no artigo 11 do Convenio de Istanbul, no que se alenta ás diferentes administracións a traballar precisamente nesa recollida de datos e na investigación en torno a todos os tipos de violencia, tamén a económica.

E é que, cando falamos de violencia económica, corremos o perigo, como vimos xa no debate da semana pasada, de crer que esta é unha cuestión que se reduce a un problema de insol-



vencia e incapacidade económica das vítimas. Esa, por suposto, é unha das consecuencias principais da situación de dominación e de privación das liberdades dun home maltratador sobre a que foi a súa parella, e, sen dúbida, ten que ser atendida... (*Murmurios.*)

Si, eu agradecería un pouco de silencio, a verdade.

Sen dúbida, ten que ser atendida pola Administración para que todos aqueles casos de mulleres dependentes economicamente das súas ex-parellas e maltratadores atopen nas axudas periódicas un modo de alonxarse dese ciclo da violencia e de poder tamén refacer a súa vida e a dos seus fillos e fillas.

Pero para seguir afianzando e para seguir apuntalando o traballo de reparación e minimización do dano das mulleres e dos menores vítimas de violencia, desde o noso grupo cremos que é importante non tanto caer no conformismo e no aplauso do xa feito —por certo, axudas impulsadas tamén polo Goberno bipartito— senón enfocarnos na conquista de novas respostas ás problemáticas das vítimas.

Hai que atender a esa outra cara da violencia económica, a que se mantén e se segue exercendo no tempo, incluso despois dunha separación ou dunha sentenza de maltrato. Pensemos, por favor, no caso desas mulleres que, con orde de alonxamento por parte do seu maltratador, aínda así se ven vinculadas a eles por compartir propiedades, por compartir pensións alimenticias ou obrigas comúns, como é o pago dunha hipoteca. Psicoloxicamente xa é complicado manter esa relación e eses mínimos contactos con quen exerceu unha violencia física ou psicolóxica, pero ten que ser absolutamente insoportable, e contradí o dereito á reparación do dano das vítimas, que a violencia persista de forma calada e continuada a través da chantaxe económica.

Non cumprir cos pagos estipulados desde un xulgado, non facer fronte ao pago dunha hipoteca común, son modos de perpetuar o control, de obrigar á muller a non romper nunca o vínculo que a une ao seu maltratador. Son moitos, ademais, os maltratadores que atopan nesta práctica o modo de continuar humillando, unha clase de demostración de poder, de que el segue sendo necesario e de que non se pode prescindir del. Hai incluso un modo moito máis sibilino que nin sequera roza o ilícito penal: eses pequenos atrasos no pago da pensión ou dos pagos das obrigas compartidas, que levan á propia vítima a ter que poñerse en contacto co seu agresor para pedirlo, incluso para suplicarillo.

E se ben a Administración non pode resolver enteiramente —sabémolo— as consecuencias deste tipo de situacións, si pode minorar e apoiar a protección patrimonial e económica das mulleres —especialmente daquelas mulleres que son vítimas de violencia— impulsando dentro das súas competencias normativas as modificacións das figuras impositivas que se consideren necesarias.

É posible, de feito, contemplar modificacións no IRPF para que unha vítima non teña que asumir a débeda do maltratador en caso de tributación conxunta, conquerindo que a parte da débeda correspondente á cota autonómica, por exemplo, quede exenta. Así mesmo, é posible activar deducións por alugamento ou por adquisición de vivenda. Son medidas que non



serían extraordinarias, senón que xa se teñen dado con outros colectivos sociais; medidas que buscan non mermar a capacidade económica nin patrimonial por mor dunha violencia económica e psicolóxica alongada no tempo. Pensemos en todas as circunstancias desta violencia, pensemos que facilitar axudas periódicas é necesario, por suposto, é imprescindible, pero non resolve o problema de fondo. Hai que traballar estas situacións que se detecten de abuso e de persistencia dun dominio que somete as mulleres aos que foron e queren seguir sendo os seus maltratadores.

O exemplo está nesa muller que comentaba o outro día, á que, anos despois de ter unha sentenza de maltrato e posterior divorcio, como no seu día tiña declaración conxunta co seu maltratador, lle chega unha notificación de embargo por impago do IRPF. Como responsable subsidiaria da súa ex-parella ten que responder por esas débedas non prescritas e ninguén entra a valorar a realidade desta muller, nin de que o único responsable e coñecedor desa débeda fose o seu maltratador.

En casos coma este, este Parlamento tería competencia para buscar solucións. Porque non estamos a falar de eximir das súas responsabilidades todas as mulleres vítimas, senón só naqueles casos que se demostren como inxustos ou abusivos, de liberalas desa mochila, desa carga que lles deixan os que durante a convivencia as privaron incluso da súa independencia económica.

Hai casos especialmente cruentos. Créanme que estes días atendín o testemuño de moitas vítimas e non son excepcionais os casos de mulleres ás que os seus agresores privaron durante a convivencia dos seus propios salarios e empregaron con elas a violencia económica para controlar a súa dependencia e total submisión; mulleres que polas débedas adquiridas dos seus maltratadores entran elas mesmas despois en listados de morosidade que lles impiden a elas e aos seus fillos a contratación de servizos básicos, como podería ser o de telefonía.

Insisto, trátase de eliminar todos os obstáculos posibles, todos os posibles, para que as vítimas de violencia machista poidan recuperar a súa vida en todos os ámbitos e facelo mediante as modificacións, principalmente, das figuras impositivas sobre as que ten competencia a Xunta de Galicia.

E para superar tamén a invisibilidade á que faciamos mención ao principio é preciso traballar tamén noutros ámbitos, con campañas de sensibilización e información entre a cidadanía para o mellor recoñecemento desta violencia, coa mellora na divulgación dos recursos e asesoramento con que contan as mulleres —tamén en canto á violencia económica— nos centros de información ás mulleres, así como tamén hai que potenciar os cursos de formación específicos para o persoal que permitan mellor asesoramento nas implicacións fiscais despois dun divorcio. E, por último, tamén hai que mellorar os recursos existentes de acollimento, poñendo en marcha as novas casas de acollida no territorio que permitan reducir as distancias e melloren o acceso a elas de todas as mulleres e menores ao seu cargo en situación de risco en Galicia.

Agardamos sinceramente que se entenda por parte de todos os grupos a importancia das medidas que hoxe presentamos e da importancia especial —ademais de mellorar a protec-



ción económica e patrimonial das vítimas, dos seus fillos e fillas — para que ningunha vítima teña que levar ás costas unha mochila que non lle corresponde, a das cargas e débedas de quen foi o seu maltratador. (*Aplausos.*) Como responsables políticos que somos, contribuíamos de verdade a baleirar esa mochila e permitamos a reparación do dano que lles permita continuar ás vítimas co seu proxecto de vida.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Primeiro, tamén un saúdo ás mulleres que nos acompañan hoxe no hemiciclo.

Efectivamente, esta iniciativa é esencial porque a violencia económica é unha das manifestacións menos coñecidas da violencia machista, pero persistente. É unha violencia exercida conscientemente, consistente en privar de recursos básicos para o seu benestar as vítimas, mulleres e crianzas, tanto no momento da convivencia en parella como tras a separación desta, que en moitos casos comeza precisamente coa separación. É unha violencia invisibilizada e difícil, certamente, de cuantificar, polo que a Administración debe volcarse en deseñar mecanismos para facela visible. Porque si está, efectivamente, recoñecida como tal na lei galega pero falta desenvolvela para poder loitar efectivamente contra ela.

Cabería sinalar un apunte inicial: que o fondo estrutural desa violencia económica é tamén a desigualdade de ingresos e patrimonio entre mulleres e homes, esa situación que ten orixe na distribución de roles de xénero tradicionais e que derivou na reprodución na esfera do traballo deses roles, asumindo as mulleres os empregos peor pagados —como se dixo no debate anterior—, ou sendo estes empregos de menor consideración precisamente por ser empregos de mulleres, tendo as mulleres máis redución de xornada ou parcialidade, temporalidade ou renuncia á vida laboral por coidado de crianzas ou persoas maiores, e sendo penalizadas na carreira laboral pola maternidade. Este é o fondo da situación de vulnerabilidade das mulleres, un conxunto de situacións que deriva nesa fenda salarial que fai que teñamos unha diferenza de salario no noso país de 5.480 euros anuais entre homes e mulleres.

Pero, claro, nas situacións de violencia machista, especificamente, é un factor fundamental de vulnerabilidade a dependencia económica do agresor. Isto mesmo pode impedir, como foi sinalado aquí, retrasar a saída dunha situación de maltrato —por iso si son esenciais as prestacións a vítimas, que o noso país ten activadas dende 2007—, pero tamén hai que ver esa segunda parte, na que enfocaba a interpelación a propoñente o pasado pleno, a de que, cando se dá o paso da denuncia, a violencia económica é un mecanismo de continuación da situación de violencia sobre as vítimas, sobre as mulleres e sobre os menores. É un mecanismo polo cal o agresor continúa en contacto coa vítima e exerce dominación. Tamén o é esa chantaxe en relación cos recursos cos que o proxenitor-agresor debe fornecer os menores, incluso con eses mecanismos sofisticados —digamos— de violencia de baixa intensi-



dade, de ir agardando ata o límite dos prazos para aboar as contías —por exemplo, dos pagos da pensión compensatoria—.

Pero mesmo se pode dar —como foi explicado— a situación de que a violencia económica apareza logo dunha situación dunha ruptura cando unha parella pon fin á unha relación na que non houbo maltrato. E, consecuentemente, a situación de violencia machista dáse ao final da relación de parella.

Dende logo que cómpre actuar. E aínda sabendo que a violencia de xénero é unha situación transversal a nivel socioeconómico, si cómpre protexer especialmente aquelas mulleres con menores recursos económicos que poidan estar incursas nese proceso e con maior vulnerabilidade para saír dunha situación de violencia, pero pareceunos especialmente interesante desta iniciativa poñer o foco precisamente no maltratador económico, en que é unha cuestión de dominación. Tamén, por suposto, atender a brutal violencia económica exercida sobre as vítimas de trata con fins de explotación sexual, como tamén teremos ocasión de falar neste pleno.

Nós apoiamos a moción, que propón aplicar exencións, deducións e bonificacións precisamente a quen as precisa. É posible tecnicamente facelo nun caso como o do exemplo que puxo de ter que asumir por completo unha vítima a hipoteca por impago do seu agresor.

Ademais, evidentemente, a extensión dos centros de información á muller. Pero, ademais deses centros de información á muller nos servizos sociais comunitarios, precísase potenciar recursos en materia de traballo social e educación social para programar conxuntamente dende os concellos programas —valla a redundancia— de sensibilización; campañas específicas para permitir ás mulleres identificar esas situacións de violencia económica, porque moitas veces é un impedimento non saber que se está nunha situación de violencia económica. Por suposto, garantir recursos habitacionais —sinalaba a propoñente noutra iniciativa esa confusión ás veces do que é un recurso de urxencia co que é un recurso habitacional—; é necesario aumentar os recursos habitacionais para garantir a autonomía das vítimas de violencia de xénero cando o precisen. Tamén nós consideramos patente, explícito e necesario rexeitar pactos políticos e calquera convivencia con quen nega a mesma existencia da violencia machista. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde e benvidas tamén as persoas que nos acompañan hoxe na bancada seguindo este debate.

Nós, desde o BNG, concordamos coa proposta que presenta hoxe nesta moción o Partido Socialista. Xa por adiantado, dicir que imos tamén apoiala. Cremos que é necesario ese rexeitamento claro que vostedes inclúen nese primeiro punto na parte resolutiva da moción; ese



rexeitamento firme de calquera pacto con forzas que neguen non só a existencia da violencia machista, senón a existencia mesmo de dereitos humanos e de dereitos fundamentais da metade da poboación, que é o que representamos as mulleres. (*Aplausos.*)

A discriminación, a desigualdade, calquera forma de violencia exercida contra as mulleres polo simple feito de que sexamos mulleres é unha violación dos dereitos humanos, porque o feminismo —e iso definiuno perfectamente dunha maneira moi sinxela Angela Davis— é esa idea radical de que as mulleres somos persoas. En tanto que persoas temos que ver garantidos os dereitos inherentes á nosa condición humana. E iso, no día de hoxe, nin sequera se está a cumprir no noso país por completo.

Pero pechar a porta a forzas totalitarias, a forzas políticas machistas, ten que ir máis alá de votar hoxe a favor dese primeiro punto da moción que presenta neste caso o Partido Socialista ou de aprobar propostas de resolución nesta cámara. Pechar a porta a forzas totalitarias e forzas machistas pasa por non abrírlles paso, por non comprarlles o discurso, por non asumir o marco no que queren instalar unha sociedade que ten avanzado moito grazas á loita de moitísimas mulleres, que nos permitiron a outras tantas que hoxe estamos aquí gozar de maiores e mellores dereitos que os que elas tiveron. E, sobre todo, pecharlles as portas a forzas totalitarias e machistas pasa tamén por políticas decididas, contundentes, valentes e, sobre todo, con perspectiva de xénero e feministas.

En relación coa violencia económica na que se centra o groso da proposta que hoxe debatemos, esta defínese na lei galega de 2007 —dicíao a señora Pierres na súa intervención— como unha forma máis de violencia machista, como a privación intencionada e non xustificada legalmente de recursos para o benestar físico ou psicolóxico das mulleres. Pero ollo: a nosa lei do ano 2007 circunscribía o exercicio desa violencia económica ao ámbito de convivencia e de parella; aquela que se produce no ámbito de convivencia da parella.

Estabamos falando antes de marchar comer da fenda salarial, do feito de que as mulleres cobren menos que os seus compañeiros homes por desenvolver o mesmo traballo. Cobran menos simplemente por seren mulleres. Esa definición de violencia económica exclúe, polo tanto, por exemplo, a fenda salarial. Déixoo aí para que vaíamos tamén ampliando quizais o marco e tamén facendo evolucionar, avanzar e actualizar a nosa propia lei.

Nese sentido —xa o dicía a señora Pierres na súa intervención—, a violencia económica, sobre todo aquela —como di a definición— que se circunscribe ou se encaixa dentro das relacións de parella, rematara ou non a convivencia, ten exemplos como non pasar a pensión ou demoralala regularmente de maneira intencionada co obxectivo de instrumentalizar, por outra banda, as crianzas como un elemento a través do que exercer violencia contra as propias mulleres. Fala de non facer fronte, por exemplo, a débedas conxuntas ou sobre as que teña algún tipo de responsabilidade a muller. Comeza moitas veces —como dicía a señora Pierres— despois dos procesos de separación e de divorcio e, nalgúns casos, despois de condenas previas —como ela tamén sinalaba— en casos de violencia machista. De facto, o impago das pensións está recollido desde o ano 2015 na lexislación estatal como unha forma de violencia machista a pesar de que non todos os casos, sobre todo aqueles que non contan cunha denuncia previa por violencia de xénero, son xulgados en xulgados —valla a redun-



dancia— específicos de violencia machista. A propia presidenta do Observatorio de Violencia de Xénero do Poder Xudicial ten pedido en mais dunha ocasión que se clarifique a propia lexislación para rematar con esta situación.

Nós concordamos coas iniciativas que hoxe se recollen nesta moción e imos apoiala. E insistimos niso: en que a violencia económica é unha forma máis de violencia machista consistente en limitar a capacidade de autonomía e a independencia económica das mulleres. Pero éo dentro da parella e tamén se se exerce fóra dese ámbito familiar ou afectivo-sexual.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Común da Esquerda, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Quero tamén saudar as mulleres que nos acompañan hoxe, que fan un traballo imprescindible.

Nós tamén adiantamos que imos votar a favor desta moción, por suposto. Algúns dos puntos lévannos de novo ao debate que tivemos esta mesma mañá na comparecencia do señor conselleiro. O primeiro punto, en concreto, para nós é fundamental porque estamos nun momento clave, nun momento de emerxencia. E cremos que nunca se vai insistir o suficiente ata que dende o Partido Popular se clarifique esta cuestión, que, na nosa opinión, coas explicacións que dan ata o de agora non se aclara. Porque, en realidade, cando se pacta con estas forzas que están lanzando discursos de odio e conseguindo colocar na axenda mediática discursos que van directamente contra a metade da poboación e que, por sorte, levaban moitos anos afastados, pois estase axudando a que se normalicen actitudes tremendamente machistas.

A violencia económica, por desgraza, —como aquí se mencionou— é unha violencia máis descoñecida, máis silenciada. En realidade, todas as violencias que escapan da violencia e as agresións físicas son moito máis ocultas que o resto de violencias machistas, pero non por iso menos daniñas. Hoxe, nin se coñece a cantidade de violencia que hai neste sentido nin tampouco hai todas as medidas necesarias para resolver esta situación.

Nós coincidimos con todos os puntos da moción, aínda que si queriamos facer algún apuntes nalgúns dos puntos. Por exemplo, respecto do punto catro, no que concordamos pero cremos que os CIM necesitan máis recursos, porque para levar adiante todas as tarefas que xa teñen e outras máis necesarias cremos que hai que reforzar os recursos dos que dispoñen. É algo no que sei que coincidimos coa voceira do Partido Socialista; temos falado desta cuestión en moitas ocasións e tamén falabamos pola mañá. É verdade que todo o mundo ten que pular para que funcionen os CIM; os concellos, por suposto, as deputacións, por suposto, e tamén a Xunta de Galicia. Pero, ben, si que é verdade que a Xunta de Galicia non está escoitando moitas das reivindicacións que están facendo as traballadoras dos propios CIM, que están falando, por exemplo, de cuestións que nin sequera teñen que ver coa



cuestión económica, que é importante, senón tamén de coordinación. A coordinación tamén axudaría a que moitas das tarefas que fan se levasen adiante, ou simplificar os trámites burocráticos ou todas estas cuestións.

No relativo ao estudo específico, por suposto o que non se coñece é moi difícil de solucionar e —como dicía— é unha violencia que está totalmente silenciada. Moitas veces eu creo que cando falamos de violencia económica pomos o foco na violencia sobre as mulleres que ven privados os seus dereitos máis básicos, como os seus recursos económicos máis básicos. Pero hai todo esoutro tipo de violencia, que é unha dependencia, unha chantaxe emocional constante, como o tema das pensións de alimentación —como dicía aquí tamén a voceira do Partido Socialista—. Moitas veces é algo que se recrúa despois da separación. E con todo iso están tendo que lidar as mulleres en solitario. Porque moitas veces —o que dicía, o que xa se comentou de que non é unha cuestión que ao mellor está dentro dos prazos legais— hai que esperar ao último día para que a muller teña que estar exixindo, pedindo, solicitando. En relación con todo isto, con todos estes vínculos que teñen que manter as mulleres obrigatoriamente co seu maltratador, cremos que a administración debe de resolver todas estas cuestións para evitar que as mulleres teñan que verse en situacións como estas.

E logo tamén hai que partir de cal é a base e o problema estrutural. E o problema é, por suposto, a sociedade tremendamente machista, onde hai moitos homes que se cren coa capacidade de poder exercer poder e violencia sobre as mulleres, polo mero feito de seren homes e polo mero feito de elas seren mulleres. Pero o que tamén está na base é que as mulleres teñamos os peores empregos e tamén que esteamos facendo todo ese traballo gratuito. Porque as mulleres, na relación de parella, moitas veces ocúpanse de todo o traballo de coidado das crianzas de maneira gratuita, con todas as dificultades que ten despois no momento da separación incorporarse de novo ao mercado laboral. Cremos que a administración aí tamén ten que facer: buscar os recursos de vivenda —que xa falabamos pola mañá as cuestións que hai que mellorar— pero tamén buscar eses empregos de calidade e estables, porque moitas mulleres despois só teñen acceso a empregos precarios, temporais e aos peores empregos.

Algo que tamén compartimos —e que moitas veces cando falamos de igualdade esquecemos— é pór o foco nos homes, porque esta cuestión é de todas e de todos; témolo falado moitas veces, e ás veces esquecémolo cando facemos as campañas de sensibilización, cando facemos os estudos.

Pois, ben, creo que esta moción si que nos alerta e nos pon nun camiño que cremos que é o que temos que seguir, e por suposto imos votar a favor.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Miguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Boas tardes.





Constantemente están traendo a colación grupos políticos que non teñen representación nesta cámara, e nós o que lles imos pedir aos galegos e ás galegas é que unha vez máis nos sigan apoiando para seguir avanzando neste país en materia de igualdade e en todos os demais eidos, como así o fixeron. Saben que os galegos e as galegas nos deron o seu apoio sempre durante os doce últimos anos, e así llelo pediremos no seu momento. *(Aplausos.)*

Se falamos de pactos —que a vostedes lles vale calquera tema hoxe para falar de pactos—, eu creo que foi o líder de Podemos, o señor Pablo Iglesias, quen dixo que azoutaría unha muller ata que sangrase. E eu preguntolle ao Partido Socialista de Galicia: ¿vai o Partido Socialista de Galicia rexeitar que o Partido Socialista pacte con Podemos? ¿Vai o Partido Socialista de Galicia rexeitar que o Partido Socialista pacte con partidos políticos independentistas radicais e incendiarios que están atentando contra os dereitos de moitas persoas, homes e mulleres, polo feito de pensar distinto? *(Aplausos.)* ¿Vai o Partido Socialista de Galicia rexeitar que o Partido Socialista pacte con partidos políticos proetarras que non condenaron a violencia e o asasinato de tantos e tantos inocentes? Porque se vostedes o esqueceron, señorías, nós, dende o Partido Popular, non o esquecemos. *(Aplausos.)* Iso non lle debe parecer á señora Rodil unha violación dos dereitos humanos, a condena dos asasinatos, senón que máis ben se fan fotos con eles, enxalzando estes terroristas asasinados —que son uns terroristas asasinados—, e vostede non fala da violación dos dereitos humanos. *(Aplausos.)* Cansos estamos, señorías, do seu discurso. *(Protestas.)* ¡Cansos estamos, señorías!

Fan vostedes unha política feminista de pacotilla. *(Murmurios.)* *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. Señora Rodil, silencio.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** E digo ben, política feminista de pacotilla, porque meten no punto número 1 unha e outra vez... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...e en vez de falar de violencia de xénero, veñen aquí falar do que lles interesa.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Pero cando teñen que apoiar e rexeitar realmente este negacionismo contra a violencia machista, non o fan. Nós trouxemos ao debate do estado da Autonomía —que o saiban— a representantes de Fademur e dos CIM, aos que quero darlles a en hora boa polo seu traballo e dicirlles que ben saben que a Xunta de Galicia está da man do rural, está da man das mulleres e dos homes para que poidan saír deste círculo de violencia.

Dende logo, dende o debate do estado da Autonomía o Partido Popular presentou unha proposta onde se condenaban explicitamente os posicionamentos negacionistas que pretenden desvirtuar a dura realidade das vítimas de violencia de xénero. ¿Que fixeron vostedes? Non apoiáala. *(Aplausos.)* Pero, ademais diso, tamén lles pedimos consenso para traballar polo pacto de Estado e chegar a un pacto galego, e tampouco o apoiaron. O PSOE non apoiou todas estas iniciativas, co cal eu creo que é moi importante saber onde estamos e saber onde temos que poñer o foco. Eu vou falar agora, realmente, do importante que é o que nos trae hoxe aquí, que é a violencia de xénero.



Con respecto a estas figuras impositivas —exencións e deducións fiscais— que vostedes propoñen na súa PNL, eu quero dicirlles que eu creo que a resposta a deixou moi clara o vicepresidente da Xunta de Galicia no anterior pleno. Por unha banda, hai unha medida que non se está levando a cabo —¡faielles graza!—, a medida 249 do pacto de Estado contra a violencia machista, e non pode facerse pola súa incompetencia no Goberno do Estado. Danlles ás comunidades autónomas os cartos para levar a cabo as medidas contra a violencia machista, pero, en cambio, cando vostedes teñen que facer o seu traballo, non o están facendo a nivel estatal.

Para as campañas de sensibilización, información, asesoramento e recursos que vostedes solicitan, lémbrolles tamén que foi no ano 2016 cando, no debate do estado da Autonomía, o Partido Popular propuxo un programa específico de inserción laboral para as vítimas de violencia de xénero, e vostedes tamén votaron en contra.

Para relatarlles concretamente que é isto da violencia económica, da que moitas veces estamos escoitando que non hai datos, que non hai estatísticas, e non é certo, hai unha macroenquisa do ano 2015 do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais que o que indica é que só un 3,3 % das mulleres vítimas de violencia de xénero indicaron que sufriron violencia económica, fronte á violencia física, psicolóxica ou sexual. A conclusión é moi clara: ás vítimas de violencia de xénero son mulleres que traballan, que estudan, e que non se atopan en risco de pobreza e non dependen economicamente dos seus maltratadores. Debemos coñecer ben os informes, os estudos, para centrar o foco, e, por suposto, hai que darlles resposta a ese 3,3 % de mulleres que sofre esta violencia económica, pero o foco debe centrarse e debe ampliarse moito, moito máis alá.

O título da película, neste senso, sería *Consellos vendo que para min non teño*. Das trescentas setenta medidas do programa electoral do Partido Socialista, nin unha soa fala de violencia económica. Exactamente igual que no último programa electoral do Bloque Nacionalista Galego, pois das catorce medidas e cincuenta e unha páxinas, nin unha soa fala de violencia económica.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** As Mareas de Podemos exactamente na mesma liña.

Polo tanto, creo que o traballo dende a Xunta de Galicia está moi claro en inserción laboral, en recursos económicos para as vítimas. As persoas, as profesionais dos centros de información á muller saben ben do que falo. Os recursos nas casas de acollida e na atención aos orfos, iso é o que nos debe de importar nesta Cámara e polo que debemos traballar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da moción, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Acaban de dicirme: «tranquila, María». Realmente, vou quedar tranquila, porque contestarlle á señora García, sinceramente, para min é unha perda de es-



forzo que non merece nin un só segundo. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. ¡Silencio, por favor! (*Protestas.*) Cada persoa é libre de manifestarse. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Alá cadaquén co que diga! Iso por suposto. ¡Silencio! Liberdade. Silencio, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ¡Que soberbia, si señor, señora Prado! ¡Que soberbia!

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, se non, suspendemos un momento. Imos ir tranquilos. Acaban de entrar agora uns estudantes e eu creo que debemos dar unha mellor imaxe nun tema coma ese. (*Murmurios.*) Silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Por favor! Imos manter a calma.

Prosiga, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Se a moderación é soberbia...

Hoxe o que nos satisfai ao Partido Socialista é descubrir que se entendeu o espírito desta iniciativa, ao menos nesta bancada, non así na do Partido Popular. Para este grupo é —e era— fundamental frear que ao feito de ter sufrido violencia durante unha relación de parella se engada outro tipo de violencia que lles impida ás vítimas seguir adiante cos seus proxectos de vida. Para nós é fundamental non perpetuar a vinculación cos que foron ou son agresores no tempo. Este tipo de situacións non só afecta ás vítimas, senón tamén aos fillos e fillas ao seu cargo.

Insisto, durante a comparecencia do conselleiro de hoxe falouse do apoio psicolóxico ás vítimas nas primeiras fases, pero tamén nas últimas, se é que hai últimas fases, e diso vai tamén esta moción. Póñanse, por favor, no caso de que vostedes fosen secuestrados e secuestradas, que durante o seu cativerio fosen violados e violadas, que durante ese cativerio fosen agredidos e agredidas, e pensen que de ser liberados, de ter esa sorte, tivesen que comunicarse logo co seu agresor un mínimo dunha ou dúas veces ao mes. ¿Cren sinceramente que dese modo conquerrían superar psicolóxicamente o trauma? Pois ben, esa é a realidade de moitas mulleres, señor Pazos, que sendo vítimas por unha violencia física padecen unha segunda revitimización a través da violencia económica. Son mulleres cativas, cativas dos seus agresores, e nós temos e tiñamos a posibilidade de aliviar a súa carga... (*Aplausos.*) ...facéndoo dende a xustiza social, esa á que aspiramos que sexa a que represente a unha sociedade moderna como debера ser a galega, concienciada do drama que viven moitas mulleres no noso país.

Alégrome de que hoxe... ¡Bueno, alégrome! Son tan inocente que tiña escrito en positivo, ¡que optimista son! Agardo que algún día a nosa Autonomía amose unha madurez política suficiente como para traballar por deseñar eses cambios nas medidas fiscais que permitan facilitar o camiño de recuperación das vítimas e, por suposto, non lastrar as oportunidades de futuro dos menores que viven e padecen tamén esas violencias.



Insistimos en que se ben as axudas periódicas son fundamentais, evitar tamén as trampas da violencia económica, máxime cando se coñece a condición demostrada dun home como agresor, debera ser outro dos obxectivos deste Goberno. Lembremos tamén que unha muller solvente tamén pode ser vítima de violencia económica, simplemente porque o agresor vai atopar nese uso da chantaxe dos impagos e das obrigas comúns, ou incluso da subtracción de cartos das contas comúns, a razón para que a súa vítima siga ligada dalgún modo a el. Un dominio que se podía ver rebaixado aplicando cambios a nivel impositivo e fiscal.

Hoxe, en todo caso, solicitamos cambios que impliquen a Administración autonómica, que penso que debería ser a preocupación primeira deste goberno. Se existen fórmulas de contribuír dende as competencias autonómicas, eu pídolles que non as desdeñen e que as poñan en marcha.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

*(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)*

Si, señora Rodil, ¿para que quere a palabra? Déanlle voz ao escano da señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** En base ao artigo 76.3, por alusións que fixo a señora Míguez durante a súa intervención que afectan moito a dignidade do noso grupo. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, ela fixo... Perdón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu estiven no debate *(Murmurios.)*

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Esa señora acusounos dun delito.

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, ¡por favor! Vou contestar eu porque estaba no debate e estaba atento. Señor Vega, por favor, estou falando eu, un pouco de respecto. Eu estiven atento ao debate. A señora Míguez fai unha afirmación...

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Falsa.

**O señor PRESIDENTE:** ...Non, non é en principio rebatible, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Fixo unha afirmación dunha persoa que neste caso está condenada pola Audiencia Nacional. *(Protestas.)*

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Non, iso é... Ben, eu non vou poñerme aquí a debater iso. Fixo unha afirmación sobre o noso grupo...

**O señor PRESIDENTE:** É o que eu escoitei. Non mencionou especificamente...

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...afirmando que nós non condenabamos a violencia terrorista. E é falso, absolutamente falso. ¡Mentira! *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Non, grazas. Xa está, xa está. Silencio, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ¡Mentira! E ademais de difamatorias e falsas, atentan contra a dignidade de moitísimas, moitísimas... *(A señora Rodil pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Rodil, terminou o seu tempo. Grazas, xa está. Non procede, señora Rodil. *(Protestas.) (Aplausos.)*

Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Un pouco de tranquilidade. Tranquilidade para todos.

Imos votar, pero antes de votar imos saudar a quen hoxe nos visita *(Murmurios.)* —se lles parece ben, señora Prado, por favor—... Digo que imos saudar, se lle parece a vostede ben, a quen hoxe nos acompaña na tribuna, que son os alumnos dos ciclos de Xestión Administrativa e de Administración e Finanzas do Instituto Perdouro, de Burela, Lugo. Benvidos ao Parlamento. Lamento que viñesen neste momento porque non é o normal, pero coincidiu hoxe así a cousa. Síntoo, láméntoo moito.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións. Imos votar.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores.

Acéptase como engádega a emenda do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda e tamén se facilita a votación por puntos. Xa manifestou a señora Prado que permitía a votación por puntos.

*(A señora Romero Fernández pide a palabra.)*

Si, señora Romero, ¿que puntos quere separar?

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Queremos votar a iniciativa orixinal do Bloque Nacionalista Galego sen a emenda, polo tanto é o punto 1, 2, 3, 4, 5, 6A e 6B, e despois o que supón a engádega do Grupo Común da Esquerda.

**O señor PRESIDENTE:** Entón votamos primeiramente os puntos 3, 4, 5, 6A e 6B. ¿Correcto? *(A señora Romero Fernández responde negativamente.)* ¿Todo sen a emenda? *(A señora Romero Fernández responde afirmativamente.)* Todo sen a emenda. Votamos.

*Votación dos puntos 1, 2, 3, 4, 5, 6A e 6B da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a moción por 69 votos a favor.*

**O señor PRESIDENTE:** Agora estou eu confuso, teño que preguntar. ¿Temos que votar a emenda ou non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿A engádega? *(Murmurios.)* A ver, claro, é que este é o problema, agora vén o problema.

¿Temos que votar a engádega, señora letrada? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*  
¿Perdón?

Ela ten dúbidas tamén e vostede xa o sabe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En fin, ela ten as súas dúbidas e estoulle preguntando, e eu téñoas. ¡Vostede xa o sabe todo! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Tena que votar? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Si?

Para maior seguridade xurídica dixó que si, que a imos votar. *(Murmurios.)* Só para maior seguridade xurídica. *(Murmurios.)*

Ben, pois votamos esa engádega.

Presentes na sala, 70; subiu un voto. *(Murmurios.)*

Ben, non sei, alá cadaquén. Xa saben que despois os votos se publican no Portal de Transparencia. Eu só comunico isto para que todo o mundo o saiba.

*Votamos.*

*Votación da emenda de adición do G. P. Grupo Común da Esquerda á Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación laboral en Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta engádega.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, iniciativa de dona María Luisa Pierres López.

Non se presentaron emendas.



Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa protección da capacidade económica das persoas menores e vítimas de violencia de xénero.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos. Pasamos xa ao punto 4 da orde do día: proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D<sup>a</sup> Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa introdución da educación afectivo-sexual no ensino**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei hai unha emenda do Grupo Parlamentario Mixto e outra do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

*(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei (doc. núm. 44404).*

*Emenda de engádega.*

*Débese engadir o seguinte texto:*

*«Deste xeito, desenvolveranse os seguintes puntos:*

- 1. Elaborar, de xeito participado coa comunidade educativa, un Plan Galego de Educación Afectivo-Sexual en 2020.*
- 2. Desenvolver programas piloto para a integración da Educación Social e da Enfermería Escolar nos centros educativos, na medida que son figuras fundamentais para a implementación da educación afectivo-sexual no eido educativo.*
- 3. Elaborar materiais didácticos sobre educación afectivo-sexual.*
- 4. Impulsar un estudo sobre a influencia da pornografía mainstream na infancia e adolescencia galega en relación coa difusión de roles de xénero tradicionais e condutas sexistas e de dominación.*



6. *Impulsar campañas específicas de concienciación de bo uso da Internet, sobre os riscos do sexting e sobre a ciberviolencia de xénero e sexual.*

7. *Impulsar campañas específicas dirixidas á infancia para a identificación por parte das crianzas de condutas de abuso sexual sobre elas.*

8. *Recuperar o carácter dos centros Quérote como rede de información afectivo-sexual á mocidade e impulsar a colaboración dos mesmos cos centros educativos».)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada María Antón Vila-sánchez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 44404).*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituir o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a buscar a colaboración doutras institucións e entidades, nomeadamente das universidades galegas, para deseñar novas medidas orientadas a potenciar a educación emocional e afectivo-sexual en todos os niveis do ensino galego».*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Señora García Míguez, ten aínda vostede tempo de rectificar e pedir desculpas. Dignificaríaa rectificar. *(Murmurios.)* En política, señora Míguez, non vale todo. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Murmurios.)* Silencio. *(Murmurios.)* Silencio. *(Murmurios.)*

**A señora CHAO PÉREZ:** ¡Mira que están participativos e participativas as deputadas do Partido Popular! ¡É que é unha cousa increíble! *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. *(Murmurios.)* Calma. *(Murmurios.)*

**A señora CHAO PÉREZ:** Hoxe, dende logo, é estupendo ver o Parlamento con tanta xente nova, porque a iniciativa que traemos diríxese especificamente á mocidade. Unha iniciativa que consideramos fundamental no combate contra as violencias machistas... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Chissst!

**A señora CHAO PÉREZ:** ...que —á vista está— non interesa moito.

Falamos, unha vez máis, da necesidade de converter as aulas nun lugar preferente de transformación social, un espazo de destrución do machismo dende os primeiros anos de vida e de fomento da igualdade e respecto ás diversidades. Neste senso, a educación afectivo-sexual





ten unha importancia capital. A lóxica é evidente: é na etapa escolar onde as nenas e nenos desenvolven a súa identidade sexual, e é tamén esa etapa na que van ter as súas primeiras relacións afectivo-sexuais, é a etapa na que aprenden condutas e asumen os roles tradicionais asociados ao xénero. Son anos, polo tanto, nos que a Administración non debería escatimar recursos para un futuro en igualdade —si—, pero tamén para un presente en igualdade para as mozas e mozos en igualdade e felices. Nós queremos nenas e nenos felices, mozas e mozos felices; sexan quen sexan, amen a quen amen. Unha infancia feliz, libre, na que noticias como a que lemos a semana pasada en Carballo non teñan lugar, na que nunca se repitan agresións homófobas como a da semana pasada. Se é que que haxa menores que agriden dúas mozas por estarse bicando non nos leva a actuar de inmediato, deberemos repensar que estamos facendo nunha Cámara coma esta. E neste extremo hai que ser claros e contundentes: non, non valen as medias tintas. ¡Fóra xa, inmediatamente, a propaganda ultra de Hazte Oír dos centros de ensino! ¡Fóra xa! Non o deixamos á vontade dos centros de ensino, ¡retirámola!

Na defensa da igualdade non imos permitir un só paso atrás —poden aínda no Partido Popular rectificar—. A igualdade non é opcional, a loita contra as múltiples violencias machistas non é opcional. Falamos de dereitos humanos fundamentais e estes non poden depender de se ao centro lle parece ben ou non lle parece ben, dos equipos directivos ou das familias, como pretenden os mensaxeiros do odio. O machismo apréndese; a igualdade e o respecto ás diversidades, tamén. É dicir, o momento de actuar é precisamente agora.

A igualdade real constrúese a partir da prevención e a educación, aplicando os marcos teóricos e prácticos que defende a coeducación, a cal debería ser o principio reitor de calquera sistema de ensino nunha democracia. A dita coeducación debe sustentarse nos preceptos da igualdade entre homes e mulleres e na non-discriminación por razón de sexo, e debe incluír unha educación afectivo-sexual en todos os niveis educativos que permita desenvolver unha sexualidade baseada no respecto e na igualdade real entre mulleres e homes, na identidade de xénero, na aprendizaxe da resolución dos conflitos sen violencia e no ensino en valores de igualdade e equidade no que todas as persoas teñan cabida.

Por iso estamos defendendo esta proposta: unha educación en diversidade afectivo-sexual e de xénero como garantía de respecto, empatía e liberdade; na liña, nin máis nin menos, que vén marcando a Unesco. No informe 2018, *Orientacións técnicas internacionais sobre educación e sexualidade: un enfoque baseado na evidencia*, a Organización das Nacións Unidas para a Educación ofrece unha nova definición da educación integral en sexualidade. Di que a educación integral en sexualidade é un proceso que se basea nun currículo para ensinar e aprender acerca dos aspectos cognitivos, emocionais, físicos e sociais da sexualidade. O seu obxectivo é prover as nenas, os nenos e a mocidade con coñecementos, habilidades, actitudes e valores que os apoderarán para realizar a súa saúde, benestar e dignidade; desenvolver relacións sociais e sexuais respectuosas; considerar como as súas eleccións afectan o seu propio benestar e o dos demais, e entender cales son os seus dereitos ao longo de toda a vida para asegurarse de protexelos.

A educación integral en sexualidade que propón a Unesco caracterízase por ser científica-mente precisa; isto é, baseada na evidencia, non opinable, gradual, adecuada ás idades e



etapas de desenvolvemento de todas as nenas e nenos, rapaces e rapazas, favorable á satisfacción dos dereitos humanos e con base na igualdade de xénero. Por iso, parécenos un moi bo punto de partida para repensar cales son as ensinanzas en educación afectivo-sexual que está recibindo a mocidade galega.

Segundo os profesionais da Sociedade Galega de Sexoloxía, a educación afectivo-sexual tería que comezar aos tres anos e estenderse ao longo de toda a vida educativa ata a universidade —algo que non sucede neste país—. En Galicia, a educación sexual redúcese unicamente aos cursos e talleres que se imparten dende a rede de centros Quérote+ e outras asociacións que o fan voluntariamente. Que isto é claramente insuficiente díño, en primeiro lugar, o propio sentido común; e, segundo, os propios datos estatísticos dos que dispoñemos, que son preocupantes. En primeiro lugar, máis do 80 % dos mozos e mozas de entre trece e dezaoto anos pensa que está «ben» ou «moi ben informado» sobre a sexualidade; porén, un 9 % deles admite non usar nunca métodos anticonceptivos. Outro dato: o 21 % das rapazas —a quinta parte— reconece ter recorrido á píldora do día despois ou a outro anticonceptivo de urxencia. Outro dato: o 3,6 % dos adolescentes de entre trece e dezaoto anos afirman ter quedado embarazadas ou ter provocado un embarazo.

A educación integral en sexualidade impartida por profesionais ao longo de toda a vida dos estudantes permitiría claramente reducir estas cifras. Hai moi boas razóns, polo tanto, para repensar cal é a formación que estamos impartindo hoxe en Galicia e para adoptar todas as indicacións formuladas pola Unesco. Nós pensamos que, claramente, é unha formación escasa; escasa por chamarlle algo porque —fíxense— hoxe, neste país, neste curso, só vinte e seis centros educativos están formando parte do Plan Proxecta de educación sexual. Ese é o único plan que temos estable, que non depende de que se queira ou non sei queira facer. O único plan específico de educación sexual que se imparte nos colexios pola Consellería de Educación é este, o Programa Quérote Máis, que afecta vinte e seis centros de ensino de toda Galicia. Vinte e seis centros de ensino dun total de mil catrocentos, unha cifra que claramente é insuficiente, non se pode ocultar que o estamos facendo mal.

A educación, polo tanto, escasea, isto é un problema ante o que a Administración ten a obriga de actuar, porque canta máis educación afectivo-sexual reciben as rapazas e rapaces menos riscos corren e máis capacidade de resposta teñen. De feito, segundo a Organización Mundial da Saúde, nos países cunha educación sexual regrada, dependente da Administración pública, a iniciación sexual é máis tardía, hai menos embarazos non desexados e menos enfermidades de transmisión sexual; é dicir, mellora as súas vidas e por ende mellora toda a sociedade. Queiramos ou non —xa o temos advertido noutras ocasións— as nenas e nenos van acceder á información sobre o sexo, xa que agora téñena cun só clic en páxinas web, a través de Youtube, ou directamente a través da industria do porno. E aí están recibindo información que non só non é veraz, que non só vai provocarlles distorsións para adaptar as súas previsións á realidade; é que tampouco —e sobre todo— non é igualitaria.

Traballar para a sociedade en igualdade que queremos, polo tanto, implica que as nenas e nenos aprendan sobre a identidade e diversidade sexual, sobre consentimento e sobre desexo, sobre anticonceptivos, sobre saúde, sobre as relacións afectivo-sexuais libres, igualitarias, alonxadas das violencias machistas. E aquí a Administración educativa ten a obriga de dar un paso adiante,



pode facerse, temos as competencias e exemplos claros que se desenvolveron noutras comunidades, como o Programa skolae, en Navarra; ao que, por certo, o Partido Popular non só se opuxo, senón que o perseguiu, calumniou e sinalou unha e outra vez os seus responsables. Isto facíao o Partido Popular. ¿Que facía a Unesco? Darlle o premio a este programa como o mellor exemplo de programa de igualdade nese ano. Nós somos máis de estar coa Unesco.

A cuestión é clara: ¿que imos facer en Galicia agora para mellorar a educación afectivo-sexual entre a xente nova? ¿E por que non se fixo ata o de agora? De verdade, non o podemos entender. De feito, cando preguntamos sobre isto á conselleira de Ensino, hai cinco meses, non veu responder esta cuestión mandando outra conselleira contestar. Preocúpanos. Porque nisto, como en todo, non facer nada é facer; non educar en educación afectivo-sexual e familiar e en identidade de xénero é un modo de perpetuar unha sociedade heteropatriarcal, baseada na falta de empatía, o descoñecemento e a invisibilidade. E o peor de todo é que todo acaba traducíndose en odio, en agresións, en sufrimento e infelicidade para as nenas, nenos, mozas e mozos deste país. Asegurar a invisibilidade da diversidade e afastar o alumnado do coñecemento xera nos menores e adolescentes medos que se traducen en agresións e violencia cara aos seus iguais; pero que se pode combater, que é doado de combater.

O movemento feminista lévao dicindo moitas décadas: educación sexual para decidir. Así o piden tamén os profesionais e as profesionais do ensino cada vez que son preguntados sobre esta materia. Así o din os profesionais da saúde, e cada ano o movemento estudantil reivindica a necesidade de incluír a educación afectivo-sexual nos seus currículos; é dicir, o consenso é amplo, o consenso está aí fóra.

Por iso presentamos esta iniciativa na que instamos o Goberno galego a adoptar as indicacións da Unesco e garantir que os rapaces e rapazas conten na escola con educación afectivo-sexual dende os tres anos ata a universidade. En realidade, habería unha única pregunta que podemos formular: ¿cal é o medo a educar en igualdade e diversidade? ¿Que podemos perder? ¿Como é posible que ata o de agora non o esteamos facendo? Se educando en diversidade afectivo-sexual gañamos todos, gaña toda a sociedade; e teremos, dende logo, un futuro máis feliz, máis igual e máis libre.

Pola nosa banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, imos apoiar esta iniciativa, por suposto. A sexualidade é unha dimensión fundamental dos seres humanos, mesmo como especie, incluso o desenvolvemento da afectividade e da sexualidade dun signo evolutivo. Polo tanto, debe ser tratada con normalidade e naturalidade, comezando por integrar a educación afectivo-sexual no ensino dende a infancia ata o final da adolescencia.

Como sinalou a propoñente, a Unesco propón un enfoque que está baseado, efectivamente, na evidencia científica da educación integral en sexualidade, de xeito que se traballen no cu-



rrículo educativo os aspectos cognitivos, emocionais, físicos e sociais da sexualidade. Isto ten como obxectivo desenvolver as persoas — neste caso, as persoas menores — en todas as súas dimensións, tamén na afectivo-sexual, o que está relacionado, por suposto, coa saúde, co benestar e coa dignidade. E esta educación afectivo-sexual prepara a infancia e adolescencia para desenvolver relacións afectivo-sexuais baseadas na dignidade, no respecto e no benestar propio, no benestar doutras persoas e no respecto aos dereitos reprodutivos e sexuais.

En fin, a educación afectivo-sexual debe graduarse, por suposto, segundo a evolución das persoas. Pero é importante que comece xa na infancia, arredor dos tres anos, porque é cando se produce ese proceso de adscrición de xénero por parte das crianzas. Entón, cómpre que no eido educativo estean garantidos os valores de igualdade. ¿Por que? Precisamente para previr o machismo, para previr esa adscrición de roles diferenciados para cada xénero, que é algo inevitable na medida en que vivimos nunha sociedade machista, pero a escola debe axudar a evitar que se entenda que por ser neno ou nena se debe optar por determinadas actividades e a escola debe tamén contribuír — como dixo a propoñente — a garantir que os nenos e nenas LGTBI desenvolvan con naturalidade a súa identidade de xénero. Por iso tamén dicimos fóra dos colexios eses panfletos de Hazte Oír. A isto axuda a educación afectivo-sexual, e, loxicamente — isto tamén o queremos resaltar —, non pode practicarse con normalidade nos colexios que de partida segregan por sexos.

O paradoxo hoxe é que as nosas crianzas de 3 ou 4 anos enseguida reciben mensaxes de a ver se teñen mozo ou moza, pero non educación no colexio sobre a súa afectividade e sexualidade. Así que, lonxe de garantirse esa educación integral sexual no ensino.

Como foi dito na exposición de motivos, a través dos centros Quérote realízanse campañas, pero son insuficientes no territorio, e lembramos, ademais, que foron desvirtuados polo Partido Popular.

Como no resto do mundo, o que está gañando é a tendencia pola cal a infancia e a adolescencia accede cada vez máis á sexualidade a través do visionado de pornografía nos dispositivos electrónicos. Considérase que se inicia esta visualización de contidos pornográficos aos oito anos e que se xeneraliza dende os catorce. Se xa é difícil procesar por unha mente infantil e adolescente o acceso a contidos pornográficos sen ter unha previa información sobre o que significa a sexualidade, canto máis o é acceder á pornografía de carácter violento, onde hai actitudes de dominación. Polo tanto, isto é algo moi preocupante, cómpre facer un estudo e ver se está relacionado con ese aumento do machismo na adolescencia. Pero a solución, evidentemente, non é prohibir, non é poñerlle portas ao campo, senón que a través desa educación afectivo-sexual no ensino se pode traballar neste aspecto nas idades correspondentes. É certo que son naturais as dúbidas e a sensación de clandestinidade no descubrimento do sexo por parte das adolescentes, pero o problema actual é esa sensación de sabelo todo por esa profusión de información e contidos na internet.

A educación afectivo-sexual — como se dixo — tamén é esencial para combater embarazos non desexados e enfermidades de transmisión sexual, que están aumentando preocupantemente entre a mocidade. E, finalmente, non menos importante consideramos que a educación afectivo-sexual no colexio pode contribuír de xeito contundente a previr o abuso sexual



infantil, na medida en que dá ferramentas ás propias menores para detectar condutas de abuso. Non vai erradicar, desgraciadamente, todos os abusos sexuais da infancia, pero é importante que as crianzas teñan mecanismos para identificar signos iniciais de condutas de abuso para poder denuncialos. A nós parécenos un aspecto importante.

Estamos de acordo, por suposto, coa proposición non de lei, de avanzar no marco das directrices da Unesco, e as emendas que fixemos van no sentido de como implementala. Consideramos que a través dun plan de educación afectivo-sexual participado pola comunidade educativa, con programas piloto de integración da educación social e a enfermería escolar nos centros, porque este tipo de profesionais teñen mecanismos e aptitudes para poder atallar problemas e dúbidas en relación coa educación afectivo-sexual máis alá dos mestres, e tamén materiais didácticos. Precisamente un estudo sobre a influencia da pornografía nesas actitudes machistas na mocidade e campañas específicas de concienciación sobre o bo uso da internet e sobre os riscos do ciberacoso, do que tamén falaremos na seguinte PNL ou na última, que xa non sei que hora é hoxe.

Así que máis nada. Apoiamos a proposición non de lei pero incluíndo ese tipo de matices. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

O Grupo Parlamentario Popular presentou unha emenda a esta PNL porque hai unha clara vontade de seguir traballando nun eido tan importante e sensible como a formación afectivo-sexual. Efectivamente, como expón a proposición do Grupo Común da Esquerda, a Unesco revisou as súas orientacións técnicas internacionais sobre educación en sexualidade realizadas no ano 2009 para dar acomodo aos cambios e tendencias sociais, co fin de trasladar un documento que reflecta os retos e desafíos da sociedade do século XXI para encarar unha educación integral en sexualidade que proporcione —digo textualmente— «unha aprendizaxe estruturada na sexualidade e nas relacións dunha maneira positiva e centrada no interese superior dos xoves».

Este documento pretende ser unha guía para deseñar plans de estudo precisos e adaptados aos alumnos de 5 a 18 anos de idade, a través de conceptos clave en temas e obxectivos de aprendizaxe adaptados aos contextos locais e sociais. Aquí observamos unha pequena contradición na exposición da señora Chao, que fala de que queren seguir as liñas da Unesco e, sen embargo, vemos que os tramos de idade non corresponden exactamente coas directrices que marca esta organización.

A propia Unesco indica que o máis salientable destas novas orientacións é o seu carácter integral e o seu enfoque positivo. Ademais, a educación sexual atopa tamén un papel impor-



tante na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible, particularmente os referidos a sanidade e benestar, educación de calidade e igualdade de xénero.

Señorías, a acción de goberno da Xunta de Galicia coincide plenamente co espírito das orientacións da Unesco, pois o seu enfoque integral leva practicándose na nosa comunidade autónoma desde hai anos, mesmo o vimos esta mañá na intervención do vicepresidente, polo que, señora Chao, medo ningún, rigorosidade toda. Non podemos concordar con vostede na afirmación de que en Galicia a educación sexual se reduce a cursos e talleres que se imparten na rede de centros Quérote e outras asociacións, e vostede sábeo. Eu quero pensar que vostede o sabe, porque doutro xeito non se entendería que viñera aquí defender unha PNL desde a máis absoluta ignorancia do que está ocorrendo en Galicia.

Galicia defende o respecto á convivencia nas aulas, apostando por un ensino que aborda a atención á diversidade desde a normativa e a planificación de medidas en inclusión, en igualdade e innovación educativa. E permítame poñer exemplos que acompañan esta afirmación.

Estou segura de que o alumnado que a escoitou anteriormente quedou abraiado coa súa intervención, porque eles seguramente si que coñecen o que se está facendo nas aulas. Por exemplo, o Protocolo educativo para garantir a igualdade, non discriminación e liberdade de identidade de xénero; a Guía de identidade dixital, á disposición tanto de familias como de alumnado, docentes e quipos directivos; o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, deseñado en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade precisamente con ese enfoque integral, como tamén o comentou o vicepresidente esta mañá; a Guía coeducativa, que nos anunciou a conselleira que se estaba a elaborar, para contribuír a difundir e estender os principios da escola igualitaria, co fin de reducir o impacto de estereotipos de xénero e a violencia machista; a formación para alumnado e profesorado; a formación específica co módulo ICI, igualdade, convivencia e inclusión; actividades dentro do Plan Proxecta e outras accións. Maleta de igualdade, premios para a igualdade etc. Contratos programa, unha ferramenta que acaba de aprobar a súa convocatoria para este curso académico, na que se ofertan tres novos campos vinculados entre si: Iguálate, Convive, Inclúete. Materias de libre configuración autonómica, que, dende o ano 2016, cada ano se vai ampliando. Por exemplo, no 2016 ampliábase a igualdade de xénero, que presenta un bloque adicado exclusivamente ás relacións de xénero e á afectividade. No 2017 auméntase con valores democráticos europeos, asimilando os valores democráticos europeos aos que xorden da tradición ilustrada que deu lugar á Declaración universal de dereitos humanos: principios de igualdade, democracia, diversidade, para fomentar o respecto á inclusión. E a última ampliación, a coeducación para o século XXI, que entre outros contidos aborda a construción de identidades igualitarias.

E si, tamén os centros Quérote Máis, que realizan un gran traballo de asesoramento, formación e información en temas de autoestima, educación afectivo-sexual... Pero tamén se traballa dende a Consellería de Sanidade, por exemplo, na iniciativa Xente con Don, dentro do Plan Proxecta, ou para a creación do Protocolo de identidade de xénero.

Señorías, non vou estenderme máis comentando as accións que se están a desenvolver neste eido, e volvo ao principio, non sen antes comentar que non nos parece acertada —laméntoo,



señora Verao— a emenda de adición a esta PNL do Grupo Mixto, porque, facendo gala do seu nome, mestura moitas realidades que ou non se cinguen ao ámbito do ensino, ou xa se están realizando, ou xustamente van incluídas na emenda do Grupo Popular.

E remato xa. Para o Grupo Popular esta emenda representa un avance, quere avanzar cara á educación afectivo-sexual na escola. É unha emenda de adición porque, malia todo o feito e o que se está facendo, queremos seguir traballando para que o noso ensino continúe a ter como piares a diversidade, a igualdade, a inclusión e a innovación, na procura dun ensino de calidade, para que os galegos e as galegas do futuro sexan libres e donos do seu destino. Espero que acepten a nosa emenda.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo. Nós concordamos coa proposición non de lei que se debate agora, pero tamén é verdade que nos parece excesivamente xeral. Temos tamén presentada unha proposición non de lei sobre violencia sexual desde o noso grupo, desde o BNG, na que incluímos tamén unha parte que ten que ver coa educación integral en materia de educación afectivo-sexual, en materia de sexualidade e de diversidade. Cremos que, tal e como nós o formulamos, hai que partir dunha diagnose para coñecer cales son os resultados das accións que se teñen desenvolvido nos últimos anos; cal é o grao de coñecemento de contidos en materia de sexualidade e en materia de afectividade entre a infancia e a adolescencia; cales son os estereotipos que perviven, os prexuízos, os roles de xénero etc. Entendemos que, a partir de aí, a partir dese estudo, desa análise dos resultados, o que se ten é que elaborar un plan de educación integral, adaptado, efectivamente, ás distintas etapas educativas que abrangue o conxunto do ensino obrigatorio do noso país, e que se axuste, efectivamente —como se propón tamén desde esta proposición non de lei—, aos criterios que veñen marcando as organizacións internacionais, a Unesco ou, previamente tamén, o relator para o ensino das Nacións Unidas desde o ano 2013.

Cando formulamos a pregunta que trouxemos hai un ano máis ou menos, non me lembro, que respostaba a conselleira de Política Social, comezabamos facendo referencia a esa frase do feminismo radical de Kate Millett, de que o persoal político e a sexualidade, efectivamente, é unha cuestión que ten que ver coa nosa natureza humana, coa nosa condición humana, e está intrinsecamente ligada ao desenvolvemento da nosa personalidade. Ten unha dimensión persoal, ten unha dimensión social e, polo tanto, ten tamén unha dimensión política, a pesar de que creamos moitas veces que polo feito de que non se desenvolva un ensino regrado, desde o ámbito educativo, desde o ámbito público, en materia afectivo-sexual, por moito que creamos que é iso o que fai que a sociedade non estea informada, é falso, é unha enorme mentira, porque as persoas sempre somos informadas, por acción ou por omisión, sexa a través das escolas, sexa das familias, dos nosos iguais moitas veces, e, sobre todo,



polos medios de comunicación, de maneira que a decisión de non apostar de maneira decidida desde unha posición integral e estratéxica en materia de educación afectivo-sexual o que fai é que se implante o currículo oculto, como o definiu a Organización das Nacións Unidas, e que lle entreguemos un poder enorme que non lle corresponde a esa grande industria da pornografía, que se ten convertido nos últimos anos, practicamente, en fonte de información única para a mocidade e para o conxunto da sociedade do noso país. Primeiro, porque segue sendo un tabú, non se fala no ámbito público, e moi pouco tamén no privado, de sexualidade e, sobre todo, de afectividade e de sexualidade desde unha posición —insisto moito nisto—, que vai moito máis alá da prevención de riscos, que ten moito que ver co propio desenvolvemento humano, co pracer, con outros enfoques que moitas veces están secundarizados ou que son omitidos para seguir mantendo esa visión bioloxicista da sexualidade ligada á reprodución que tanto dano nos ten feito, sobre todo ás mulleres.

Dicíao a propia ONU no ano 2013, no informe do relator para o ensino: A ausencia dunha educación sexual planificada, democrática e plural, constitúe de facto un modelo por omisión de educación sexual de consecuencias notablemente negativas para a vida das persoas, que reproduce acriticamente as prácticas, nocións, valores e actitudes patriarcais, que son fonte de múltiples discriminacións.

Nós insistimos en que para nós, para o BNG, o máis importante sería, primeiro, facer unha análise de cal é a situación de partida, e despois, facer unha planificación estratéxica.

Nós imos apoiar a iniciativa iniciativa de todas maneiras. Insistiremos tamén coa proposición non de lei que ten presentada o noso grupo. E, simplemente, advertir de cales son as consecuencias que esta omisión, que este currículo oculto que se mantén instalado na sociedade galega e no conxunto da sociedade do Estado español nos leva a que as xeracións que gozamos de maiores dereitos —recoñecidos formalmente en relación coas xeracións anteriores— sigamos reproducindo acriticamente —como advertía as Nacións Unidas— roles e prexuízos que en moitos casos tamén están ligados a unha concepción das sexualidade que nin é plural, nin é diversa, nin é moito menos democrática.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Eu creo que conviría matizar que é o que estamos a debater aquí. É unha proposición non de lei do Grupo Común da Esquerda que di literalmente que se insta a Xunta de Galicia a adoptar as indicacións da Unesco para garantir que os rapaces e rapazas contén na escola cunha educación afectivo-sexual dende os tres anos ata a universidade. Con independencia de que, efectivamente, o informe da Unesco fala de a partir dos cinco anos, cabe entender por extensión que a iniciativa se refire dende a educación infantil e non, evidentemente, necesariamente dende os tres anos.





Pero esta é unha iniciativa moi pertinente. Moi pertinente tendo en conta practicamente que este é un pleno case monográfico e porque o enfoque que se lle dá neste informe da Unesco vai moito máis alá do que unha visión excesivamente reduccionista da educación integral e sexualidade puidera supoñer. E por iso digo que é unha iniciativa moi pertinente neste pleno.

Porque os profesionais expertos en educación e sexualidade cren firmemente —e isto baséase en evidencias científicas como dixo antes a señora Chao— que os programas de educación integral e sexualidade teñen o potencial de facer moito máis que simplemente cambiar os comportamentos sexuais, posto que esa educación integral e sexualidade pode contribuír a mellorar a saúde ao longo prazo, evidentemente, a reducir a violencia de xénero e, na parella íntima, a reducir a discriminación e aumentar as normas de xénero equitativas. Polo tanto, vai moito máis alá desa visión reduccionista que eu dicía que non é exclusivamente relacionada co ámbito sexual.

E tamén é pertinente porque incluír a nosa comunidade autónoma dentro deste procedemento amplía a necesidade que a propia Unesco reconece de ter máis avaliacións controladas e aleatorias de maior calidade deste tipo de programas. E falaba con moito criterio a señora Rodil dese currículo oculto. E, efectivamente, imos tratar de pasar do currículo oculto neste ámbito e en moitos outros ao currículo explícito; é dicir, asumir que hai determinadas cousas, determinados contidos que deben formar parte do currículo escolar.

E como dicía a señora Chao, este informe da Unesco —estamos a falar nin máis nin menos que da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, que non é un organismo nin de segundo nin de terceiro nivel, senón un organismo de primeiro nivel, o primeiro a nivel mundial— baséase en evidencias científicas, en evidencias contrastadas coa realidade, como que a educación e a sexualidade dentro ou fóra de contornas educativas nin aumenta a actividade sexual, nin os comportamentos sexuais de risco, nin as taxas de infección por VIH, nin outras infeccións de transmisión sexual. Dicir que iniciar os alumnos en determinados coñecementos implica necesariamente potenciar determinadas condutas, iso é un tabú. Hai evidencias científicas de que iso non é certo.

Que a educación e a sexualidade ten efectos positivos, incluídos un maior coñecemento por parte dos mozos e mozas e a mellora das súas actitudes en relación coa saúde sexual e reprodutiva e as súas condutas. É dicir, case todos os estudos din que se aumenta o coñecemento acerca dos diferentes aspectos da sexualidade e do risco de embarazo ou tamén de infeccións de transmisión sexual.

Que os programas que abordan tanto a prevención do embarazo como a prevención do VIH e outras enfermidades de transmisión sexual son máis eficaces que os programas de enfoque único. É dicir, aqueles que se dirixen, por exemplo, de forma exclusiva a fomentar o uso de preservativos ou os anticonceptivos.

Que utilizar un enfoque global e explícito de dereitos nos programas de educación sexual leva a efectos positivos a curto prazo en relación co coñecemento de actitudes, incluído —e isto é moi relevante porque se ten citado moitas veces neste pleno— un maior coñecemento dos dereitos de cada persoa dentro dunha relación sexual e unha maior autoeficacia para



manexar situacións de risco. Que eses programas cando teñen un enfoque —perdón— xenérico son significativamente máis eficaces que os programas cegos; é dicir, aqueles que non teñen en conta a perspectiva de xénero para lograr resultados eficaces.

Que é moito máis probable que os programas con fidelidade na súa implementación, é dicir, cando os currículos eficaces se implantan como foi previsto, teñan un impacto positivo desexado nos programas, en contra daqueles que non se manteñen o seu deseño orixinal, ben porque os seus contidos non se manteñen ou ben porque non se implementan durante o tempo suficiente. Porque hai evidencia tamén neste informe de que as modificacións dos programas poden reducir a súa eficacia.

E ademais, e non me compete a min manifestarme sobre o contido da emenda de ningún outro grupo, posto que a iniciativa é do Grupo Común da Esquerda, con todos os respectos, teño que dicir que este informe é tan solvente e tan completo que analiza cales son os conceptos clave dos oito que identifica, con temas que se reproducen diso que se chama «currículo espiral», é dicir, que imos pasando repetidamente polos mesmos conceptos clave pero adecuados á idade do alumnado que o recibe, pero tamén identifican claramente como debe ser un currículo eficaz e como se debe implementar.

Por esas razóns e por todo o que levo dito ata este momento o noso grupo parlamentario vai apoiar esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Primeiro de nada, dicir que hoxe pode ser un día feliz. Así que en vez de entrar no fango que nos propoñía a señora Antón, imos mirar cara a adiante e non imos aceptar ese tipo de debates, porque non aportan nada ao obxectivo da iniciativa. Pensamos que a iniciativa ben o merece.

E aínda que nos parece, con todo o respecto, que a súa emenda o único que trataba era de que nós votáramos en contra, que non serve absolutamente para nada, ímola aceptar en busca do consenso. Ímola aceptar e agradecemos a boa disposición de todos os grupos para tratar de sacar adiante unha proposta como esta, que pensamos que de saír efectivamente adiante sería un paso importante na educación e igualdade en Galicia.

Dito o cal sería un motivo para parabenizarse colectivamente, sobre todo porque —como dicía antes— educando en igualdade e diversidade sexual gaña toda a sociedade. Gañan as nenas e nenos máis pequenos, que sen teren desenvolva a súa orientación sexual ou a súa identidade de xénero aprenden dende a empatía que existen diferentes modos de ser e de amar; todos igualmente válidos, todos cos mesmos dereitos e liberdades. ¿Como non imos querer que as nenas e nenos aprendan iso? Gaña a mocidade, que terá ferramentas para ter relacións afectivo-sexuais máis saudables, máis informadas, máis libres, máis felices. Polo



tanto, insistimos en saudar positivamente a boa disposición dos grupos, especialmente a boa disposición do Partido Popular.

A rectificación é sempre benvida. Porque neste país impartíase ese tipo de formación ata que o Partido Popular decidiu acabar con aquela coñecida como Educación para a Cidadanía. Polo tanto, sempre é benvida a rectificación. E, ademais, alegrámonos de que vostedes se sitúen aquí deste lado, porque os seus compañeiros andaluces —díciállelo hoxe a señora Quinteiro— acaban de asinar con Vox un pacto —si, un pacto—, un documento no que dixeron que este tipo de formación a partir de agora é opcional, que as familias poden decidir que se non lles gusta a educación sexual, pero tamén se non lles gusta esa que chaman «a ideoloxía de xénero», apartan aos rapaces e rapazas das aulas. Iso asinouno o Partido Popular. Polo tanto, alegrámonos, saudamos positivamente que este Partido Popular non queira —é o punto 13, señora Antón, se non o ten pasámoslle copia.

Nós —insisto— queremos que a educación sexual sexa feminista, diversa, sistematizada, que non dependa de crenzas familiares nin de cores de goberno. Polo tanto, que estea recollida no sistema educativo. É o que estamos reivindicando, que a educación sexual sexa efectiva, sexa completa, integral e chegue ás aulas antes de que o faga a pornografía, para que tamén ante ela a mocidade teña as ferramentas coas que poder axuizala.

Remato xa. Nós agradecemos o apoio e esperamos que efectivamente saia adiante. A educación sexual é para decidir sempre todo e cada día. A igualdade non é opcional e, dende logo, coa igualdade non se negocia.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda do Mixto, ¿acepta a emenda do Mixto?, ¿non a acepta?

Grazas, señora Chao.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa obtención de fondos comunitarios para o proxecto de dragaxe e rexeneración da ría do Burgo, así como as actuacións que debe levar a cabo para a súa execución**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. Mixto, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.*

*Emenda número 1, de modificación.*

*Débase substituír o texto do punto 3 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*



«3. Instar a Xunta de Galicia a dotar de orzamento suficiente, dentro dos seus orzamentos de 2020, o proxecto de dragaxe da Ría do Burgo. Orzamento que complete o aportado polo Goberno do Estado e no seu caso os fondos aportados pola UE. Nesta liña instar a Xunta de Galicia a pactar o antes posible co Goberno do Estado un cronograma completo con prazos e previsións realistas para a súa execución».

Emenda número 2, de modificación.

Débase substituír o texto do punto 4 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«4. Instar a Xunta de Galicia a presentar un plan social que recolla compensacións a aqueles mariscadores que non poidan traballar durante a execución das actuacións de dragaxe da ría e nesta liña solicitar ao Ministerio de Transición Ecolóxica a súa colaboración financeira para este plan dentro do orzamento total da dragaxe».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Adoptar con urxencia as medidas orzamentarias necesarias para asegurar o financiamento autonómico do proxecto da dragaxe ambiental da ría do Burgo.

2º) Exixir do Goberno do Estado que axilice as xestións ante a Unión Europea necesarias para a obtención de fondos comunitarios para esta actuación».)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Boas tardes, señorías. (Murmurios.)

Boas tardes, señor Lago. ¿Déixame?, ¿podo?

A señora Chao dicía que ela non quería entrar no fango. A min non me queda máis remedio que entrar no fango, falar de lodos... (Interrupcións.) (Murmurios.)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Relax. Eu comprendo...

¡Tranquilo!, aínda non che empezou o tempo.

Tranquilidade a todos. ¿Algo máis?

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Queren opinar algo...



**O señor PRESIDENTE:** ¿Queren opinar algo por aí ou algo? ¿Algo máis? (*Murmurios.*)

Momento de relax. Se lles parece oportuno, ¿algo máis?, ¿non?

Eu comprendo que isto é tedioso, pero tamén o é para min, comprenderano. Entón, axuden a que levemos isto da mellor maneira.

Cando queira, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Si, hoxe imos falar de lodos, imos falar de fango, de podremia, de contaminación, dos detritos que se van acumulando década tras década, e quizais algún pode pensar que imos falar do Partido Socialista. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Pero non, non é o tema. É verdade que coa gravidade da sentenza que hoxe coñecemos, que nos dá a coñecer a maior fraude da historia do noso país, quizais estaría xustificado que só e unicamente faláramos, intervención tras intervención, do Partido Socialista. Pero nós tamén queremos falar do que nos ocupa en Galicia, dos problemas que temos nas nosas rías, dos problemas que hai de saneamento, do problema que hai da limpeza das nosas augas.

E a nós preocúpanos, e preocúpanos moitísimo, a execución por parte do Goberno do Estado da dragaxe da ría do Burgo. Por se alguén non o sabe, a ría do Burgo é un lugar extraordinario; os que podemos desfrutala, os que a vivimos somos conscientes do luxo de ter ao noso alcance un contorno das súas características. Non é fácil atopar outro lugar parecido, non só en Galicia senón tamén en toda España.

Pero hai un problema: o dos lodos contaminados; fangos que é preciso retirar para que o proceso de limpeza e rexeneración estea concluído. Temos rexistrada esta proposición non de lei dende hai máis de dous meses. Pero non quixemos traela a debate antes de que se celebrasen as eleccións xerais para que non puideran vostedes recorrer ao seu tan manido argumento de electoralismo. Quizais foi un erro, pois ao mellor era bo que os galegos fosen ás urnas coñecendo o compromiso de cada un dos partidos que temos representación nesta cámara coa ría do Burgo.

Penso que é positivo que os cidadáns vaian ás urnas con toda a información posible para decidir o seu voto. Cabe preguntarse, por exemplo, que tivera ocorrido nas urnas se a sentenza devastadora do maior caso de corrupción de España se coñecese antes do 10 de novembro. Era o que estaba previsto, pero o Partido Socialista non o podía permitir, e xurdiron uns estraños tecnicismos para atrasar que todos coñecesen a sentenza que condena dous presidentes do Partido Socialista. E agora cabe preguntarse se tivera perdido tan só 750.000 votos e tres deputados, e se tivera sido posible o abrazo entre Iglesias e Sánchez de terse coñecido a sentenza que hoxe coñecemos. Son preguntas que quedarán sen responder e son preguntas que creo que van lastrar toda a lexislatura. (*Aplausos.*)

Traemos, señorías, a debate esta iniciativa por preocupación e responsabilidade ante unha actuación necesaria que se leva demorando demasiado tempo. Unha actuación que nos preocupa porque pola información de que dispoñemos dende o Goberno central o Partido Socia-



lista non fixo nada ao respecto, pese ao compromiso acadado hai un ano nunha reunión mantida coa Xunta de Galicia.

Por suposto, a dragaxe da ría do Burgo forma parte da Axenda Galicia, unha das demandas prioritarias da Comunidade Autónoma ao próximo goberno de España, sexa da cor que sexa. A Axenda Galicia recolle vinte e cinco asuntos, os máis urxentes e os máis prioritarios que o Goberno de España debe atender da nosa comunidade. Unha axenda valente, para demandar e exixir ao Goberno de España, que a Xunta e o Partido Popular vai defender sexa cal sexa o Goberno, xa que se trata de defender os intereses dos galegos, os temas que afectan ao benestar común, que atinxen ao presente e tamén ao futuro de Galicia, e, polo tanto, que non poden depender da orientación política do Goberno de turno.

Por todo isto, señorías, traemos hoxe a debate esta iniciativa, para mostrar a nosa preocupación. Estamos seguros de que a maioría dos grupos desta Cámara, agás o Partido Socialista de Gonzalo Caballero, están preocupados pola falta de avances neste asunto, por iso entendemos que apoiarán esta iniciativa. Preocupación pola falta de avances do Ministerio para a Transición Ecolóxica no proxecto de dragaxe da ría do Burgo como proxecto de rexeneración integral. Proxecto que é complementario aos esforzos feitos polos galegos e galegas; esforzo real que tiña o seu reflexo nos orzamentos que, ano tras ano, permitiron que a Xunta de Galicia executase os proxectos de saneamento da ría. Porque, señorías, a Xunta de Galicia sempre entendeu o saneamento da ría do Burgo como unha prioridade estratéxica para acadar o bo estado e a calidade das augas da ría e para contribuír a garantir a actividade marisqueira.

A Xunta cumpriu, cumpriu cos seus compromisos para sanear a ría, colaborando e apoiando os concellos nas súas competencias de saneamento e depuración, sacando adiante os proxectos do Plan de saneamento local da ría do Burgo que afectaban aos catro concellos da ría: Coruña, Cambre, Culleredo e Oleiros. Como grandes fitos desta actuación, está, por exemplo, que no 2010 entrou en servizo a ampliación da EDAR de Bens; no 2012 rematouse a redacción do Plan de saneamento local da ría do Burgo; e no 2018 a Xunta finalizou as actuacións que faltaban para completar o saneamento da ría.

Señorías, a Xunta leva investidos na ría do Burgo 100 millóns de euros, ao que hai que engadir tamén o que fixeron os municipios, os concellos, nos seus saneamentos. Cómpre agora, polo tanto, que o esforzo da Xunta teña continuidade por parte do Goberno central, que execute a dragaxe da ría do Burgo, unha actuación de rexeneración do litoral de competencia estatal. Esforzo que, tras anos de espera, por non dicir décadas, por fin aparecía nos orzamentos do presidente Rajoy, orzamentos que aprobou o Partido Popular e que vostedes, o Partido Socialista, non executaron.

Os orzamentos do 2018 incorporaban os investimentos necesarios para a dragaxe, especificando as anualidades. Estes orzamentos, por se alguén non o sabía, foron os mellores da historia para A Coruña e a súa área, xa que, a maiores de dar solución á rexeneración da ría, tamén contemplaban recursos para iniciar a ampliación e mellora de Alfonso Molina, a ampliación da Ponte Pasaxe, a mellora do tren a Ferrol, a conexión ferroviaria de Punta Langosteira, a conexión da autopista coa terceira ronda, o vial 18 e a cuarta ronda, que contemplaba un investimento de 27 millóns de euros. Orzamentos que o Partido Socialista



non executou —había que pagar os venres sociais— e tocounos aos galegos pagalos, coa non execución dos orzamentos e tamén cos 680 millóns de entregas a conta que vostedes nos sisaron a todos os galegos. Perdón, 670 millóns é o que vostedes roubaron en Andalucía, o que nos sisaron vostedes foron 700 millóns de euros a todos os galegos. (*Murmurios.*)

Nos orzamentos do 2019, apoiados por Podemos —eses que non saíron adiante porque non tiveron o respaldo da Cámara— vostedes baixaban un 30 % os investimentos para Galicia. Pero, señoría, para a comarca da Coruña eses orzamentos eran letais: desapareceron os investimentos de Alfonso Molina, desapareceu tamén o tren a Punta Langosteira, desapareceron as melloras do tren a Ferrol, a ampliación da Ponte Pasaxe, o vial 18, a cuarta ronda. Coruña, señorías, desapareceu dos orzamentos.

A vostedes failles moitísima graza. Ao Partido Socialista faille moitísima graza porque o Partido Socialista sempre maltratou a Galicia, e faille moitísima gracia que os investimentos que tiñan que vir para aquí foran para outras comunidades, para outras cidades.

Pero, mire, grazas aos orzamentos que deixou aprobados o Partido Popular, o Ministerio para a Transición... (*Risos.*) —debe ser a risa floxa dos que saben que actuaron mal, porque se non non se entendería—. Grazas, señora Rumbo, aos orzamentos do Partido Popular, o Ministerio para a Transición Ecolóxica ten redactado o proxecto de dragaxe e rexeneración ambiental da ría cun investimento previsto de 46 millóns de euros. Unha parte dese investimento ía plurianualizado nos orzamentos, e para o restante foi a Xunta de Galicia a que deu a solución. Nunha reunión mantida o 15 de xaneiro deste ano entre a Administración central, a Xunta de Galicia e os concellos, a Xunta propuxo redirixir os fondos europeos inexecutables en prazo cara a esta actuación, e todos os que estaban alí presentes estaban de acordo.

O Ministerio, señorías, quedou en tramitar a ampliación do destino de fondos, pero o certo é que ata o de agora o Goberno central do Partido Socialista paralizou todo o que afecta a Galicia, e a ría non ía a ser unha excepción. A día de hoxe, o ministerio non ten feitos os trámites necesarios para dar cumprimento ao acordado. Isto, señorías, é faltar á palabra, incumprir os compromisos, falta de lealdade institucional e cos galegos, falta de interese e vontade do Goberno socialista de Pedro Sánchez por cumprir co pactado. Estamos case a finais de ano e o Goberno central non fixo os seus deberes, non cumpriu co acordado dez meses despois, porque non se ten dirixido ás institucións comunitarias para trasladar esa demanda da Xunta de Galicia. Malo que o Partido Socialista volva traizoar a nosa comunidade, pero é que aquí en Galicia ten cómplices que non teñen o valor de defender os intereses de todos os galegos.

Señorías, hai uns días os socialistas dicían que o Ministerio de Transición Ecolóxica tiña tramitado o expediente xa dende maio deste ano e que por iso podía ser financiado con fondos europeos. Fixérono en declaracións á prensa e mentiron. Mentiron á prensa, mentiron aos galegos, mentíronnos a todos. Non sei o que lles din a vostedes os de Madrid, pero o que si lles podo dicir é que o comisario europeo de Política Rexional contestou unha pregunta do eurodeputado Francisco Villar Mon e dixo que o órgano competente para cursar a petición de ampliación de destino de fondos é a Dirección de Fondos Europeos do Ministerio de Fa-



cenda do Goberno español, e que ata a data a Comisión non recibiu ningunha solicitude de modificación dun programa operativo en relación co financiamento do proxecto da dragaxe da ría do Burgo.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Xa para rematar, señorías, só aclarar que o Goberno español non cursou esta solicitude, pese a que o 15 de xaneiro se comprometeu coa Xunta, cos concellos e coa confraría a facelo. Só tiñan que mover un papel, e non foron capaces nin de facer iso. A súa incompetencia, señorías, e o seu ensañamento con Galicia no ten límites. Por iso, nós traemos esta iniciativa, para defender os intereses de Galicia e para defender tamén os intereses da Coruña e da súa área.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Trenor.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.

Bueno, voltamos ás mesmas. En emprego non fan o que deberían e non executan os orzamentos, porque, segundo vostedes e as súas estatísticas famosas, todo vai fenomenal. Somos os campións en xeración de emprego, segundo dixo onte o conselleiro de Facenda.

En planificación e dinamización industrial non fan nada, e aquí, ante o desplome do índice de produción industrial e o reiterado peche de crise de empresas non poden dicir que non pasa nada. A solución, unha vez máis, é sacarse o morto de encima. Todo é competencia e responsabilidade do Goberno do Estado.

Agora tamén renuncian ás competencias de medio ambiente. Agora, segundo vostedes, a rexeneración ambiental das rías galegas é só competencia estatal. Será no caso da ría do Burgo, como unha excepción. *(Murmurios.)* A este ritmo, xa non é que teñamos máis competencias, vostedes non desenvolveron ningunha nova, senón que están a renunciar ás que teñen.

Por suposto, poden vir aquí e pedir proactividade ao Goberno do Estado na parte que lle corresponde, e a ver se é verdade o que di vostede de que nin sequera tramitaron esa solicitude. Se é verdade, efectivamente, hai que pedir explicacións e responsabilidades. Pero ¿sabe cando comezaron as exixencias de dragaxe da ría do Burgo? No ano 2009. Por iso, penso eu que para ter lexitimidade deberían dicir tamén que fixeron vostedes neste asunto nos seus dez anos de goberno e nos sete anos de goberno do señor Rajoy.

A min tamén me gustaría, porque son titulares que saen de maneira reiterada, e claro, un titular, se se repite mil veces, ao final parece que todo é así. A min gustaríame ver o desglose deses 100 millóns que gastaron vostedes na rexeneración da ría do Burgo. Gustaríame coñecelo, eu non o coñezo. Sei que fixeron cousas, pero 100 millóns parécenme moito. Sobre





todo, que están facendo e que pensan facer agora, porque, segundo os orzamentos do 2020, nada. Hai unha emenda de En Marea pedindo cartos para a rexeneración da ría do Burgo nos orzamentos da Xunta de Galicia, pero nos orzamentos da Xunta de Galicia non hai nada. Sería outra afronta máis para A Coruña. E é verdade, tamén como nos orzamentos que o señor Sánchez presentou a principios do 2019.

Imaxino, señor Trenor, que vostede sabe que do orzamento que se dedica ás sete cidades de Galicia, á Coruña vén só o 3 %. ¿Parécelle razoable isto? Eu non sei por que castigan así á Coruña: a estación intermodal, reformas integrais nos comedores e nos centros de educación infantil, nos CEIP. Centro de discapacitados das Xubias nun estado lamentable; Centro de Saúde de Santa Lucía, tamén se olvidaron del; actuacións imprescindibles en Culleredo, Cambre, Oleiros, Arteixo etc. Todo adiado *sine die*. Iso si, todo é culpa de outros, sempre é culpa de outros. ¿De verdade que con esta desidia pensan gañar as eleccións na Coruña? ¿De verdade? ¿Algunha vez?

¡Bueno...! Volvamos ao asunto da proposición non de lei. En xaneiro deste ano, a Xunta de Galicia e o Goberno do Estado dixeron que o asunto estaba zanzado, que había financiamento para a rexeneración da ría do Burgo, e prevía licitarse entre marzo e xullo. A convocatoria electoral deixou iso en *stand by*, e calculábase un orzamento de 48 millóns de euros e 21 meses de execución. Faltaban por concretar 24 millóns de euros fóra dos orzamentos do Estado, e a Xunta propuxo —coma sempre, sacándose de en medio— unha reasignación de fondos da Unión Europea. Se se consegue, perfecto, pero eses fondos teñen que ser para obras que rematen a finais do 2020, e se a obra necesita 21 meses, está claro que a día de hoxe xa é imposible acceder a eses fondos.

Entón, ante a imposibilidade de acceder a eses fondos, ¿que pensa facer a Xunta de Galicia? ¿Olvidarse da ría do Burgo? ¿Pedirlle ao Estado que asuma unha competencia na que, polo menos, unha parte fundamental é da Xunta de Galicia?

Concreten que van facer, porque, desde logo, ¡se pensan renunciar tamén ás súas competencias medioambientais, que eu penso que son claras...! Eu escoitara que a dragaxe da ría de Pontevedra ía facela a Xunta de Galicia, a dragaxe da ría de Ferrol tamén, ¿por que a ría do Burgo non? E por aí vai a nosa emenda. Efectivamente, teñen vostedes razón en reclamar ao Estado, pero digan tamén o que vai aportar a Xunta de Galicia. Aí vai o punto 3.

E o que nos sorprende moitísimo máis é o punto 4 —na súa PNL vén como punto 3 pero repetido, sería o punto 4—, cando instan a que sexa o Estado o que faga as compensacións aos mariscadores que poidan estar afectados pola obra. ¿Pero é que a pesca e o marisqueo tampouco son competencia da Xunta de Galicia? Parécenos ben que tamén lle pidan, dentro do orzamento da obra, participación ao Estado, pero ¡joia!, as competencias de pesca e marisqueo son da Xunta de Galicia, quen debería liderar a iniciativa sería a Xunta de Galicia. Iso si, en todo caso, pedir a colaboración.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Finalmente, señores do Goberno da Xunta de Galicia e do Partido Popular, non sigan utilizando a cidadanía como refén das súas políticas partidistas electorais.



Esta é unha máis dun argumentario dirixido ás eleccións, e como dicía vostede, os cidadáns da Coruña e da súa comarca non merecemos esta inacción.

Se o Goberno do Estado pon a súa parte, que a Xunta de Galicia tamén responda como debería.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Señor Trenor, a verdade é que me dá a sensación de que está vostede facendo méritos para ir nas listas da Coruña na próxima campaña electoral. ¡Empeza bastante cedo, quédanlle catro anos! Tranquilo, aínda ten moitas cousas que sacar, salvo que lle acorden no último momento.

E mire, en algo si que lle vou dar a razón: quen ten toda a capacidade para falar de detritos e para falar de basura é o Partido Popular. ¡Ten toda a razón! ¡Ten toda a razón! (*Aplausos.*) Si, si, ten toda a razón. O único partido condenado por corrupción. (*Protestas.*)

Gobernar, segundo a RAE...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, silencio.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...é dirixir un país, guiar e dirixir. O Partido Popular de Feijóo na Xunta de Galicia ten o mandato da maioría deste país para dirixir e guiar este país e para xestionar os seus recursos. E a realidade é que a Xunta de Galicia, en lugar de gobernar, de dirixir, de solucionar os problemas, o que fai é buscar culpables. (*Aplausos.*) Buscar culpables, si, señor Trenor.

O problema da dragaxe da ría do Burgo non xurdiu en xuño de 2018, cando Pedro Sánchez accedeu á Presidencia do Goberno. Non, señor Trenor, non. O problema da dragaxe da ría do Burgo vén de moi lonxe, e voulle facer un relatorio dos sete anos de Goberno do señor Mariano Rajoy.

¿Recordas o ano 2013, ano no que a Comisión de Peticións do Parlamento Europeo emitía aquel informe das rías galegas? ¿Recórdano? ¿Ano daquela visita de parlamentarios europeos que se afundían en dous metros de lodo? ¿Recórdano? ¿Ano no que o Ministerio de Ambiente iniciaba a redacción do proxecto de dragaxe? Pois mire, dende ese tirón de orellas en 2013, o Goberno de Mariano Rajoy, no seu continuo letargo, deixou pasar catro anos ata ter a de-



claración de impacto ambiental en 2017. E mire, nos orzamentos de 2018, aos que vostede aludía, o señor Mariano Rajoy simplemente dotou 24 millóns de euros. É dicir, o 52 % dos 46 millóns de euros que eran necesarios, e deixaba os outros 22 para financiar a obra a ver como saían adiante, no aire.

O Goberno de Mariano Rajoy tamén mantíña que se tiña que chegar a un acordo coa Xunta de Galicia e cos concellos para o financiamento total da obra. E, por certo, sobre ese acordo necesario entre as distintas administracións, incluída a Xunta de Galicia, hai diversos escritos de respostas parlamentarias ou institucionais feitas polo propio Partido Popular. É dicir, cando goberna Mariano Rajoy no Estado, a Xunta de Galicia cala e nada dicía, e mantíñan que para obter o cen por cento dese investimento tiñan que participar.

Coa chegada ao Goberno dos socialistas á Moncloa o 7 de xuño de 2018, como vostede ben dicía, foi o Ministerio de Transición Ecolóxica o que asume este proxecto e vólveo plantexar nos mesmos termos. Entón, ¿cal é a postura da Xunta de Galicia nese momento? Pois mire, voullo dicir. A anterior titular da Consellería de Medio Ambiente, que está aquí sentada, a señora Beatriz Mato, dicía: «*Pregúntenle ustedes a Pedro Sánchez*». Está escrito, está recollido en prensa. A aposta do PP amósase apoiando unha PNL elevada polo BNG, na que se solicitaba a inclusión nos orzamentos estatais dos 22 millóns de euros que están no aire.

E mire, voulle dar literalmente a resposta que nesta sede parlamentaria deu a consellería naquel momento, no pleno desta Cámara, o 11 de abril de 2018, cando nos respondía literalmente a unha pregunta: «Se quere vostede que teña unha resposta concreta, se quere vostede que ninguén lle dea largas, sabe vostede moi ben —mellor ca min— que a quen lla ten que dirixir é quen ten a competencia, neste caso, de dragar. Vostede e a súa formación teñen unha representación no Congreso dos Deputados, onde espero que, ademais de acompañarse de mariscadores, tamén lle faga a mesma pregunta, que ten competencia». Pero ¿estamos de coña? ¿Estamos de coña? ¡Home, por favor! (*Aplausos.*)

Vostedes teñen un mandato de Goberno e teñen a obriga de cumprir, e se non teñen os fondos, de buscalos. ¿Como que manden? A vostede lle parecería normal que eu viñera hoxe aquí e lle dixera: diríxase aos seus deputados no Congreso para que solucionen este problema. É indecente, ¡indecente!, esta resposta. ¡Indecente!

Ademais, mire, teñen a desfachatez de poñer na exposición de motivos desta iniciativa que o saneamento da ría do Burgo é unha prioridade estratéxica do Goberno galego. ¿Que prioridade nin que estratéxica? ¡Deixen de tomarnos o pelo! ¡Deixen de tomarnos o pelo!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Na anterior lexislatura, ¡cero iniciativas! E nesta, dúas no mes de setembro. ¡Deixen de tomarnos o pelo!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** E mire, voulle dicir —remato xa, señor presidente— o seguinte. A señora Ethel Vázquez, que manifesta nos medios que non ten noticias desas xestións, recibiu verbalmente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e a través de carta, información do secretario de Estado de Medio Ambiente na que se lle informaba que no mes de xuño deste ano...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo. Xa rematou o seu tempo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...—remato xa— na Comisión de seguimento... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Presidente, están facendo algo sobre o que vostede ten chamado a atención en moitas ocasións...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Quen fixo que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Acaba de facelo. Señor presidente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa estou avisando. ¡Silencio! ¡Silencio!

Señor Fernández Prado, ¡silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Silencio, señor Trenor e Fernández Prado, ¿que pasa? Xa vai contestar o señor Trenor a continuación.

Remate. Xa rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa estaba fóra de tempo. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo. *(Aplausos.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Podo falar pero non saio... Agora si, pero xa levo gastados uns segundos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Voulle descontar agora 14 segundos. Pode volver empezar.



**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas.

Preguntáballe, señor Trenor, onde coloca os desexos do presidente do seu partido de aquí, de pactar co PSOE para librarnos do contubernio judeomasónico, marxista, separatista que se está fraguando en Madrid. (*Aplausos.*) ¿Onde coloca eses desexos? Por certo, mañá fanse corenta e catro anos que celebramos en secreto a morte dun asasino. E ao día seguinte viuse nas portas das casas a celebración en forma de botellas de cava baleiras. (*Aplausos.*)

A instancia do BNG no Parlamento Europeo é que se tome en consideración o estado lamentable das rías galegas de Pontevedra, Ferrol e O Burgo. Centrémonos na do Burgo.

Como consecuencia das denuncias feitas pola nosa europarlamentaria Ana Miranda, esta ría recibe a visita dunha delegación de deputados europeos no 2013 que dá como resultado un informe sobre o seu lamentable estado de saúde. A visita é cualificada polo grupo como «impactante» ao referirse a situación da ría. E aí quedou. E vai facer un ano que outra vez Ana Miranda, recollendo as queixas da Plataforma para a defensa da ría do Burgo, conseguiu que desde esta Comisión de Peticións da Cámara europea se reabrise o caso e a investigación sobre o estado de cumprimento do Plan integral de rexeneración da ría do Burgo, que contemple a dragaxe, retirada, limpeza e tratamento das lamas.

Primeira curiosidade. Cando se tratou esa reapertura, os eurodeputados do PP votaron en contra. Agardo que nolo explique o señor Trenor. Os nados en Galicia tamén. Será que lo *eu-rope tapa lo gallego*, son capaces, facendo un supremo sacrificio, de sacrificar os intereses de Galicia polos intereses xerais do imperio europeo.

Señor Trenor, por favor, déanos luz. Porque o caso é dramático e os orzamentos do Estado non contemplaron nestes anos a dragaxe, tratamento esencial para a rexeneración deste espazo produtivo, xerador de emprego e necesidade medioambiental urxente. Tamén é dramático que, de tantos deputados e deputadas que dá Galicia, soamente unha incida unha e outra vez nos problemas. ¿Casualidade que sexa do BNG? Non. Coherencia, si.

Nos últimos anos chegaronse a perder máis de setecentos postos de traballo nesta ría debido á súa deterioración crecente, e a quen de verdade sente o país, dóelle e móvese.

O dalgunhas rías galegas é un auténtico despropósito. Cremos que calquera goberno ou empresario que, estando no seu san xuízo, tivese a oportunidade de poñer en marcha un proxecto xerador de máis dun milleiro de postos de traballo directos, sumados a unha necesaria riqueza medioambiental, todo pola irrisoria cantidade de 48,6 millóns de euros, non perdería nin un segundo en buscar o diñeiro, así houberse que remexer debaixo das pedras da emporcada ría pauleando man a man a lama se for preciso.

Falamos dun espazo natural que nos oitenta daba pan a case dous milleiros de familias e que, se o sentido común nos asiste, podería, co paso dalgúns anos con intención política e disposición orzamentaria, restablecer esa situación. E agora o PP, como quen se despreguiza dunha sesta prolongada, vai e pon o acento nas responsabilidades do Goberno do Estado e faino cando eles non están, e usan xesto enérxico para que se vexa ben.



Pois vexan, o PP galego ten responsabilidades no atraso das documentacións preceptivas, na orzamentación, na depuración das augas. E co PP en Madrid, ¿cantos anos o Goberno de Rajoy mirou para outro lado? Porque, señorías do PP, foi antonte cando un millonciño ou dous semellaban dabondo para incluír o nome da ría do Burgo nos orzamentos do Estado e xustificar así a desidia, a incompetencia, a inapetencia polo de aquí, pola ría, polo galego, e a submisión á Meseta e aos seus intereses. E ademais, nunca se gastaban eses cartos. ¿Canto tempo estivo parada a declaración de impacto ambiental? ¿E o proxecto definitivo?

Non quero ser demasiado ofensivo. Agora vai. Parece ser que agora vai. En Europa reasignaron fondos europeos, seica destinados a unha EDAR tamén moi nomeada, que non se poderían xustificar antes de 2021 e que se poden transvasar para a ría. Vale, pois o conto está solucionado, e baixo o Goberno do PSOE non lle acorda, ou non quixo ou ninguén llo lembrou e non se molestou en solicialos. Deberían telo feito en febreiro ou en marzo, pero non o fixeron.

En setembro deste ano, a eurodeputada a tempo parcial pero con dedicación exclusiva, Ana Miranda, volvíaa chamar a atención sobre o feito do Goberno do Estado: non ter reclamado eses fondos dispoñibles. ¿Será que non lle interesa ao Estado? ¿Terá outro destino para eses fondos? ¿Será preguiza? ¿Cantos deputados e deputadas foron elixidos por Coruña? Creo que oito. Nós temos só un, verán como o compañeiro Néstor leva a ría do Burgo no fardel, xunto con outras moitas necesidades e esquecementos deste país común.

Señor Trenor, o noso voto non está con vostedes, que demostran pouca vergoña con esta PNL. Tampouco co PSOE, que esqueceu unha vez máis xestionar este asunto en Europa.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor RIVAS CRUZ:** O noso voto serán seis síes á ría do Burgo, á súa dragaxe e á rexeneración e á súa urxencia, porque é de xustiza, porque somos desta bendita terra e exercemos como fillos dela sen outra obediencia. *¡Ora pro nobis! Amén. (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Jove González.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e todas.

O primeiro de todo gustárame aquí, como coruñés, pedirlle —xa que falamos da Coruña— á Xunta de Galicia que remate dunha vez a única obra que ten en marcha na cidade da Coruña, unha pasarela peatonal entre o Marineda e o Lidl que leva anos de atraso. Unha soa obra. ¡Por favor, señores e señoras da Xunta de Galicia, señores e señoras do Partido Popular, insten a Xunta de Galicia a que remate a única obra que ten en marcha!, *(Aplausos.)* ¡a única obra! Si, señora Bea Mato, vostede sábeo moi ben.



Pero vimos aquí hoxe falar da ría do Burgo, non da cidade da Coruña e dos orzamentos, dos que levamos varios días falando. A ría do Burgo non é só a cidade da Coruña, son moitos outros concellos e son moitas outras cousas, e, sobre todo, a min gustaríame centrar hoxe aquí —alguén dixo que o debate practicamente era monográfico sobre as mulleres— e gustaríame falar desas mulleres mariscadoras que traballan debaixo da Ponte da Pasaxe contra vento e marea, contra o furtivismo, contra os verquidos, que seguen alí sobrevivindo a pesar das políticas e a pesar da inacción da Xunta de Galicia.

Onte Valeriano Martínez falou de corenta anos. Gabámonos de corenta orzamentos consecutivos da Xunta de Galicia. Hai corenta anos, na ría do Burgo mariscaban 2.600 persoas. Hai corenta anos, ou menos, no 1998, 146.121 quilos de ameixas e berberechos se apañaron alá. O ano pasado, 34.000. O 80 % dese tempo gobernou o Partido Popular na Xunta de Galicia. ¿De verdade pensan que non teñen absolutamente ningunha responsabilidade nesa catástrofe ambiental e por ende produtiva, económica, que por desgraza afectou a ría do Burgo? ¿Pensan que non teñen, de verdade, ningunha responsabilidade sobre iso?

E máis aínda, é sorprendente ver hoxe o pim, pam, pum. A xente da Coruña, as persoas que estivemos, sempre soubemos onde estabamos, arredor e claramente posicionados e posicionadas a favor do saneamento integral da ría do Burgo, Sabémolo e vimos mil veces este pim, pam, pum entre partidos. O 22 de outubro de 2013 recordamos aquel momento con gran esperanza, como Mariano Rajoy Brey con maioría no Estado, o Partido Popular con maioría no Concello da Coruña e o Partido Popular con maioría absoluta na Xunta de Galicia anunciaban a bombo e platillo que ían iniciarse, ¡por fin!, as obras de saneamento integral da ría do Burgo. Obviamente, cinco anos despois, nada de nada, de nada. (*Aplausos.*) O millón cada ano orzamentado e nunca executado.

E ademais, con esa eiva presupostaria, orzamentaria, que indicaron aquí dunha maneira bastante interesante. Por certo, supoño que pretenderían que a Xunta pagara o que faltaba, o cal nos parece, dalgunha maneira, con certa lóxica, posto que, por exemplo, a Consellería de Pesca o ano pasado, de 155 millóns deixou sen executar 75; de 150, unicamente executou 80.300.000 euros, 75 millóns da Consellería de Pesca sen executar. E temos pendentes a dragaxe de Pontevedra, a dragaxe de Ferrol, a reparación e dragaxe do porto de Malpica, do porto de Foz, do porto de Laxe. Teñen responsabilidade sobre o que acontece; teñen e moita. E basta xa de propaganda, ¡basta xa de xogar a este xogo do pim, pam, pum entre partidos políticos, onde non nos van encontrar! Por exemplo, sobre a Consellería de Pesca, programa 723A, Competitividade e mellora da cualidade pesqueira e acuicultura, déixanse sen executar 56 dos 66 millóns orzamentados, ¡56 dos 66 millóns orzamentados! De 2.600 persoas mariscando nos anos noventa, quedan hoxe 33 a pé e 50 en barco. O 80 % do tempo gobernando, e gran parte del en maioría absoluta polo Partido Popular.

Paréceme dunha hipocrisía supina que o Partido Popular se presente hoxe aquí, co discurso falaz do señor Trenor, falando de a ver se cumpren os acordos e a ver se se cumpre o comprometido. O 22 de outubro do 2013, Mariano Rajoy Brey comprometendo.

E xa que me sobran uns minutíños, vouno ler. (*Murmurios.*) Cando chegaron, efectivamente, as eurodeputadas e os eurodeputados. «*Reunión con los peticionarios de la Ría del Burgo. Los*



*miembros caminaron a lo largo del paseo junto a la ría en O Burgo, subieron al puente de embarque, en el que el lodo alcanzaba los 2 metros de espesor, tal y como indicaron las mediciones in situ. Obviamente, la construcción de la zona del paseo y los edificios circundantes habían conllevado una inversión financiera considerable, pero parece no haberse tenido en cuenta el agua o el entorno de la ría que rodea esta zona. En otro punto, un hombre descendió los escalones vestido con ropa protectora especial y se vio rápidamente sumergido hasta los muslos en el lodo, del que solo pudo salir con dificultad y bastante ayuda».* Ano 2014, gobernando o señor Mariano Rajoy Brey e na Xunta de Galicia e no Concello da Coruña vostedes. Por certo, Concello da Coruña que, despois de anos e anos, eliminou os vertidos á ría..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor. Silencio.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...por certo, unhas obras que cun exíguo custo de ducias de milleiros de euros...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Jove.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...conseguiron deixar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** ...de verter á ría na cidade da Coruña.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Jove.

**O señor JOVE GONZÁLEZ:** O que hai que oír, ¡por favor! (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Trenor López.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Señor Jove, leccións de infraestruturas da Marea Atlántica, poucas, ¡eh! Se fora aínda leccións para facer contratos cos amigos da Marea, seguramente lle pediría consello. (*Aplausos.*)

Pero mire, señor Jove, non presuma do que non lle corresponde. A eliminación de vertidos que tiña a Coruña na ría elaborouna, fíxoala, planificouna e fixo todos os proxectos o meu compañeiro señor Prado. Entón, polo menos recoñézalle o mérito. Só foron capaces... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ...de executar o que deixou o señor Prado preparado, ¡preparado! Non foron capaces de facer un só proxecto, nin de investir nada que non deixara o señor Prado. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero mire, señor Jove, entendo que vostede defenda o Partido Socialista, pois vostedes foron cómplices e votaron a favor dos peores orzamentos da historia para a nosa comunidade, que foron letais para A Coruña. (*Aplausos.*) Vostedes defenderon iso.





Señora Rumbo, dicía vostede que o señor Feijóo elixe culpables. Non é verdade, elixen os xuíces. E os xuíces dixeron que os culpables eran os presidentes do Partido Socialista. Non foi o señor Feijóo, foron os xuíces. *(Aplausos.)* E mire, señora Rumbo, foi dona Elena Espinosa, no 2010, a que se comprometeu a facer o saneamento da ría do Burgo. A mesma señora que sae nos papeis de Panamá, a mesma, comprometeuse hai nove anos a facelo. Non cabecee porque foi así, ¡comprometeuse! *(Murmurios.)*

Mire, hoxe é o Día mundial do saneamento, 19 de novembro, ata iso é unha boa coincidencia. Coñécese a sentenza dos ERE no Día mundial do saneamento, ¡fantástico! *(Risos.)* ¡Fantástico! *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Hoxe, señorías, quedamos todos retratados.

Mire, e señora Rumbo, outra cousa. O que estamos a falar hoxe xa está acordado co Ministerio, ¡está acordado co Ministerio! Eu estou tremendamente preocupado porque vostede negou ese acordo, o acordo do 15 de xaneiro. ¿Entón por que vén aquí montar ese número? ¿Está de coña ou que? Claro, como di vostede, ¿está de coña? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Vostede nega ese acordo? ¿Nega ese acordo? Entón, ¿por que non vota a favor da nosa iniciativa? ¡Non o entendo!

Señorías, o único que pretenden o Partido Socialista e o Grupo Mixto coas súas emendas é tratar de eximir de responsabilidades o Goberno central, para que estas recaian sobre todos os galegos e as galegas. Vostedes o que queren é que os galegos e as galegas paguemos o que lle corresponde ao Goberno central. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)* Vostedes queren que, despois de investir 100 millóns de euros, ¡100 millóns de euros!... Mire, señor Casal, se non sabe se investiron eses 100 millóns de euros, colla o seu ipad, consúlteo e non me faga aquí preguntas. Eu non estou aquí para responderlle a vostede. Búsquea, faga o traballo, 100 millóns de euros. Os últimos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...que fixo, precisamente, a que foi conselleira de Medio Ambiente, a señora Beatriz Mato. A señora Mato foi a que fixo os últimos millóns de investimento na ría do Burgo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** E vostedes o que queren é que nós sacrifiquemos... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Trenor, remate.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...recursos que temos que adicar á sanidade, que temos que adicar á educación...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...que temos que adicar aos servizos sociais, para facer o que non fai o Goberno central.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ¡Menudos covardes, que non son capaces...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...de defender os intereses da nosa comunidade! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Son vostedes palmeros...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**O señor TRENOR LÓPEZ:** ...palmeros do Goberno... (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Trenor, rematou o seu tempo. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Non fai falta berrar tanto todos porque os altavoces aseguran que van escoitar os deputados. Dígoos por todos, ¡eh!, en xeral. Falo en xeral. Vaise escoitar igual o debate.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en materia de vivenda**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non se presentaron emendas a esta proposición non de lei.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Imos falar de vivenda. E habería que falar neste Parlamento moito máis de vivenda. Sobre vivenda, podemos dicir que hai dúas alternativas, dúas opcións: entender a vivenda como un dereito, como unha cuestión de política social, ou entender a vivenda como un negocio, como unha cuestión de política comercial.

Sabemos de que lado estamos nós. Estamos, desde logo, do lado da vivenda como dereito básico e como política social. E tamén sabemos de que lado estades «vox» os do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Do lado do libre mercado... Si, digo isto porque aínda que aquí se fala moito de Vox, de condenar a Vox, vostedes non van condenar a Vox porque Vox e o Partido Popular son a mesma cousa. ¡¿Como se van condenar?! (*Protestas.*) (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. Silencio.



**O señor BARÁ TORRES:** Entón, iso significa que o Partido Popular está do lado do libre mercado, da libre competencia, da especulación, dos beneficios fiscais para fondos de investimento e para socimis e do desvío de miles de millóns de euros para salvar a Banca e condenar a xente. E isto só se pode cualificar cunha palabra: é obsceno.

As súas políticas e a súa propaganda en relación coa vivenda son obscenamente crueis e inxustas. Isto parece como unha guerra na que o agresor lanza bombas de destrución masiva e despois, a través dunha ONG, envía tiritas e aspirinas para atender as vítimas. Estas son as súas políticas a respecto da vivenda.

Ten moito que ver coa falta de intervención pública, de políticas públicas, o feito de poñer a vivenda á disposición, a mercé, dese libre mercado. Isto causou nos últimos anos unha tormenta perfecta que non ten nada que ver con esa néboa en Pedrafita da que nos falaba o señor Martínez, é máis ben unha cicloxénese, pero unha cicloxénese social que está destruindo a sociedade, os fundamentos mesmos da sociedade, da cohesión social e do benestar das persoas. E ten moito que ver con dous fenómenos que se acentuaron nos últimos anos: a redución drástica das vivendas en alugamento, que baixaron ata 3.500 nos últimos dous anos, de maneira que o 60 % das vivendas que estaban no mercado de alugamento pasaron ao alugamento turístico; e o incremento desmesurado dos prezos da vivenda, que chegou ata o 30 % nas cidades nos últimos catro anos. Asistimos, polo tanto, a un auténtico festín da especulación e da grande propiedade.

Hoxe mesmo sae unha información nun medio galego, no *Faro de Vigo*, que di que as inmobiliarias xa gañan en Galicia máis do triplo que a automoción e o naval xuntos. Fala duns beneficios en 2017 de 3.450 millóns de euros. Pois mire unha cousa, isto son as migallas dese festín, porque estas inmobiliarias só levan unha pequena parte dos beneficios, que están indo a mans cheas para as grandes empresas, socimis de investimento e de especulación inmobiliaria.

Isto ten tamén consecuencias dramáticas en forma de sufrimento, en forma de desesperación e de exclusión social. O informe recente de Cáritas, o Informe Foessa, fálanos de que a exclusión residencial afecta ao 35 % da poboación galega, moi por riba da media estatal, que está no 24 %. Estamos a falar de máis de 900.000 persoas en situación de exclusión residencial.

E tamén ten unha consecuencia na extracción masiva de rendas, no espolio de rendas, da clase traballadora, porque o pagamento da vivenda supón neste momento ata máis do 40 % dos ingresos da xente, e isto aféctalle, sobre todo, a quen ten menos ingresos. É a quen lle prexudica máis esta subida dos prezos, esta dificultade para acceder á vivenda.

E no elo máis feble da cadea, despois da xente que ten traballos precarios, despois da mocidade, da xente de menos de 35 anos, que ten moitísimas dificultades para emanciparse, están eses miles de persoas que son vítimas dos desafiuzamentos. Estamos a falar, só no primeiro semestre do ano, de máis de mil desafiuzamentos en Galiza, coas consecuencias dramáticas que ten isto.

E diante deste drama temos un auténtico paradoxo, que é que Galiza é o territorio do Estado, a nación do Estado, onde hai máis vivenda baleira. Ata 300.000 vivendas baleiras segundo a



estatística do ano 2011, que é a última que se coñece. E desas 300.000, 90.000 onde hai máis problemas de acceso á vivenda, que son as cidades. Unha parte substancial desas vivendas, sobre todo as que están no mercado, están en mans dos especuladores, das socimis, da Banca e tamén da Sareb.

Isto non se produce por casualidade, isto ten unha causalidade. Hai causas e hai causantes, e son os gobernos da Xunta e do Estado, que nos últimos dez anos abandonaron as políticas públicas de vivenda e se converteron en comerciais da especulación e deste negocio a esgalla. As causas teñen que ver, por exemplo, coas reformas lexislativas aprobadas polo Partido Popular, fundamentalmente a Lei de arrendamentos urbanos de 2013, que disparou á alta os prezos do alugueiro. E tamén coa lexislación sobre socimis, que é absolutamente obscena e escandalosa. Aprobada inicialmente polo Partido Socialista, no ano 2009, e despois perfeccionada polo Partido Popular, foi un factor que incrementou nestes últimos anos a especulación e o aumento dos prezos.

Se falamos das socimis, estamos a falar de 70 empresas con 2.200 millóns de beneficios en 2018; e isto tamén é unha parte, porque non todo o negocio está nestas socimis, senón que tamén hai outras sociedades que están gañando diñeiro a esgalla co negocio da vivenda.

Son empresas, ademais, que teñen moi poucos traballadores, que non pagan impostos porque disfrutan dun sistema de exención fiscal. Moitas delas teñen as súas sedes en paraísos fiscais, pero temos que dicir que, en realidade, o Estado español é un auténtico paraíso fiscal para estas empresas. (*Aplausos.*)

E mentres pasa isto, vemos como o investimento público en vivenda caeu nos últimos dez anos ata mínimos históricos no Estado e, especialmente, en Galiza, que está á cola do Estado nestas políticas, e os niveis de vivenda pública de protección son absolutamente raquíuticos, mentres hai máis de 14.000 persoas rexistradas no IGVS como demandantes de vivenda. Tamén vemos como as axudas ao alugueiro son insuficientes, con baremos moi restritivos, convócanse con moito atraso e tardan moito tempo en resolverse. Por non falar dese estrepitoso fracaso do Programa de vivendas baleiras do Partido Popular que ía ser a gran solución e foi o gran fiasco, con unicamente 16 vivendas ofertadas cando prevían poñer no mercado 600.

Por iso, nós propoñemos actuacións globais, actuacións estruturais, empezando por unha intervención pública masiva para mobilizar a vivenda baleira e mobilizar, sobre todo, a vivenda baleira que está nas mans da Sareb e dos fondos de investimento, para crear unha bolsa de vivendas destinada a atender situacións de emerxencia habitacional.

Tamén propoñemos nesta PNL desenvolver un programa específico de vivendas en alugamento, con prezos limitados, para mozos e mozas de menos de 35 anos; crear un fondo extraordinario de fomento da vivenda, dotado con 100 millóns de euros, para compensar precisamente eses máis de 200 millóns que se deixaron de investir por mala execución orzamentaria; duplicar o orzamento de investimento en vivenda pública nos orzamentos da Xunta no ano 2020; incrementar as partidas destinadas a axudas ao alugueiro para atender a demanda; elaborar un informe, a través do Observatorio da vivenda, sobre o número de vivendas baleiras en Galiza; e tamén demandar do Goberno do Estado medidas como a supre-



sión desas normas que favorecen a especulación, as socimis, e tamén a reversión —isto é fundamental— das reformas que retallaron dereitos sociais e laborais da clase traballadora.

Polo tanto, trátase dunha intervención pública masiva no sector, entendendo a vivenda como política social e non como política comercial; unha política social ao servizo da xente, da maioría, e non ao servizo da especulación, das socimis, dos fondos voitre...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...e da banca.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe falamos aquí, nesta iniciativa, de vivenda. ¡Canto por facer no noso país neste eido!, como dicía o señor Bará.

No que atinxe aos desafiuzamentos na Galiza, a día de hoxe segue sendo un dos maiores problemas sociais que temos, isto é unha realidade. Por iso, parécenos xa non ben, senón necesario, crear —como propoñen aquí— unha bolsa de vivendas destinadas a atender situacións de emerxencia habitacional por desafiuzamentos e para colectivos con especial dificultades para o acceso á vivenda, tal como se pide nesta proposición non de lei.

O dereito a unha vivenda digna, recollido na Constitución, non se cumpre. Vemos como a política de vivenda da Xunta de Galicia non existe e non ten visos de mudar. Non ten visos de mudar nin cara a un modelo social, nin cara a un modelo accesible, nin cara a un modelo de calidade para as clases máis desfavorecidas.

E despois atopámonos cos orzamentos, que aínda onte debatemos aquí. Aí é onde de verdade se ve o que lle interesa ao Goberno galego o gran problema que temos no noso país coa vivenda. Con estes orzamentos, xa non é que non se garanta ese dereito constitucional a unha vivenda digna, senón que a situación aínda pode empeorar, xa non polos orzamentos en si, senón tamén pola execución que en setembro presentaban as contas do ano pasado. A finais de novembro deste ano, no que atinxe a vivenda, a Consellería aínda tiña sen executar máis de doce millóns de euros.

Outra mostra disto é o feito de que o ano 2017, no Programa de vivendas baleiras, un programa estrela do Goberno galego para mobilizar vivenda, só se executou o 3,2 % dos 300.000 euros que a propia consellería tiña orzamentados.



Este ano, na liña 451A, Fomento da rehabilitación e da calidade da vivenda, o orzamento é un 38,75 % menor que no ano 2009. A liña 451B, de Acceso á vivenda, é un 70 % menor que no orzamento do ano 2009. E liñas como a 451C, Dirección e servizos xerais de vivenda, directamente a suprimiron e xa non existe.

Por outra banda, seguen moi lonxe do que en termos absolutos e relativos significaban os orzamentos de vivenda previos á chamada crise. Se a Xunta de Galiza quere pór remedio, dunha vez por todas, ao grave problemas que temos coa vivenda no noso país, o que ten que facer é impulsar, mediante o aumento da promoción, a adquisición de inmobles e a rehabilitación, un verdadeiro parque público de vivenda de alugamento social que permita acoller a demanda de vivenda protexida existente e futura, tal e como demanda nesta iniciativa o Bloque Nacionalista Galego.

Nesta iniciativa tamén se fala de crear unha bolsa de vivendas destinadas a atender situacións de emerxencia para colectivos con especiais dificultades para o acceso á vivenda e de desenvolver un programa específico de vivendas en alugamento con prazos limitados para mozos e mozas de menos de 35 anos.

Miren vostedes, con data 28 de xuño do ano pasado publicouse no DOG a Orde do 22 de xuño, na que se establecían as bases reguladoras das axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Convocouse nesa mesma orde a convocatoria para o ano 2018 con carácter plurianual. A orde contemplaba dúas liñas de axuda: liña A e liña B. A liña A, axuda ao alugamento para sectores de poboación con poucos recursos económicos. A liña B era a axuda ao alugamento dirixida a menores de 35 anos.

O 24 de xullo deste mesmo ano —un ano despois—, o Instituto Galego de Vivenda e Solo publicou a resolución coas persoas beneficiarias e as persoas ás que se lles denegou a mesma. Na resolución constaban as persoas beneficiarias, pero só tiñan acceso ás causas da denegación as persoas ás que se lles denegou a mesma, a través do seu expediente persoal. ¿Isto que supón? Isto supón que non se sabe a día de hoxe cantas persoas en total solicitaron ditas axudas, tanto na liña A como na B; a cantas persoas en total se lles concederon e a cantas se lles denegaron. ¿Cal foi o motivo polo que non se publicaron as axudas denegadas a este acceso á vivenda? Dígannolo vostedes, eu non o sei, pero algo que desconfiar, a verdade, si que dá.

Nós imos apoiar esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Por parte do Grupo Común da Esquerda, ten a palabra o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boa tarde.

Nós imos apoiar esta proposición non de lei que fala dunha das cuestións máis importantes para os galegos e as galegas das clases traballadoras, da maioría social, da mocidade, das



mulleres. Vimos insistindo moito en que non se trata dunha cuestión na que haxa fallo por incompetencia do Goberno galego nin por incapacidade, senón porque se trata dunha aposta onde hai que escoller por unha liña ou por outra.

A liña correcta que propón o Bloque Nacionalista Galego implicaría efectos moi, moi positivos, pero tamén negativos para algunha xente. Serían negativos para aqueles que fan negocio coa vivenda, coa especulación, porque permitiría regular os prezos, que é onde poden intervir as administracións públicas con máis facilidade. Aquí mestúranse a precariedade laboral, os salarios precarios, coa suba dos prezos da vivenda. Entón, onde pode actuar máis facilmente —cremos nós—, máis inmediatamente, a Administración é na regulación do mercado da vivenda, que ademais é un deber constitucional, xa que lles gusta moito iso.

E todo isto, toda esta cuestión estrutural, ten tradución no concreto. Tradución no concreto que convén recordar, para non esquecernos do que está pasando aí fóra. Tradúcese no concreto nunha serie de políticas adoptadas polo Partido Popular, tanto no Goberno do Estado como na Xunta de Galicia, que na Patiña, en Cambre, unhas vivendas de protección autonómica acabaron en mans dun fondo voitre. Fondo voitre dun grupo xestionado polo fillo de Aznar e da señora Botella, que se fixo cunha vivenda que foi sufragada en parte con diñeiro público, vivendas de protección, ademais, de alugamento, onde vivían persoas con discapacidade que tiveron que adaptar esas vivendas e que, despois de dezasete anos de vivir nelas, algún vai ter que coller as maletas e irse, porque aínda a semana pasada este fondo voitre mandou cartas ás casas, a dúas casas, anunciándolles que a renovación do contrato iría acompañada dunha suba de 100 euros para alugueiros de 200 euros.

Estes fondos voitre hai que lembrar —como xa dixo o señor Bará— que tiveron lexislación á medida para darlles exencións fiscais co fin de fomentar o investimento en vivendas de alugamento no Estado español. É dicir, son fondos voitre que teñen beneficios fiscais por facer isto, por botar a xente das súas casas. ¡Isto xa é o colmo! Que vivenda de protección autonómica acabe en mans de fondos voitre que tiveron exencións fiscais para facer grandes negocios é o colmo e a demostración de que aquí, quen gobernou, gobernou para saquear e para roubar ao pobo, para agredir a maioría do pobo e en contra, ademais, dos que máis o necesitan.

En concreto, tamén se traduce, por exemplo, na situación dunha familia en Vigo, perceptores da Risga. Un matrimonio con dúas fillas, unha de 7 e outra de 13 anos, á que se lle dá como alternativa habitacional por parte da Xunta de Galicia unha vivenda pública en Vila de Cruces ou que busquen en Salvaterra de Miño unha vivenda, que hai alugueiros máis baratos. É unha auténtica vergonza, a demostración de que neste país non se fai nin o mínimo de políticas de vivenda pública. Isto é o concreto, isto é o que está pasando a dúas portas de todos os días neste país, ademais —sen chegar ao tan dramático desafiuzamento— de ter que pagar o 40 % do salario para vivenda ou non poder emanciparse a xente nova nin ter proxectos vitais. Por iso, menos políticas natalistas e máis darlle á xente traballo e vivenda para que poida, se quere, ter fillos e fillas.

Pero o Partido Popular non quere, non quere, está cos que fan negocio, é así. Houbo un rescate bancario no que se lles compraron os activos tóxicos aos bancos, que non devolveron.



Pero non se fixo un banco de vivendas para alugamento público, porque significaba rebaixar os prezos e que os amigos do Partido Popular fixesen menos negocio. E todo se resume niso. Ao Partido Popular non lle importa a situación destas persoas. Gustaríalle que estiveran ben. Evidentemente. Pero se ten que escoller, sempre escolle en contra destas persoas. O único que lle importa é o posible desgaste electoral que lle provoquen estes casos. Con tal de invisibilizalos e de que non saian na televisión de Galicia, vostedes teñen suficiente. Pero a pesar de que vostedes manipulen os medios de comunicación públicos para intentar ocultar esa realidade, esa é a realidade que está pasando nas cidades deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! ¡Silencio!

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Silencio! ¡Silencio!

Hai dúas maneiras sempre de fastidiar cando un está falando aquí. Unha, que increpen ao que está falando, que xa é o colmo. E outra, que a xente se dedique a falar entre os compañeiros. Cando hai que falar cos compañeiros, seguro que é unha cousa interesantísima, pero poden falar fóra. E, loxicamente, se increpan ao que está falando, iso xa é outra cousa. Así que lles pido, por favor, que escoiten a quen está falando, ¡a todos!

Diciamos que por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

O BNG presenta hoxe unha iniciativa que recolle máis ou menos todas as demandas que durante estes últimos tres anos vimos manifestando nesta Cámara os diferentes grupos. A verdade é que semella unha recompilación, pero neste caso non é de grandes éxitos, senón máis ben dos grandes fracasos da política de vivenda. Non sei se se dá conta o Grupo do Partido Popular, pero por moito que xire o disco e por moita promoción que fagan del, non llo compra ninguén.

Vostedes mesmos puxeron en marcha unha campaña en radio que fala do urbanismo galego como unha melodía, e pídenlle á xente propietaria de edificacións e vivendas que sexan como as notas harmoniosas da paisaxe. E desde o noso grupo preguntámoslle: e os que non teñen vivenda, ¿que pasa con eles e elas?, ¿que notas tocan se non teñen nin pentagrama nin clave pola que guiarse? (*Aplausos.*) Porque diso vai o debate de hoxe, de saber que solución lles están a dar ás preto de 14.300 familias que teñen solicitado o acceso a unha vivenda de alugamento a prezo asequible. Que solución dan para conquistar que as preto de 300.000 vivendas baleiras se mobilicen e se incorporen ao mercado de alugamento de longa duración. E que solución dan para que a xuventude galega poida emanciparse. Hai 4.000 demandantes de axudas ao alugueiro, só entre menores de 35 anos, e tan só 335 persoas beneficiarias, ¡tan só o 8,25 % do total!





É máis, a día de hoxe como xa apuntou o voceiro do Grupo Mixto, quince meses despois da súa publicación, seguimos agardando polas axudas ao alugamento do Plan A, o que atende a todos os perfís. Preto de oito mil familias seguen pendentes desa resolución das axudas, que, por certo, se nutren neste caso concreto de financiamento único dos fondos que proveñen do Plan estatal de vivenda, sen ter contemplado a Xunta de Galicia —como xa lle apuntamos nalgunha ocasión— aportar fondos propios para chegar a máis xente. Algo que, por certo, si fixeron outras autonomías.

Pero tamén nos preguntamos que solución dan para que a oferta de vivenda actual de 3.900 vivendas no mercado libre de alugamento se incremente e permita recoller toda a demanda, que como mínimo é de tres veces máis. A verdade é que a todas estas preguntas vostedes responden sempre cunha mesma cantilena, e é que «todo está en marcha». O problema é que os resultados, ano tras ano, nos demostran que o que está en marcha é absolutamente insuficiente.

Ano 2017, 12 vivendas protexidas, tanto de iniciativa pública como privada. Ano 2018, 8. Nos últimos cinco anos conséntase que foron máis de 620 as vivendas que non se levaron a cabo pero que si estaban contempladas nos orzamentos da propia Xunta de Galicia. E quero lembrar tamén como xa no mes de abril apostabamos desde o noso grupo que das 211 novas vivendas de nova creación que apuntara a conselleira que se tiñan en marcha, nin sequera o 10 % ía ver a luz neste ano; e penso que non imos moi errados, pois no primeiro semestre deste ano 2019, segundo datos do Ministerio de Fomento, soamente constan catro novas vivendas de protección, e ningunha é de promoción pública.

Ese é o resultado da ineficacia deste Goberno, que é incapaz de coller o ritmo que demandan as necesidades sociais en Galicia. Un goberno que ten que traballar desde diversos ámbitos para reverter, por exemplo, o interese dos propietarios e propietarias para que opten polo alugamento e non tanto pola venda das súas propiedades. E é que en Galicia o pasado ano, tamén segundo datos do Ministerio de Fomento, houbo case vinte mil transaccións de compravenda de vivendas, e dese total, tan só o 10 %, exactamente 1.981, foron vivendas novas. ¿E que significa iso? Pois que as galegas e os galegos propietarios de vivendas de segunda man prefiren vendelas antes que alugalas. E tamén nos preguntamos por que o Observatorio Galego de Vivenda non traballa por facilitar novos datos, e non tan só por recoller o que xa recollen o IGE ou o INE. Nós botamos en falla, neste sentido, unha maior implicación e ambición, que debiera de ser, ao fin e ao cabo, o fin prioritario do observatorio.

E sobre as demandas ao Goberno que se recollen no punto 8, señor Bará, penso que o Partido Socialista xa manifestou no seu acordo para a aprobación dos orzamentos do 2018 con Unidas Podemos a disposición de aumentar o gravame para os beneficios das socimis e reducir así o seu impulso especulador. Cremos, por tanto, que a liña a seguir debiera ser máis ben a da revisión da lexislación, e non tanto a da súa eliminación total.

En todo caso —no referente tamén á reforma laboral—, non entendemos ben a introdución deste punto nesta proposición. Parécenos que hai aspectos lesivos na mesma, por suposto que si, e que é preciso tamén revisar, mellorar, e facelo, en todo caso, da man dos sindicatos. Non cremos que sexa acaído reducir aquí a cuestión a unha total reversión, en todo caso.



Pedímoslle, polo tanto, unha votación por puntos na que se exclúa este punto 8, que entendemos que non pode ser apoiado por nós nos termos en que aquí se presenta.

Pola nosa banda, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Castiñeira Broz.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Señorías, señor presidente, boas tardes.

Señores da esquerda progresista, falar hoxe de especuladores, festín de buitres etc., e non mencionar as 7.000 vivendas que se podían ter feito cos 680 millóns de euros dos ERE, *¡tiene delito!* *(Aplausos.)* Pero, iso si, *nos damos un abrazo, que eso es maravilloso.* E vir acusar aos demais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿De que vou? ¿De que vou? Das 7.000 vivendas que se podían facer, que en Andalucía tamén teñen moitas necesidades. *(Protestas.) Pero eso no...*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** *...eso no va con el PSOE.*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Desculpe. *(Murmurios.)* Silencio. ¡Silencio!

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Tranquilos, que imos falar de vivenda, pero reláxense. Reláxense.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio, silencio. Todos, silencio. Señor Sánchez, silencio, por favor.

¡Silencio! Continúe. *(Murmurios.)*

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Iso non vai co PSOE. *(Risos.)* Iso non vai co PSOE, só vai porque, realmente, señorías, agora o Partido Socialista o único que ten... Xa cambiou de nome, por iso non vai con eles, só ten o P, porque nin é español, nin é socialista, nin é obreiro. Só lles quedou o P de partido, nada máis. Pola metade. *(Aplausos.)* Iso é o que hai. Entón, non se pode falar. Estamos negociando e diso non se pode falar.

Pero imos falar de aquí, do que fixeron vostedes, porque é o que fixeron. Mire, vostedes piden a creación dun parque de vivenda de promoción pública. Xa existe. Gustaralles máis ou menos. A min tamén me gustaría que fora máis amplo, e estou convencido de que á Xunta de Galicia tamén. Pero miren unha cousa, vostedes... *(Murmurios.)* Se escoita, ao mellor aprende algo incluso vostede, señor Sánchez. Incluso vostede, ao mellor, aprende algo.

Vostedes, cando gobernaron, deixaron ese parque de vivenda público de Galicia en menos tres mil vivendas. Si, menos tres mil vivendas, negativo. Máis de 280 millóns de euros que deixaron de débeda nas xestures, que houbo que sanear, porque as deixaron en quebra.



Falou aquí o señor David Rodríguez... Non me estraña, porque vostede acaba de chegar e hai que entender que ao mellor non analizou os orzamentos e non sabía o que pasaba no 2009. Pero mire, daquela, cando gobernaba o Bipartito, é dicir, as esquerdas, facíanse vendas entre uns e outros, de Xestur a Vivenda, de Vivenda a Xestur, e había, por certo, unha consellería exclusiva de Vivenda, para deixar en quebra todo. Pero eran uns orzamentos totalmente inflados, tan inflados que deixaron a deber 2.000 millóns de euros que houbo que estar pagando durante dez anos ao Estado. Supoño que o sabe, porque aquela alegría socialista, aquel festín que había de repartición de cartos, afectoulles a todas as administracións, incluso a algúns concellos. Non sei se ao de Manzaneda algo tamén; algo ao mellor lle tocou. Iso é o que había.

Entón, hai que saber de onde se parte para ver onde se chega, e neste momento ese parque de vivenda pública ten máis de 3.600 vivendas para alugamento. Claro, porque o Bipartito a política que facía —á parte da política dos ocupas, que esa é moi boa, a política de vivenda é a ocupa— era: facemos un edificio de vivendas de promoción pública e vendémolo, e co que recadamos, volvemos facer outro. Pero non quedaban en propiedade e en alugamento, e así pasou coa Patiña. Porque a Patiña, inicialmente, foi vivenda de protección oficial privada; non era promoción pública, nunca foi promoción pública. Era protección oficial privada e terminou a súa protección, señor Sánchez, e vostede sábeo. Terminou. Ten o seu prazo de 20-25 anos, pasou o tempo que estaba establecido na orde que así o decretaba, e polo que tivo as axudas, e, polo tanto, xa non era de protección oficial o que se vendeu. Os donos venderon ese edificio como unha vivenda.... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si señor, porque a lei é así, e a nós gústanos cumprir a lei.

E xa llo explicou a vostede incluso... Si, si nos gusta cumprir a lei. Xa llo explicou a vostede incluso o director do [...] na comisión, pero o que pasa é que é moito mellor a falacia e seguir.

Mire, o que está claro é que os orzamentos da Xunta, que se tramitaron onte mesmo neste salón de plenos, si contemplan un importante incremento, tanto para a rehabilitación como para a vivenda nova —máis do 40 % para a vivenda nova de promoción pública— como para os alugamentos. As axudas ao alugamento soben un 17 %, e para o bono alugueiro social máis dun 32 %. Estamos a falar de que practicamente todo o que vostedes plantexan aquí xa está, existe. Existe unha bolsa. Poderemos pedir ampliala, modificala, melloralala, o que vos tedes queiran, pero non é de recibo que vostedes pidan crear un parque de vivendas públicas para o alugamento porque xa o hai, con 3.600 vivendas neste momento, algo máis de 3.600.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Crear unha bolsa de vivendas destinadas a atender situacións de emerxencia habitacional, existe. Vostede mesmo, señor Sánchez, recoñeceu que lle ofrecían unha vivenda noutro concello. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero existe, e curiosamente aplauden as políticas do Concello de Vigo, que vendeu as vivendas que tiña; unhas en Rosalía de Castro e outras que foran feitas mediante convenios coa Xunta de Galicia.

Moitas grazas, señor presidente. Remato. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Castiñeira.

Ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Castiñeira, para ser o PSOE un partido tóxico e corrupto, vostedes perden o cu por pactar co PSOE. Están todos os días piando para pactar co PSOE porque hai que salvar España. (*Protestas.*) (*Murmurios.*) (*Risos.*) (*Aplausos.*) En todo caso, vostedes de todo iso tamén saben moito, por iso ao mellor din iso.

Señora Pierres, falando das políticas do PSOE do Goberno do Estado, a nosa proposta inclúe a eliminación da normativa que favorece a especulación e que premia con bonificacións fiscais e con esa política as socimis, polo tanto, queremos eliminala. Como queremos tamén reverter as reformas laborais. Porque si que teñen moito que ver, teñen todo que ver coa política da vivenda, porque o que fixeron esas reformas laborais foi empobrecer a clase traballadora coa perda de dereitos e coa perda de rendas, e por iso é fundamental tamén esa actuación.

Miren, o Partido Popular o que ten é moi mala conciencia porque no fondo saben que son os principais responsábeis desta situación. Vostede venme aquí falar de que existen todas esas políticas, e a realidade é que a situación é desastrosa. Fixen unha descrición e creo que todo o mundo a comparte; son datos, ademais, que están dando todos os operadores.

As súas políticas fracasaron, e por iso son vostedes responsábeis. Fracasou tamén o Plan galego de vivenda, por non falar do Plan de vivendas baleiras, xa llo dixen. Porque vostedes o que fan é medidas de cara á galería, medidas propagandísticas, medidas paliativas, medidas ás que chamou moi ben onte a nosa compañeira Noa Presas «política homeopática», de efecto placebo. Claro, ¡así pasa o que pasa!

Pero que me diga aquí que nós propoñemos o mesmo que existe, ¡é que nos está tomando o pelo!, porque nós o que propoñemos, xustamente, é unha actuación mediante investimento público masivo para mobilizar vivendas baleiras, non para o que xa existe, que é claramente insuficiente. Estamos a falar de mobilizar arredor de 20.000 vivendas, que son vivendas que están en mans da banca, en mans da Sareb, ou en mans deses fondos especulativos.

Propoñemos, por exemplo, medidas que se poden levar a cabo, como facer unha lei que obrigue á Sareb a poñer á disposición dese parque público unha parte substancial das súas vivendas. Non esas migallas que lle entrega á Xunta, de 50 vivendas, que moitas delas non cumpren os mínimos de habitabilidade.

Por iso creo que está clara a diferenza entre o que nós propoñemos, que é unha política social de vivenda, e o que pon o Partido Popular, que é unha política comercial que favorece a especulación, que favorece as socimis, que favorece á banca e que favorece os que están espremendo a xente, facendo negocio á conta do sufrimento da xente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.



Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación e futuro do estaleiro Barreras, de Vigo**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*No punto 3, engadir despois de: «acreedores», e antes de «A Xunta de Galicia», o seguinte: «as empresas auxiliares».*

*Emenda de adición.*

*Engadir os seguintes puntos, que pasan a ser o 4 e 5: «4. Estudar a intervención pública en Barreras ben a través da Xunta ou da SEPES capitalizando o investimento público e promovendo a creación dun grupo empresarial naval de capital mixto na ría de Vigo.*

*5. Convocar a Mesa de contratación do naval para procurar solucións de futuro e analizar o deterioro das condicións laborais e a perda de postos de traballo no sector».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

A política de publicidade e propaganda destes dez anos de Goberno do señor Núñez Feijóo ten un dos seus exemplos máis ilustrativos co asunto Pemex e o estaleiro vigués Hijos de J. Barreras.

Todos os galegos recordamos perfectamente a desconexión en *prime time* da televisión pública para que o presidente Feijóo presentara a empresa mexicana Pemex, nun momento, ademais, no que a taxa de desemprego era moi elevada nas comarcas máis industrializadas do noso país.

Na primavera de 2012 o presidente Feijóo regresou dunha viaxe a México co presidente Mariano Rajoy e avanzaba unha oportunidade histórica para o sector naval galego — tanto para os privados en Vigo como para os públicos en Ferrol — da man da empresa mexicana Pemex. A finais de 2012 — a poucas semanas das eleccións autonómicas — o presidente Núñez Feijóo, bordeando a lei electoral, solemnizou no pazo de Raxoi o encargo de dous floteis de Pemex para os estaleiros galegos; un acordo coa sinatura e retransmisión televisiva en directo, for-



malizando unha «alianza estratéxica», en verbas do propio presidente da Xunta de Galicia, que ademais definía como unha das mellores noticias de economía e emprego dos últimos tempos. E dicía que estes contratos están avalados non só financeiramente senón pola convicción e polo realismo.

O conto do presidente Feijóo, aderezado pola inseparable política de publicidade e propaganda, anunciábanos a construción de buques, unha base loxística de distribución de hidrocarburos de Pemex para Europa no porto de punta Langosteira, dous floteis, tres buques tanque, un atuneiro, un barco de apoio a plataformas petrolíferas, un buque hotel, a renovación de parte da frota, dous quimiqueiros e varios remolcadores. En fin, dous floteis.

En 2013, noutra precampaña, a empresa Pemex anunciou a entrada no capital de Barreras co control do 51 % do accionariado, co fin de seguir con esa alianza estratéxica que a Xunta de Galicia impulsou coa petroleira. Así, fíxose unha ampliación de capital de 5,1 millóns de euros, aboados ao completo por Pemex, para salvar a empresa ante a mala situación que sufría, o que lles permitiu acceder aos mexicanos á tecnoloxía naval da empresa galega para iniciarse na construción naval. A crúa realidade, lamentablemente, acabou por imporse, e aínda que Pemex anunciou a construción dun terceiro flotel en setembro de 2015 nos estaleiros de Barreras, en novembro de 2016 xa manifestou que non se ía construír ese buque e que se paralizaba a futura e aínda non comezada base loxística en punta Langosteira, na Coruña.

Fronte aos contos de Feijóo, topámonos coa crúa realidade: dous floteis construídos foi o único resultado da xigantesta operación de publicidade e propaganda da Xunta de Galicia, o *Cerro de la Pez*, construído en Navantia —a Xunta falaba de 2.000 postos de traballo para a comarca con este encargo, sendo a cifra máxima 500 empregos a pleno rendemento; foi o único encargo en Ferrolterra daquela alianza estratéxica—, e o *Reforma Pemex*, que si que foi construído en Barreras.

Sete anos despois daqueles anuncios, o conto Pemex rematou. Pemex decide abandonar Barreras e abandonar Galicia, logo de moreas de proxectos anunciados por Feijóo, e só dous floteis. Así, o maior estaleiro de España en capacidade e en carga de traballo solicitou o mes pasado o precurso de acredores tras a destitución da súa cúpula directiva, fixando un marco temporal de negociación e estreitando as marxes de manobra. A petroleira estatal mexicana considera o estaleiro vigués un activo non estratéxico e intenta diminuír a súa elevadísima débeda. Todo parece indicar que México quere retirar de maneira precipitada o capital de Barreras por orde do novo goberno de López Obrador. Para o noso país, sen embargo, Hijos de J. Barreras si que é un activo estratéxico polo tamaño, pola carga de traballo vixente, polos centos de empregos directos, indirectos e na empresa auxiliar e porque ten na actualidade unha carteira de pedidos de máis de 900 millóns de euros, o seu maior volume de traballo nunha década. Pero a día de hoxe son moitos os problemas. O estaleiro ten fortes tensións na súa tesourería, unha estrutura deficitaria de capital e o accionariado en pé de guerra. Afrontan millónarios sobrecostos nos tres barcos que xa teñen en construción, dos cinco que teñen formalmente contratados.

A semana pasada houbo unha reunión no Ministerio de Industria con todas as partes implicadas —o Goberno central, a Xunta, Pymar e Cesce con Pemex— para a busca dunha solu-



ción e dunha saída a ese concurso de acredores. Por parte da Xunta estivo o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde. Nela debateuse a posición accionarial da empresa. Así, púxose de manifesto que Pemex quere vender as súas accións, un 51 % do total da empresa, ou, se non, ir á liquidación. Pemex está disposta a colaborar para solucionar este caos. Os directivos de Pemex que entraron no estaleiro da man de Núñez Feijóo están perseguidos por corrupción. O armador ten interese en quedar co estaleiro, pero quere fóra a José García Costas, que ten o 24,5 % do accionariado, que ten dereito de preferencia e que ten dereito de acompañamento. E quérese sortear este concurso de acredores mentres non se resolva o conflito accionarial. Nesa reunión houbo un principio de acordo para que o empresario García Costas se desprendese da súa parte accionarial e foi encargada á Xunta de Galicia unha parte importante nesta negociación.

As novas de hoxe nos xornais dinnos que agora José García Costas quere adquirir todo o capital con axuda de socios externos, para o que necesita o visto e prace de The Ritz-Carlton. Gustaríanos saber se o conselleiro de Economía cumpriu cos seus compromisos, cos compromisos adquiridos nesa reunión, e cal é a posición da Xunta de Galicia respecto dos accionistas da empresa.

Ben, pois nós hoxe traemos unha proposición non de lei bastante de mínimos na que instamos a Xunta de Galicia, primeiro, a realizar un informe detallado sobre os fondos públicos da Xunta de Galicia recibidos pola empresa Hijos de J. Barreras, especialmente da súa accionista maioritaria Pemex, para os seus investimentos en Galicia, tanto para a construción naval como para a adquisición do estaleiro Barreras, en caso de telos recibido, e os mecanismos de control postos en marcha por parte da Administración autonómica en relación cos fondos aportados a estas operacións empresariais; a realizar un informe sobre o posible impacto negativo que provocará a saída da petroleira Pemex do accionariado da navieira Barreras e en relación coas súas auxiliares; en terceiro lugar, a abrir unha mesa de traballo entre a empresa de Hijos de J. Barerras, os seus acredores e a Xunta de Galicia para tentar chegar a un acordo antes de que remate o prazo do precurso de acredores; así como a procurar a viabilidade que permita a continuidade do estaleiro.

Nesta primeira parte, pola miña banda, nada máis, e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Voulle ceder unha parte do tempo da miña intervención a unha persoa que nos enviou un correo electrónico hai uns días, que di o seguinte: «Señor Conde, mi marido tiene una empresa que está entre las auxiliares de Barreras. Por favor, ayúdenos, está sin liquidez, con un montón de deudas y gastos debido a las líneas de crédito que teníamos para trabajar para Barreras y que el astillero dejó sin pagar. Por favor, ayúdenos, estamos a punto de quebrar. Del astillero no se oye nada. Fuimos al Igape pensando que nos ayudarían económicamente, pero no. Por favor, denos una solución, no nos queda tiempo. No se entiende que aparte de no controlar los tiempos de pago del astillero no encuentren una solución para que las auxiliares que se ven implicadas



*simplemente por realizar su trabajo puedan cobrar de alguna parte para seguir adelante. En vista de que el conflicto del astillero no se resolvía en un corto plazo de tiempo, la Xunta debería haber habilitado cierta cantidad de dinero para que las auxiliares pudieran cobrar, seguir adelante con su actividad y no verse abocadas a la quiebra».*

Esta é a realidade dramática pola que está pasando a xente que traballa en Barreras e tamén para as empresas auxiliares; pequenas empresas que teñen no seu conxunto máis de 1.000 postos de traballo pendentos dun fío.

E tamén hai uns días a empresa Pemex anunciaba o seguinte: «*Nuestra aventura en Barreras ha terminado*». Unha aventura, por certo, patrocinada por Alberto Núñez Feixóo, que moito máis que unha aventura foi unha historia de corrupción; corrupción non sei se de Miami, pero, si, corrupción en Pemex, coas arquicoñecidas fotos desas relacións e amizades perigosas do presidente da Xunta con directivos desa empresa que están sendo perseguidos pola xustiza mexicana acusados de corrupción.

Pero en 2002 era outra cousa, eran días de viño e rosas, efectivamente, de conexións en directo da —sabemos que é imparcial— Televisión Galega para participar na campaña electoral do señor Feixóo e anunciar esa operación estratéxica de Pemex como táboa de salvación do naval galego. Máis que unha táboa de salvación foi, polo que se ve agora, unha pedra ao pescozo. E hai responsabilidades en todo este proceso moi claras e moi evidentes da Xunta de Galiza, que foi avalista, que apadriñou esa operación, que deu o seu apoio a empresarios aventureiros e irresponsábeis —por certo, moi directamente vinculados ao Partido Popular—, que permitiu a descapitalización de empresas estratéxicas da industria naval galega e que agora está tamén, dalgunha maneira, permitindo a posible entrada de fondos voitre, de fondos de investimento, que xa sabemos como actúan: reducindo custos e despois vendendo a empresa a outros investidores, sacando o máximo beneficio.

Estamos no tempo de desconto porque a próxima semana, o 26 de novembro, remata o prazo para salvar Barreras; e estamos, polo tanto, disputando un auténtico *match ball*. Xa sabemos o que pasou recentemente con Vulcano, despois de dar largas, despois de dar escusas e despois de enganar os traballadores. Temos o barco nas pedras, con responsabilidades compartidas e tamén moi directas —como digo— da Xunta de Galiza. Están en xogo 200 empregos de Barreras, pero tamén os máis de 1.000 empregos desas 30 empresas auxiliares das que puxemos aquí un dramático exemplo na voz dunha das persoas propietarias desa empresa.

Por iso queremos solucións, queremos unha intervención rápida, eficaz e contundente da Xunta de Galiza que vaia máis alá tamén das propostas que pide o Partido Socialista. Estamos de acordo en facer eses estudos e eses informes e estamos de acordo en crear ese grupo de traballo no que entendemos que deben estar, si ou si, tamén as empresas auxiliares.

Pero pedimos máis cousas, pedimos tamén que se estude a intervención pública en Barreras, capitalizando todo ese investimento público que se fixo ao longo destes anos para a creación dun grupo empresarial naval de capital mixto na ría de Vigo, que é realmente a aposta que hai que facer nestes momentos para relanzar e salvar o sector; non só Barreras, tamén as empresas auxiliares e ese proxecto de centro de reparacións do naval.





E pedimos tamén convocar a Mesa de contratación do naval para procurar solucións de futuro e analizar a deterioración que se está producindo tamén —e hai que falar diso— das condicións laborais e a perda de postos de traballo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...no sector. Trátase, polo tanto, de salvar Barreras, e para iso hai que pasar á acción por parte da Xunta de Galiza.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Vemos unha vez máis que os coellos da chisteira do señor Feijóo saen ras. Isto si que son ras, máis que os da señora Esperanza Aguirre, un tras outro. A ver que inventan agora de cara ás próximas eleccións, a ver cal é o novo coello, porque, por moita portada e moito telexornal, vai ser que a xente vai ver o truco que hai esta vez.

Este coello de Barreras e Pemex valeulle para dúas convocatorias electorais, e xa veremos como remata o asunto. Non seguen a sacar a bandeira dos 900 millóns de euros de carga de traballo deste estaleiro, porque, como o resto sexa como o contrato conseguido con Ritz-Carlton, cunha baixa temeraria de máis do 40 %, pois imos ben.

Polo tanto, se pensan apoiar o señor García Costas nesta nova estratexia que parece que está pergeñando nestes días, analicen a fondo a situación desa carga de traballo para non ter outra sorpresa máis.

E, sobre todo, o interese da nosa intervención —porque estamos totalmente de acordo con todo o manifestado ata agora— é que non volva caer o peso desta nova crise sobre as empresas auxiliares, as que de verdade soportan a construción naval en Vigo. Outro golpe como os anteriores a estas empresas podería levar ao traste a todo o sector.

Polo tanto, non se poñan de perfil unha vez máis nunha crise industrial e actúen para buscar unha solución para Barreras, que pode ir por moitas vías. Pode ser o que acaba de plantexar o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, unha intervención directa en colaboración co Estado. Miren o que fixo o señor Macron hai ano e medio en Francia, como interveu nos estaleiros, como os reflotou e como despois os volveu sacar ao mercado. Non desboten ese tipo de posibilidades para que a situación non acabe como a de Vulcano. E, sobre todo, como dixeran, protexan os máis débiles, as empresas auxiliares e os seus traballadores, que, como vostedes saberán, con este novo sistema destes novos estaleiros que chaman de deseño, realmente o 80 % do traballo o fan as empresas auxiliares e son realmente os traballadores das empresas auxiliares os que constrúen maioritariamente os barcos.



Fáganlle caso ao que plantexan as empresas auxiliares —por iso En Marea o plantexou como emenda nestes orzamentos; a ver se nas emendas parciais polo menos nolo aproban, dado que nas emendas á totalidade o desbotaron—, poñan en marcha os estudos e inicien os traballos para desenvolver unha base de reparacións na ría de Vigo. Todos os indicadores manifestan que na vertente atlántica hai moita demanda de traballos de reparación. Os estaleiros que se dedican a isto teñen unha carga de traballo que incluso non poden atender, e os barcos están indo ao Mediterráneo. É unha oportunidade que non se debería de deixar pasar, a de establecer os estudos, o inicio e o desenvolvemento desa base naval de reparación na ría de Vigo. É unha alternativa ante calquera situación de crise como esta da que estamos a falar, e unha posible alternativa para as instalacións de Vulcano, por exemplo.

Nesta liña tamén penso que sería moi recomendable que os señores do Grupo Popular e as señoras do Grupo Popular falaran co señor López Veiga. Non se entende esta présa que lles entrou agora de retirar a concesión administrativa destes terreos ata ver se son posibles outras iniciativas como a mencionada. A verdade, sorpréndenos ver que nalgunhas cousas se tardan meses ou anos en actuar e, en cambio, esta concesión parece que se quere retirar vía exprés. Salvo que haxa algunha intención oculta, parécemos moi irresponsable. Esperemos que o Grupo Popular inste o señor presidente do Porto de Vigo a que o tome con máis calma e espere a ver se hai unha posible solución.

Grazas. Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Casal.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Primeiro de nada, dende o Grupo Común da Esquerda queremos enviar o noso apoio aos traballadores e familias dos traballadores de Barreras, que ven pasar os días con preocupación, sen ver unha solución clara enriba da mesa e cos seus empregos no aire. Mesmo hoxe saíron á rúa a defender o seu futuro. Quéixanse tamén da falta de información por parte do Goberno e queren que lles dea algunha pista, algunha certeza, sobre o que vai acontecer.

Quero dicir tamén que dende o Grupo Común da Esquerda imos apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista toda vez que atende unha preocupación que temos expresado neste Parlamento en numerosas ocasións: a situación que atravesamos na actualidade o sector naval. Despois da propaganda, despois dos anuncios de barcos pantasma que nunca chegaron, a realidade dura de despedimentos e peches imponse. Vimos con pesar como se pechou Vulcano sen que dende o Goberno se fixera absolutamente nada e oxalá, finalmente, se apoie a oferta que hai agora sobre a mesa. E chegou finalmente aos xornais Barreras, outra vez. Agora non vivimos unha interrupción do telexornal para contactar en directo co pazo de Raxoi e facer un gran anuncio, non; agora as novas serán máis preocupantes. Pasouse da sorpresa ao nerviosismo, á preocupación polo que estaba acontecendo no estaleiro vigués. Foi un novo revés á suposta recuperación do sector naval vinculado a Pemex que se iniciou hai un mes coa noticia de que Barreras entraba en precurso de acredores.



Lembramos perfectamente —xa o fixeron aquí os que me antecederon na palabra— como hai máis de sete anos o telexornal da TVG interrompeu a súa programación para dicirnos que o señor Alberto Núñez Feijóo fora capaz de rescatar o sector naval firmando aquel acordo con Pemex. Do que pasou despois xa nos lembramos todos: o porto exterior, o control de Barreras..., un suma e segue de despropósitos da man de grandes amigos do Partido Popular. O final xa o sabemos: os grandes amigos do Partido Popular, eses si, cos que fan fotografías, como o señor García Costas. Logo preguntáselles por eles directamente e non se acordan, non saben quen son esas persoas. Xa o señor Feijóo non puido contestar cando foi interpe-lado directamente sobre este asunto; xa non sabe quen era este señor que levou a Barreras a unha situación insostible. Foi a primeira peza que se moveu ante a importante crise que ten o estaleiro, e agora plantéxase unha operación de rescate sobre a que, como dicía, temos moi pouca información.

As consecuencias de todo isto xa as estamos vendo. Na rúa están xa máis de mil persoas da industria auxiliar de Barreras para as que non houbo ningunha solución, e para elas as me-didas anunciadas en plena campaña, dous días antes das eleccións, polo señor Feijóo, chegan tarde. Por non dicir que o mínimo que habería que pedir é que cando se plantexen axudas para intervenir nun momento de crise do sector se fale directamente co sector. E, tal e como denuncian as pequenas empresas, que son as máis afectadas pola falta de pagos de Barreras, isto non aconteceu.

Hai que actuar mentres estamos a tempo, e o tempo estase acabando. Quedan menos de dúas semanas para evitar o concurso e, polo tanto, esperamos que dunha vez o Goberno galego poña fin á inacción da que fai gala no sector industrial. Ten plenas competencias no sector industrial, e está provocando a morte dun sector fundamental da economía galega, e máis aínda da industria viguesa.

Xa o dixemos aquí outras veces, non sabemos que implica ter a consideración de sector es-tratéxico, como nos documentos oficiais da Xunta de Galicia ten o sector naval, cando isto non se traduce en medidas concretas de ningún tipo. Isto non se resolve sinalando soamente a Pemex, é verdade; son responsables, pero no Partido Popular son responsables de ter, pri-meiro, privatizado no seu momento Barreras e, segundo, de ter vinculado totalmente o fu-turo de Barreras a esa empresa. Polo tanto, coherencia e responsabilidade. Se estaban moi contentos dos anuncios de Pemex, asuman agora as consecuencias.

A falta de compromiso do Goberno do Partido Popular co sector industrial leva destruído máis de 22.500 postos de traballo industriais. Non podemos soportar ningún despedimento máis.

Por iso, como dicía, nós imos apoiar esta iniciativa, aínda que pedimos unha emenda de en-gádegas *in voce* que teña a ben considerar o Grupo Socialista, na que pedimos que o Goberno galego se comprometa coa continuidade do estaleiro de Barreras así como cos seus postos de traballo e condicións laborais. Un seguinte punto, de vinculación das axudas públicas e das condicións fixadas ao mantemento dos postos de traballo, condicións laborais e conti-nuidade empresarial. Xa o temos dito moitas veces, preocúpanos que sempre, cando se dan axudas públicas, isto non teña compromiso.



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CHAO PÉREZ:** E un último punto —remato— para constituír de forma urxente a Mesa sectorial do naval cos estaleiros, industria auxiliar e sindicatos para abordar a solución. É exactamente o que está pedindo a empresa...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CHAO PÉREZ:** ...os traballadores da empresa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

A verdade é que é unha mágoa escoitalos, señora Rodríguez Rumbo, e escoitar esta PNL, que, de proposición non de lei, non ten nada, máis ben é un despropósito absoluto, tal e como está a situación e tal e como están os traballadores, porque verdadeiramente o importante do sector naval son os traballadores.

Señor Bará, publicouse xa no DOG unha liña de axudas —non sei se vostede a ten visto— de 18 millóns de euros para as auxiliares, para as empresas auxiliares, así que isto tamén vai dar tranquilidade a esas empresas que estiveron sempre apoiadas por parte da Xunta de Galicia. O 25 de novembro o Igape vai reunirse co comité de Barreras, por se a vostede lle interesa e non ten actualizada a información. Porque tamén se fala aquí de que se faga unha mesa e unha reunión entre Cesce, Pymar, o Ministerio, Xunta e Ritz-Carlton. Agora están reunidos en Madrid, precisamente agora, señora Rodríguez Rumbo, por se vostede tampouco ten esa información.

Dicía eu que isto é un auténtico despropósito, con xuízos de valor, con subxectividade... Aquí faise unha interpelación á Xunta de Galicia, pero non hai ningunha solución. ¿Que propoñen vostedes para Barreras? ¿Que propoñen vostedes para o sector naval? Porque aquí, nin unha proposta. Aquí temos oportunismo, temos críticas e non hai nin colaboración nin solucións, porque realmente si é verdade que hai unha pequena cronoloxía e unha historia do estaleiro Barreras. Vostedes veñen aquí interpelar e criticar todo o que fai a Xunta, pero teñen que saber exactamente o que pasou. Sábeno ben. Entón, ¿onde están as alternativas? Porque piden investidores para os estaleiros e despois, cando lles propoñen investidores, non lles valen. Sempre estiveron en contra.

Esta Xunta de Galicia, este presidente Feijóo nunca atopou axuda e apoio por parte da oposición para sacar adiante o sector naval, do que nunca se separou e ao que sempre estivo apoiando.



Miren, a vostedes non lles vale México ou os cartos de México para investir, prefiren Panamá, porque teñen unha exministra, que é actualmente concelleira e tenente de alcalde en Vigo, que sabe moito do sector e que en lugar de traer os cartos para Galicia leva os cartos para Panamá. ¿Non lle piden explicacións á señora Elena Espinosa? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Claro, claro. E, ademais, non lles piden explicacións tampouco aos señores de En Marea, aos señores de Podemos, a esa casta andaluza que acaba de ser condenada por levar tantos cartos dos ERE, que tanto afectaron, ademais, os postos de traballo de moitas mulleres andaluzas. Seguramente tamén iso afectou. Non, hoxe aquí non se fala de nada. Entón, veñen aquí facer unha interpelación á Xunta de Galicia, pero a resolución, as propostas que vostedes poñen na PNL e os puntos que solicitan non teñen nada que ver con solucionar o problema do estaleiro.

Piden un informe do posible impacto negativo que pode ter. ¿Pero están en serio? ¿Un informe do posible impacto negativo? Estamos para sacar adiante o estaleiro, estamos para impactos positivos, para axudar, e non para ser agoireiros nin destrutivos. Sempre foi agoireiro e destrutivo o Partido Socialista co sector naval. Nós estamos aquí para buscar solucións, para dar a cara, porque, ademais, non hai nada que ocultar. Dende o Partido Popular e dende a Xunta de Galicia non temos nada que ocultar no tema do estaleiro de Barreras.

Mire, este grupo, a propia Xunta, estamos por arranxar a situación, como xa fixemos, non hai nada que ocultar, como xa digo. E vou facer ademais unha pequena cronoloxía porque partimos da situación na que o *tax lease* —esa coitelada do tamén socialista Almunia aos estaleiros privados; estaban no 2012 as gradas completamente baleiras por esa coitelada que lles meteu directamente o Partido Socialista aos estaleiros—... Nese ano esta Xunta buscou solucións, en decembro de 2013. Si é verdade que, malia as súas críticas permanentes e todas as predicións agoireiras en contra do naval —nunca apoiando o naval, sempre en contra do naval, insisto, en Vigo; e o señor Gonzalo Caballero debe sabelo ben, que é de alí, e o señor Abel Losada, que non está, tamén coñece moi ben o tema—, Pemex nese momento, a través de PMI, comprou o 51 % do estaleiro vigués. Si, iso foi oxixeno puro para o sector naval, para centos de familias, para miles de vigueses; oxixeno puro no 2013 grazas ao refluotamento de Hijos de Barreras. Ese foi un traballo que fixo a Xunta de Galicia; polo tanto, non temos nada que ocultar.

Pasaron seis anos e hoxe estamos falando dun grave problema de xestión, pero, como dixen, a Xunta está e estivo sempre para apoiar as empresas auxiliares e os propios estaleiros. Gustaríame lembrar que dende o 2013 ata hoxe os estaleiros estiveron con carga de traballo permanente, e esta Xunta está traballando e probablemente vai sacar adiante outra vez ese estaleiro para que siga cos contratos. ¿Non hai nada que dicir ante isto? ¿Non hai nada que dicir? É crítica permanente e constante. E levan seis anos —insisto—, grazas a esa operación, traballando nos estaleiros.

A Xunta non se moveu, non me moverá de onde está e non ten nada que ocultar. Vostedes soamente están aquí para destruír. ¡É que isto é un despropósito absoluto de PNL! Insisto, non aportan ningunha solución, non aportan nin media solución. Queren que se informe «dos fondos públicos» —poño aspas porque o din vostedes— «recibidos por Barreras». ¡Cero! ¡Cero! Concedéuselle un préstamo participativo no 2017 de 2,5 millóns de euros que xa está cancelado, señora Rodríguez Rumbo...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** As axudas que si deben coñecer, como digo, son as dirixidas ás auxiliares.

Mire, podemos falar dos avais que deixaron vostedes no Bipartito, dos 30 millóns de Alfa-geme, das débedas que aínda estamos pagando pola súa irresponsabilidade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Podemos falar diso.

Remato xa, presidente.

Soamente unha cousa, en canto aos mecanismos de control aplicados por XesGalicia, con total transparencia, sometidos ao Consello de Contas, que realiza a auditoría financeira externa...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...non temos problema en debater, pero vostede aquí non trae unha PNL nin trae unha solución; trae unha interpelación, e hoxe vostedes teñen que falar de corrupción no seu partido. O maior roubo de cartos públicos na democracia: o dos ERE de Andalucía. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Aplaudan, aplaudan. *(Risos.)*

Mire, nós estamos totalmente comprometidos... *(Aplausos.)*

Grazas, moita grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Nós estamos totalmente comprometidos con Barreras e coa súa continuidade, sendo un tema de suficiente calado como para dedicarlle todo o tempo e o esforzo. Pero a verdade é que, como cada un dos deputados e deputadas do Partido Popular que saíron aquí faláron hoxe dos ERE, eu voulle dicir unha cousa. Mire, señora Egerique, é verdade que para falar de corrupción o Partido Popular é o partido con máis experiencia. ¡É o partido con máis experiencia para falar deste tema! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Mire, nós, desde o Partido Socialista...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...condenamos todo tipo de corrupción, pero hai unha gran diferenza, nos ERE utilízanse recursos públicos ilegalmente, pero non hai blanqueo, nin financiamento ilegal, nin enriquecemento... *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio! ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ... para os casos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Desculpe un momento, señora Rodríguez Rumbo. ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Non se alporicen, é verdade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Se lles molesta...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Aquí cada un ten o seu turno e hai que escoitar, oír e falar cando a un lle toca, e, se non toca, non se fala.

Grazas. Continúe.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ¿Continúo? Ben. Pois para branqueamento, para financiamento ilegal e para enriquecemento ilegal vostedes teñen moitos casos, empezando pola Gürtell —o Partido Popular condenado por corrupción—, Matas, Aguirre, Ignacio... ¿Cantos máis queren? *(Aplausos.)* ¿Cantos máis queren? Iso é enriquecemento ilegal.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ¡Enriquecemento ilegal! ¿Non lles gusta? Pero é a realidade.

Vostede, señora Egerique, dinos que presentamos unha PNL... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Señor Tellado, ¿moléstanlle as miñas declaracións?, ¿moléstanlle?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio, señor Tellado!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** A vergonza téñena que ter vostedes pola Gürtell, téñena que ter vostedes...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...o único partido político condenado por corrupción, ¡o único partido político condenado por corrupción!, gústelles ou non lles guste.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Silencio!

Señor Tellado, ¡silencio!

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Volvendo ao tema de Barreras. Señora Egerique, se non lle gusta a miña PNL —bueno, a nosa PNL— ¿por que non presenta unha emenda? Porque, ao mellor, lla aceptamos. Mostre a súa preocupación por Barreras presentando unha emenda, ou traendo unha PNL.

Polo tanto, vamos ver, non veña vostede aquí criticar as iniciativas que traemos o resto dos grupos parlamentarios, que temos o noso dereito a traer o que consideremos oportuno, evidentemente, e o Partido Popular non nos vai marcar a axenda.

Mire, señora Egerique, se imos aos datos de industria, durante estes dez anos de goberno do señor Feijóo, o que si temos de seguro é que perdemos máis de 97.000 persoas, que perdemos máis de 240.000 persoas menores de 40 anos —¡máis de 240.000 persoas!—, que o número de sociedades que se constitúen en Galicia diminúe, que en 2016 se constituían 4.571 empresas e no 2018 se constituían 509 empresas menos; que a actividade en Galicia das empresas industriais con sede noutras comunidades autónomas incrementou, de 2016 a 2017, 1,4 puntos no importe neto da cifra de negocios, mentres que a actividade...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...noutras comunidades autónomas das empresas industriais con sede en Galicia diminuíu en 1,2 puntos no importe neto da cifra de negocio...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...para o mesmo período; que no índice de produción industrial, a media no que vai de ano é que Galicia é a cuarta comunidade autónoma, con peor evolución de todas...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...cunha taxa anual de -5,6...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¡Perdón! ¿Da emenda do Bloque, por favor...?

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...mentres que para o conxunto do Estado é positiva nun 0,7 %.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

¿Acepta vostede a emenda do Bloque? É o que nos queda.





**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Da emenda do Bloque nós aceptamos a primeira emenda de adición. Na segunda, nos puntos que pasan a ser o 4 e o 5, aceptamos o punto número 5, e no 4 engadiríamos o noso punto número 3, poñendo unha coma e poñendo «sen desbotar ningunha das posibles solucións», ou «algunha solución posible».

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pídlles que o escriban, por favor, se non, ímonos equivocár.

Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Si.

E no caso da emenda que presentou *in voce* o grupo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non hai emendas *in voce*, outra cousa é que na propia transacción coa do Bloque fagan vostedes o que teñan que facer.

Grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Si, xa o facemos. De acordo, ímolos aceptar.

Grazas. (*Aplausos.*)

(*A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Si, ¿para que quere a palabra, señora Vilán?

**A señora VILÁN LORENZO:** Sen ningunha intención de que o pleno sexa máis bronco do que o foi onte e hoxe, a min gustaríame que se retiren ou non se volvan repetir as expresións relativas a unha persoa que non está nesta Cámara, á que se lle tacha de facer non sei que actividade ilegal en Panamá —o que non é certo— e que só se basean no que di un periódico, bueno dous, que é *OKdiario*. Se hai alguén do partido Popular que considera que iso é así, teno tan fácil, primeiro, como non berrar, que é fundamental para nesta vida entenderse, e segundo, ir á Fiscalía ou ir ao xulgado de garda directamente e poñer unha denuncia.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Vilán, para non facer máis bronco o debate, se aplicamos iso cara atrás, nos últimos plenos, non sei que pasaría coas actas, porque ía ser imposible facelas por parte de todos. Aquí non se dixó ningunha palabra mala acerca de ningunha persoa, nin se lle faltou ao respecto a ninguén. Díxose que unha persoa tiña, como están a publicar os medios de comunicación, determinadas actividades ou determinadas empresas noutros sitios. Punto. Iso non é menosprezo para nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non; non é increíble, é certo. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)



Proseguimos. ¡Silencio! Xa está aclarado. Non necesita máis aclaración. Está feito xa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Está aclarado. Xa van ter agora un posicionamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa está. Xa está aclarado, señora Prado.

Grazas, pola súa axuda.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa violencia sexual**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta iniciativa presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Mixto, do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(*O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, a través do seu voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei. (10/PNP-004237).*)

*Emenda de engádega.*

*Débase engadir no apartado 2.g) un punto 4 co seguinte texto:*

*<<2.g) 4. Impulsar campañas específicas de concienciación de bo uso da internet, sobre os riscos do sexting e sobre a ciberviolencia de xénero e sexual>>.)*

(*O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*<<O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:*

*1. Dirixirse ao Goberno de España para:*

*a) Demandar a introdución no marco legal do concepto de consentimento para mellorar a tipificación e o tratamento da violación e das agresións sexuais así como a consideración destes delitos como delitos de carácter público.*

*b) Impulsar a aplicación da directriz do artigo 36 do Convenio de Istambul que estipula que as autoridades deben adoptar todas as medidas necesarias para garantir que o sexo non consentido sexa tratado sempre coma un delito.*



c) *Modificar a definición estatal de violencia de xénero de acordo co Convenio de Istambul de forma que a violencia sexual sexa recoñecida como tal, como xa fixo a lei galega no ano 2007.*

d) *Desenvolver as actuacións legais de organización necesarias para que os delitos de violencia sexual sexan instruídos nos xulgados especializados de violencia machista no caso de que o presunto autor non sexa menor, e transferir a Galiza os recursos orzamentarios necesarios para esta adaptación.*

e) *Garantir a gratuidade da atención xurídica ás vítimas de violencia sexual por ser vítimas de violencia machista e impulsar unha campaña específica para informar da existencia deste recurso.*

2. *Desenvolver as seguintes medidas para mellorar a intervención diante das agresións sexuais:*

a) *Un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero e contemplar partidas específicas para mellorar a atención á violencia sexual.*

b) *Promover un programa específico de formación en materia de violencia sexual para todos os ámbitos profesionais que traballan na prevención e atención da violencia machista (ámbitos sanitarios, policiais, administrativos e xurídicos, educativos, administración local...).*

c) *Constituír dentro do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero unha mesa de traballo na que se avalíe, xunto cunha representación do ámbito xudicial, policial e forense, a casuística das denuncias en Galiza por agresión sexual, de cara a analizar posíbeis fallos na cadea de atendimento e intervir no seu baixo número.*

d) *Avaliar o funcionamento do Protocolo de Coordinación e Cooperación Institucional fronte á violencia de xénero respecto da violencia machista e as súas necesidades de mellora.*

e) *Desenvolver campañas informativas para fomentar na sociedade o coñecemento de que as ferramentas contra a violencia machista, como poden ser os CIM, o teléfono 016, o Teléfono da Muller, 900400273 e as APPS Escapp e Agresión OFF, están á disposición para o atendimento e asesoramento tamén diante de agresións sexuais, tanto para as vítimas como para terceiros e terceiras».)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (10/PNP-004237, doc. núm. 57248)*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*<<1. Dirixirse ao Goberno central para:*

a) *Impulsar que a Sección de Dereito Penal da Comisión Xeral de Codificación encargada por parte do Ministerio de Xustiza da Reforma do Código Penal presente coa maior prontitude as súas conclusións sobre a revisión da tipificación dos delitos sexuais ante o Congreso dos Deputados, para unha vez presentadas se proceda co firme compromiso de dar cumprimento ó Convenio de Istambul.*



b) Facilitar o incremento, de modo progresivo, tanto do número que atenda as sete principais cidades de Galicia como da competencia dos xulgados de violencia de xénero, garantindo a dotación suficiente do persoal necesario e recursos que permita a adaptación ás obrigas subscritas no Convenio de Istambul».

*Emenda de modificación.*

*Débese substituír a alínea a) do punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:*

*«a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 e contemplar partidas específicas para mellorar a atención á violencia sexual».)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

A ver se a violencia sexual esperta tantas paixóns como o naval porque, desgraciadamente, mentres o naval empeza a ser case unha experiencia en extinción no noso país, a violencia sexual, todo o contrario. En fin...

Señorías, se hai un debate que o feminismo e os movementos de mulleres conseguiron colocar na palestra pública nos últimos anos de forma profunda e tamén na propia sociedade, a través das mobilizacións e desa toma de conciencia colectiva á que estamos asistindo nos últimos anos, ese é o da violencia sexual e o do consentimento. Movementos como o internacional *Me Too*, ou como a versión Eu créote, que vivimos neste país, amosaron a necesidade de nomear e de sinalar unha das violencias máis profundas e fortes que vivimos as mulleres na sociedade patriarcal. E a resposta tamén social sen precedentes a acontecementos como os que tivemos que vivir ao fío do caso da Manada de Pamplona marcaron un antes e un despois na concienciación social e deberan ter marcado tamén un antes e un despois na resposta desde as institucións. Pero, desgraciadamente, están fallando.

Eu convido a que as súas señorías paren un momento a pensar. Estes días é certo que estamos todos e todas a falar de novo do caso desta Manada á que facía mención porque se está xulgando outro ataque desta panda de fillos do patriarcado. Tamén hai escasas semanas volviamos estar todas indignadas porque novamente a xustiza patriarcal española volvía dicir, ao fío da Manada de Manresa, que non era violación. Pero hai que recordar que todo isto xa comezou hai moitos anos, xa tivemos as primeiras mobilizacións por estes feitos no ano 2016. Polo tanto, temos que preguntarnos, ¿onde estamos tres anos despois? ¿Temos dado os pasos suficientes? Pois nós pensamos que ten avanzado máis a sociedade do que ten avanzado a resposta institucional. E iso debera sacar as cores a todo o mundo, pero especialmente a quen goberna, e de feito hoxe pola mañá tivemos un debate específico sobre a cuestión da violencia machista e vimos que o Goberno traía cero propostas novas en materia de violencia sexual, por iso traemos esta iniciativa, porque entendemos que é unha prioridade e que hai moitas cuestións que poderíamos facer.



En primeiro lugar, insistiamos unha vez máis en que é necesario conceptualizar, definir e falar claro. A violencia machista exercida contra as mulleres é un problema de primeira orde que representa un auténtico xenocidio. Por iso, volvemos dicir que non aceptamos que haxa forzas políticas neste Estado que neguen a súa existencia. (*Aplausos.*)

A violencia sexual é, ademais, sen ningún tipo de dúbida e recoñecido internacionalmente, violencia machista e a propia Organización Mundial da Saúde define a violencia sexual como eses actos contra a vontade das persoas, independentemente da súa relación coa vítima en calquera ámbito.

Gustaríame pensar que ata aquí estamos todas e todos de acordo. Custa crelo, vendo o que se escoita ás veces nesta Cámara, e xa non me vou referir aos pactos con esas organizacións abertamente fascistas, pero tamén vemos voceiras autorizadas do Partido Popular a nivel de Estado que cuestionan que «non é non». Polo tanto, seguímonos preocupando por esta cuestión.

O certo é que estas premisas básicas aínda non se cumpren a día de hoxe no Estado español. Denunciábamolo hoxe pola mañá e insistimos nesta iniciativa: hoxe non se cumpre o Pacto de Istambul, non se cumpre ese pacto de estado mencionado. Esta é unha responsabilidade compartida por todas as forzas políticas que gobernaron no Estado desde 2011, que foi cando se promulgou o Convenio de Istambul, aínda que *algúns señoros* como M. Rajoy tardaran anos en traspoñelo á normativa estatal. En todo caso, isto é un problema para as mulleres galegas.

Hoxe traemos propostas para que tamén demandemos ao Estado que se corrixa: en primeiro lugar, demandar, dentro da tipificación legal do marco sobre o consentimento, que se mellore a tipificación e que se mellore tamén a consideración destes delitos como de carácter público, para que así, se hai casos como o destas manadas, o proceso legal poida continuar con independencia da vítima e que se poida denunciar publicamente tamén.

En segundo lugar, tamén modificar, como xa debatiamos pola mañá, esa definición de violencia machista para que quede ben claro que a violencia sexual si é violencia machista, e tamén que iso deixe de impactar negativamente moitos aspectos que nos afectan as mulleres galegas. Porque falamos moito da xustiza e é un ámbito moi importante, pero o certo é que esa negación a asumir iso dentro dos ámbitos do Estado impacta noutros aspectos, como os propios medios de comunicación, e iso ten repercusións negativas.

Tamén propoñemos unha vez máis que estes delitos se traten dentro dos xulgados específicos de violencia machista. Iso facilitaría ter tamén unha maior carga de traballo e poñer punto e final a esas desculpas que negan ese dereito que deberíamos ter xa no noso país.

Pero traemos propostas tamén para mellorar no ámbito galego, porque se pode e se debe facer moito máis. Esta mesma pasada semana facíanse públicos datos novos sobre a violencia sexual na memoria de 2018 da Fiscalía, e confirmaban unha tendencia crecente. Aumentaron as denuncias de agresións sexuais máis dun 12 % e as de abusos sexuais, máis dun 40 %. Esa é a conclusión tamén se observamos o balance de criminalidade do propio ministerio e comparamos o primeiro semestre deste ano co primeiro semestre do ano anterior. Se mira-



mos outros ámbitos como a propia enquisa estatal sobre a violencia sexual, vemos datos preocupantes sobre que, por exemplo, case o 40 % das persoas enquisadas entre 16 e 24 anos —case o 40 %— declaran coñecer unha vítima de agresión sexual. Iso quere dicir que temos un problema enorme e que ese problema permanece e aumenta na mocidade, e a iso non se pode responder, señores do Partido Popular, exclusivamente con ese programa limitadísimo de Quérote máis en menos de 50 centros de ensino no noso país, merece moita máis atención. Entendemos que hai necesidade de educar no consentimento, de poñer máis focos sobre este aspecto e de incidir para que a pornografía deixe de ser a principal fonte de educación da mocidade deste país.

Temos datos alarmantes tamén desde o noso propio país. A Deputación da Coruña, no programa de Suprime o control, que sempre fai un estudo previo, estima que un 18 % das mulleres enquisadas —nenas do noso país, nenas dun ámbito xeográfico moi limitado— declaran ter sido tocadas, abusadas, sen consentimento. Iso dános unha idea da gravidade do que estamos a falar, e hai que poñer medidas firmes ao respecto, porque o certo é que socialmente segue a estar naturalizada a cultura da violación.

Vou poñer un exemplo que é francamente repugnante. Hoxe vimos como calquera que puidera consultar as nosas redes sociais vería como vivimos nun estado no que un programa televisivo que consiste en gravar un recinto pechado 24 horas ao día non só consentiu que se violara unha muller, non só consentiu iso, senón que hoxe soubemos como foi revitimizada, obrigada a ver, sen atención psicolóxica, a súa propia violación e como iso está sendo viralizado e popularizado. Esa é a educación que reciben os nenos e nenas deste país, esa é a educación, e temos que intervir, porque non podemos consentir vivir nunha sociedade tan repugnante.

Polo tanto, propoñemos medidas para o ensino. Primeiro, que se faga un estudo ambicioso para diagnosticar onde están os prexuízos, onde temos que abordalos, que se implique a comunidade educativa e que se fagan obradoiros específicos, non só plans de igualdade e cursos en poucos centros, senón obradoiros específicos e de forma ambiciosa. E que iso tamén implique o profesorado, porque non abonda con destinar 250.000 euros, como van nestes orzamentos do 2020, para algo tan enorme, mentres a outros programas —como xa se dixo no debate de pola mañá— se destinan 1,5 millóns de euros. Hai que ir a medidas máis estruturais, que teñan orzamento, que teñan unha monitorización e que se avalíen periodicamente.

Por outra banda, insistimos tamén nunha batería de medidas para mellorar a cadea de atención ás vítimas de agresións sexuais para garantir os seus dereitos, porque pensamos con sinceridade que aí estamos fallando. Aí estamos fallando, e por moi orgullosas que esteamos de que a nosa lei diga que a violencia sexual é violencia machista, temos que preguntarnos que pasa despois cando se activan os protocolos, se funcionan ou non. Por iso, propoñemos que ese protocolo interinstitucional sexa avaliado en menos de tres meses, para ver se funciona, efectivamente, para a violencia sexual.

Propoñemos tamén unha mesa de traballo para que se vexa que está pasando, porque é certo que aumentan as denuncias, si, pero hai cuestións tamén polas que deben de saltar as aler-



tas: por exemplo, o número de violacións teoricamente baixa nese balance de criminalidade. ¿E alguén pode pensar que baixou o número de violacións neste país coa que está caendo e con outros indicadores? Debemos preguntarnos por que as mulleres, se son violadas, non denuncian. O propio Consello Xeral do Poder Xudicial estima que só un 20 % son as que chegan a ser coñecidas publicamente, e ademais a atención non é só a denuncia. Podemos axudar a moitas mulleres sen que o único itinerario posible sexa o xudicial.

En todo caso, hai que garantir que a asistencia sexa gratuíta. A teoría da nosa lei di que é así, pero o que nos din as persoas de dentro do sistema xudicial é que realmente non hai en todo o aparello, en toda a cadea, unha conciencia de que iso sexa así, e hai mulleres que non denuncian porque non teñen ese asesoramento.

Propoñemos tamén programas específicos de formación e un incremento substancial nos orzamentos.

Remato xa.

Hai poucos meses a editorial Capitán swing editaba en castelán un libro da xornalista estadounidense Roxane Gay onde recollía testemuños de múltiples violacións de todo tipo, de todo xénero, de todas as circunstancias, de todo estrato social, e titulábo *No es para tanto*. Precisamente porque si é para tanto, porque só que houbera unha agresión sexual neste país sería para tanto, temos que falar en serio, con propostas, con alternativas, e iso é o que propón hoxe o BNG.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto ten a palabra a señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Inicio sinalando que, efectivamente, o movemento feminista foi quen puxo nos últimos anos no foco a necesidade de atender de xeito específico a violencia sexual como problema de primeira orde, e tamén insistindo nese carácter de dominación. As violencias sexuais a maioría das veces non teñen que ver co sexo, teñen que ver coa dominación, e isto trátase particularmente nas violacións en grupo, que, como teñen amosado estudos científicos, teñen que ver máis coa dominación e coa cultura patriarcal.

Entón, a lei galega, efectivamente, foi por diante da estatal no recoñecemento específico deste tipo de violencia como unha violencia de xénero, como unha violencia exercida contra as mulleres polo feito de selo. O Convenio de Istambul recoñece así, pero aínda falta tipificar eses delitos correctamente, introducindo o consentimento na lexislación.

En canto ás competencias que ten a comunidade autónoma, non chegan as campañas contra o acoso nos eidos de lecer, nin as axudas ás ANPA das que falabamos pola mañá, nin os limitados programas. Hai que actuar de xeito transversal e tendo un plan específico contra estas violencias.



Aínda así, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero non recolle suficientes medidas en relación coas violencias sexuais, por iso é especialmente relevante e imos apoiar esta PNL, porque nos parece moi completa en relación coas competencias que pode desenvolver a Xunta, aínda que a dimensión do problema está por cuantificar, porque é difícil de cuantificar. Pero temos algúns datos como o da macroenquisa sobre a violencia contra as mulleres da Axencia de Dereitos Fundamentais da UE, que cifraba nun 13,7 % as mulleres do Estado que manifestaran ser afectadas por violencia sexual. Cómpre actuar tamén nesa recollida de datos, en facer estudos. Especialmente concordamos na necesidade de elaborar un estudo sobre o grao de coñecemento respecto da afectividade e da sexualidade por parte da mocidade e de tomalo como base de se é necesario o plan de educación afectivo-sexual do que tamén falamos nunha PNL anterior.

Efectivamente, estamos nun contexto de aumento dos delitos de violencia sexual, tendo en conta, ademais, que a maioría non se denuncian. Especialmente é preocupante que aumenten en torno ás persoas mozas. Isto semella relacionarse co acceso temperán á pornografía; unha pornografía machista que amosa actitudes de dominación. Están tamén aumentando especificamente as agresións múltiples. Temos que actuar, polo tanto, nesa educación afectivo-sexual para paliar esa realidade que se dá de que a infancia e a adolescencia accede ao sexo, ao seu primeiro contacto, a través da pornografía.

Polo tanto, débese actuar contra a cultura da violación con eses estudos e con ese plans de educación afectivo-sexual.

Amnistía Internacional —onte mesmo reuniámonos con eles aquí— ten reivindicado a necesidade de mellorar os protocolos específicos sobre a violencia sexual, especificamente na abordaxe que se lle dá a través da sanidade. Tamén, como fai esta PNL, inciden na necesidade de formación das profesionais de todos os eidos que abordan a violencia sexual, porque a formación é esencial para evitar o cuestionamento que moitas veces teñen que sufrir as vítimas nas propias dependencias policiais ou na propia sanidade. Falta formación cando accede unha vítima a denunciar un delito de violencia sexual.

Tamén cómpre dar unha pincelada sobre a maior vulnerabilidade á violencia sexual das mulleres con diversidade funcional e tamén a vulnerabilidade específica das mulleres traballadoras no fogar, aínda sen os dereitos equiparados ao resto de traballadoras, que non denuncian en moitos casos abusos e agresións sexuais por parte dos seus empregadores homes por medo a perder o emprego ou por estar traballando de xeito irregular. No informe que nos trasladou Amnistía Internacional tamén especifica este eido como un no que actuar.

É tamén lamentable o tratamento mediático de moitos casos de violencia sexual, banalizando as agresións, revitimizando as vítimas, criminalizando a estas pola roupa que levaban ou por se seguían unha vida normal. ¡Oh, que ousadía, despois de sufrir unha agresión sexual, seguir unha vida normal! Parécenos que este é un aspecto que cómpre resaltar, igual que o tratamento en xeral dos medios de comunicación sobre a violencia machista.

En global, a nosa emenda vai simplemente sobre impulsar campañas específicas de concienciación do bo uso da internet e sobre os riscos do *sexting* e a ciberviolencia, porque é algo que está traballado na Comisión de Igualdade, onde xurdiu esta cuestión. E é que a violencia





sexual tamén se pode aplicar a través das tecnoloxías de comunicación. É un eido que precisa formación para todos os axentes que interveñen no proceso, e precisamente Amnistía Internacional trasladábanos casos de como non se sabe actuar cando unha nena denuncia ciberacoso sexual a través das redes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** É simplemente unha emenda de engádegas nese sentido. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Respecto desta iniciativa, penso que é sabido que o Partido Socialista está totalmente en liña coa mesma, e non é unha mera declaración de vontades ou de intencións, porque desde que o Partido Socialista entrou no Goberno temos demostrado as nosas verbas sempre con feitos e temos impulsado o Pacto de Estado, así como o seu desbloqueo dos fondos, que o Partido Popular freou de modo inexplicable. *(Aplausos.)*

Pero tamén temos impulsado cuestións tan importantes como a reforma da Lei orgánica en materia de formación de xuíces e operadores xurídicos. Así, no Ministerio de Xustiza hai a día de hoxe 600 operadores xurídicos que están pasando por un curso de formación continuada en materia de violencia de xénero. Insisto, feitos que non verbas.

É certo que entre as nosas propostas de goberno está o firme propósito de modificación da tipificación dos delitos sexuais para darlle á ausencia do consentimento o seu axeitado tratamento, por un lado, garantindo, co impulso dunha reforma do Código penal, que se unha muller non di que si, todo o demais é non. Con iso, a falla de consentimento da vítima será clave nos delitos sexuais. E, por outro lado, suprimindo o delito de abuso sexual, que non transmite axeitadamente o carácter coactivo inherente a todo comportamento sexual que se impón a outra persoa, e substituíndoo por unha tipificación máis clara e específica para cada caso.

Este —repito— é un dos nosos firmes obxectivos programáticos, ideolóxicos e por suposto tamén de goberno, porque entendemos que a perspectiva de xénero é un dos elementos que ten que entrar con determinación na interpretación das leis, tal como recomenda, ademais, o Convenio de Istambul. Hai un marco xurídico potente, pero necesitamos unha interpretación que se axuste á realidade social e das mulleres. Por iso mesmo foi o Grupo Socialista o impulsor dunha iniciativa aprobada no Congreso en maio do 2018 para rectificar a configuración da Sección de dereito penal da Comisión Xeral de Codificación, precisamente esa comisión que está a revisar a tipificación dos delitos, entre outras cuestións, e que estaba conformada tan só por homes. Agora, por fin, conta coa voz e co voto de tres xuízas que actúan como vocais.



Polo tanto, o punto primeiro da emenda que hoxe presentamos ten que ver principalmente —quero explicalo— coa necesidade de dotar o texto dun maior rigor, non tanto no fondo, por suposto, como na forma. Cremos que é preciso, non tanto solicitar ao Goberno o que xa é un firme propósito, senón máis ben tratar de acurtar eses tempos no posible da posta en marcha daqueles cambios legais que deriven do proceso de revisión que xa foi iniciado.

Por iso cremos que o máis acaído sería solicitar da Sección de dereito penal da Comisión Xeral de Codificación, encargada por parte do Ministerio de Xustiza da reforma do Código penal, a presentación, coa maior prontitude ante o Congreso dos Deputados, do informe que conteña as conclusións sobre a revisión desa tipificación dos delitos sexuais, para que, unha vez presentada, se proceda co firme compromiso de dar cumprimento ao Convenio de Istambul.

Esta comisión, como vostedes saben, solicitou dúas ampliacións de prazo, e cremos que é preciso e é positivo que o traballo sexa o máis xuridicamente perfecto. En todo caso, concordamos en que nos parece razoable solicitar que non se dilate máis no tempo, para que se atenda o obxectivo último, que deba ser garantir a maior tutela e protección para as vítimas de delitos contra a liberdade sexual.

Así mesmo, cremos que o cambio que se propón a nivel organizativo dos xulgados de violencia sería de difícil materialización dun modo inmediato. De darse con esa total inmediatez, implicaría triplicar o número de xulgados e dos recursos destinados, algo que non parece oportuno; se cabe, é procedente, pero non oportuno, cando os xulgados de violencia coas súas competencias actuais adolecen —e vostedes sábeno xa— de falta de recursos e persoal, algo que xa nesta Cámara temos tamén denunciado e reclamado en diversas ocasións dende todos os grupos. Apostamos, polo tanto, por dar cumprimento, iso si, pero cun incremento progresivo dos recursos e das competencias.

E vou rematando. Dende o Partido Socialista temos demostrado sempre o noso compromiso inequívoco de legislar contra a cultura da violación e contra a cultura da impiedade, que remata sempre por reforzar o violento e normalizar o comportamento antisocial do machismo. Por iso, apoiamos o resto de puntos plantexados na iniciativa, e con dúas matizacións: a primeira, de concepto. É que parecera no texto que se minorara o feito de que a violencia sexual tamén se dá no ámbito da parella, algo que cremos que non deba ser esquecido. E, por outro lado, unha cuestión concreta, como é que, concordando coa necesidade de impulsar de modo máis firme todas as políticas de apoio á loita contra a violencia de xénero, cremos que o orzamento deberá ser en cada momento o que garanta con suficiencia as medidas e os obxectivos anuais plantexados.

En todo caso, no caso de non ser aceptadas as nosas emendas, eu xa lle adianto que votaremos a favor por compartir o fondo tan importante das cuestións que aquí se teñen plantexado.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que para un tema tan importante é unha mágoa que sexa esta hora, na que xa apenas hai público, periodistas e demais, porque creo que é importante visibilizar a violencia sexual como un problema de primeira orde e de primeira magnitude.

Señora Presas, coincidimos en moitísimas das cousas da súa iniciativa; noutras non é que non coincidamos, senón que é cuestión de matices. Pero hai cousas que vostede dixo aquí na súa intervención ás que eu creo que é de xustiza dicir non o contrario, pero si que é mellor completalas. Vostede dicía aquí que a Xunta de Galicia non presentou nada novo e que non se fai nada en termos de violencia sexual. Eu non ía entrar nisto, pero, xa que vostede dixo iso, véxome na obriga de lembrarlle as campañas que hai alertando dos perigos do *sexting* e o obradoiro sobre a violencia de xénero no novo contexto dixital; as xornadas de prevención e sensibilización da violencia sexual na mocidade nos campus galegos —nos sete campus galegos e anualmente—; a formación ás mulleres con discapacidade, ás súas familias e a outro persoal para a detección deste tipo de situacións; tamén se leva a cabo o acompañamento personalizado para quen sufrira estas situacións co programa Dedaleira-Unidade Querelar, en colaboración con Cogami e Acadar; a campaña contra o acoso sexual nos lugares de traballo, coa Asociación Galega de Auditores Sociolaborais e a Unión Profesional de Galicia, que abrangue a máis de 70.000 profesionais —somos a primeira comunidade autónoma en desenvolver unha cooperación deste tipo—; a campaña «Agresión off. Eu digo non á violencia sexual», que se desenvolveu nos festivais de Galicia dentro da marca Fest Galicia, e no Son de Camiño tamén a vimos.

En Galicia as vítimas de agresión sexual —xa foi dito por todas as voceiras, é certo— están dentro da Lei do 2007. Fomos pioneiras e seguimos sendo pioneiras nestas cuestións. Vexo que noutras comunidades non se están adoptando medidas deste tipo. Respecto do programa coa Fundación Meniños para mulleres e menores vítimas de violencia sexual, anunciou o vicepresidente que se ía incrementar a súa extensión máis aló da provincia da Coruña, que é onde comezou. E ademais, ao ser pioneiros na consideración das vítimas de violencia sexual como vítimas de violencia de xénero, o que facemos é darlles recursos e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, que noutros sitios non se lles dan porque non se lles considera vítimas de violencia de xénero.

A violencia sexual, efectivamente, en Galicia témola considerada como un tipo de violencia de xénero, e moito antes xa que o Convenio de Istambul no ano 2011. E o Estado español, efectivamente, non está facendo nada; en España non se está facendo nada, o Goberno central non está facendo nada. Aquí veu gabarse a portavoz do Partido Socialista de que en ano e medio fixeron moitísimas cousas. Pois eu lamento dicir, señora Pierres, que en vez de —dixo vostede— «modificar a interpretación da lei», o que tiñan era que modificar a lei, porque a interpretación xa a fan os xuíces. Os xuíces xa interpretan —ou non, porque pode pasar que non, que non o interpreten— que se unha muller está drogada, ou está



baixo os efectos do alcohol, ou está baixo os efectos da burundanga, que está minguado o seu consentimento, ou que é unha coacción; queda á súa interpretación. Pero aquí do que se trata é de dar un paso máis, é de modificar a lei e de modificala conforme o Convenio de Istambul e conforme o Pacto de Estado, señora Pierres. Porque agora o Goberno do Estado está obrigado, unha, polo Convenio de Istambul —que o asinou o Estado xunto con 20 estados máis— e, outra, polo Pacto de Estado —asinado hai tempo—.

E claro, señora Pierres, que vostede veña dicir aquí que desbloquearon os orzamentos do Pacto de Estado... Mire, os 1.000 millóns do Pacto de Estado están nos orzamentos de M. Rajoy, do que tanto se fala aquí, (*Aplausos.*) eses orzamentos cos que levamos tres anos... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E estou convencida de que aínda van durar moito máis os orzamentos de M. Rajoy —creo que se pode falar del, porque de Elena Espinosa e dos seus negocios en Panamá, non—. Pero a min non me importa que se fale de M. Rajoy, sobre todo se é para dicir que dotou, neses orzamentos aos que vostedes votaron en contra, de 1.000 millóns de euros para desenvolver o Pacto de Estado. Vostedes máis ben son de bloquear fondos, non de desbloquear.

Miren, que haxa mulleres na comisión, señora Pierres, non é garantía de nada. Lémbrolle que a ministra de Xustiza que teñen vostedes agora, nunha viaxe cos seus compañeiros xuíces, mirou cara a outro lado cando os seus compañeiros retozaban con menores prostituídas e explotadas sexualmente. Era xuíza. Non é garantía de nada. O que é garantía é que sexa xente sensibilizada e que se poña na axenda política e na axenda social esta problemática. (*Aplausos.*) Non por ser xuízas e mulleres van ser máis sensibles con este tema. (*Aplausos.*)

E non teño tempo de explicar a emenda...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...señora Presas. Nós estaríamos dispostos a negociar unha transacción nos puntos que emendamos, na última parte, referida á educación afectivo-sexual, dado que hai unha PNL do Grupo Común da Esquerda que nós tamén emendamos. Parece que vai ser aceptada esa emenda, remitímonos a ese acordo en materia afectivo-sexual. Nós queremos intentar un pacto neste tema, que nos parece fundamental, e cremos que debemos estar de acordo todas as forzas políticas desta Cámara.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Quintero Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Nós coincidimos en que esta proposición non de lei é moi necesaria, e, por suposto, imos votala a favor.



E a verdade é que eu si vexo un cambio de actitude, moitas veces —e perdoen que llelo diga, non quero tensar o pleno— nos votos do Partido Popular cando estamos en datas aproximadas ao 25 de novembro e ao 8 de marzo; iniciativas moi semellantes que se votan en contra cando non estamos nestas datas. E non se preocupen que farei un histórico para traer aquí no próximo debate para que non digan que son imaxinacións miñas, senón que está constatado.

Eu creo que —xa o falabamos hoxe— as agresións sexuais están moi normalizadas e seguen a ser tamén, como a violencia económica, unha realidade moi silenciosa. É verdade que nos últimos tempos as mulleres estamos conseguindo romper en parte con esta invisibilidade, con todos estes movementos, como o que se contou aquí. O Cuéntalo, o Mapa do medo e o *Me too* están conseguindo que se coñeza a dimensión desta problemática que ata o de agora moitas veces se vivía en soidade; e grazas á autoorganización creo que temos que parabenizarnos colectivamente de que as mulleres esteamos dando un paso adiante dicindo que xa basta, que non imos seguir consentindo esta situación e que só «si é si»; que non é suficiente con que «non é non», senón que só «si é si».

En realidade, se facemos unha análise real, vemos como seguen existindo moitos estereotipos, seguen existindo en moitos casos a vergonza e a culpabilización, e moitas veces seguen vivíndose estas situacións en silencio. Moitas veces segue pódose o foco en cuestións que, na nosa opinión, son secundarias, e non me refiro ao ámbito xudicial senón, por exemplo, ao tratamento mediático ou social, como poden ser: se a muller opuxo resistencia, se a muller tiña os ollos abertos ou pechados, se a muller berrou, se a muller fixo algo para defenderse... Moitas veces segue cuestionándose máis a actitude das mulleres —a roupa que levaba esa muller, que fixo esa muller, se esa muller levou á súa casa esa persoa— que non a actitude do agresor. Ese é o problema fundamental. Cando falamos de agresións sexuais, moitas veces segue colocándose o foco na vítima, na muller; e vímolos —como xa se comentou aquí— no tratamento que fixeron os medios de comunicación dalgunhas mulleres vítimas, como foi o caso da Manada, onde se cuestionou iso, se se ía de vacacións, se seguía aínda así a vida.

Parece que segue existindo un patrón de vítima, unha vítima que ten que estar deprimida, chorando todo o día e que ten que ter a súa vida arruinada. E non hai ningún perfil, non hai un perfil de vítima nin tampouco hai un perfil de agresor; como non o hai, en xeral, nas violencias machistas e tampouco o hai nas violencias sexuais. Creo que é moi importante que dende as administracións se faga algo, e por iso nós insistimos tanto no tema dos medios de comunicación. Os medios de comunicación normalizan moitas veces cuestións que non se poden normalizar e teñen unha tarefa fundamental para avanzar cara a unha sociedade igualitaria, para facilitar ese necesario cambio de mentalidade. Creemos que a día de hoxe non se está facendo o suficiente en relación cos medios de comunicación, de feito, só hai que ver o tratamento mediático dos últimos casos e das últimas agresións sexuais e como de novo —como dicía— o foco sempre está na muller.

Pero seguen existindo máis recursos, seguen sendo necesarios máis recursos, máis formación. E insistimos moito no tema do ensino, porque os nenos e as nenas teñen que entender que a sexualidade ten que ser compartida, que o pracer ten que ser mutuo, que ten que existir



si ou si o consentimento. Porque, por desgraza, dende moi pequenas vemos como se están normalizando situacións de agresión que non son posibles. E o problema é que a causa de que se normalicen estas agresións dende os máis pequenos é a cousificación extrema que existe dos corpos das mulleres. Hai que loitar contra iso. Dende logo, os medios de comunicación xogan un papel fundamental, a escola é outro papel fundamental, pero a sociedade en xeral temos que rematar con esa cousificación extrema que hai dos corpos das mulleres.

E, por último, algo do que tamén se falou aquí. Situación especial —e cremos que hai que facer medidas concretas— ten o acoso sexual que se dá ás veces no emprego, porque moitas veces se dá esa relación xa de poder da muller asalariada cun xefe empregador, na que, aínda por riba de todas as dificultades que pode ter calquera muller de denunciar o acoso sexual, se ve coa dificultade engadida de que, se denuncia, pode ser despedida; que se denuncia, pode ter represalias na empresa. Hai que rematar con iso. Están demasiado silenciadas. Hai pouco que saían relatos á luz de traballadoras do fogar, de traballadoras dos coidados...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...onde se vía que é unha situación tremendamente normalizada que os homes se cren e se consideran coa capacidade de poder facer certos comentarios e de ter certas actitudes —incluso físicas— sen ningún tipo de repercusión; existe impunidad. Os homes séntense impunes —creo que cada vez menos grazas ao avance do movemento feminista— e temos que conseguir que remate dunha vez por todas a impunidad.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quixera agradecer a vontade de todos os grupos por intentar chegar a algún tipo de consenso. Agardo que entre hoxe e mañá sexamos quen.

E, señora Prado, eu non dixen que o Goberno non fixera nada, o que dixen foi que o señor Rueda veu comparecer esta mañá —está gravado— e que non falou nin dunha soa proposta nova en materia de violencia sexual. Non, señora Prado, este é o *Diario de Sesións* da comparecencia de hai un ano, e aí xa falaba do Programa coa Fundación Meniños e do obxectivo de no 2019 ampliar a cobertura ás catro provincias. A nós parécenos ben que se amplíe, de feito, hoxe preguntámoslle —o señor Rueda non contestou, imaxino que porque era demasiado amplo o abano e as preguntas; tampouco quero facer fincapé nesa cuestión— cantas foron as usuarias. A nós iso parécenos positivo, pero non é unha proposta nova repetila en 2019 cando se formulou en 2018. En todo caso, haberá que melloralala, aumentala e pensar noutras cuestións novas.



Porque a nós hai debates que puxemos aquí enriba da mesa e que puxemos enriba da mesa á mañá que nos preocupan sinceramente. A nós preocúpanos que poida haber unha muller violada neste país que, tendo dereito, non teña asistencia xurídica gratuíta; a nós iso preocúpanos, e iso tamén llo reclamamos ao Estado, por suposto. E a nós tamén nos preocupa, por exemplo, ese protocolo interinstitucional. De feito, foi unha formulación que cando veu Susana López Abella explicalo a esta Cámara puxemos enriba da mesa: ¿e isto funcionará para a violencia sexual? Porque, gústenos ou non, o grao de conciencia das e dos profesionais, desde o profundo respecto, temos que dicir que é moi diferente. Nós trouxemos a esta Cámara un caso sangrante dunha violación en Xinzo onde a muller non foi atendida porque era estranxeira, vulnerando o protocolo que hai incluso a nivel sanitario español. Pero o certo é que esa realidade está aí e temos moito por avanzar nese sentido. Entón, polo tanto, quero aclarar que esa cuestión non se formulou desa maneira.

Respecto das propostas que hai de emendas, o que achega o Grupo Mixto parécenos acaído e, por suposto, imos aceptalo. Respecto da emenda do Partido Socialista, nós si tiñamos a impresión de que rebaixaba o grao de exixencia dalgunha maneira. Podemos intentar buscar algún punto de encontro, en todo caso, para que se sintan máis cómodas. Pero nós entendemos que paciencia, como se nos pedía ao principio de comezar o Goberno do Partido Socialista, xa tivemos abondo.

E respecto das propostas do Partido Popular, estamos de acordo coa parte do Estado, con esa especificación que a nós se nos pasou de que, loxicamente, se son menores, teñen que ir ao xulgado por outra vía. Pero si que pediríamos un pouco máis de ambición respecto dos deberes á Xunta de Galiza. Porque a nós non nos parece ben que se elimine toda proposta precisamente centrada nos centros de ensino, porque o dixemos con todo respecto no debate da iniciativa de En Común da Esquerda, que nos parecía excesivamente xeneralista. E pensamos que temos que empezar a baixar ao concreto. Aquí xa temos un plan de igualdade que non está avaliado no ensino, non somos quen de...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...fomentar —e remato xa, señor presidente— unha asignatura no máster habilitante para a función docente. Non temos obradoiros en todos os institutos, nin nun 20 % dos institutos, ¡eh! Non teño a porcentaxe agora mesmo pero é ridícula, menos de cincuenta...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...centros de ensino en todo o país. E nin sequera se cumpre, como a propia lei de 2007 determina, que o Consello Escolar informe de cal é o grao de implantación da coeducación.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, parécenos que é rebaixar demasiado —e só unha cousa en medio segundo, señor presidente, agradecendo a súa comprensión—. Hai



dúas cuestións que nós xa temos proposto aquí e que o Partido Popular acordou connosco e que incumpriu: unha tan básica como poñer un apartado na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade claro que chame a atención sobre a violencia sexual e os recursos que hai por se unha muller...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...víctima o vai buscar aí; e, outra, que se avalíe esta cuestión no Observatorio Galego, e polo que vemos segue sen avaliarse. Polo tanto, parécenos insuficiente.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, rematou o tempo.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Intentaremos chegar a unha transacción pero, de momento, esta parte parécenos escasa.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás oito e trinta e catro minutos do serán.*






## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Prado, Martín	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. García Míguez, María Ángeles	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Gómez Salgado, Carlos	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. González Vázquez, José	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Liñeiro Pouso, Encarnación	(S)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

